



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 47

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 27 de abril de 2010

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

1. Textos lexislativos

Debate de toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de bibliotecas e do patrimonio bibliográfico de Galicia 08/PPL-0005 (23110)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 173, do 17.02.2010

2. Comparecencias en Pleno

2.1 08/PPP-0118 (29348)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. conselleiro do Medio Rural, para informar sobre as previsións en relación co desenvolvemento do Plan estratéxico do sector lácteo no referente á creación dunha identificación do leite producido en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 204, do 06.04.2010

2.2 08/PPP-0121 (29803)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, para a presentación das liñas xerais de actuación do Plan de acción para o turismo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 204, do 06.04.2010

3. Mocións

3.1 08/MOC-0048 (31367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier, e Viéitez Alonso, Henrique
Sobre a situación da industria do automóbil. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 24996, publicada no BOPG núm. 183, do 03.03.2010, e debatida na sesión plenaria do 13.04.2010)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 215 f.1, do 21.04.2010

3.2 08/MOC-0049 (31392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e tres deputados máis

Sobre os compromisos adquiridos no contrato de xestión asinado polos hospitais e áreas de saúde galegas para o ano 2010, no referente ás listas de espera, á informatización da historia clínica e á prescrición de xenéricos, así como ao rendemento cirúrxico. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 26265, publicada no BOPG núm. 189, do 11.03.2010, e debatida na sesión plenaria do 13.04.2010)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 215 f.1, do 21.04.2010

3.3 08/MOC-0050 (31393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre a posta en marcha dun plan de residuos urbanos de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 6056, publicada no BOPG núm. 66, do 03.09.2009, e debatida na sesión plenaria do 13.04.2010)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 215 f.1, do 21.04.2010

4. Proposicións non de lei ante o Pleno

4.1 08/PNP-0319 (18864)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa, e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre as actuacións para levar a cabo o proxecto de hospital único para Pontevedra, en Montecelo, previsto no Plan director de infraestruturas sanitarias 2008-2013

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

4.2 08/PNP-0478 (29495)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Fernández, Rosendo, e catro deputados máis

Sobre as actuacións para asegurar a equidade do dereito a unha morte digna

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 206, do 08.04.2010

4.3 08/PNP-0490 (29911)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o mantemento dos comedores escolares existentes na actualidade, a creación no vindeiro curso do número de prazas de comedor escolar necesarias para cubrir as demandas actuais e a

realización nos centros educativos das melloras necesarias ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 210, do 14.04.2010

4.4 08/PNP-0493 (29936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel

Sobre a aprobación pola Xunta de Galicia dun plan renove de mobiliario para incentivar o consumo no sector do moble

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 210, do 14.04.2010

4.5 08/PNP-0496 (29958)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e dous deputados máis

Sobre o estudo de fórmulas que permitan incluír nos pregos de cláusulas das licitacións públicas da Administración autonómica disposicións que garantan ou incentiven o cumprimento dos prazos legais de cobro dos contratistas principais aos subcontratistas

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 210, do 14.04.2010

4.6 08/PNP-0508 (30213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a prórroga das medidas recollidas na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, ata a aprobación do Plan de ordenación do litoral

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 210, do 14.04.2010

5. Interpelacións

5.1 08/INT-0280 (23219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre o abandono da política forestal e a perda de emprego que xera esta situación

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 178, do 24.02.2010

5.2 08/INT-0283 (23416)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José

Sobre a avaliación da Consellería de Traballo e Benestar da aplicación durante o ano 2009 do Plan de choque contra o desem-

prego, posteriormente denominado como "Medidas urxentes fronte á crise", e as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 178, do 24.02.2010

5.3 08/INT-0326 (29267)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre a situación actual e as futuras tarefas da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 206, do 08.04.2010

5.4 08/INT-0330 (29473)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a responsabilidade das presuntas irregularidades existentes nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público na Administración autonómica, as medidas previstas para evitar filtracións e garantir a imparcialidade nas probas e a reforma dos seus procedementos de elaboración e exame

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 204, do 06.04.2010

6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 08/POPX-0036 (31667)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o balance do Sr. presidente da Xunta de Galicia do seu primeiro ano de Goberno no relativo á rexeneración democrática

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 215 f.2, do 21.04.2010

6.2 08/POPX-0037 (31673)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Fernández, Manuel

Sobre a valoración dos efectos das políticas do Goberno galego na evolución socioeconómica de Galicia no último ano

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 215 f.2, do 21.04.2010

7. Preguntas orais ante o Pleno

7.1 08/POP-1084 (31562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adquisición por un fondo de investimento da maioría do capital da empresa de telecomunicacións R (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 215 f.2, do 21.04.2010

7.2 08/POP-1085 (31588)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as xestións desenvolvidas pola Xunta de Galicia respecto da retención polas autoridades de Mauritania dos buques arrastreiros galegos *Loremar* e *Lameiro Uno* (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 215 f.2, do 21.04.2010

7.3 08/POP-1086 (31598)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción, e Pose Mesura, Modesto

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun pagamento polo servizo do aparcadoiro no novo hospital Lucus Agusti da cidade de Lugo (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 215 f.2, do 21.04.2010

7.4 08/POP-0975 (29130)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e dous deputados máis

Sobre os descontos que se están a realizar pola aplicación da nova política de peaxes da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 206, do 08.04.2010

7.5 08/POP-0985 (29249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a exclusión da lingua galega en anuncios institucionais emitidos en emisoras radiofónicas para anunciar a fin da televisión analóxica e a súa substitución pola TDT

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 206, do 08.04.2010

7.6 08/POP-0986 (29262)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier, e catro deputados máis

Sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento polo organismo autónomo municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo das obrigas previstas na Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 206, do 08.04.2010

7.7 08/POP-0991 (29319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre a actuación prevista polo Goberno galego diante da perda de 111 millóns de euros procedentes do financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 206, do 08.04.2010

7.8 08/POP-1031 (29951)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a apertura e posta en funcionamento das vivendas de aluguer para maiores e xente moza en Telleiras, no barrio de Caranza, en Ferrol, así como do centro de día radicado no seu baixo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 210, do 14.04.2010

7.9 08/POP-1035 (29981)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo, e dous deputados máis

Sobre a valoración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das modificacións introducidas na Orde do 17 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases e se convocan as subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2010

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 210, do 14.04.2010

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora presidenta comunica a inasistencia xustificada do deputado don Henrique Viéitez Alonso.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de bibliotecas e do patrimonio bibliográfico de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 9.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 12.) e *Sr. López-Chaves Castro (P)*. (Páx. 15.)

Réplica do grupo autor da proposición de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 18.)

Votación da toma en consideración da proposición de lei: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 19.)

Comparecencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar sobre as previsións en relación co desenvolvemento do Plan estratéxico do sector lácteo no referente á creación dunha identificación do leite producido en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 19.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 23.), *Sra. Verdes Gil (S)* (Páx. 25.) e *Sra. García Pacín (P)*. (Páx. 27.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 29.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 31.) *Nesta rolda interveñen a señora Paz Franco (BNG)* (Páx. 31.), *a señora Verdes Gil (S)* (Páx. 33.), *a señora García Pacín (P)* (Páx. 34.) e *o señor conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 35.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para a presentación das liñas xerais de actuación do Plan de acción para o turismo. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo*. (Páx. 37.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 44.), *Sra. Quintas Álvarez (S)* (Páx. 46.) e *Sra. Barros Sánchez (P)*. (Páx. 48.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo*. (Páx. 50.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 53.) *Nesta rolda interveñen a señora Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 53.), *a señora Quintas Álvarez (S)* (Páx. 54.), *a señora Barros Sánchez (P)* (Páx. 55.) e *o señor conselleiro de Cultura e Turismo*. (Páx. 57.)

A señora Adán Villamarín (BNG) pide a palabra para unha cuestión de orde. (Páx. 58.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Acuña do Campo e tres deputados máis, sobre os compromisos adquiridos no contrato de xestión asinado polos hospitais e áreas de saúde galegas para o ano

2010 no referente ás listas de espera, á informatización da historia clínica e á prescrición de xenéricos, así como ao rendemento cirúrxico. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta moción lle foron presentadas dúas emendas: a documento núm. 32518, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, e a documento núm.32517, do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 58.)

Intervención da autora: *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Bouza Santiago (BNG)* (Páx. 61.) e *Sr. Fernández Fernández (P).* (Páx. 63.)

A señora Acuña do Campo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 65.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Fernando Xabier Blanco Álvarez e D. Henrique Viéitez Alonso, sobre a situación da industria do automóbil. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta moción lle foi presentada a emenda documento núm. 32536, do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 66.)

Intervención do autor: *Sr. Blanco Álvarez (BNG).* (Páx. 68.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 70.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Arias Veira (P).* (Páx. 72.)

O señor Blanco Álvarez (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 74.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Gallego Calvar, sobre a posta en marcha dun plan de residuos urbanos de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta moción lle foron presentadas dúas emendas: a documento núm. 32511, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, e a documento núm.32538, do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 75.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Sánchez Montenegro (BNG)* (Páx. 79.) e *Sr. Varela Suanzes-Carpegna (P).* (Páx. 81.)

A señora Gallego Calvar (S) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 83.)

A señora presidenta anuncia que a seguir se vai proceder á votación das mocións. (Páx. 84.) *En primeiro lugar, dálle a palabra ao señor Blanco Álvarez para que explique se se chegou a algunha transacción na Moción núm. 31367, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.* (Páx. 84.)

O señor Blanco Álvarez (BNG) expón que se chegou a un acordo co G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 84.)

Votación do texto transaccionado da Moción doc. núm. 31367, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Fernando Xabier Blanco Álvarez e D. Henrique Viéitez Alonso, sobre a situación da industria do automóbil: *rexeitado por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

A continuación, a señora presidenta dálle a palabra á señora Acuña do Campo para que explique se se chegou a algún acordo. (Páx. 85.)

A señora Acuña do Campo (S) expón o acordo ao que se chegou. (Páx. 85.)

Votación do texto transaccionado da Moción doc. núm. 31392, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Acuña do Campo e tres deputados máis, sobre os compromisos adquiridos no contrato de xestión asinado polos hospitais e áreas de saúde galegas para o ano 2010 no referente ás listas de espera, á informatización da historia clínica e á prescrición de xenéricos, así como ao rendemento cirúrxico: *rexeitado por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 85.)*

Finalmente, a señora presidenta dálle a palabra á señora Gallego Calvar para que expoña se houbo algunha transacción na última das mocións. (Páx. 85.)

A señora Gallego Calvar (S) expón que xa explicou o acordo na súa intervención. (Páx. 85.)

Votación do texto transaccionado da Moción doc. núm. 31393, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Gallego Calvar, sobre a posta en marcha dun plan de residuos de Galicia: *rexeitada por 24 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 85.)*

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Ana Luisa Bouza Santiago e D.^a María Teresa Táboas Veleiro, sobre as actuacións para levar a cabo o proxecto de hospital único para Pontevedra, en Montecelo, previsto no Plan director de infraestruturas sanitarias 2008-2013. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora da proposición non de lei: Sra. Bouza Santiago (BNG) (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Pose Mesura (S) (Páx. 87.) e Sr. Santalices Vieira (P). (Páx. 89.)

A señora Bouza Santiago (BNG) intervén para pechar o debate. (Páx. 90.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rosendo Luís Fernández Fernández e catro deputados máis, sobre as actuacións para asegurar a equidade do dereito a unha morte digna. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta proposición non de lei lle foron presentadas dúas emendas: a documento núm. 32516, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, e a documento núm. 32532, do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 92.)

Intervención do autor da proposición non de lei: Sr. Fernández Fernández (P) (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Bouza Santiago (BNG) (Páx. 94.) e Sr. Pose Mesura (S). (Páx. 96.)

O señor Fernández Fernández (P) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 97.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre o mantemento dos comedores escolares existentes na actualidade, a creación no vindeiro curso do número de prazas de comedor escolar necesarias para cubrir as demandas actuais e a realización nos centros educativos das melloras necesarias ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta proposición non de lei lle foron presentadas as seguintes emendas: a documento núm. 32520, do G. P. Popular de Galicia, e a documento núm. 32533, do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 98.)

Intervención da autora da proposición non de lei: Sra. Adán Villamarín (BNG). (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Meijón Couselo (S) (Páx. 101.) e Sra. Piñeiro Martínez (P). (Páx. 103.)

A señora Adán Villamarín (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 105.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Losada Álvarez, sobre a aprobación pola Xunta de Galicia dun plan Renove de mobiliario para incentivar o consumo no sector do moble. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta proposición non de lei lle foi presentada a emenda documento núm. 32523, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 106.)

Intervención do autor da proposición non de lei: Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 107.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Blanco Álvarez (BNG). (Páx. 109.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Arias Veira (P) (Páx. 110.)

O señor Losada Álvarez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda e pechar o debate. (Páx. 113.)

Alteración da orde do día

Antes de suspender a sesión, o señor presidente (Baltar Blanco) comunica unha alteración na orde do día que consiste en que as preguntas que figuran nos puntos 7.3, 7.5 e 7.9 da orde do día serán debatidas inmediatamente despois das preguntas ao presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 114.)

Suspéndese a sesión ás oito e quince minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días.

Señorías, por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Abrimos a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia o deputado don Henrique Viéitez Alonso.

Entramos na orde do día, comenzando polo punto un, de textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de bibliotecas e do patrimonio bibliográfico de Galicia

A señora PRESIDENTA: Para a presentación desta proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Belén Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señores deputados, señoras deputadas.

Presentamos hoxe, o Bloque Nacionalista Galego, esta Proposición de lei de bibliotecas e patrimonio bibliográfico de Galiza; un texto que vén a recoller o traballo feito polo anterior Goberno cando tiñamos responsabilidades, concretamente na Consellería de Cultura e Deporte. Tardamos, ademais, case un ano en traer a debate este texto á Cámara porque entendíamos que nos parecía un tempo prudente mesmo para permitir que o Goberno pois axilizara a tramitación deste texto e que tivéramos xa a ocasión e a oportunidade de poder telo debatido na Cámara, sobre todo tendo en conta, ademais, que este era un texto que estaba consensuado co sector e que a nós nos parece, polo tanto, que non había ningunha dificultade para que este proceso se tivera xa producido.

Mais levamos vendo como neste ano a Consellería de Cultura, lonxe de preocuparse por axilizar a tramitación desta ini-

ciativa lexislativa, o que fai é dilatar este proceso no tempo e algo que a nós nos parece pois que non é normal, que non é racional, como é intentar presentar un texto que deixou elaborado o anterior Goberno como un traballo *ex novo* que fixo agora esta consellería. E cremos que isto é moi importante que quede claro, porque a Consellería de Cultura e Turismo neste momento está difundindo un texto, e presentándoo en diferentes ámbitos, que é un calco do que deixou feito o Goberno anterior. En todo caso, só presenta dúas reducións relevantes, como é eliminar o calificativo de “nacional” en referencia á biblioteca e ao arquivo de Galiza, e eliminar tamén do texto legal todo o apartado sancionador, algo que nós non entendemos, dado que hai unha reserva de lei neste ámbito. Nós cremos –e queremos que quede claro tamén neste debate– que se a Consellería de Cultura e o Partido Popular tiveran rigor e respecto pola realidade, se asumiran que ese proxecto que están tramitando é o texto que deixou elaborado o anterior Goberno, a nosa actitude tería sido diferente.

Mais tamén queremos deixar claro que nós o que non imos é asistir impasibles a falsificacións da realidade como, por exemplo, unha que vimos neste período de sesións, concretamente na Comisión 4.^a, durante o debate dunha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, en que se nos decía que non se fixera nada en materia de bibliotecas, que non se fixera nada en materia de fomento do libro e da lectura e que non había ningún texto legal que elaborara o anterior Goberno. Polo tanto, o que pretendemos é poñer negro sobre branco, clarificar os termos reais deste debate, e o que para nós é moito máis importante, poñer en marcha un novo marco legal que modernice e impulse o labor que teñen que cumprir as bibliotecas, así como que se aposte por un marco legal claro no referente á protección, á recuperación e á difusión do noso patrimonio bibliográfico.

Para o Bloque Nacionalista Galego as bibliotecas son un elemento fundamental no acceso á cultura e á educación, sendo determinantes neste ámbito o papel que xogan as bibliotecas públicas á hora de garantir un acceso igualitario, precisamente, á cultura. Nós cremos, nese sentido, que a lei vixente en materia de bibliotecas, que leva máis de vinte anos de vixencia no noso país, está obsoleta, que non se adapta á realidade das bibliotecas neste país e que, ademais, tamén está superada por outras mudanzas que se teñen producido a nivel legal tanto no marco de directivas comunitarias como no marco da lexislación estatal.

Creemos tamén que esta lei ten que supoñer un cambio e un toque de atención en relación coa política de bibliotecas que está levando o actual Goberno da Xunta de Galiza, onde en vez de reforzar e apostar por que as bibliotecas sexan un elemento forte no noso sistema, o que están facendo é aplicando recortes, precisamente, neste terreo. E a mellor maneira de simplificar esos recortes é indo aos orzamentos que aprobamos nesta Cámara no ano 2010, onde se pode comprobar como se reduciron os fondos para as bolsas de bibliotecas, como descendieron nun 61% os fondos destinados a equipamentos de bibliotecas municipais, como descendeu un 20% os fondos destinados ás adquisicións para bibliotecas ou como tamén se ten aplicado un recorte drástico nas bibliotecas escolares. E todo isto coa incerteza de saber como esa nova modificación nos orzamentos que vai a facer a Xunta de Galiza vai afectar o ámbito das bibliotecas. E o que é máis grave, esta política prodúcese nun ano en que se fai propaganda coa declaración do Ano do libro e da lectura, que, como xa dixemos recentemente neste Parlamento, nin ten contido real, estase facendo sen ter en conta o sector do libro, os nosos creadores e creadoras, sen ter en conta as institucións municipais, que teñen a titularidade dunha parte moi importante do sistema de bibliotecas de Galiza, e, polo tanto, que é absolutamente fume.

Nós, desde logo, se queremos dar un debate real sobre o fomento das bibliotecas, o fomento da lectura, sabemos que estas son políticas a medio prazo, que se precisa dunha labor coordinada de todas as institucións, dunha labor constante no tempo. E o que nos parece moi grave é que se estean deixando sen aplicar marcos normativos e plans que estaban consensuados co sector. A Lei do libro leva un ano paralizada, o Goberno non desenvolveu aqueles aspectos que recolle a lei. Temos aprobado un Plan de fomento do libro e da lectura que o Partido Popular meteu nun caixón, e non cremos que sexa o momento de aplicar recortes neste terreo senón, en todo caso, de incrementar o apoio público ao libro, á lectura, ás bibliotecas, e tamén ter en conta, polo tanto, que estamos falando de reforzar un dereito fundamental, como é o dereito de acceso á cultura.

Nós cremos que existe unha necesidade obxectiva de superar o actual marco lexislativo en materia de bibliotecas e apostamos hoxe aquí por que o Parlamento non demore no tempo a posta en marcha dunha nova lei que modernice o noso sistema de bibliotecas e que aposte por que as bibliote-

cas sexan elementos dinamizadores da lectura e tamén da nosa cultura.

Quixéramos, en todo caso, resaltar algunhas das novidades máis importantes que se incorporan nesta proposición de lei. A primeira sería a concepción da biblioteca como un elemento dinamizador da cultura, como unha peza clave nas políticas de fomento da lectura. Nós cremos que non se pode ter a concepción da biblioteca como un sitio simplemente onde ir a prestar ou ler libros senón que a realidade indica que se queremos que as bibliotecas xoguen un papel ben diferente na nosa sociedade, que se superen esas cifras que aínda facía públicas hai pouco a consellería, de que un 77% dos galegos e galegas no último ano non pisou unha biblioteca, é necesario que as bibliotecas teñan un papel máis activo e que, polo tanto, tamén sexan reclamos e sexan un elemento de dinamización cultural. Creemos, polo tanto, que este é un dos aspectos fundamentais que está inserido dunha maneira transversal en todo o texto e que supón unha remuda importante na concepción legal e no papel das bibliotecas.

Son tamén relevantes, do noso punto de vista, os principios transversais de actuación que se recollen en materia de bibliotecas e que son expresivos tamén da filosofía de fondo desta lei. Aí está a necesidade da lealdade institucional e do fomento da cooperación entre as diferentes institucións, a necesidade de garantir a igualdade no acceso e a diversidade dos contidos culturais, o aspecto relacionado coa necesidade de que se adapte o entorno dixital e multimedia ao funcionamento das bibliotecas, ou a necesidade tamén de que a promoción da lingua e da cultura galegas ocupen un lugar central no funcionamento do noso sistema bibliotecario. Nós apostamos nesta lei por que o sistema galego de bibliotecas sexa un elemento máis no proceso de normalización da lingua e da cultura do noso país, entendendo, polo tanto, que os poderes públicos tamén teñen que facer un esforzo, tanto económico como de medios, á hora de promocionar o libro en galego e á hora de promocionar actividades de normalización na nosa lingua desde o ámbito das bibliotecas. Creemos que isto, ademais, é moi importante, porque nese estudo ao que facía referencia con anterioridade decíase que só un 12% dos nosos nenos e nenas len habitualmente en galego. E isto, evidentemente, non se debe a un problema de que lles guste máis ou menos ler nunha ou noutra lingua, senón de que hai unha oferta claramente desigual no referente á

oferta que temos en galego e á oferta que hai en castelán. E aquí tamén cremos que a Xunta de Galiza ten que facer e tomar medidas para que as novidades editoriais en galego estén antes nas bibliotecas para preocuparse por que aqueles libros que teñen maior nivel de ventas estén ao mesmo tempo editados en galego que en castelán; é dicir, facer un esforzo tamén no ámbito da tradución e, polo tanto, normalizar e facer unha aposta real pola política pola nosa lingua.

Defínese tamén nesta lei o conxunto de órganos, medios, redes e servizos bibliotecarios en Galiza, querendo destacar neste ámbito o papel que lle outorgamos nós á Biblioteca Nacional de Galiza, que non só ten que ser o centro do noso sistema bibliotecario senón que cremos que na labor que faga esta institución –que agardamos que non dilaten tampouco máis no tempo a súa inauguración– ten que ter unha especial relevancia a recuperación e difusión da produción cultural feita na Galiza e da realizada no idioma galego. Creemos que isto non necesita explicación dos motivos polos que ten que ser así, pero cremos, en todo caso, que a Biblioteca Nacional de Galiza ten que ser un elemento central á hora de responsabilizarse na cultura galega e no fomento do libro en galego.

Temos tamén outro aspecto que nos parece relevante á hora de mellorar o funcionamento das bibliotecas e, polo tanto, de garantir que vai haber unha extensión deste tipo de servizos, apostando por unha tripla tipoloxía das bibliotecas: as bibliotecas centrais territoriais, as bibliotecas centrais municipais e as bibliotecas de proximidade, que sabemos que non van a cubrir a totalidade do territorio, e por eso apostamos nesta lei por que se poñan en marcha servizos bibliotecarios móbiles, que nós cremos que é un aspecto clave á hora de achegar a cultura a todo o mundo, e sobre todo á hora de que no ámbito rural tamén se conte con este tipo de servizos.

Establécese tamén nesta lei a obrigabilidade de que a Xunta de Galiza elabore o mapa de bibliotecas públicas de Galiza, que ten que ser un elemento central non só na avaliación do estado actual das nosas bibliotecas, senón tamén á hora de poñer en marcha medidas de impulso e, polo tanto, ter aí toda unha planificación neste terreo.

Creemos tamén que é importante todo o apartado que se fai en relación coa potenciación dos mecanismos xurídicos de protección e recuperación do patrimonio bibliográfico.

Sabemos que Galiza conta cun patrimonio bibliográfico moi importante, pero unha parte del está disperso en coleccións privadas e mesmo fóra das nosas fronteiras. Esta lei o que fai é ofrecerlle protección a todo este patrimonio e centrar a súa labor tamén na recuperación e na divulgación desta parte importante da nosa historia que nós cremos tamén que é clave á hora de que se poda dar a coñecer o noso pasado, protexer a nosa cultura e garantir que as futuras xeracións do noso país pois van a ter acceso a unha parte importante do noso pasado, da nosa produción bibliográfica, e, polo tanto, que isto sexa un elemento central á hora de que sexamos unha sociedade máis consciente de si mesma, mellor informada e cun nivel de autoestima máis elevado. Nese sentido tamén se introducen cambios á hora da protección deste patrimonio bibliográfico que cremos que vai a ser determinante á hora de mellorar a súa protección.

Apostamos –como nos parece normal e, ademais, como establece a lexislación de procedemento administrativo común– por que as infraccións e as accións nesta materia aparezan na lei. Creemos que é un elemento básico de garantía xurídica que debe de recollerse neste aspecto e non entendemos como a Xunta de Galiza, neste texto mutilado que está difundindo, o que aporta é eliminar o réxime sancionador, cando sabemos que as leis tamén, para que teñan eficacia, deben de prever sancións para poder verificar o seu cumprimento.

Tamén nos parece importante o aspecto que se regula en relación coas obrigas que ten a Igrexa católica a respecto do patrimonio bibliográfico que obre no seu poder, que cremos que é básico non só que se garantice a súa conservación, senón tamén que se garantice o acceso ao mesmo fundamentalmente ao personal investigador. Porque a Igrexa católica sigue tendo fondos moi importantes á hora tamén de poder investigar e coñecer o noso pasado.

En definitiva, presentamos hoxe unha proposición de lei que introduce un novo concepto no funcionamento das bibliotecas, que vén a superar un marco obsoleto que aposta por unha modernización do noso sistema bibliotecario, por achegar a cultura ao conxunto do noso país e tamén por que teñamos claro que as bibliotecas teñen que cumprir unha función moi determinante en relación coa normalización da nosa lingua e coa difusión da nosa cultura. Porque non facelo así sería pechar os ollos á nosa realidade.

Agardamos, en todo caso, o apoio desta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona María Concepción Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señorías.

Hoxe estamos a debater a admisión a trámite dunha lei que, en contra do que poda pensarse, non afecta tan só a un sector profesional, senón que ten, dende o noso punto de vista, unha importancia transcendente. Estamos a falar das bibliotecas públicas, estamos a falar tamén da preservación do noso patrimonio bibliográfico.

Lonxe quedan os tempos en que as bibliotecas se pensaba ou estaban simplemente dirixidas a un espacio exclusivo para estudantes ou investigadores, ou como un almacén de libros. Lexos diso, hoxe as bibliotecas cumpren, e teñen que cumprir, un papel fundamental no acceso á información, un papel fundamental no acceso á cultura, garantindo, ademais, os dereitos igualitarios e democráticos á cultura e á información.

Son moitas as funcións que teñen que desenvolver hoxe as bibliotecas, e, dende logo, é obvio que son centros fundamentais para a creación e o fomento dos ámbitos da lectura no desenvolvemento da creación persoal e na utilización do tempo libre, pero tamén teñen unha importancia transcendental, como decía, como centros de información. Hoxe a información non está soamente nos libros, nin moitísimo menos, senón que se encontra nas redes ou en formas dixitais; redes e formas dixitais que deben estar ao alcance de todos os cidadáns.

As bibliotecas son, polo tanto, tamén os elementos fundamentais para recortar ou para salvar o que se está a chamar “a fenda dixital” –moi presente, ademais, no noso país–

e democratizar o acceso ás novas tecnoloxías, garantindo que o acceso á información básica imprescindible esté a todos os cidadáns, independentemente do lugar de residencia, o nivel de formación ou a situación social; e, polo tanto, contribuíndo a construír unha sociedade da información democrática, aberta e transparente.

Por suposto, deben de contribuír tamén á educación e á formación continua, que hoxe é tan importante, e ter un papel esencial na conservación, transmisión e divulgación do patrimonio cultural do noso país; e, por suposto tamén da lingua, da literatura e da nosa propia cultura. Son, en definitiva, centros de dinamización cultural donde se debe ofrecer formación, información e ocio en igualdade de condicións.

Tendo en conta todos estes puntos de vista, entenderase por que as bibliotecas son obxecto de interese por organismos internacionais como a Unesco ou o Parlamento Europeo, ademais doutras asociacións internacionais, que as consideran básicas para o desenvolvemento cultural pero tamén para o desenvolvemento social e económico dos cidadáns.

A lei que rixe as nosas bibliotecas e o sistema bibliotecario galego aprobouse en 1989. Foi, dende o noso punto de vista, unha lei moi importante no seu momento, supuxo unha base esencial para o desenvolvemento das bibliotecas de Galicia, sobre todo as bibliotecas públicas e o sistema bibliotecario, tendo, ademais, elementos moi novedosos naquel momento e moi acadados á nosa realidade poblacional, como a posibilidade de que todos os municipios maiores de 2.000 habitantes tiveran unha biblioteca. Puxo, como dicía, as bases para un desenvolvemento das bibliotecas públicas, que, desgraciadamente, o Partido Popular, os gobernos posteriores do Partido Popular, non aproveitaron.

Pero vinte anos despois da aprobación desta lei mudaron moitas cousas, por suposto. Entre elas a posta en funcionamento, a posible –imaxinamos e esperamos, sobre todo esperamos, que pronto– posta en funcionamento, dunha biblioteca central que debe exercer o papel de cabeceira do sistema; a necesidade de estruturar de forma diferente a rede de bibliotecas; os cambios tan importantes en tecnoloxías; a transferencia das bibliotecas nodais, entre outros elementos. E aconsellan, dende o noso punto de vista, a redacción dun novo texto; que tamén, por certo, o Partido Socialista levaba no seu programa electoral.

O anterior Goberno fixo un notable esforzo lexislativo, con 43 leis aprobadas en pouco máis de tres anos, para actualizar o corpus lexislativo de Galicia, en moitos casos obsoleto. E tamén fixo un importante esforzo en materia de cultura. Soamente vou a citar a Lei do libro e a lectura. Pero tamén chegou á Cámara –non houbo tempo de tramitala– a Lei de arquivos, e tamén elaborou un borrador de lei de bibliotecas, dunha nova lei de bibliotecas, que foi presentada ao Consello de Bibliotecas e á Mesa do Libro.

É absolutamente necesario, dende o noso punto de vista, esta nova lei de bibliotecas, así como é tamén absolutamente necesario a elaboración dun mapa e un plan de bibliotecas, que tamén deixou iniciado o anterior Goberno. Son todos eles instrumentos de xestión absolutamente necesarios, dada a situación das bibliotecas públicas en Galicia, que non ofrecen datos demasiado positivos despois de deza-seis anos de goberno do Partido Popular, e que tentou arranxar –pero que non foi posible arranxar na súa totalidade– o anterior Goberno.

O anterior Goberno fixo un esforzo moi notable en crecemento orzamentario en prol das bibliotecas públicas, ademais, con novas ideas de xestión, o que fixo que todos os indicadores das bibliotecas, número de fondos, adquisicións, número de usuarios, se elevasen. Pero tamén, como dicía, é imposible acadar un sistema moderno e funcional, e arranxar todas as eivas que tiñan as bibliotecas, en tres anos, en pouco máis de tres anos.

O Goberno central está a aumentar tamén os presupostos dedicados ás bibliotecas, sobre todo para o crecemento de fondos documentais. Creo que é necesario recordar que no ano 2009 a Xunta tivo preto de 1.300.000 euros transferidos polo Goberno do Estado para adquisicións de novos fondos documentais para as bibliotecas, e lembrar tamén que o ministerio construíu a Biblioteca de Santiago e que vai a poñer os fondos para construír unha biblioteca en Vigo.

É absolutamente necesario continuar estes esforzos do anterior Goberno de Galicia, continuar tamén os esforzos do Ministerio de Cultura, dándolle tamén ás bibliotecas un marco lexislativo adecuado.

A proposición de lei presentada polo grupo nacionalista parécenos un documento axeitado para poder comezar a tra-

ballar todos os grupos parlamentarios hasta conseguir unha nova lei de bibliotecas. Loxicamente non estamos de acordo na súa totalidade, ou máis ben estableceríamos distintos matices nalgúns artigos. Por exemplo, preocúpanos moito a situación das bibliotecas municipais, fundamentalmente das bibliotecas dos pequenos municipios rurais, que non contan cos orzamentos necesarios para un bon desenvolvemento deste servizo. E consideramos que estas bibliotecas municipais, sobre todo no eido rural, son as que poden garantir, son os centros que poden garantir, a igualdade de condicións dos cidadáns do mundo rural e do mundo urbano. Porque é na biblioteca donde os cidadáns poden acceder aos recursos básicos, como lectura ou busca de documentos, difícil ás veces en pequenos municipios, e tamén encontrar un lugar de dinamización cultural. Neste senso, quereríamos que esta lei formalizase de xeito máis preciso as obrigas da Xunta de Galicia cos municipios e as pequenas bibliotecas municipais, sobre todo as máis pequenas, para atender as súas necesidades e outorgarlles os medios para un funcionamento axeitado e as fórmulas precisas para achegar os libros e a información a todos os núcleos de poboación.

Así como cremos que na lei debería reflectirse mellor a necesaria profesionalización dos servizos bibliotecarios, ou profundizar nos aspectos funcionais do servizo, por poñer outros exemplos, aspectos en que o noso grupo parlamentario faría unha serie de emendas. Pero ningunha delas son tan importantes, son máis ben matizacións ou pequenas discrepancias, que se poden solucionar nos trámites que esta lei debería seguir a través do debate na ponencia e a través das emendas.

Parécenos un texto que mantén os requisitos mínimos que o noso grupo considera que debe ter un anteproxecto de lei de bibliotecas, e por iso xa anuncio que imos votar positivamente a súa admisión a trámite.

Pensamos, ademais, que con esta admisión deste anteproxecto gañaríamos moito tempo respecto ao que parece que vai a facer o Goberno da Xunta.

A Consellería de Cultura cremos tivo tempo suficiente para traer a esta Cámara un novo anteproxecto, un novo proxecto de lei de bibliotecas. Sobre todo cando o conselleiro leva anunciando que está a elaborar un novo proxecto de lei dende xullo do ano 2009. Dixo que estaba tra-

ballando nesta lei igual que dixo que estaba traballando na elaboración do mapa de bibliotecas e dun plan de bibliotecas.

A maiores disto, esta mesma Cámara, a través da Comisión 4.^a, instou o Goberno a traer no menor tempo posible a lei, a nova lei de bibliotecas, e a traer tamén este mapa e este plan de bibliotecas, a través da aprobación dunha proposición non de lei do señor López-Chaves; digamos que nesta técnica habitual do señor López-Chaves e do Partido Popular, que é certamente curiosa. Primeiro o conselleiro anuncia o que vai a facer e o que ten vontade de facer, e despois o Partido Popular rexistra unha serie de iniciativas pedindo exactamente o mesmo que dixo o conselleiro que iba facer. É unha maneira, en todo caso, curiosa, por non poñerlle outros calificativos, de instar o Goberno.

Pero a situación real é que o conselleiro afirmou que íbamos a ter moí pronto unha nova lei de bibliotecas, e tamén temos esta decisión de instar o Goberno dende o Parlamento. Pero a pesar de todo isto nada sabemos dun anteproxecto, dun novo anteproxecto dunha lei de bibliotecas, feito pola consellería.

E dada a experiencia que xa temos na forma de traballar da Consellería de Cultura e Turismo, non cremos que o proxecto de lei chegue pronto a esta Cámara. Nada nos indica que a celeridade sexa un elemento constitutivo do facer da Consellería de Cultura; é máis, cremos todo o contrario, porque hai continuamente retrasos, non soamente retrasos en poñer en marcha políticas culturais, senón mesmo retrasos non explicables nos procesos administrativos, como por exemplo que se publiquen as axudas a colectivos, a sectores culturais, con tres e catro meses de retraso, o cal realmente é –digamos– un proceso administrativo fácil de facer e que sempre chega con retraso.

Por outra parte levamos moito tempo esperando a apertura da Biblioteca de Galicia, situada no Gaiás. Parece que di o conselleiro que se vai abrir en outubro. Leva xa preto dun ano de retraso, porque podería abrirse moito antes. Nin sequera sabemos se se vai abrir en outubro porque todo o proceso de adquisicións de compactus e de material para almacenamento dos libros se vai abrir en xuño aínda; polo tanto, non sabemos se estará en disposición de abrirse en outubro.

Pero ademais é que nin sequera sabemos qué tipo de biblioteca se está a realizar no Gaiás, a pesar de todas as preguntas feitas. ¿Que tipo de biblioteca quere a consellería? ¿Unha biblioteca especializada? ¿Unha biblioteca sobre a cultura galega? ¿Unha biblioteca xeneralista? Non sabemos absolutamente nada sobre os fondos que está a comprar nin con que criterios os está a comprar.

En xullo do ano pasado o conselleiro manifestou que crearía unha comisión para estas compras e mesmo que informaría á Cámara. Por suposto non informou á Cámara, nin sequera por escrito. Pero tamén dixo que quería fondos dixitais, ou sexa, que ao final non sabemos que tipo de biblioteca se está a crear e cremos que xa é necesario dicirlle ao señor conselleiro que tipo de biblioteca ten que ser a biblioteca central de Galicia.

E que, ademais, estrañamente, imos a peor continuamente cos gobernos do PP. No mandato do anterior conselleiro Varela, Pérez Varela, e do presidente Fraga, sabíamos que tipo de biblioteca querían, era algo absolutamente absurdo pero sabíámolo; non sei se recordan as súas señorías que se quería, que o presidente Fraga quería un millón de volumes expostos nas paredes e que quería unha biblioteca como o do Alcázar. Iso fixo que tiveramos o que o Goberno galego ampliase o edificio da biblioteca no Gaiás dun xeito innecesario, multiplicando por moito o custo desta obra. Pero polo menos sabíamos –era absurdo, era algo surrealista–, pero sabíamos o que quería; agora xa nin sequera sabemos se queren algo absurdo ou algo normal, porque non sabemos exactamente que queren.

Polo tanto, despois de acumular retrasos en todas as tarefas, despois de ver como se di por parte da consellería que fomentan a lectura e que fomentan e que teñen plans de fomento das bibliotecas e ao mesmo tempo ver que recortan os orzamentos, que non hai ningunha política nova coas bibliotecas, que nin sequera as bibliotecas forman unha parte substancial deste magno acontecemento –que ninguén coñece, por certo, que non ten ningunha repercusión– do Ano...

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando, señora deputada.

A señora BURGO LÓPEZ:... do Libro e da Lectura, e despois de saber –si, remato, señora presidenta–, despois de coñecer as últimas estatísticas, que din que o número de usuarios

das bibliotecas públicas están baixando notablemente no ano 2009 con respecto, por exemplo, ás estatísticas que temos do ano 2006, cremos que hai que tomar cartas no asunto, que se necesita unha nova Lei de bibliotecas, para acadar un sistema moito máis modernizado de todo o sistema bibliotecario e que é necesario poñer en marcha políticas activas de melloras.

Polo tanto, cremos que, en aras de non perder máis tempo do xa perdido, este texto que presenta o Grupo do BNG pode ser unha base importante para construír, para realitzar unha nova Lei de bibliotecas de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Burgo.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Ignacio López-Chaves Castro.

O señor LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Gracias, presidenta.

Señoras y señores diputados, conselleiro.

Es curioso que los que están ahora recortando a Galicia 200 millones de euros ahora nos critiquen por ese recorte. Es curioso que el PSOE, que aprueba recortar y dar menos a Galicia, ahora critique a la Xunta de Galicia, que tiene menos dinero porque el PSOE de Madrid le da menos dinero, y que el Bloque aplauda con que se dé menos dinero a Galicia y que estén encantados con ello.

Y señora Burgo, antes de entrar en el tema, sobre la biblioteca de Vigo, mire, usted sabe que la biblioteca de Vigo está prometida hace tres años...

A señora PRESIDENTA: Señor López-Chaves, céntrese na cuestión, por favor.

O señor LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sí, sí.

Hubo seis localizaciones, un millón y medio de euros perdidos y mientras tanto la biblioteca sin ni siquiera localización, por la ineficacia del alcalde de Vigo.

El Grupo Parlamentario del Partido Popular se va a posicionar sobre esta iniciativa presentada por el Bloque, una

proposición de ley que habla de bibliotecas. Biblioteca, que etimológicamente significa “caja de libros”, después “depósito”; procede del griego βιβλίον, “libro, biblioteca, armario”, y el término βιβλίον está relacionado o procede de la ciudad de Byblos, nombre con el que los griegos conocían a la ciudad fenicia de Gubla, ya que los papiros egipcios, bublos, se trasladaban a Grecia a través de una ruta marítima que pasaba por ese puerto.

Pero no fue el papiro el material de escritura con que se formaron las primeras bibliotecas. Sobre la arcilla recogida entre los ríos Tigris y Éufrates se escribió el sumerio-acadio, la tablilla se secaba al sol o en hornos, lo cual las convertía en difícilmente destructibles salvo que existiera la firme voluntad de hacerlo, como así sucedió.

Treinta y cinco siglos antes de Jesucristo, los sumerios organizaron los primeros centros culturales y las primeras bibliotecas y los arqueólogos han desenterrado en Mesopotamia miles de tablillas de barro. Como señala P. Michalowski, catedrático de Próximo Oriente de la Universidad de Michigan, no existe ninguna otra cultura de la que haya tal cantidad de material escrito –cultura antigua–.

Y tenían una ventaja las bibliotecas de barro: las bibliotecas de papiro y pergaminos se destruían por el fuego, la humedad, incluso el vandalismo. Un inglés, John Badford, a finales del siglo XVIII, escribe una obra titulada “La historia del arte y la tipografía”, y para ello se dedicó durante toda su vida a ir por bibliotecas de Inglaterra para arrancar las portadas interiores de esos libros para hacer posteriormente ese libro. Más de 3.500 libros sufrieron el ataque de esta persona. Pero no es algo que haya sucedido en el siglo XVIII; hace tres años vimos que habían sido robados de la Biblioteca Nacional dos mapamundi de Ptolomeo y se descubrió que habían sido mutilados de la Biblioteca Nacional diez libros –cinco incunables y otros cinco raros–, que llevó al cese o dimisión de Rosa Regàs, de vacaciones en ese momento en Lérida, que se caracterizaba más por lo que decía que por lo que hacía.

Enriquecer las bibliotecas ha sido una compulsión desde el inicio de las primeras bibliotecas. Se trata de reunir la esencia o la totalidad de lo que se ha dicho, estudiado y contado, al menos para comprobar el tamaño de lo que así se podría conseguir.

Pero también hay que tener en cuenta que el tamaño en materia de bibliotecas no es esencial. Una biblioteca será grande para una determinada comunidad aunque tenga un pequeño número de manuscritos, aun cuando la unidad de medida habitual de otras sea el millón de libros. Los monjes de San Juan de Patmos estaban tan orgullosos de sus 340 libros en el siglo XIII como la biblioteca del Congreso de los Estados Unidos cuando superó los 100 millones de documentos en el año 2000.

Pero estas bibliotecas exigen una organización y regulación para su correcta gestión, para cumplir, además de su fin de conservación de los libros, documentos y materiales que en ella existen y de facilitar el trabajo a los investigadores, también para cumplir la finalidad de facilitar el acceso a la información. Ya decía Estrabón que fue Aristóteles un gran coleccionista de libros y que enseñó a los reyes egipcios la manera de organizar la primera biblioteca, aunque esa enseñanza fue de forma indirecta, ya que la primera biblioteca de Alejandría fue organizada por un discípulo de Aristóteles, Teofrasto, al que además legó su conocida biblioteca, que con el paso de los siglos desapareció, siguiendo el modelo de Liceo griego.

La evolución de los últimos años requiere una nueva ley que lo regule, la organización del sistema bibliotecario de Galicia; una ley que sustituya a la actual, de 11 de octubre del 89, que se adapte a la legislación vigente en esta materia de bibliotecas y del libro y que recoja las innovaciones para el acceso a la información y a los documentos. La tecnología está cambiando profundamente a las bibliotecas, de tal manera que se produce una pérdida de importancia del papel como único soporte documental, lo que hace necesario un cambio no solo de la concepción de la propia biblioteca —ya no se habla en bibliotecas de puesto de lector, se habla incluso de puesto de usuario— sino también un cambio en la gestión y organización de las bibliotecas y, evidentemente, un cambio en la legislación que las regula.

La propia función de la biblioteca se ha ido transformando con el paso de los años y así hoy se destaca el papel de las bibliotecas como espacio social público, donde se desarrolle la vida del ciudadano, distinto de los dos principales, que son el hogar y el trabajo. Además, el futuro de las bibliotecas no depende tanto o solo de la defensa del libro como del cuidado de los usuarios. Como dice algún autor, “las bibliotecas tienen que ver con la gente, no con los libros”.

Y vemos que desde las primeras bibliotecas, las de Alejandría y las de Pérgamo, que se crearon para unir el conocimiento, para facilitar su acceso a los eruditos, únicamente hasta la moderna concepción de las bibliotecas, los cambios son evidentes. Y la legislación debe seguir esos cambios: cada biblioteca se convierta en un servicio al usuario. Por eso en el año 2005 existía ya un borrador de la Ley de bibliotecas de Galicia que había elaborado el anterior Gobierno del Partido Popular, un borrador que constaba de siete títulos y cincuenta y dos artículos; este es el borrador que ya existía y que se había elaborado por una comisión dentro de la Mesa del Libro. En la Mesa del Libro había tres comisiones: la del libro como industria, la de bibliotecas y la del libro; una dio origen al borrador de la Ley del libro, otra al borrador de bibliotecas y así que, por tanto, en el año 2005, cuando gobernaba el Partido Popular, existía un borrador de Ley de bibliotecas. Y cuatro años después, en el año 2009, lo que existe es otro borrador de Ley de bibliotecas. Lo mismo que existía en el año 2005 es lo que el Gobierno del Partido Popular se encontró en el año 2009: un borrador de Ley de bibliotecas.

Y ahora vienen los ex socios del bipartito a decir que todo estaba hecho. Como vemos aquí continuamente, todo estaba en marcha, todo estaba hecho, estaba todo preparado. Debe ser que el bipartito ha sido el Gobierno que hizo todo pero no terminó nunca nada. Y cuando continuamente aquí dicen eso de que todo estaba preparado, lo único que hacen es reconocer su fracaso político.

Cuando vienen aquí a querer demostrar que hicieron algo, lo único que prueban es todo lo que no hicieron, y así sucede con la Ley de bibliotecas: en el año 2005, un borrador; en el año 2009, otro borrador, distinto también —es cierto—, pero un borrador.

El bipartito fue una fiesta y la Consellería de Cultura fue quizás la consellería que más fiesta fue. Y ahora oímos las justificaciones y excusas de ese retraso; 2005, un borrador; 2009, otro borrador. Escuchamos que no se hizo más en cuatro años por las dificultades que implica la redacción de este documento.

Decía Quintiliano que “excusamos nuestra pereza con el pretexto de la dificultad”. En cuatro años se pasó de un borrador a otro borrador, ese fue el único trabajo del bipartito,

hasta incluso descabezaron los técnicos de bibliotecas y libros. Había técnicos que llevaban trabajando veinte años, con conselleiros del PSOE y del Partido Popular, y los expulsaron; eso sí fue la eficacia de la Consellería de Cultura, que en cuatro años únicamente fue capaz de redactar un borrador.

Es cierto que al final de la legislatura ese borrador se presentó al Consello de Bibliotecas, es cierto. Pero, ¿cuándo se presentó ese borrador al Consello de Bibliotecas? Después de las elecciones de marzo de 2009, cuando el Gobierno estaba en funciones, cuando sabía no que habían perdido —porque eso sucede siempre, siempre han perdido las elecciones— sino cuando sabían que no iban a gobernar. Después de saber que no iban a gobernar y después de cuatro meses disuelto el Parlamento, presentan un borrador a un Consello de Bibliotecas cuando el Parlamento no estaba en funcionamiento. Yo no sé cómo pensaba el PSOE y el Bloque aprobar esa ley, salvo que la tramitasen sin este Parlamento.

En la legislatura pasada el bipartito no supo, no pudo o no quiso —o las tres a la vez— tramitar la Ley de bibliotecas, y el actual Gobierno del Partido Popular sí quiere. Por eso el 29 de diciembre se presentó el borrador al Consello de Bibliotecas —y esta vez cuando el Parlamento estaba en activo, no disuelto, como el bipartito, no con un Gobierno en funciones, por un Gobierno apoyado por un partido que no solo había ganado las elecciones sino que tenía mayoría absoluta—, y se presentó para que las instituciones implicadas, para que los agentes implicados pudiesen opinar sobre el borrador, algo que nunca había hecho el bipartito. Y dicho borrador se entregó a los miembros del Consello de Bibliotecas para que presentasen alegaciones, correcciones o comentarios sobre ese texto, porque esa es la forma de actuar: entregar el texto al Consello de Bibliotecas para que los miembros del Consello de Bibliotecas presenten alegaciones, correcciones o comentarios; escuchar al Consello de Bibliotecas y que enriquezcan el texto.

Y se presentaron alegaciones, correcciones, en un importante número —eso sí, no por todos los miembros del Consello de Bibliotecas—, y así como el 29 de diciembre se presentó el texto al Consello de Bibliotecas para que aportase y enriqueciese el borrador corregido, el 8 de abril el borrador también se presentó al Consello Asesor del Libro. Y esa es la forma de actuar: también presentarlo para que aportasen al texto, y lo están haciendo.

Con estas aportaciones se iniciará la tramitación de la ley, una vez que el texto se enriquezca con las aportaciones del Consello de Bibliotecas y las aportaciones del Consello Asesor del Libro. Y es lo que está haciendo este Gobierno del Partido Popular, lo que no hizo el bipartito en cuatro años: dar participación al sector.

Ahora sí, en el mes de febrero del 2010, presenta el Bloque una proposición de ley que es el borrador del año 2009. En febrero, después de conocer que en diciembre se había presentado el borrador corregido al Consello de Bibliotecas, después de aprobar este Parlamento una proposición no de ley que solicitaba a la Xunta la presentación de una Ley de bibliotecas en el año 2010, y después de anunciar el conselleiro que este Año del Libro y de la Lectura, que tiene un presupuesto de 3 millones de euros, algo que PSOE y Bloque vetaron durante la anterior legislatura, no querían que se aprobase ese Año de la Lectura y el Libro, se anunció que se presentaría el proyecto de ley.

Interés en esta ley, evidentemente, el Bloque no tiene ninguno; tuvieron cuatro años para escuchar al sector, para traerla al Parlamento y no lo hicieron porque no quisieron. Y ahora, cuando saben que ya vendrá, es cuando la presentan. Decía Séneca: “No quiere el que tarde quiere”. No quiere el que tarde quiere. Y ustedes no quieren la ley, lo que sí quieren es hurtar al sector el poder participar en las aportaciones a esta ley. El PP no va a hurtar la participación ni al Consello de Bibliotecas ni al Consello Asesor del Libro. Le vamos a dar, le estamos dando, esa participación, la Xunta lo está haciendo, decenas de aportaciones presentadas. Por eso votaremos en contra; la ley se tiene que elaborar como está haciendo el Gobierno de la Xunta, del Partido Popular, con el sector, y no como quiere hacer el Bloque, hurtando el debate al sector.

Y parece que al PSOE le parece bien que se prohíba esa participación al sector. No quiere el que tarde quiere. No querían la ley porque las bibliotecas implican libertad, implican libertad para pensar, para opinar, (*Murmurios.*) para leer o para hablar en una u otra lengua. Y por eso el Bloque no cree, por eso el Bloque amenaza con expulsar a los disidentes dentro de su partido, por eso se manifiestan apoyando a la dictadura cubana y expulsan a miembros simplemente por ser socios de asociaciones de amistad con Israel, y tratan de coaccionar y de impedir el ejercicio de derechos

lingüísticos. Por eso sería una absurda contradicción que la ley viniese de manos del Bloque, porque implica libertad, y por eso será el Gobierno del Partido Popular el que la traiga.

Decía Borges que para él el paraíso se lo imaginaba bajo la especie de una biblioteca, pero cuando fue nombrado director de la Biblioteca Nacional de Argentina, la ceguera hereditaria que padecía, progresiva, se fue incrementando, de tal manera que solo podía leer de los libros las carátulas y los lomos. Y escribió aquello de: “Nadie rebaje a lágrima o reproche esta declaración de la maestría de Dios, que con magnífica ironía me dio a la vez los libros y la noche”. La noche en Galicia terminó, ahora en Galicia hay luz; luz, más luz, pedía Goethe; PP, más PP, pidió Galicia. Ustedes no hicieron nada por la Ley de bibliotecas y el PP sí va a aprobar esa Ley de bibliotecas.

Nada más y muchas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor López-Chaves.

Rolda de réplica do grupo parlamentario autor da proposición de lei. Ten a palabra polo Bloque Nacionalista Galego dona Ana Belén Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Quixera empezar, en primeiro lugar, agradecéndolle ao Grupo Socialista o feito de que, bueno, aínda que con matices –que consideramos que son normais e lóxicos na tramitación de calquera texto legal–, pois vaia apoiar a toma en consideración desta proposición de lei.

E a respecto da intervención do Partido Popular, sinceramente creo que foi moi clarificadora e que retrata a maneira en que vostedes teñen de enfocar os temas. Desde logo agradecemoslle o resumo que nos fixo sobre a historia das bibliotecas, ¿non?, é moi ilustrativo; pero tamén é unha evidencia da falta de discurso, ¿non?, e da incapacidade que vostedes teñen para dicir por que votan en contra desta iniciativa lexislativa.

E quero simplemente recordarlle unha cousa, porque deberían vostedes de ter máis coidado con certo tipo de afirmacións.

Aquí os únicos que queimaron libros no noso pasado recente creo que foi un réxime franquista (*Aplausos.*) que o Partido Popular se segue negando a condenar. Creo que son os únicos que privaron de liberdade, das liberdades máis básicas aos seres humanos, co cal non deberían de utilizar e deturpar unha palabra cun significado tan importante como é a liberdade. Porque vostedes, en nome non da liberdade senón en nome dunha ideoloxía que condena o galego, están privando de dereitos á nosa lingua e están practicando unha política no terreo cultural que o único que busca é minar a nosa identidade.

Polo tanto, iso non é liberdade, iso ten outro nome, creo que se chama opresión, que é o que vostedes están facendo neste momento co galego, (*Interrupcións.*) oprimindo ao galego e intentando privarnos de dereitos humanos básicos fundamentais. (*Aplausos.*) Lamentamos, desde logo, que non acrediten minimamente no noso país.

Pero tamén é, desde logo, moi clarificador ver o cambio de discurso do portavoz do Partido Popular, porque hai dous meses díxonos que non existía esta lei, que esta lei non a fixera o Goberno anterior, e hoxe ten que vir aquí a recoñecer que o texto sobre o que está traballando o Goberno é o texto que deixou o Goberno anterior. E creo que é pois –non sei– unha actitude certamente sectaria non querer tomar hoxe en consideración esta iniciativa. Porque o único que demostra é que vostedes queren usurpar o traballo do Goberno anterior, porque dígame vostede se non cales son os cambios que introduce este novo Goberno no texto en relación co que xa se presentou e co que xa estaba elaborado. Co cal están recoñecendo que este era un texto bo e que ten, polo tanto, capacidade e potencialidade como para modernizar o sistema de bibliotecas.

Porque, por moito que vostede se empeñe, houbo un cambio substancial en relación coas políticas do libro, da lectura e das bibliotecas no noso país. E máis alá desas valoracións baleiras de contido ás que nos ten vostede xa moi acostumbrados nesta Cámara, dicirlle un par de cousas. O compromiso co sector demóstrase coas políticas que se fan e cos orzamentos que se lles adican a esas políticas. E imos facer un pequeno repaso, porque creo que iso é tamén moi ilustrativo de quen se compromete realmente co sector, quen se compromete coas bibliotecas e quen non.

Xa lle fixen mención a que vostedes, segundo chegaron, o primeiro que fixeron foi aplicar recortes; e é máis, nos orza-

mentos do ano 2009 deixaron sen gastar máis de 800.000 euros destinados precisamente a bibliotecas, a museos e a arquivos. Terán vostedes que explicar ese compromiso.

A seguinte decisión que adoptan é reducir os fondos para as bibliotecas. E na pasada lexislatura –gústelles ou non– fixérase un incremento moi grande de fondos e de dotación para as bibliotecas, atendendo precisamente a aquelas que estaban nunha peor situación, como eran as bibliotecas municipais.

E quero deixar aquí constancia dos datos oficiais: no ano 2004 nas bibliotecas galegas había 1,24 documentos por habitantes; no ano 2008 –que son os últimos datos oficiais que temos– había 1,47; no ano 2004, co Goberno do Partido Popular, dedicábanse 0,51 euros por habitante a adquisicións en bibliotecas públicas; no ano 2008, adicáronse 1,54 euros a adquisicións en relación co número de habitantes. Vostedes no ano 2004 tiñan abandonadas as bibliotecas municipais e destinaban a totalidade dos fondos para a xestión e para a mellora dos equipamentos ás bibliotecas nodais. Pois ben, co bipartito fíxose un cambio para que realmente as bibliotecas municipais recibiran unha importante dotación de fondos, porque cremos que son a base do sistema.

Ben, xa vexo que ao señor López-Chaves non lle interesa este debate, non lle interesa que Galiza conte cunha Lei de bibliotecas moderna e que lles molesta profundamente que nós esteamos neste momento desvendando as mentiras e a actitude que está tendo o Goberno en relación con esta lei. Porque ao final imos poder comprobar –como xa o puídemos comprobar–...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO:... como vostedes están traballando co texto que deixou o bipartito e aínda ten a cara de vir aquí a dicir que non se fixo nada polas bibliotecas e que non había proxecto cultural. Quen non o teñen son vostedes e hoxe demostran, ademais, falta de altura de miras e falta de compromiso coa modernización do sistema de bibliotecas do noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Pasamos á votación da toma en consideración desta proposición de lei.

Pecamos as portas.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de bibliotecas e do patrimonio bibliográfico de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

Pasamos ao punto segundo da orde do día, que é o de comparencias en Pleno.

Comparencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar sobre as previsións en relación co desenvolvemento do Plan estratéxico do sector lácteo no referente á creación dunha identificación do leite producido en Galicia

A señora PRESIDENTA: Para a intervención ten a palabra o conselleiro de Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Juárez Casado): Moitas grazas, señora presidenta.

Señores e señoras deputados.

Nesta comparencia vou tratar de expoñer as liñas de actuación que segue o Goberno en relación co desenvolvemento do Plan estratéxico para o sector lácteo galego, que, cumprindo co compromiso adquirido, se elaborou dentro do ano 2009; e con el tamén débome referir ao establecemento dunha marca de calidade para o leite producido en Galicia.

Dentro das liñas de actuación estratéxicas para o sector lácteo galego que se definen neste documento –documento consensuado co sector e documento dinámico que pretende adaptarse e marcar unha liña de ruta no devir do sector lácteo galego–, ocupa un capítulo importante a diferenciación,

a comunicación, a imaxe e a promoción do leite producido en Galicia a través do deseño e implantación dun plan especial de imaxe e promoción do leite baseándose na calidade diferenciada do leite cru producido en explotacións lácteas de Galicia.

En efecto, o Plan estratéxico detecta serias eivas na estrutura do sector transformador e comercializador de leite en Galicia. Aínda que a maior parte da produción galega se transforma en Galicia, o modelo de actividade industrial establecido caracterízase pola dispersión de instalacións e a conseguinte infrautilización da capacidade industrial, a orientación transformadora preponderante cara ao leite de longa duración –o leite UHT–, de recoñecidas dificultades para a xeración de marxes e en proceso de lento retroceso nos mercados. Actualmente aproximadamente o 80 % do leite producido en Galicia dedícase á elaboración de leite UHT e o 20 % restante ao resto de produtos lácteos, basicamente queixos. Polo tanto, en Galicia dedícase máis de 1.700.000 toneladas a elaborar leite UHT.

Unha parte desta produción, desta materia prima, aproximadamente entre un 20 e un 25 %, envásase a través de marcas de fabricantes de primeiras marcas que venden o produto a prezos atractivos e de prestixio para o produtor; outra parte, que poderíamos cifrar entre un 30 e un 40 %, a través de marcas de fabricantes que venden o produto a un prezo máis reducido; e a outra parte, entre un 40 e un 50 %, a través de marcas de distribución con prezos baixos.

Daquela, entre 750.000 e 800.000 toneladas de leite cru producido nas explotacións leiteiras de Galicia destínase a elaboración de leite UHT con marca de distribuidor, onde as posibilidades de conseguir marxes aceptables en calquera eido da actual cadea de valor do sector de leite UHT son reducidas, e máis aínda tendo en conta que actualmente en España as marcas de distribución contan no seu conxunto cun 60 % de cota de mercado e a tendencia incluso é a aumentar esta cota de mercado.

Verifícase así no plano estratéxico a debilidade do modelo loxístico industrial do sector lácteo galego, que se traduce no risco de xeración de impactos negativos na rendibilidade e viabilidade das explotacións lácteas de Galicia, impactos que se amplifican extraordinariamente na actual situación de crise económica xeral.

Neste contexto a creación dunha marca de calidade diferenciada é unha resposta para buscar a diferenciación do produto baseada na súa calidade, con vistas a unha valorización do mesmo nos mercados.

Esta veu sendo unha demanda do sector produtor, pero tamén –eu diría que incluso máis importante– dos consumidores, que piden cada vez máis información sobre todos os aspectos relacionados cos alimentos que consomen, a súa procedencia, os sistemas de produción, tratamentos, valor nutritivo, etc.

Desde a óptica puramente comercial, parece claro que unha das estratexias de comercialización das industrias lácteas consiste na alusión, dunha ou doutra forma, á orixe galega do produto como sinónimo nos mercados de consumo de produto natural e de calidade.

Sen embargo, cando eu adquirín este compromiso en sede parlamentaria de creación desta imaxe de marca Leite de Galicia era plenamente consciente de que existen dificultades importantes, tanto de tipo técnico como de tipo legal, para cumprir este compromiso que había que solventar.

As dificultades técnicas consistían na dificultade inherente á trazabilidade do produto ata o envase final. Neste senso xa tiñamos moito avanzado coa normativa en plena aplicación que regula esta trazabilidade desde o produtor ata a industria. Tiñamos polo tanto unha parte da cadea de comercialización plenamente trazada e con posibilidades de control férreo en cada unha das partes desta cadea. Quedábanos o paso que vai dende a industria ata o envase final con destino ao consumidor.

Hai aproximadamente un ano o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño tiña anunciada a promulgación dun real decreto, coñecido como Letra Q, para regular a trazabilidade do leite desde a súa entrada na industria ata o consumidor final.

Quixemos, para dotar de maior coherencia a todo o sistema e para reducir ao máximo os custos de certificación inherentes a un sistema deste tipo, quixemos –como dicía– que a trazabilidade aplicable ao leite baixo a marca de calidade de Galicia fora compatible co previsto para a Letra Q e mesmo que foran sistemas complementarios.

Este real decreto demorouse máis do previsto e promulgoouse finalmente o 1 de abril pasado, neste mesmo mes, o que deixou o camiño expedito para a normativa autonómica, de xeito que os sistemas de certificación puidesen ser compartidos por ambas normativas.

As dificultades legais radican na normativa comunitaria, moi restritiva en relación coas mencións relativas á orixe dos produtos alimentarios.

Ata principios dos anos noventa era habitual a existencia de marcas nacionais ou rexionais que, co apoio das distintas administracións, trataban de resaltar as bondades dos produtos propios fronte dos foráneos. Así, a nivel estatal había en España a marca Alimentos de España e case todas as comunidades autónomas tiñan a súa propia marca como a de Galicia Produto Galego de Calidade. No ano 1992 apróbase a primeira normativa europea sobre denominacións de orixe e indicacións xeográficas, e dende ese momento muda radicalmente a situación.

As autoridades europeas instan ás dos estados membros a eliminar todas esas normas e reconducir todos os produtos por elas amparados á norma común que regula a materia en Europa. Foi así que no caso de Galicia todos os produtos acollidos á denominación Produto Galego de Calidade foron pouco a pouco inscribíndose como denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas.

Outras marcas autonómicas de calidade foron reconvertidas de xeitos diferentes, eliminando da súa regulación o aspecto conflitivo da restrición do seu uso aos operadores do territorio da comunidade autónoma, eliminando mesmo a referencia xeográfica do nome da marca. Así, a marca Rioja Calidad pasou a ser RC Rexistrado e Controlado, ou a marca da Comunidade Valenciana, CV, pasou a ser Controlado e Verificado.

Outras comunidades autónomas fixeron máis recentemente algunha regulación de marcas propias de calidade, pero sen ningún tipo de referencia xeográfica no nome e sen restricións expresas ao seu uso polos operadores alleos ao seu territorio que cumpran as especificacións da súa regulación.

Este é o caso da marca Calidad Certificada da Comunidade Autónoma de Andalucía, que, aínda que na súa regula-

ción non exclúe expresamente aos operadores de fóra de Andalucía, na súa imaxe de marca leva a bandeira andaluza e na súa publicidade trata sempre de xeito máis ou menos claro de identificar a marca con Andalucía.

Quixemos, por tanto, deseñar esta marca de forma que encaixe na normativa comunitaria, evitando problemas legais que puideran xerar perdas de tempo e de esforzos.

Quero recordar que recentemente o Tribunal de Luxemburgo anulou unha marca de orixe de leite de Grecia e casos máis ou menos similares teñen sucedido recentemente en Italia e en Alemaña.

Seguindo cos aspectos legais –que estimo son relevantes neste caso– e xa no ámbito da normativa nacional, a regulación actual en materia de marcas en España está contida na Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, e no Real decreto 687/2002, do 12 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

De acordo con esta normativa, entendemos que a fórmula xurídica máis idónea para a marca identificadora do leite galego sería unha das dúas formas especiais de marcas que se recollen no título VII desta lei, e neste caso sería a marca de garantía que se define como aquela utilizada por unha pluralidade de empresas baixo o control e autorización do seu titular que certifica que os produtos ou servizos aos que se aplica cumpren uns requisitos comúns, en especial no que concirne á súa calidade, compoñentes, orixe xeográfica, condicións técnicas ou modo de elaboración do produto ou de prestación do servizo.

Xa que logo, os obxectivos deste proxecto de creación dunha marca de calidade para o leite serían, por unha banda, garantir a trazabilidade do leite, crear un produto diferencial de calidade que aporte ao consumidor unha garantía de estar consumindo un produto cun diferencial sobre o produto estándar e incidir na estabilidade de prezos pola vía da asociación do produto de calidade á orixe identificable.

A estratexia trazada supón tres liñas de actuación paralelas. En primeiro lugar, identificar o leite galego no mercado dun xeito indirecto, a través da creación dun rexistro de explotacións lácteas galegas produtoras de leite de calidade. En segundo lugar, a creación dunha logo marca identifica-

dora e diferenciadora. E, en terceiro lugar, regular a utilización das mencións relativas a Galicia na etiquetaxe dos produtos alimentarios para evitar a comercialización de leite ou produtos lácteos como galegos se non se pode acreditar a dita orixe.

O primeiro paso neste camiño foi, polo tanto, crear un rexistro de explotacións de calidade diferenciada, cousa que fixemos apenas unha semana despois de promulgarse o Real decreto da Letra Q a través do Decreto da Xunta de Galicia 57/2010, do 8 de abril, polo que se crea o Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada.

Este é un rexistro público, informativo, de explotacións leiteiras que no marco dos controis oficiais efectuados pola Xunta de Galicia demostran acadar de xeito continuado uns parámetros de calidade superiores aos esixidos pola normativa comunitaria, que achegará transparencia ao mercado e contribuirá a revalorizar as ganderías que traballan co obxectivo de ofrecer ao consumidor un produto de alta calidade.

Ademais, proporcionará ao sector un instrumento de referencia, tanto en canto a consecución de determinados parámetros de calidade respecto do sector produtor como na selección da materia prima necesaria para a transformación, a comercialización e a venda de produtos de calidade diferenciada para o sector industrial, na liña establecida pola Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria, en tanto que contribúe ao establecemento de medidas para favorecer as iniciativas de colaboración e interacción entre o sector operador alimentario.

En definitiva, as condicións para a inscrición serían estar en posesión da carta verde de saneamento oficial do ano en curso, pertencer a algún dos programas de calidade do leite da consellería –onde hoxe hai inscritas 13.400 explotacións–, presentar un historial de cumprimento de estándares hixiénico-sanitarios superiores aos esixidos pola normativa, non ter sido sancionado por causa algunha en materia de benestar animal e medio ambiente nun período anterior e dispoñer de capacitación para produción láctea.

Teño que anunciar con satisfacción que a meirande parte das explotacións e do leite producido en Galicia cum-

preñ estes requisitos, e mesmo este instrumento pode servir de incentivo para que cada vez máis explotacións se incorporen a este grupo maioritario de produtores de calidade superior.

A segunda das medidas consiste en que, unha vez identificado o leite de calidade a nivel de explotación, é preciso que chegue ao consumidor a información sobre esta condición. Para iso a estratexia é, por unha parte, rexistrar na Oficina Española de Patentes e Marcas unha marca de calidade galega, marca que será xestionada pola Sociedade Anónima Pública Galicia Calidade, trámite que está avanzado e esperamos poder presentar esta logo marca proximamente. E, por outra banda, Galicia Calidade reelaborará os pregos de condicións que ten o sector lácteo, de xeito que en todos os produtos Galicia Calidade deste sector o leite sería de explotacións do rexistro.

En terceiro lugar, a regulación da utilización das mencións relativas a Galicia na etiquetaxe, na presentación e na publicidade dos produtos alimentarios. Esta acción concretarase na aprobación dun decreto –xa en tramitación– no que se fará unha regulación complementaria da contida a nivel estatal na norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios aprobada polo Real decreto 1334 do ano 99.

Aínda que a dita norma xa establece a obrigatoriedade de que todas as mencións facultativas –é dicir, as non obrigatorias– que figuran na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios deberán ser veraces e comprobables, pola seguridade xurídica parece conveniente aprobar esta norma autonómica para poder perseguir máis facilmente a utilización das mencións á orixe galega na etiquetaxe dos produtos alimentarios aproveitando o bo nome que a marca Galicia ten no mercado.

Estamos, pois, a piques de rematar este proceso para diferenciación da calidade do leite e das explotacións que cumpren uns estándares superiores, proceso que –como expliquei– utiliza instrumentos de trazabilidade contidos na normativa nacional, instrumentos que nos brinda este real decreto aprobado hai menos dun mes, que esixirá dous decretos da Xunta de Galicia –un xa promulgado–, o rexistro dunha imaxe de marca e a participación da Sociedade Pública Galicia Calidade.

Esperamos que esta iniciativa sirva para mellorar o valor do leite galego nos mercados, para revalorizar o produto e para posibilitar unha estratexia adicional de comercialización para as industrias e os produtores lácteos de Galicia.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra dona María Teresa Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras deputadas e señores deputados.

Señor conselleiro do Medio Rural, desde logo ten vostede unha grande capacidade para solemnizar as cuestións obvias. Falou vostede de que cumpriron o compromiso de aprobar un plan estratéxico para o sector lácteo. Efectivamente, aprobaron ou anunciaron algo que vostedes deron en chamar Plan estratéxico para o sector lácteo, no que comprometeron investimentos por valor de 838 millóns de euros para o sector lácteo e nun contexto no que estamos vendo cada día como na resolución dalgunha orde de convocatoria vostedes lles meten recortes do 20 % e do 30 % a axudas que xa tiñan comprometidos os gandeiros e as gandeiras, nun contexto no que están a sufrir a peor crise de prezos de toda a historia do noso país, porque non podemos esquecer, señor conselleiro, por moito que vostede se empeñe en ocultalo, que hoxe o prezo do leite é máis de catro céntimos máis baixo que hai un ano, que cando vostedes chegaron ao Goberno; que durante os últimos doce meses a media que recibiron os gandeiros foi de 27,4 céntimos, cando o último prezo que recibiron durante o tan deostado Goberno bipartito foi de 32; que durante todo o ano pasado, desde que vostedes chegaron ao Goberno da Xunta de Galiza, nunca se acadou un prezo de 30 céntimos e que a maioría dos meses estiveron no entorno dos 25-26 céntimos.

E eu xa lle dixen moitas veces que vostedes non tiñan en exclusiva a culpa desta situación, pero desde logo algo terá que ver a súa xestión ao respecto.

Pois nese contexto, nesa situación tan grave, vén vostede, con toda a solemnidade, ao Pleno do Parlamento a comparecer porque aprobaron un decreto para crear un rexistro de explotacións galegas de leite de calidade, que –como vostede mesmo recoñeceu– cumpren seguramente máis do 90 % os requisitos que vostedes establecen, os estándares que vostedes establecen, máis do 90 % das explotacións do noso país.

Polo tanto, desde logo, permítame que lle diga que nos parece absolutamente ridículo, e mesmo un intento de tomarlle o pelo ao sector, que vostedes pretendan solemnizar con esta cuestión tan nimia, tendo en conta o contexto no que está o sector lácteo do noso país. É desde logo ridículo tamén pensar que as condicións que vostedes establecen no decreto –que até agora é o único concreto que hai para esa marca galega de leite da que vostede nos falou–, aprobado o día 8 de abril, por si mesmo vaian a constituír un factor de diferenciación de calidade do leite galego.

Fala vostede de que establecen uns estándares superiores, pero ¿uns estándares superiores a que? Mire, vostedes establecen para poder inscribirse nese rexistro que teñen que ter a carta verde; é que, señor conselleiro, se non teñen a carta verde non poden vender leite, se non fan o saneamento non poden vender leite.

Establecen vostedes que teñen que ter uns valores somáticos inferiores ou iguais a 350.000, cando o máximo é 400.000, e con 400.000 xa non se pode vender leite. Establecen vostedes que teñen que ter xermes menos de 90.000, cando o máximo establecido legalmente para poder vender leite –porque se non inmovilízase a venda de leite da explotación– son de 100.000. Entón, explíqueme estándares superiores a que, porque para iso xa temos a dobre-A.

Saberá vostede que, agora mesmo, en Galiza, os gandeiros que teñen, que cumpren –digamos– uns estándares de calidade de ter a metade de valores somáticos e de xermes no seu leite xa reciben unha compensación na prima por parte das industrias de 1 ou 2 pesetas dependendo das industrias. E agora vostede di que os estándares son superiores; non; está vostede rebaixando incluso os estándares que xa se están cumprindo e xa se están primando por parte das industrias lácteas.

Por outro lado, establecen vostedes que non poden dar resultados de inhibidores por utilización de antibióticos; é

que só faltaría; é que se dan resultados de inhibidores, de antibióticos ou de calquera outro medicamento, segundo a propia normativa e as análises que fai o LIGAL, tampouco poden vender o seu leite. Polo tanto, permítame que lle diga que este decreto que vostedes acaban de aprobar, á parte de ser unha insignificancia para chamarlle Plan estratéxico do sector lácteo, é absolutamente ineficaz.

Se votedes realmente queren que en Galiza poidamos ter un elemento que realmente faga diferencial no fundamental o noso leite, á parte de cumprir eses estándares de calidade en materia de hixiene, que son desde logo universais e de obrigado cumprimento, terán que incidir nas cualidades nutritivas dese leite, fundamentalmente vinculados á presenza de ácidos graxos saturados. Por iso, o que terían é que vostedes estar actuando dentro dun marco global no sector lácteo por crear unha marca de leite vinculada a un leite producido nunha explotación modelo, tanto no que se refire á carga produtiva, á alimentación do gando baseada na herba e no silo e en pensos con pouco aporte de materia graxa.

Teríamos que estar falando de granxas ou de explotacións de leite galegas en explotacións sustentábeis onde un tope de 2 UGM/ha, onde o pastoreo fose un elemento esencial para garantir precisamente esa calidade e esas cualidades organolépticas do leite e para diferenciar efectivamente a produción do norte da produción do sur e desde logo manter as condicións de hixiene.

Desde logo, o que vostedes están facendo con este decreto é como se na denominación de orixe do Ribeiro se lles ocorrese dicir que a calidade do Ribeiro e o elemento diferenciador do viño do Ribeiro tería que vir determinado porque o grao de maduración da uva de xerez fora máis grande en lugar de vir determinado pola utilización de castes autóctonas e castes de calidade.

Polo tanto, tiñan vostedes un traballo —o que pasa é que como a súa tendencia é a non ter en consideración absolutamente nada do que se fixo no anterior Goberno— que se tiña iniciado precisamente nese sentido e que mesmo se tiñan xa outorgado algúns certificados a granxas, precisamente a explotacións, fundamentalmente vinculadas ao ámbito cooperativo, que cumprían precisamente con este tipo de parámetros.

Polo que permítame que lle diga, señor conselleiro: os consumidores demandan efectivamente cada vez máis calidade nos alimentos e cada vez ter máis coñecemento acerca da súa orixe e da súa composición, pero os cidadáns, os consumidores, o que non van pagar máis é por un produto que cumpre os mínimos *minimorum* dos estándares de calidade, que, por outra parte, cumpren absolutamente practicamente todos os leites.

Os cidadáns, os consumidores, posiblemente si que estarían dispostos a pagar máis por un leite ou a valorizar máis no mercado un leite que teña realmente unha calidade diferenciada, como podería ser —fala vostede da necesidade, ademais, de incidir na transformación—, como pode ser o leite británico, irlandés ou francés, con máis presenza de omega, con menos presenza de graxas saturadas, con máis presenza de sales minerais, fundamentalmente, como calcio aportado de maneira natural como o leite e sobre todo que o consumidor valora que o leite se produza nunhas explotacións que sexan tamén ademais ambientalmente sustentábeis.

Para o cal efectivamente habería que estar actuando —e vostedes non o están facendo— sobre unha das grandes eivas do noso país, que é a falta de base territorial de moitas explotacións, porque o que é un problema ambiental, como son os residuos agrícolas, tendo base territorial, non só deixa de ser un problema senón que se converte mesmo nun fertilizante que evita a utilización de insumos.

Vostedes non só non están avanzando nese territorio senón que mesmo están castigando a aquelas persoas que nun momento dado e dentro dunha planificación, efectivamente, tendente a ter unha marca galega diferenciada, pero diferenciada naqueles valores que realmente lle poden dar valor engadido, estano castigando. Vostedes retiráronlles, fundamentalmente ás explotacións lácteas que incorporaron superficie á súa explotación e que estaban sendo remuneradas a través do CES, entre o 20 % e o 30 % das axudas ás que tiñan dereito. Teñen vostedes hibernado —e non se sabe cal vai ser exactamente o seu futuro— o Banco de Terras de Galiza.

E hai que actuar tamén sobre a forestación de terras agrarias, impedindo esa forestación de terras agrarias, efectivamente, para conseguir base territorial. Desde logo, se vostedes están a destruír absolutamente todo, é imposible sacar do

pozo o sector lácteo galego, por moitos decretos de cara á galería que vostedes aproben.

Desde logo, tampouco é posible ter unha marca de calidade galega que realmente sexa útil para os gandeiros se non temos un sector industrial moderno ligado aos produtores, e nese territorio tampouco vostedes queren actuar. Non ten moito sentido ou ten pouca virtualidade crear unha marca galega de leite –como vostede moi ben explicou na súa intervención, polas trabas legais que hai a nivel da normativa comunitaria– se iso non se vincula á constitución dun grupo lácteo de orixe cooperativa que realmente vertebre o sector do noso país...

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando.

A señora PAZ FRANCO:..., e vostedes non só renuncian a iso senón que renegan permanentemente diso.

Vostede, señor conselleiro, o que ten que vir aquí a dicirnos hoxe aos gandeiros é: ¿canto, a partir da aprobación dese decreto que vostede nos vén a publicitar hoxe aquí, canto máis van cobrar polo seu leite? ¿Que prima se lles vai establecer por cumprir eses estándares de calidade? ¿Van cobrar menos do que cobraran antes pola dobre-A, porque os estándares de calidade que esixía a dobre-A eran moi superiores aos que esixen vostedes a través deste decreto? Se van cobrar máis polo seu leite por inscribirse neste rexistro, ¿quen llelo vai pagar? ¿As industrias? –reuniuse vostede onte coas industrias e non nos conta absolutamente nada de cal é a situación a respecto das industrias cos nosos produtores–. ¿Ou vaino pagar a administración ou vai ser *fifti fifti*?

A señora PRESIDENTA: Señora Paz, vaia rematando, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Remato, señora presidenta.

Desde logo, señor conselleiro, teño que dicirle que este Goberno parécese cada vez máis ao Goberno municipal de Louredo, Santo Antonio de –por se a señora Farjas me está escoitando–, onde vostedes, ademais das autovideoconferencias...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO:... para intentar convencer a cidadanía, son desde logo un... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona Sonia Verdes Gil.

A señora VERDES GIL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, señor conselleiro de Medio Rural, bos días a todos e a todas.

Vaime permitir, señor Juárez, que ironice en certa medida. Dicirle que todo un luxo que tivese a ben hoxe comparecer diante deste Parlamento, porque fai case un ano, o 19 de maio, comparecía por primeira vez, efectivamente, despois de case dous meses do seu nomeamento e facía unha análise da situación do sector lácteo, con escasas propostas –ben é certo–, e hoxe, despois de case un ano, parece que estamos no mesmo intre, salvo polas dificultades e o agravamento da situación no sector lácteo.

Vén vostede hoxe, efectivamente, a informar sobe as previsións –non solucións nin resultados– en relación co Plan estratéxico para o sector lácteo, e tivo que pasar un ano, señor conselleiro, para que voltara vostede a tratar o tema lácteo, coa que está chovendo e co que leva chovido. E vén vostede, señor conselleiro, unha vez máis, de baleiro.

Anunciaba naquela ocasión e comprometía a marca de leite de Galicia, e tomouse un ano para crear o único que hoxe poden anunciar: un rexistro de explotacións de calidade diferenciada –que é como o chaman vostedes–, no que entrarán efectivamente de oficio as explotacións en base a uns parámetros, en canto a células somáticas, en canto a colonias de xermes un pouco por debaixo do máximo permitido, que efectivamente non establece unha diferenciación de calidade e que non serve de nada se efectivamente iso non se reflexa en cualidades diferenciadas para o leite que se plasmen no etiquetado do leite e dos derivados lácteos.

Unha referencia que puxo en marcha o ministerio, a que vostede fixo mención, en base a un logotipo letra Q, que poderán indicar todos aqueles produtores que garantan a trazabilidade do leite e dos derivados lácteos.

E o demais, señor Juárez, que trae vostede hoxe son anuncios e máis compromisos, anuncios e compromisos que

se tornan unha vez máis en incumprimentos despois dun ano, despois igual que o plan de propaganda, que non ten dado ningún resultado.

Porque non vén a falar hoxe, señor conselleiro, dunha marca diferenciada para o leite de Galicia, que foi o que comprometeu. ¿Non é iso o que establece nun decreto no que vostede mencionou que está a traballar, que teñen colgado na páxina web, que se concreta unicamente en base a mencións relativas a orixe ou a procedencia no etiquetado do leite e dos derivados lácteos e que ademais non é exclusivo para o leite senón que se estende a outros produtos da pesca, da agricultura ou do marisqueo?

Un decreto que terán que desenvolver, que deba desenvolverse paralelamente e complementariamente en base a cualidades diferenciadas do leite galego, en base paralelamente –como digo– ao desenvolvemento do logotipo letra Q, do que saben que poderá beneficiarse calquera estado membro que cumpra esas condicións de trazabilidade, segundo o propio ditame da Unión Europea.

E teñen, señor conselleiro, longo traballo por diante, para establecer efectivamente esas cualidades diferenciadas, en base a que criterios se vai diferenciar o leite de orixe galego e para establecer mecanismos que poidan garantir a orixe galega dos produtos que utilicen no seu etiquetado esa mención facultativa, cuxo sistema de garantía deberan incluír un control externo para evitar posibles fraudes, deba estenderse ao longo de toda a cadea de produción, desde que se produce o leite hasta que entra ás industrias, e estendéndose así aos produtores, primeiro aos compradores e cooperativas que subministran leite ás industrias, deberan acreditarse organismos independentes de control, deberan figurar eses organismos independentes de control no etiquetado facultativo para que permita efectivamente garantir a orixe do leite en base a eses controles independentes. E, efectivamente, nós podemos estar de acordo con esa situación e apoiaremos dende o Grupo Socialista ao Goberno para crear esa marca de leite de Galicia. Se ben, quédalle longo traballo, tomar decisións acertadas e axeitadas. E sabe –e vostede mesmo fixo mención– que eso ten certas dificultades; os intentos de Grecia, de Italia, de Alemaña pois caeron diante da Unión Europea. E eso ten que servir para xerar confianza aos consumidores, para conquistar poñer en valor o leite e os derivados lácteos de orixe galega e que repercuta eso nunha mello-

ra da conformación de prezos en base a esa calidade diferenciada.

Señor Juárez, é unha mágoa que perderan un ano, unha mágoa que perderan un ano porque non foron quen de concretar esa diferenciación para o leite galego. E hoxe vén vostede a facer a política que sabe, a política do escaparate. E mentres tanto, en Galicia, señor conselleiro, desaparecían 1.046 explotacións; as perdas do sector lácteo ascenderon este ano 2009 a 173..., case 174 millóns de euros. Cada gandeiro perdía 13.500 euros, a facturación das explotacións leiteiras baixaba en 586 millóns, o precio do leite en xaneiro de 2009 estaba a 0,33 euros. Vostedes conqueriron que nos meses de xullo, agosto, en xuño tamén, acadara mínimos históricos: 0,25 euros. Hoxe o precio medio apenas chega aos 0,28 céntimos, 3 céntimos por debaixo do conxunto do Estado e 3 e medio dalgunhas comunidades, como pode ser Asturias. Os ingresos, señor Juárez, das explotacións caían nun 41%, concretamente un 41,3. Explotacións viables, explotacións que tiñan vocación de futuro, explotacións que medraron e se redimensionaron á conta do propio sector, comprando cota, investindo na mellora da base territorial, investindo nos plans de mellora.

E podemos falar, señor conselleiro, do seu plan estratéxico, deses 837 millóns de propaganda, das 8.500 explotacións –o 65%– que recibiron axudas de menos de 1.600 euros, insuficientes para garantir a viabilidade e o futuro das explotacións; apenas, señor conselleiro, 1.200 produtores –e hai que recordar que 800 son de Feiraco– venden a súa produción con contrato. Dos produtores que seguen a sufrir os abusos das industrias, do leite que se segue a utilizar como reclamo, ¿onde está entón, señor conselleiro, o seu compromiso do seu plan para a mellora da competitividade das explotacións, das relacións contractuais no sector lácteo? ¿Cantas veces, señor conselleiro, reuniu vostede a Mesa do Leite?, ¿con que resultados? Cando a situación é como está e ese é o resultado da súa xestión ante a inacción dun ano de desgoverno. Un ano, señor conselleiro, de desmantelamentos, de paralizacións, de recortes, de privatizacións de servizos. Recortaron no seu orzamento 24 millóns de euros en investimento produtivo, paralizaron as uxfor, paralizaron o Bantegal. Ese parece ser o xeito de mellorar a competitividade e incrementar a base territorial das explotacións.

Predicaban, señor conselleiro, austeridade, malia que unicamente para os gandeiros e as gandeiras que estaban a

pasar dificultades; recortándolles servicios, como o desmantelamento do Centro de Información do Agro Galego. Impoñían unha nova taxa para desinfección dos vehículos de transporte para gando, para aforrar efectivamente 500.000 euros, que tiveron que pagar e que teñen que pagar os gandeiros, para agora darllos, e así aproveitan, vulnerando incluso o principio de libre concorrència, a Naturtecnica, facendo partidismo a costa de privatizar outro novo servicio.

Deixaron de gastar, señor Juárez, 215 millóns de euros, mentres non foron quen de cumprir o acordo parlamentario para establecer axudas de 4 céntimos por litro para achegar as axudas directas aos 7.500 euros, que permitiría resolver os problemas de liquidez das explotacións leiteiras e que xa fixeron outras comunidades autónomas. Mentres paralizaron axudas, as axudas á recría, das que deixaron fóra ao 76% das explotacións, explotacións punteiras que facían un gran esforzo pola mellora xenética e por acadar un maior potencial produtivo. Paralizaron os plans de mellora e a incorporación de mozos, recortaron 2 millóns de euros. Paralizaban dende a Consellería de Traballo, que deixaba de gastar 200 millóns de euros, as axudas á cotitularidade, un logro e o compromiso do compañeiro Ricardo Varela, que ao fronte da Consellería de Traballo recoñecía o papel protagonista da muller rural permitindo o acceso ás mulleres á cotitularidade das explotacións. Recortaban as axudas ao aconsellamento, señor conselleiro, as axudas ás organizacións agrarias, incumplindo e rompendo o pacto que se tiña acadado xa nos gobernos Fraga. Recortaban nos seus orzamentos as axudas ao asociacionismo, ao cooperativismo, case 3 millóns de euros menos. E teñen o atrevemento de falar de redimensionamento de cooperativas, de integración de cooperativas. Se magoan –e llo escoitabamos hoxe– da falta dunha industria galega forte, cando negaban o apoio a 24 cooperativas para concentrar 500 millóns de litros de leite e aportar estabilidade ao sector lácteo. E o facían a costa de perder 85 postos de traballo, non lles importaban; e ademais perdían a última oportunidade para sentar as bases do grupo lácteo galego. E se por poder puideran, hoxe entregaríanlles o monopolio da marca de leite de Galicia.

Ese é, señor conselleiro, o resultado dun ano perdido, do seu plan estratéxico. Dígame onde está o seu compromiso, porque despois dun ano vén vostede cos deberes sen facer, un rexistro de explotacións de calidade diferenciada en base

a criterios pouco específicos e mais propaganda, señor Juárez. Malia dende o Grupo Socialista apoiaremos o Goberno galego, pode contar co apoio e co compromiso deste grupo en aras do compromiso cos gandeiros e coas gandeiras e cos produtores de leite, que sustentan o tecido produtivo, social e político no medio rural, para impulsar e levar a adiante a posta en marcha dunha marca de calidade de Galicia, que en base a criterios de cualidade e calidade diferenciada permita efectivamente poñer en valor o leite galego e aporte estabilidade ao precio e ofrezca maior confianza aos consumidores e ás consumidoras.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Verdes.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra dona María Isabel García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Gracias, señora presidenta.

Bos días, señorías.

Gracias, señor conselleiro, por unha comparecencia que trae boas novas para un sector moi castigado, boas novas que se precisan para continuar.

Con respecto aos antecedentes, e facendo unha pequena introdución, remitámonos á presentación das liñas definidas e recollidas no plan estratéxico presentado por vostede en decembro do ano pasado, onde, como xa comentou, se encadraban medidas encamiñadas a incidir na consecución dunha mellor competitividade das nosas explotacións, na produción e tamén na industria, modificando a tendencia actual de grande dependencia de diversas variables que inciden dun xeito negativo nos prezos acadados en orixe, deixando sen marxes de beneficio as rendas das explotacións lácteas, a competitividade é a clave. Trátase, en definitiva, de buscar, de engadir un extra, revalorizar, poñer en valor o leite galego, de xeito que o mercado se vexa modificado por variables introducidas desde Galicia e non só repercute sobre este mercado a inevitable dependencia de factores e decisións alleas á nosa comunidade. Temos demostrado repetidamente, ao longo destes meses de xestión, o apoio indiscutible e as medidas adoptadas dende a Administración autonómica a prol do sector. Os gandeiros o saben. As súas organizacións

profesionais así o recoñecen, e tamén os demais axentes da cadea.

Temos un plan estratéxico do sector, para o sector, que desenvolve as demandas que se plantexaron nos diferentes documentos que presentaron as organizacións ao principio da lexislatura. Só vostedes, como oposición, repiten e manipulan co seu discurso e intentan –porque non o conseguen– describir unha realidade que non se corresponde coa xestión seria e rigurosa que se vén demostrando diariamente en colaboración, en continuo diálogo e buscando sempre o consenso e o apoio entre administracións, entre mellorar a relación entre os diferentes axentes. Apoio que se require e se precisa para defender un sector estratéxico e central da economía galega. Apoio que vostedes negan sistematicamente pese á man repetidamente tendida por parte da consellería. Vostedes optaron, elixiron facer unha crítica destrutiva, unha oposición que non pretende conseguir máis aló que repetir falsidades, terxiversar e buscar políticas de confrontación, que en pouco ou en nada axudan ao propio sector. Os seus intereses non se corresponden cos que teñen os seus electores, están vostedes traizoando a confianza e a responsabilidade que lles otorgaron. Porque políticas diferentes –como se evidencia que son as que se practicaron na pasada lexislatura e as políticas actuais– serven ou pretenden obxectivos similares, pero coa grande diferenza que vostedes supeditaron eses obxectivos, daquela e agora na oposición, aos seus propios intereses partidistas. Porque só con esta interpretación se entende e se explica a súa postura e actitude de crispación, de desprestixio e de anulación; con mentiras e falsas interpretacións da xestión actual, que acada, sen a súa colaboración nin o seu apoio, fitos importantes como o que hoxe o señor conselleiro nos presenta. Demóstrase con feitos, con realidades, que vostedes minten, non teñen credibilidade, van por mal camiño, pero namentres sigan así seguirán ocupando as bancadas –cada vez menos, eso si– que lles corresponden e que mellor lles acaen.

En debates anteriores sobre o sector lácteo a realidade e a descrición da mesma vén de evidenciar as debilidades deste sector na nosa comunidade. Desde a limitación da produción, cota por explotación, que segue a ser máis pequena que noutras comunidades e noutros países; tamén a gran dependencia en exclusiva das explotacións no valor exclusivo do leite que se produce. Fállase na diversificación e na diversidade, na rendabilidade, buscando un valor engadido

doutros produtos complementarios das propias explotacións lácteas; debilidades acompañadas de elevados custos de produción, insumos como a alimentación e os servizos. En definitiva, redución da competitividade das explotacións lácteas. Estas demandan e esixen fórmulas, medidas, que modifiquen, que favorezan e poñan en valor a calidade das producións acadadas. Producións que na actualidade están sometidas a rigurosas normativas e controis que evidencian un traballo concienciado e os deberes ben feitos á hora de responder da trazabilidade, da rastrexabilidade, do leite ata a industria transformadora, en aplicación de diferentes reais decretos.

Pero é tamén o consumidor actual o máis esixente. Non só comulga con modelos produtivos de maior compromiso con respecto ao medio ambiente, senón que cada vez precisa e busca a calidade e a seguridade alimentaria garantizada pola trazabilidade, vencellada a algo máis que ás boas prácticas na produción e á obtención dun produto diferenciado, que se distingue no mercado polas súas características e composición. O consumidor premia así a formación continua dos nosos produtores, o compromiso da aplicación das melloras técnicas de manexo e xenéticas, do gando e da súa alimentación, que acadan unha excelente calidade na produción láctea. Leite cuns parámetros que se repiten en constantes seguimentos de controis independentes, que reciben –agora si– un distintivo, un valor engadido que mellorará a súa diferenciadora calidade, a súa competitividade no mercado, minorando así os efectos nocivos da escaseza de prezos axeitados en orixe; en definitiva, garantindo unha viabilidade futura das nosas explotacións.

Con estas medidas, novidosas na súa aplicación, desmentiremos unha vez máis as críticas vertidas e evidenciaremos a clara aposta da Administración polo sector. Pero, sobre todo, é de destacar a coherencia, a continuidade dunha traxectoria política con fins moi claros, con estratexias anunciadas que se aplican literalmente e con resultados que se acadan lentamente pero ininterrumpidamente. Evidénciase o éxito da xestión actual, mal que lles pese.

Contrasta esta xestión con outras doutras administracións, que anuncian durante todo o pasado ano a tan coñecida como letra “Q”, pero que aínda o decreto se publicou en abril deste ano. Contrasta con medidas e apoios directos cuantificables en forma de axudas directas tan pronto como

chegaron ao Goberno. Pero aínda estamos esperando por axudas directas do Estado, doutra administración que non foi quen de axudar dun xeito concreto e cuantificable no pasado e no futuro. Porque tampouco se esperan axudas directas por parte do Estado ao sector lácteo e ás explotacións.

Realmente son outros sectores os que van a levar a discriminación positiva que nós, dende a Xunta de Galicia, e xa dende o Goberno anterior, se demandaba das políticas dunha ministra que realmente non ten unha procedencia da que poida presumir fóra de aquí, ¿verdade?. Unha vez máis, e van moitas, a discriminación para Galicia; porque discriminar o sector lácteo é discriminar a Galicia, é evidente. Tan evidente é que a única xustificación que atopan son as mentiras, como as mencións aos diferentes recortes das axudas que non son certas, mentiras, falsidades... Actúan menospreciando o sector como o farían dende non ter xustificación para as políticas que si siguen outras administracións. É unha actitude dos socialistas galegos, pois que comulga con outros eidos, ¿verdade?, como nos están acostumbrando durante estes últimos meses. Irresponsable a calificaría. Irresponsable. E atopa no engano e na mentira unha xustificación do que deciden, do que mal deciden, noutras administracións.

Realmente o BNG neste caso non ten criterio nin credibilidade. Porque se no pasado quixo pero non puido, na actualidade o seu peso político é nulo. Tanto aquí como en Madrid son prescindibles, non aportan, non teñen alternativa diferente á plantexada na anterior lexislatura, e esa xa foi sometida a exame. Os galegos e as galegas dixerón, alto e claro, non. Pero parece que adoecen de sordeira crónica e teiman, teiman nas súas alternativas, sendo o seu abandono e a colaboración coas políticas actuais o único xeito de salvarse e non seguir desaparecendo.

Podemos concluír, señor conselleiro, destacando a coherencia, a rigorosidade na aplicación das medidas anunciadas, escomezando pola creación do Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora deputada.

A señora GARCÍA PACÍN: E tamén queremos facer ou deixar en evidencia a defensa dos intereses dos produtores,

sendo este Goberno o primeiro que fai unha chamada de atención ás industrias, publicamente, á responsabilidade para cos produtores para establecer relacións que realmente redunden nun maior número de contratos homologados, que, en definitiva, será un apoio máis ao sector.

Deixarei para a segunda intervención...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora deputada.

A señora GARCÍA PACÍN:... algún dos temas que tocaron as voceiras da oposición, pero é sangrante que poidan elas vir aquí e plantexar...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Pacín.

Moitas gracias.

Ten a palabra para réplica o conselleiro de Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Juárez Casado): Moitas gracias, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señora Paz, é evidente que vostede e mais eu temos unha visión radicalmente diferente do traballo dos gandeiros galegos. Eu lamento profundamente que o esforzo feito ao longo de moitos anos por parte dos gandeiros para mellorar o estado sanitario da cabaña, para mellorar a calidade da produción, dentro duns estándares sanitarios moi esixentes na normativa comunitaria, a vostede lle pareza ridículo, nimio, insignificante. A verdade é que o lamento profundamente.

Eu teño un gran aprecio polo traballo dos gandeiros, pola súa profesionalidade. Eu estou convencido –porque os datos así o din– que a calidade do leite producido en Galicia sanitariamente é obxectivo que é superior á media do producido no conxunto de España. E eu penso que os gandeiros galegos merecen unha distinción por esta calidade superior.

Xa sei que a vostede lle parece que o leite irlandés, británico, francés, ten máis calidade que o galego, acábao de dicir aquí nesta tribuna. Eu non comparto esa visión, eu non comparto esa visión. Eu penso que realmente temos a obriga, as administracións, de distinguir e de estimular a mello-

ra continua da calidade do leite e premiar os gandeiros por este esforzo e por este bon facer.

Ademais, eu quixera chamar a atención sobre algunha contradición clara en relación coa intervención. Por unha parte, despois, por suposto, de banalizar a calidade do leite galego, pois despois fai algunha contradición. Por exemplo, vostede di que reducimos as axudas agroambientais –cousa que non é certa, e invítolle a que o comprobemos cando queira, cousa que non é certa–. As partidas previstas no Plan de desenvolvemento rural, no PDR, son as mesmas que os anos anteriores, incluso lixeiramente superiores, porque sabe vostede que é un programa no cal se van incorporando explotacións e, polo tanto, que crece presupostariamente de ano en ano. Polo tanto, non hai ningunha rebaixa nas axudas.

O que hai é unha aplicación seria do regulamento comunitario precisamente no sentido que vostede despois sinala, de incentivar a alimentación do gando con recursos da propia explotación, con pastos de baixa carga ganadera e menos con concentrados de alto contido graxo. Esa orientación que está implícita nos propios regulamentos comunitarios supón que as primas que se perciben tanto na indemnización compensatoria, como a consideración de superficies elixibles dentro das medidas agroambientais por parte de superficies que non son pastos, que non son pradeiras, senón que son pastos arbustivos, sexa inferior aos pastos auténticos e ás pradeiras que aportan realmente un recurso alimentario importante na explotación.

Polo tanto, hai que aplicar as medidas con coherencia. Se a Xunta de Galicia, co sector produtor, acorda un plano estratéxico dentro do cal cremos que hai que incentivar os gandeiros a producir máis alimento para o gando da propia explotación, é absolutamente contraditorio que despois primemos as superficies arbustivas que aportan certamente pouco, igual que as superficies de pasto nunha, digamos, proporción realmente ampla, e que pensemos que se lle pode dicir aos gandeiros que poden percibir unha axuda agroambiental por superficies de pastos arbustivos que non son elixibles dentro do regulamento comunitario.

Para que me entendan todos os señores e as señoras deputados, as axudas agroambientais persiguen premiar aqueles gandeiros que fan un uso da terra máis respectuoso co medio ambiente a través da redución do emprego de abo-

nos químicos, de fitosanitarios, etc., de produtos que se pretenden reducir polo seu impacto no solo.

Realmente é moi complicado explicarlle a ninguén que se poden incluír nesta consideración superficies arbustivas que nunca se cultivaron, donde pasta o gando máis ou menos no monte, e que loxicamente, como nunca se cultivaron, non recibiron ningún aporte nin de abonos inorgánicos nin de pesticidas e, polo tanto, esa redución da aplicación destes produtos é imposible de demostrar.

Como vostede sabe que os regulamentos son para aplicalos e como vostede que os controis son serios nesta materia, esta Administración non ten outra alternativa que aplicar as normas e non pode pagar primas polo que non é elixible. Exclusivamente o que fixemos: non pagar primas por superficies que non son elixibles. Se vostedes ou alguén, non sei quen, se alguén lle prometeu a algún gandeiro que iba cobrar unha prima por unha superficie que non é elixible, alá quen llo prometeu. Pero as axudas non se rebaixan. No conxunto das axudas, as contías se manteñen, incluso se incrementan, e, polo tanto, nego rotundamente esa afirmación.

Dixo vostede, ademais, en relación coa cuestión das axudas agroambientais unha cousa que me chamou a atención. Di vostede que os gandeiros estaban percibindo o CES. O CES é o contrato de explotación sustentable, que é un instrumento a través do cal se vehiculan as axudas agroambientais.

Voulle dicir que o programa de axudas agroambientais elaborado polo Goberno anterior, e que estamos aplicando actualmente, nunca se aplicara ata que chegamos nós a mediados do 2009. Ningún gandeiro, señora Paz, percibiu as axudas agroambientais do ano 2008, ningún gandeiro, hasta que llas pagamos nós no ano 2009. (*Aplausos.*) No ano 2009 pagámoslles as do 2008 e as do 2009. Vostedes non estaban pagando nada. Eles non estaban percibindo nada, e vostede sabe perfectamente que non foron quen de xestionar este programa –cun deseño certamente discutible– e que foi este Goberno quen puido poñer en marcha estas axudas a este tipo de explotacións.

Dicir tamén, en relación con algunha intervención que fixo a señora Verdes, que certamente eu comparecín neste Parlamento o 19 de maio –quérolle recordar, menos dun mes despois de tomar posesión–. Para falar do sector lácteo com-

parecerei todas as veces que sexa necesario, sempre que se me chame. Quero recordar que ata o de agora sempre comparecín, ademais foi a petición propia. E penso que é importante que se informe a este Parlamento de feitos que penso que teñen transcendencia, relacionados co Plano estratéxico do sector lácteo, e penso que é importante que se informe non a posteriori –como vostedes se queixan habitualmente–, senón cando os feitos están producíndose ou a piques de producirse. Eu quixera salientar que me chama a atención que se me diga, que se me bote en cara, que se comparece para presentar unha cousa que está, digamos, sen rematar e ao mesmo tempo moitas veces pois a min e a outros membros do Goberno se nos bota en cara que se comparece nalgunha ocasión para explicar cousas que xa están feitas. Pero, bueno, en calquera caso as contradicións déixoa para vostedes.

Si que lle quero chamar a atención doutra contradición evidente. Vostede admite que é positivo –e agradézollo– que se vincule a aplicación da normativa de trazabilidade do leite, da letra “Q”, con esta marca de calidade, é dicir, que non parecería lóxico deseñar dous sistemas de certificación diferentes que non foran compatibles; polo tanto, parece normal que nos apoiemos nesta normativa nacional. E ao mesmo tempo nos bota en cara o retraso, de acordo co seu criterio, na promulgación das disposicións que van a permitir esta marca de calidade para o leite.

Quero recordar unha vez máis que este real decreto da letra “Q” publicouse o pasado 1 de abril do ano 2010; polo tanto, pídolle coherencia nesa materia.

E tamén me gustaría pedirlle un pouco de consideración en relación co sector agrario, cando vostede califica o Plano estratéxico como “o meu plan estratéxico”. Mire, señora Verdes, ese non é o meu plan estratéxico. Ese é o Plan estratéxico do sector lácteo galego, aprobado no máximo órgano de participación do sector agrario, que é o Consello Agrario, e, polo tanto, ¿que quere que lle diga?, eu fago meu ese plan porque non pode ser doutra maneira. Pero de ningunha forma podo admitir ese tipo de calificativos.

Polo demais, eu pódollo dicir que este Goberno vai a seguir traballando no desenvolvemento desta e doutras medidas contidas nese plan estratéxico, e namentres non modifiquemos ese plan –que como digo está suxeito a adap-

tación continua– vamos a seguir actuando con coherencia en todas as medidas e accións do Goberno, identificando as liñas de actuación que tanto o sector como o Goberno entenden que son necesarias para o futuro do sector. E esperamos poder seguir facendo avances con paso firme, e para eso me gustaría contar tamén co seu apoio.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleiro.

Apertura da rolda de aclaracións.

Ten a palabra, polo Bloque Nacionalista Galego, dona Teresa Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Señora García Pacín, con vostede xa debateréi noutra ocasión, porque hoxe, xa que teño o conselleiro, permítame –e non é ningunha falta de consideración cara a vostede– que o teña en conta solo a el.

Desde logo, non vou intentar desmontar o intento de manipulación que fixo o conselleiro a respecto das miñas palabras en relación coa calidade do leite galego nin dos esforzos dos gandeiros. Non vou perder nin un segundo neso.

Pero si dicirlle que o que me parece unha banalización é que vostede sexa o conselleiro do Medio Rural. Desde logo iso si que é banalizar a importancia dese sector estratéxico para o noso país, sobre todo a tenor da súa segunda intervención nesta tribuna.

Mire, unha cousa, señor conselleiro, vostede dixo aquí que negaba rotundamente a afirmación que eu fixera de que se produciran recortes en practicamente todas as axudas ao sector gandeiro. Se vostede mantén esa afirmación, teño que dicirlle con todo respecto cara a súa persona que minte vostede, minte vostede, igual que minte cando dice que cando vostede chegou ao Goberno levaban 16 meses baixando os prezos do leite, porque tamén eran mentira. Porque en xuño, xullo, agosto e en novembro de 2008, precisamente vinculado á intervención da Consellería do Medio Rural, subiron; e, se non, comprobe os datos.

E minte vostede porque vostedes mandáronlle unha notificación aos perceptores do CES –que efectivamente o Goberno anterior non puido pagarllo porque se lle recoñeceu o CES no ano 2008, e o CES é un contrato que se remunera polo cumprimento de determinadas condicións, e que, polo tanto, no 2009 había que comprobar o cumprimento desas condicións e remunerar o que se tiña contratado; polo tanto, non veñan vostedes aquí a intentar manipular a realidade–, vostedes mandáronlles unha carta. Primeiro mandáronlles á conta corrente na maioría dos casos o 20% e o 30% menos do que tiñan asinado coa Administración pública galega. Despois mandáronlles unha carta na que establecían un tope máximo do que ían poder cobrar ao longo dos cinco anos, co cual na práctica están vostedes impedindo que aqueles que teñen un contrato aprobado poidan incorporar máis superficie. Despois veñen aquí con toda a santa jeta a decir que apostan por cambiar o modelo produtivo e por incorporar máis territorio ás explotacións lácteas do noso país. É que é incompatible a súa actuación política e a súa praxe co que vostedes dicen.

E mire, non veñan agora co rolo dos pastos arbustivos. A medida do CES e a remuneración por incorporar pastos arbustivos ás explotacións ¿estaba ou non contemplado no PDR? ¿Aprobou o PDR a Comisión Europea ou non? Polo tanto, si que era unha medida elixible.

E, señor conselleiro, se vostede non entende que a pretenção de primar os gandeiros por incorporar pastos que agora mesmo son arbustivos ás súas explotacións gandeiras e converter iso en superficie agraria útil, é que vostede non ten nin pajolera idea nin do país no que estamos, nin de cales son as necesidades do sector gandeiro nin cal é a situación. E entón a realidade é que a vostede lle escriben na consellería unha serie de cousas que vén vostede a dicir aquí pero que nin entende nin sabe o que está decindo cando fala de necesidade de incrementar a base territorial das nosas explotacións.

¿É certo ou non é certo que na orde para o ano 2010 para o aconsellamento –que tamén é un dos requisitos que meten vostedes nese famoso decreto– baixan vostedes o 20% a prima base? ¿Si ou non? ¿Quen minte?, ¿vostede ou eu? Minte vostede porque o DOG acredita e dáme a razón no que eu estou afirmando desde esta tribuna do Parlamento.

E na política as palabras non é o que vale, vale o que sale no *Diario Oficial de Galicia*. E no *Diario Oficial de Galiza* vostedes recortaron un 20% as axudas ao aconsellamento, a pesar de que xa sei que é unha das liñas estratéxicas de actuación nese famoso Plan estratéxico que nos venden continuamente. Por non falar das indemnizacións compensatorias de montaña, por non falar dos recortes que lles meteron tamén ás axudas para as explotacións en extensivo de razas autóctonas, e por non falar... Veñen vostedes aquí a falar da necesidade de diversificar e da necesidade de apostar por pechar o ciclo produtivo do leite, e a liña que no PDR estaba orientada á diversificación produtiva no medio rural –que son os programas dinamizadores– vostedes directamente no ano 2009 non a convocaron, a pesar de que había 13 millóns de euros consignados, e para o 2010 convócanos vostedes con 3 millóns de euros.

Mire, señor conselleiro, vostedes están facéndolle un fraco favor ao sector leiteiro galego. É unha frivolidade que, coa situación que hai no sector lácteo galego, veña vostede aquí non solo a intentar vender como a gran medida un decreto que desde logo no contexto que hai agora mesmo... Dígame vostede nos contratos homologados os que cumpran os requisitos dese decreto cál é a prima que van ter Xa que os requisitos son menores do da dobre A, ...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO:... ¿vai ser menor a prima que van ter a partir de agora?

E sobre todo, señor conselleiro, é unha frivolidade que nesa situación vostedes fien toda a recuperación do sector lácteo a esa medida tan innovadora. Pero agora xa entendemos a innovación do Partido Popular. A gran aportación do Partido Popular desde a súa chegada á Consellería do Medio Rural é este libro que se chama *Innovando no rural*. ¿E ti qué fas?, que é a única novidade que hai na páxina de Agader. E a gran novidade, se viran vostedes na páxina 5, está o saúda do presidente da Xunta de Galiza, don Manuel Fraga Iribarne.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Esa é a innovación do Partido Popular para o medio rural.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Paz.

Polo Grupo Socialista, ten a palabra a señora Verdes Gil.

A señora VERDES GIL: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, señora Pacín, teño que dicirlle que o único desprezo neste Parlamento é a actitude do seu grupo para cos gandeiros e para coas gandeiras. E fala vostede, señora Pacín, de catastrofismo, fala de falta de apoio e de propostas. Pero a súa credibilidade, señora Pacín, é a xustiña. E eu lle remito, en primeiro lugar, a que repase os orzamentos, que non se fie do que lle poñen, porque minte e engana. E, en segundo lugar, que recorde vostede o que votaron nas múltiples iniciativas que defendemos diante deste Parlamento o Grupo Socialista, que recorde, señora Pacín, votaron en contra, e votaron en contra aínda non hai moito tempo nunha iniciativa referida á marca de leite de Galicia, que defendíamos nas propostas de resolución no debate do estado de Autonomía.

Lamentablemente, señor conselleiro, perderon vostedes o 25% da lexislatura, e ás súas costas están uns 3.300 desempregados no sector forestal e as 1.046 explotacións leiteiras que botaron o peche. Falémoslles a esas explotacións, efectivamente, de catastrofismo. Podemos falar, efectivamente, ás explotacións do macizo central de Ourense, da montaña de Lugo, que van a ver recortadas as axudas, efectivamente, polos criterios da Xunta de Galicia. Efectivamente, a súa filosofía non é concorde coa que defendemos os socialistas, e sabemos efectivamente cal é a súa aposta para poñer en valor o monte e efectivamente para prever os incendios forestais.

Pero eso, señor conselleiro, non lle toca hoxe. Parece ser que vostede pouca importancia lle dá á súa medida, a que anunciou; pero eso, todo eso dos recortes nas axudas agroambientais, lles vai poder explicar aos gandeiros e ás gandeiras cando tomen as rúas en Santiago, e daquela poderanlles falar de catastrofismo.

Poderemos falar de catastrofismo a esas 2.872 explotacións de leite que, cos seus criterios e coa coherencia das modificacións do PDR, deixan fóra das axudas ao sector lác-

teo, para o que o ministerio vai a destinar 60 millóns de euros, e que vostedes preferiron optar por unha liña de axudas ao investimento para a modificación do PDR, para a mellora da eficiencia enerxética –que, por certo, non van a renovar con toda a coherencia este ano–, e que efectivamente deixa fóra desas axudas a 2.872 explotacións en zonas de especial interese leiteiro na Mariña luguesa.

Podemos falarlle de catastrofismo ás 4.000 explotacións leiteiras que están aos límites, despois de meses dando perdas porque o precio do leite non cubre os custes de produción. Podemos falarlles a esas 4.000 familias que se adican á produción de leite que ven comprometido o seu futuro ante o fracaso estrepitoso do Plan estratéxico do sector lácteo.

Porque, señor conselleiro, ¿onde están eses 837 millóns de euros? Porque non hai nin un só euro de investimento propio. ¿Onde quedou a aposta polo redimensionamento das cooperativas, pola integración, cando perderon a última oportunidade para sentar as bases do grupo lácteo? ¿Onde está o seu compromiso para a mellora das relacións contractuais cando o precio do leite acada mínimos históricos? Temos que remontarnos, señor conselleiro, aos peores datos do ano 2005 para o precio do leite. Un botellín de auga nun bar vale tres veces máis do que custa un litro de leite. ¿Onde está, efectivamente, señor conselleiro, o seu compromiso para esa marca de leite de Galicia? Hoxe vén co compromiso incumplido, despois dun ano, para impulsar e poñer en marcha esa marca de leite de Galicia, que votaron en contra o Partido Popular nas propostas de resolución que presentá-bamos o Grupo Socialista. Perde hoxe unha nova oportunidade, señor conselleiro.

E efectivamente, tiñan que traballar paralelamente e complementariamente ao desenvolvemento do logotipo letra “Q”. Pero o logotipo letra “Q” está aprobado, consensuado e aprobado pola Unión Europea. E vostede ten hoxe unha oportunidade para efectivamente comprometerse co sector e cos gandeiros e amosarnos qué xestión está a facer, qué xestión e qué itinerario está a seguir para acertar e conquistar e poñer en marcha esa diferenciación para o leite galego e en base a qué criterios os vai a facer. Porque cos criterios que establece nese rexistro de explotacións o vai a ter complicado.

¿Que xestións, señor Juárez levou a cabo diante do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,

que non me constan? ¿Que circuítos e por que canles vai xestionar nun mercado comunitario o recoñecemento desa calidade de leite para o leite galego, esa diferenciación, esa indicación da orixe dos produtos lácteos, onde as decisións –e o sabe vostede– en materia de competencias se toman en base aos criterios da política agraria común? E se está avanzando nese senso na Unión Europea, e co liderazgo da ministra e coincidindo coa presidencia europea, na regulamentación dos contratos, na concentración da oferta, na negociación colectiva dos produtores. Tócalles, señor Juárez, xestionar e gobernar e acertar nas decisións, tócalles sacar adiante o seu compromiso, despois dun ano perdido, para efectivamente poñer en valor o leite, para conquistar mellorar a formación de precios que redunde en mellores rendas para os produtores.

Pero non se engañe, señor conselleiro. De nada serve se esto queda no escaparate, de nada serve se non se implementan medidas de apoio decidido ao sector lácteo, se non se apoian as explotacións leiteiras, se non se promove e se incentiva a implementación de contratos homologados, se non se establecen controis que garantan a trazabilidade, que se evite o fraude ou a utilización do leite como reclamo. Se non se implica, efectivamente, dende a Administración para mellorar as relacións entre os profesionais, se non se avanza na concentración de oferta e se non se poñen as bases...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Verdes.

A señora VERDES GIL: ... para sentar as bases do grupo lácteo galego.

Remato, señor presidente.

Demandamos en multitude de ocasións esas medidas, moita veces, en moitas ocasións, votaron en contra dende o Partido Popular, entre a inanición do seu Goberno. Póñanse a gobernar, xestionen, acerten, e terán o apoio do Grupo Socialista.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Verdes.

Polo Grupo Popular, ten a palabra a señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Gracias, señor presidente.

Realmente as dúas voceiras na oposición coinciden ambas as dúas, igual que o fixeron nas súas políticas anteriores, en descalificar, en dicir que a xestión que utiliza ou que se está a facer dende a consellería é unha mentira. Pero, señoras voceiras, realmente a credibilidade está en entredito, e os resultados avalan, os resultados son os únicos que poden avala unha xestión. E vostedes responderon cos seus resultados nas pasadas eleccións.

Porque, miren, votedes falan de que esta nova medida, de que esta presentación dunha marca de leite galego pois non vai [...]. Vostede, señora Paz, banaliza esta iniciativa e menosprecia calquera apoio e calquera xestión que se poida facer a prol do sector. Realmente compara o etiquetaxe do viño do Ribeiro ou de calquera produción... Realmente agora o leite vai ter ese recoñecemento, vai ter na súa etiquetaxe, o consumidor vai a saber o que xa todos os produtores saben: que a súa leite está nuns estándares por encima do que se esixe, señora Paz, que as nosas producións teñen un valor engadido que agora mesmo se van a recoñecer e que o consumidor saberá valorar.

É unha calidade diferenciada que se comprometeu no programa e que a xestión da nosa consellería foi capaz nuns meses de traela e póla á disposición do sector, de todos os axentes, do produtor, do consumidor, da industria. Sempre é traballar en positivo, señora Paz. Súmese, súmese. Súmese á xestión e esqueza a crítica destrutiva, apoie as actuacións e será o propio sector quen recoñeza os acertos que seguramente se verán en pouco tempo, a curto prazo, porque son necesarios.

Realmente dende o PSOE siguen intentando, que non o consiguen, manipular a verdade. Señora Verdes, vostede en repetidas ocasións, en público, fixo declaracións manifestas de que é a Xunta quen dispón dun fondo adicional que son os propios ministerios, o propio Estado, quen dun xeito unilateral decreta. Hai un real decreto ministerial, dous, que son os que obrigan á Xunta a uns fondos adicionais –que non recortes– dispolos a zonas desfavorecidas, cando realmente dende a Administración autonómica se pediu por activa e por pasiva que non se fíxera ese reparto. Temos que incidir, a ministra

galega esqueceuse dos galegos e das galegas; esqueceuse no pasado e segue a esquecerse. Por eso lle prego dende o grupo, e persoalmente, que vostedes cambien a actitude e demanden do Goberno, á fin, unha modificación con criterios que véxase Galicia favorecida, discriminada positivamente, que o sector lácteo galego teña o apoio incondicional da Administración do Estado, cousa que na actualidade non está a acontecer.

Señor conselleiro, gracias, sigan así, realmente cada vez que vén comparecer a este Parlamento temos que ser realistas e esperar máis da xestión. Esperar máis porque os sectores o precisan, pero traballar máis, traballar arreo e sumar, e sempre mandando unha mensaxe positiva e esquecendo un pasado, unha paralización de catro anos, onde se adoptaron medidas que realmente foron a consecuencia das situacións que herdamos. E doe ter que escoitar como a señora Paz, unha vez máis, fai referencia aos prezos que no bipartito se acadaban, os asume como propios. Pero cando a caída do prezo empezou en 2008 –recordemos que no verán de 2008 empezou unha caída que foron incapaces de frear, pese aos constantes avisos dende o grupo parlamentario daquela na oposición– os nacionalistas non souberon, non foron quen, de artellar políticas eficaces que mudaran esas tendencias. E son agora outras políticas as que acadan resultados, mal que lles pese. Por eso nos congratulamos do traballo da xestión da Consellería de Medio Rural, esperamos que sigan nesa liña, e traballaremos todos, sumemos todos, en colaboración co resto das administracións, co resto dos axentes do sector e poidamos acadar os resultados que de verdade se merecen os nosos produtores, e o noso agro e o noso rural.

Gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora García Pacín.

Ten a palabra para pechar este debate o conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Juárez Casado): Moitas grazas, presidente.

Señoras e señores deputados.

Mire, señora Paz, vexo que cando a vostede se lle acaban os argumentos recorre á vella técnica do ataque persoal, eu

non vou a entrar nesa dinámica. Eu non vou a entrar nesa dinámica. E o que si quixera deixar claro é que esa teima dos recortes –recortes que utilizan tanto a intervención por parte do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista–, recortes derivados efectivamente do recorte do financiamento da Comunidade Autónoma, non se trasladan ás medidas de apoio ao sector que se incardinan a través do PDR. Eso o digo e o manteño. As medidas se manteñen, as axudas se manteñen; cousa diferente é que se apliquen algunhas axudas concretas de xeito diferente. Pero o recorte é unha redución do presuposto global nas liñas de axudas, e eso non se está a facer de xeito xeral. E nestas medidas que comentamos, desde logo, non se está a facer.

Cousa diferente –insisto unha vez máis– son as prioridades. As prioridades nós témolas claras, emanan –xa o expliquei– do Plano estratéxico. Nós priorizamos que as explotacións produzan cada vez máis alimentos para o gando, dependan menos da alimentación externa, dos piensos; defendemos que se rebaixen as [...] ganaderas, que se aumente a superficie agraria útil. Pero eso hai que facelo con seriedade, señora deputada, hai que facelo incentivando con planes de mellora aos gandeiros para que establezan máis pradeiras e non incentivando –cuestión que me parece un error– simplemente que se boten as vacas ao monte, pastos arbustivos, que non aportan o que aportaría a outra medida. Polo tanto, nós temos as ideas claras, se vostedes querían interpretar eso como un recorte, alá vostedes. Non é un recorte, é unha aplicación das nosas prioridades. E neso consiste gobernar, en facer políticas e en aplicar prioridades.

Quixera tamén sinalar que me parece chamativo que vostede, señora Verdes, insista aquí unha vez máis na cuestión que ten que ver coas axudas complementarias para explotacións lácteas en zonas desfavorecidas e de montaña; axudas que a raíz do chequeo médico da PAC puxo en marcha o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, cun criterio de aplicación contrario ao que mantiña este Goberno pero que mantivo tamén o Goberno anterior. Eu quero recordar que o Goberno anterior, efectivamente, tiña manifestado a súa postura no sentido de que a parte dos fondos que se debían destinar deste chequeo médico ao sector lácteo fose máis que eses 40,2 millóns de euros; e, ademais, que se aplicaron de xeito horizontal en todo o sector e non destinado exclusivamente a zonas desfavorecidas ou de montaña.

Creo recordar que esa postura, que se manifestou claramente por parte do Goberno anterior, en documentación que existe, pois non se tivo en conta por parte do Goberno central. Na conferencia sectorial que se celebrou en Burgos o día 20 de abril do 2009, exactamente o día que tomaba posesión este Goberno, se tomou esa decisión de aplicar o fondo desa maneira. E vostedes, unha vez máis, insisten agora, cunha desfachatez tremenda, en responsabilizar a Xunta de Galicia dunha decisión do Goberno central contra o criterio da Xunta de Galicia. E que significa, nada máis e nada menos, que as explotacións lácteas situadas en zonas desfavorecidas ou de montaña van a recibir unha axuda adicional, e as explotacións que non están en zonas desfavorecidas ou de montaña –dígase a Mariña de Lugo, dígase algunhas zonas da provincia da Coruña– non van a recibir estas axudas. Pero non van a deixar de recibir as axudas que percibían. Porque vostedes presentan a cousa como que deixan de percibir as axudas da PAC. A vostedes gústalles alamar e a vostedes gústalles cizañar aos gandeiros. Pero, mire, as cousas hai que explicalas, e eu estou seguro de que cando se explican ao final cada un acaba no seu sitio; polo tanto, ¿que quere que lle diga?, penso que é unha táctica realmente torpe.

En relación co grupo lácteo –vostede falou do grupo lácteo varias veces aquí–, mire, chámame a atención unha vez máis a tergiversación das circunstancias. É dicir, a vostede gústalle tratar de presentar a este Goberno como contrario á formación dun grupo lácteo en Galicia, cousa que está moi lexos da opinión deste Goberno. A este Goberno gustaríalle, por suposto, que se conformara un grupo lácteo en Galicia forte. O que di este Goberno é que non están os gobernos para conformar grupos industriais, están para incentivalos se xurden as circunstancias pero non para facelos. E, ademais, pódolle decir perfectamente que entón ¿por que non o fixeron vostedes cando estiveron no Goberno? É dicir, que é unha saída fácil pola miña parte.

Pero, mire, a min gustaríame sobre todo demandar certa coherencia nas posicións. Porque, claro, vimos de observar como hai pouco tempo un grupo de alimentación importante en España, Ebro-Puleva, decide desfacerse da división láctea; decide vender a súa división láctea e o Goberno de España está de acordo, o Goberno socialista está de acordo con que se desfaga da división láctea. É dicir, é perfectamente claro que unha decisión así pode poñer esa división

láctea, dunha das principais industrias lácteas de España, con centros produtivos en Galicia e cunha recollida importante en Galicia, en mans doutro grupo que non sabemos qué política vai a seguir. Non quero tampouco prexulgala. Pero a vostedes, ao seu partido político, pareceulle ben. Hai documentación, hai actas de sesións do Congreso dos Deputados que así o acreditan. Pareceulles ben, ademais, estando sentados no Consello de Administración de Ebro-Puleva; e, sen embargo, á Xunta de Galicia dinlle que conforme un grupo lácteo. Mire, hai que ser coherentes, na política hai que ser coherentes, porque, se non, un perde a credibilidade. eu aconséllolle que use a coherencia con máis frecuencia.

E, por último, a min aquí botouseme en cara que falaba de cousas que non tiñan que ver co asunto da comparecencia. Pero eu asegúrolle que estou seguro de que na miña primeira intervención falei solamente do tema do que viña a falar aquí, dos pasos seguidos e dos pasos que restan por dar para a conformación desta marca de calidade do leite de Galicia, que foi comprometida na miña primeira comparecencia neste Parlamento hai algo menos dun ano e que estaba contida no Plan estratéxico do sector lácteo. E quen falou doutras cousas foron vostedes; polo tanto, pois tamén é chamativo que me digan a min que contesto a cousas que vostedes din. Se non queren que lles conteste ao que vostedes me plantexan aquí pois non lles contesto, pero, vamos, tamén agradecería pois certa coherencia no argumento.

Eu quero simplemente rematar decindo que creo que esta iniciativa de crear un distintivo para o leite de Galicia é unha iniciativa que pode axudar ao posicionamento do leite galego nos mercados, que pode supoñer un incentivo importante para os gandeiros para seguir mellorando a calidade dos produtos, e que estou convencido de que o consumidor vai a valorar esta ferramenta que lle permitirá distinguir claramente leite de calidade producido en Galicia fronte a outras procedencias. Eu estou convencido delo e, polo tanto, así o facemos, aínda que eu lamento que a algún grupo da oposición esto lle parezca realmente unha cuestión nimia e banal.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para a presentación das liñas xerais de actuación do Plan de acción para o turismo

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Varela Fariña.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Varela Fariña): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi bos días a todos.

Eu quero comparecer, a petición propia, ante esta Cámara para presentarlles o que son as liñas básicas de actuación do Plan de acción do turismo de Galicia, un plan que vén a ser o resultado dun estreito traballo de colaboración entre a Administración pública e o ámbito privado e que foi elaborado aproveitando as sinerxias e unindo esforzos entre os dous sectores. Así, señorías, este plan nace da firme convicción de que o deseño das liñas a seguir en materia de turismo debe incluír necesariamente a opinión e a experiencia dos que día a día se enfrontan á realidade turística da nosa comunidade. Porque cremos que, para que as políticas da Xunta de Galicia no tocante ao turismo sexan verdadeiramente integradoras e verdadeiramente eficaces, deben recoller necesariamente as aportacións de todos os sectores e subsectores implicados, neste caso, turísticos.

A nosa mensaxe e os nosos compromisos son claros. A aposta do Goberno polo sector turístico galego quedou plasmada dende o primeiro día da andadura da nova Xunta de Galicia, dándolle de novo ao turismo rango de secretaría xeral. Tamén son claros e firmes os nosos ambiciosos obxectivos en termos tanto cuantitativos como cualitativos e que pasan por incrementar o peso do turismo no PIB de Galicia –na actualidade un 11%–, mellorar o salario medio no sector e incrementar o peso porcentual dos recursos humanos activos no total do mercado laboral galego –que nestos momentos ronda o 12%–, aumentar a estancia media e o gasto medio por día e incrementar a cuota do turismo internacional, que actualmente ronda entre o 13% e o 15%. E tamén, desde o punto de vista cualitativo, do que destaco o impulso do turismo como instrumento do reequilibrio territorial e contribuír á desestacionalización deste turismo.

E froito desta sensibilidade e destes principios de cara ao sector, organizamos desde xuño do ano pasado un gran debate do estado do turismo, que contou co esforzo e a colaboración da maior parte dos axentes turísticos galegos. Como resultado dese proceso de análise e reflexión naceu o documento de consenso, que é a nosa folla de ruta a medio prazo que guiará o sistema de traballo da política turística de Galicia para os vindeiros anos. O obxectivo deste traballo exhaustivo non é outro que favorecer un cambio na estratexia turística galega partindo dun estudo previo das circunstancias existentes na actualidade. Para elo, para deseñar esta nova política estratéxica de desenvolvemento turístico, vimos de realizar unha análise dos datos obtidos a través dun proceso no que os axentes participantes na planificación, a dirección e a xestión turística realizaron un verdadeiro exercicio de autocrítica. Así mesmo, incentivamos a participación colectiva, o debate e a celebración de foros co obxecto de construír un verdadeiro capital relacional que lidere este proceso de cambio que nós estamos a propoñer. Neste senso foi fundamental para a Administración turística de Galicia que todas as nosas políticas e actuacións estivesen condicionadas á intervención de todos os axentes do sector previamente convidados a esa reflexión conxunta. A metodoloxía que vimos de aplicar no desenvolvemento deste plan fálanos ben ás claras sobre este afán integrador e participativo. Proba delo é que realizamos diversas audiencias gremiais, un estudo estatístico do turismo, unha enquisa aos líderes sectoriais e diversas dinámicas de grupo e entrevistas en profundidade a representantes do sector turístico galego.

Cómpre sinalar que, aínda que o Plan de acción do turismo que hoxe veño a presentar ten moi en conta os aspectos conxunturais do momento no que foi concebido, vai moito máis alá. Intégrase, señorías, nunha estratexia a medio prazo, polo que prevemos nel tanto mecanismos de avaliación como de retroalimentación, que nos permitirán desenvolverlo no futuro.

O traballo que lideramos durante a súa elaboración permitiunos obter un conxunto de obxectivos básicos que definirán e determinarán as estratexias que imos desenvolver, así como as accións e as medidas concretas que aplicaremos no sector turístico de Galicia.

Poden entender entón, señorías, que non se trata dun plan estratéxico nin director para o turismo de Galicia, posto que

eso esixiría un tratamento transversal a longo prazo. Pola contra, a nosa intención foi a de elaborar un documento básico de actuación viable e realista, o máis fiel posible ás aportacións realizadas –repite– polo sector.

Partindo destas premisas, o Plan de acción establece unha serie de obxectivos que tentaremos acadar durante os vindeiros anos. Mais, lonxe de entender estas ambicións, estas metas, como un mero conxunto de medidas xerais para o sector, marcámonos no plan uns fins específicos e operativos que van dirixidos a acadar vantaxes e beneficios concretos dos que poida quitar proveito todo o sector turístico do noso país. Deste xeito, seguindo unha estrutura en árbore, o Plan de acción do turismo está baseado en catro grandes políticas, e de cada unha delas nacen diversas estratexias, das que, á súa vez, se desprenden as liñas de actuación que haberemos de implementar.

A primeira rama é a referida á ordenación turística, na que contemplamos estratexias dirixidas á planificación, á coordinación, á mellora de infraestruturas e tamén á información.

A segunda política refírese ao desenvolvemento sectorial, dirixindo as nosas estratexias á formación, ao asociacionismo, á accesibilidade e tamén aos incentivos.

A terceira política é a política de produtos, que se ramifica nas estratexias orientadas aos novos produtos turísticos, ao desenvolvemento de produtos tradicionais, á xestión dos produtos e ás ofertas mixtas.

E para rematar, no tocante á política que se refire ao marketing encamiñamos as nosas estratexias á promoción, á paquetización, comercialización e á competitividade.

Sen embargo, antes de entrar nestes catro grandes ámbitos de actuación, pasarei a explicar a continuación o método de traballo que seguimos para a elaboración deste Plan de acción do turismo e que desenvolvemos en cinco fases, logo dunha primeira toma de contacto cos profesionais do sector turístico de Galicia e da presentación do mesmo aos diferentes axentes socioeconómicos.

Nunha primeira fase dese método de traballo realizamos unha serie de audiencias gremiais, consistentes na celebra-

ción de reunións específicas nas que participaron case un centenar de representantes de todos os sectores implicados: asociacións de empresarios e sindicatos, universidades, empresarios hostaleiros e restauradores, responsables de patrimonio, de recursos, Administración local, profesionais do sector, axentes de viaxes, xestores de produtos como golf, termalismo, turismo rural e náutico, xestión de calidade, novos produtos, turismo idiomático e organización de congresos. Tamén participaron as deputacións provinciais, os profesionais dos medios de comunicación especializados en turismo e os cargos políticos responsables en materia turística, como foi o caso da voceira do Grupo Parlamentario Popular, dona Natalia Barros.

A nosa intención neste caso non foi simplemente a de expoñer entre os participantes unha serie de datos referentes á oferta e á demanda turística, aos factores políticos ou socioeconómicos que inciden no noso sector turístico; máis ben o que buscamos foi impulsar a xeración de verdadeiras opinións profesionais, co fin de poder elaborar un documento de traballo e un diagnóstico no que quedase reflectido a realidade e as inxerencias do noso sector. Este documento adoptou a forma dunha matriz na que plasmamos todas estas aportacións, agrupándoas por políticas: de ordenación, coordinación, comunicación, promoción, planificación e desenvolvemento de produtos e de estratexias de comercialización e de formación.

Na segunda fase do proceso de elaboración deste informe levamos a cabo unha serie de dinámicas de grupo, esta vez si tratando de xerar o debate e as sinerxias entre os compoñentes de cada un deses grupos. Con este obxectivo, o de xerar un verdadeiro intercambio de ideas e puntos de vistas que resultara enriquecedor para os participantes, establecemos diversos grupos, nos que confrontamos a opinión dos participantes de dous en dous. Un grupo de composto por axentes de viaxes xunto aos xestores de produtos e outro de profesionais e traballadores xunto á universidade. Un terceiro grupo de asociacións empresariais e sindicatos xunto con empresarios hoteleiros e restauradores. E, por último, un grupo composto pola propia Administración local e os padroados xunto aos xestores de patrimonio. Esta experiencia resultou ser de gran proveito e utilidade para todos os que participaron nela, xerándose non só os beneficios propios dun debate, senón tamén novos canais de relación e interesantes sinerxias entre os diferentes representantes do

grupo turístico que deron lugar ao posterior desenvolvemento dos proxectos comúns.

Rematada esta fase, comezou a terceira, que adicamos ás entrevistas en profundidade, consistente na realización de entrevistas a responsables de distintos ámbitos do sector con capacidade de decisión na xestión de recursos turísticos, entre os que se atopaban funcionarios, alcaldes, representantes das universidades, medios de comunicación, altos cargos, representantes sindicais e representantes do asociacionismo do sector e un directivo hoteleiro.

Tentamos deste xeito aproximarnos fielmente e ter unha visión e experiencia dalgúns dos nosos máximos xestores autonómicos, como coñecedores da práctica xestora e portadores dunha óptica profesional diferente.

Sobre a sólida base de toda esta documentación recollida no proceso do Debate do estado do turismo, e tratando de obter a partir dela un documento o máis fiel posible ás aportacións realizadas polo sector, comezou a cuarta fase, que foi a de redacción do Plan de acción. Este documento resultante foi construído a partir de distintos tipos de análise que pasarei a expor a continuación.

Por un lado, levamos a cabo a elaboración dunha análise da [...] co obxectivo de que todas as partes involucradas na actividade turística identificaran as debilidades, as ameazas, as fortalezas e as oportunidades que podan afectar, en maior ou menor medida, o sector turístico. Tentamos deste xeito coñecer mellor a situación real na que se atopa, así como o risco e as oportunidades que lle brinda o mercado.

E, por outro, elaborouse unha análise de política económica, social e tecnolóxica do contorno xeral do turismo que nos axudou a ter en conta as influencias do entorno, especialmente importantes no pasado, e a coñecer ata que punto estas podan ser máis ou menos significativas no futuro.

Así mesmo, de xeito complementario realizamos unha análise estatística sobre a base do documento resultante da primeira fase, no que incluímos as aportacións obtidas a partir das conclusións das outras fases, e propuxemos un marco de cinco escenarios posibles para o sector, dende un potencial estancamento a outro de progresión moi rápida.

Xa para rematar, na quinta fase presentamos o borrador do Plan de acción e o estado da cuestión nunhas xornadas realizadas na Illa da Toxa durante os pasados días 30 de setembro e 1 de outubro do ano 2009, momento a partir do cal se abriu un novo prazo para presentación de alegacións a ese documento.

Froito da análise da documentación anterior, desenvolveronse 80 actuacións que formarían o documento final do Plan de acción, tras o cual abriuse un novo período de quince días para alegacións, e así dar opción unha vez máis a que os profesionais do sector se implicasen na formulación definitiva do Plan de acción.

E, finalmente, chegamos a un documento último máis simplificado e reducido, formado por 56 actuacións claras e definidas. Foi fundamental para obtelo a colaboración da Administración pública e tamén do sector privado, baixo a tutela dun experto alleo á Administración, con ampla experiencia docente en turismo e en consultoría, e cunha vasta experiencia na aplicación desta metodoloxía. Trátase do profesor Manuel Figueruela Palomo, que presentou un proxecto totalmente axeitado ao que requiría un plan desta envergadura, tanto orzamentaria como cualitativamente.

Señorías, non estamos a presentar hoxe aquí simplemente unhas liñas de actuacións abstractas ou xenéricas a executar no futuro, senón que vimos de incluír moitas delas tanto no programa de actuacións de Turgalicia 2010 como na propia planificación da Secretaría Xeral para o Turismo ao longo do presente ano. Polo tanto, podo afirmar que a Xunta de Galicia está a traballar xa no desenvolvemento das actuacións previstas neste amplo Plan de acción do turismo, que nos permitiu polo de pronto efectuar a reorientación dalgúns accións, a eliminación doutras e o lanzamento de actuacións completamente innovadoras.

Como lles dicía anteriormente, as medidas contempladas reorientarán a estratexia turística da nosa comunidade a medio prazo por medio desas 56 actuacións perfectamente planificadas e descritas no tocante ao seu obxecto, xustificación, finalidade e accións a desenvolver que paso a enumerarles.

Dentro da política de ordenación, no que respecta en concreto á planificación, estamos a sentar as bases do que

será o Plan estratéxico do turismo de Galicia, instrumento que porá á disposición do sector unha ferramenta transversal de alcance temporal, adaptada á realidade do noso turismo e que permitirá o desenvolvemento do enorme potencial turístico da nosa comunidade.

Estamos –e penso que isto é importante– a reorientar as axudas en cantidade e calidade, segundo nos pediu o propio sector. Non será esta Administración a que impulse e financie a creación de nova oferta alí donde os niveis de ocupación non son o suficientemente elevados. Así, a excepción dos hotéis balneario, hotéis talaso e aldeas rurais, o resto das axudas irán dirixidas á mellora e non á creación. Con isto reaccionamos de inmediato ás necesidades do sector, pero mantendo o volume económico das axudas, o que permitirá, sen dúbida, que o noso destino sexa máis competitivo e xere un maior gasto medio, que é finalmente o noso propósito.

Estamos a realizar, así mesmo, o mapeado turístico de Galicia, consistente na división do noso territorio por singularidades turísticas, ou o que nós chamamos microdestinos, co fin de orientar coherentemente a planificación, a ordenación, o investimento e a promoción do noso turismo.

Sobre a base obxectiva desta zonificación turística realizaremos no presente ano, man con man cos nosos municipios e comarcas, a xerarquización dos plans de excelencia, dinamización e competitividade, de xeito que se adapten á realidade do noso territorio e se abandonen os criterios políticos e interesados utilizados anteriormente.

Señores deputados, o noso obxectivo é obter un turismo de maior calidade e sostibilidade, e por ese motivo unha das nosas accións prioritarias consistirá na renovación das instalacións e equipos de produción avellentados, así como na modernización daquelas infraestruturas con influencia inmediata no desenvolvemento turístico galego.

Como vostedes xa saben, un dos principais problemas do sector turístico galego é precisamente a súa dispersión. Por elo fomentaremos, por medio da Secretaría Xeral e Turgalicia, actividades de coordinación e identificación de responsabilidades entre os axentes do noso sistema turístico, coa finalidade de evitar os localismos e de potenciar as accións conxuntas.

No ámbito normativo, o Plan de acción do turismo de Galicia instanos a unha importante modificación da Lei do turismo de Galicia, posto que se ben xa era inadmisíbel aprobar en decembro de 2008 unha lei que non se adaptase á obrigatoria directiva de servizos do ano 2006, moitas outras razóns fan que o sector, o sector turístico de Galicia, solicitara a modificación no que agora estamos a traballar.

Como responsables turísticos debemos dar a coñecer o noso potencial e a variedade e a calidade da nosa oferta fóra das nosas fronteiras, mais tamén aos nosos cidadáns, moitas veces descoñecedores dos recursos turísticos ao seu alcance. Por elo estamos a realizar dende o pasado mes de marzo importantes campañas de sensibilización turística dirixidas precisamente aos galegos, por medio de programas tan significativos como Anfitrións de Galicia ou Galicia ¿coñécela? ¡Quédate!

Precisamente, coa finalidade de mellorar a información e facilitar o acceso aos nosos recursos, destinos e infraestruturas, comezaremos en poucas semanas a primeira fase do Plan de regulación e apoio á mellora da sinalización xeográfica e turística de Galicia, primeiro paso para a elaboración dun plan de sinalización para o conxunto dos recursos turísticos. Así mesmo, continuaremos coa nosa política de recuperación das sendas, camiños e paraxes turísticas, seguindo a estela iniciada neste Ano Santo co Plan de intervención en espazos públicos, carballeiras e patrimonio etnográfico da Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo e a Dirección Xeral do Patrimonio.

Tamén no sector aéreo, señores deputados, é xa por todos coñecido que a Xunta de Galicia vén de realizar unha optimización da estrutura do noso transporte aéreo sen precedentes, cunha inversión de preto de 4,5 millóns de euros en convenios de patrocinio publicitarios.

O Plan de acción que hoxe presento seguirá incidindo, ademais, na mellora do sector aeroportuario, que é un recurso fundamental para achegarnos e darnos a coñecer, se é eso o que queremos, ao resto do mundo.

Para poder mellorar os nosos procesos de planificación debemos contar igualmente cunha información que sexa fiable e que sexa integral, o cual non resulta sempre doado. Así, co obxecto de obter fontes de información máis realistas e

completas ao servizo da Administración e do sector privado, estamos a reorientar o Instituto de Estudos Turísticos de Galicia como organismo central de recompilación, tratamento, análise e interpretación de datos estatísticos, así como de elaboración de estudos sobre diferentes aspectos do turismo na comunidade, necesario para mellorar os datos estatísticos actuais e acadar un coñecemento máis riguroso, completo e exhaustivo das características e dinámicas do sector turístico na nosa comunidade.

Os seus obxectivos son os de definir e programar un plan estatístico do turismo de Galicia con carácter anual e que teña rigor metodolóxico; crear e poñer en marcha instrumentos de medición e análise conxuntural estrutural; fortalecer as relacións de coordinación e colaboración coas diferentes entidades e organismos que a nivel estatal e autonómico traballan no ámbito da xeración de estatísticas en turismo e investigación turística, tales como o INE o IET, o IGE e grupos de investigación universitarios, e xerar coñecemento e intelixencia do mercado no sector turístico, aspecto que consideramos esencial para a elaboración e avaliación de plans e programas de actuación tanto a nivel estratéxico como conxuntural.

Poremos ademais en funcionamento unha rede de difusión e comunicación das actividades turísticas con actuacións como a reconversión da páxina web de Turgalicia antes de que remate o presente ano, que nos permitirán implementar unha nova estratexia de venta do destino Galicia.

Polo que se refire ao segundo gran pilar destas políticas, que é a política de desenvolvemento sectorial, o plan contempla diversas estratexias. No tocante á formación, que consideramos que é imprescindible para acadar unha verdadeira mellora na profesionalización e na calidade do sector, estamos a darlle unha maior proxección ao Centro Superior de Hostelería de Galicia. Seguiremos igualmente a convocar, en colaboración con diversas institucións, cursos de optimización de procesos de xestión, de dirección empresarial e de idiomas, entre outros.

Por último, o plan insta a potenciar máis a formación práctica dos nosos titulados mediante bolsas. Neste senso, vimos de investir recentemente máis de 310.000 euros en bolsas de formación en oficinas de turismo en Galicia e en

municipios turísticos, e 218.000 euros para bolsas en mercados emisores, sete das cales van para Europa e unha para Nova York. No caso destas bolsas para o estranxeiro, dende o 15 de xullo ata o 15 de agosto os bolseiros van a recibir formación en Galicia, o que supón unha importante novidade neste tipo de bolsas.

No campo do asociacionismo, seguindo coa filosofía que impregna todo este plan de acción, continuamos incidindo na nosa estratexia de estímulo, colaboración e apoio ás asociacións empresariais e sectoriais mediante o desenvolvemento de accións concertadas que fomenten o traballo conxunto entre o sector público e o sector privado.

Impulsaremos, señorías, a participación do tecido turístico galego mediante o fortalecemento do papel do Consello do Turismo de Galicia ata duplicar o número de vogais do sector privado neste organismo, de xeito que actúe como medio de unión de todos os intereses e obxectivos do noso turismo.

A nosa estratexia de incentivos pasa igualmente por potenciar as épocas de baixa afluencia de visitantes con ofertas atractivas para paliar a excepcionalidade. Logo do remate da campaña de desestacionalización, centrada no turismo rural e o termalismo, cunha inversión de un millón de euros no ano 2009, estamos a estender esta iniciativa puntual a toda a comunidade autónoma e a todos os entes de promoción e asociacións profesionais galegas para implicalos na elaboración, durante este ano, do primeiro Plan de desestacionalización de Galicia. Neste senso, celebramos a semana pasada unha reunión cos presidentes dos padroados de turismo de Lugo, Ourense e Pontevedra, cos xerentes de Lugo e Ourense e mais co vicepresidente da Deputación da Coruña. Estamos agora convidando formalmente tamén o sector privado.

Os nosos recursos e monumentos turísticos deben ser disfrutados en condicións de igualdade por todos os nosos cidadáns sen distincións, e para garantilo o Plan de acción contempla fortes medidas de cara á eliminación de barreiras e ao impulso da accesibilidade en toda Galicia que xa estamos a executar, mediante a realización de estudos como o que estamos a desenvolver para os establecementos turísticos galegos, que dará lugar proximamente á edición dunha guía turística de aloxamentos accesibles de Galicia, e a tra-

vés de colaboración de entidades como Turespaña na organización e difusión de cursos de fomento á accesibilidade turística.

No que respecta á terceira política, a dos produtos turísticos, a día de hoxe estamos dando seguimento ao Plan de acción co desenvolvemento e a promoción diferenciada de produtos novos. Dado o enorme potencial do turismo náutico galego, o pasado mes de xaneiro financiamos, xunto con Portos de Galicia, as xornadas organizadas pola Asociación de Clubes Náuticos de Galicia, (Asnauga) como primeiro paso para realizar un diagnóstico deste sector.

Durante o transcurso delas, constituímos unha comisión mixta para a elaboración do Plan de turismo náutico-fluvial de Galicia entre a Secretaría Xeral de Deportes, Portos de Galicia, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e a Secretaría Xeral para o Turismo.

A metodoloxía para a elaboración deste plan foi a mesma que para o Plan de acción de turismo de Galicia, dando protagonismo, coma sempre, ao sector privado. Sobre esta base e a da formación, xa no último trimestre do 2009 financiamos cursos de lingua aos traballadores dos clubs náuticos.

Ademais, señorías, vimos de investir un total de 100.000 euros para a promoción do destino Galicia no Circuito Europeo de Grandes Veleiros, *Tall Ships' Races*. Mais cómpre sinalar que esta non é unha actuación única e illada, pola contra, ao longo do presente ano 2010 continuaremos co deseño e o desenvolvemento transversal de novos produtos turísticos de natureza cultural e dobres produtos que integren actividades complementarias.

Con igual metodoloxía que o Plan de acción e o Plan do turismo náutico, e seguindo as liñas de actuación do Plan de acción, temos xa o borrador do Plan de turismo de golf e está en fase de elaboración o de Enoturismo. Neste senso, seguiremos apostando, polo tanto, pola simbiose e a calidade, como xa estamos a facer co turismo mariñeiro, no que unimos o turismo ligado ao noso mar co turismo rural.

Quero sinalar, non obstante, que a nosa firme aposta pola creación destes novos produtos non significa en absoluto a desaparición dos produtos tradicionais, senón que tamén

estamos impulsando –e está contemplado precisamente no Plan de acción– a renovación e a innovación tecnolóxica de produtos tradicionais ou envellecidos.

No que respecta á xestión, apostamos polo deseño dun proceso de control e verificación de calidade e competitividade dos nosos produtos e servizos turísticos, tanto públicos como privados, ampliando os servizos de inspección e avaliación de excelencia, para o que xa estamos a implementar, entre outras medidas, a segunda fase do Plan de inspección dos camiños, estimulando as iniciativas de certificación e acreditación de calidade para seguir facendo da calidade turística o sinal de identidade dos nosos produtos e os nosos servizos turísticos.

Para conseguilo, contamos xa co Plan de calidade turística, que supón un apoio sen precedentes por parte da Administración autonómica para a certificación xeralizada de todos os subsectores turísticos e coas axudas da Xunta de Galicia para a renovación das certificacións Q de calidade. Señorías, o investimento concreto destinado á implantación e á renovación da marca Q de calidade desde Turgalicia ascende nestes momentos a 600.000 euros.

Por primeira vez, e por encomenda do Plan de acción de turismo de Galicia, o apoio institucional e económico á certificación dos establecementos turísticos esténdese a todos os sectores, como as axencias de viaxes, que nunca tiveron ata o de agora axudas destas características. E igualmente tamén, por primeira vez pásase a apoiar a renovación de certificación, posto que o mantemento da calidade é tan importante como a súa consecución.

Nos capítulos de apoio aos distintos sectores dende a secretaría xeral ás liñas de axuda á mellora, e por tanto que tamén implican apoio á calidade, ascenden en total a 9.300.000 euros, que vén a ser a suma de todas as ordes de axuda.

Polo que respecta ao impulso das ofertas mixtas, das que estabamos a falar ao principio, estamos a aproveitar a próxima celebración, a celebración do Xacobeo 2010, para ofrecer ao visitante un catálogo dos produtos turísticos galegos mixtos, baseado no espírito e o significado do que é este Ano Santo. Así, o ano pasado executamos o Plan de medios da campaña de comunicación Nadal de Xacobeo, cun investi-

mento total dun millón de euros, e este mes de abril iniciamos unha promoción en centros comerciais chamada *Camiño de Santiago, Camiño de Galicia, ¿ves?*, por unha contía aproximada de 550.000 euros, unha acción de comunicación de destino turístico de Galicia nas principais cidades españolas. Difundiranse os valores do Camiño, os acontecementos do Xacobeo 2010, e sobre todo o destino Galicia. A campaña permanece dez días en cada cidade e percorre Madrid, Sevilla, Valencia, Zaragoza, Barcelona e Bilbao.

Outro programa, *Backstage do Camiño*, no que investimos igualmente 550.000 euros e no que participarán unha media de 50 empresarios galegos que se reunirán con representantes de empresas turísticas do contorno das cidades visitadas: Alcalá de Henares, Valencia, Logroño, Zaragoza, Barcelona, San Sebastián, Bilbao e Sevilla, co obxecto de difundir os valores do Camiño e os valores de Santiago do Xacobeo 2010. O que vén a combinar por primeira vez o Xacobeo coa promoción do deseño téxtil galego.

Outro programa, *Bono Iacobus*, para fortalecer o turismo rural ligado ao Camiño de Santiago, e o programa *Balnearios: un descanso no Camiño*, iniciativa impulsada coa colaboración da Secretaría Xeral para que o termalismo galego tamén aproveite o tirón do Ano Santo.

Así mesmo, traballamos para incorporar de xeito transversal a gastronomía galega no deseño dos nosos produtos turísticos, porque consideramos que é un dos nosos máis valiosos recursos. Por elo impulsamos, entre outras medidas sectoriais, accións como o Outono gastronómico ou o recentemente iniciado Plan de Enoturismo, para dar apoio aos nosos cocineiros e que saian de Galicia e de España aos concursos nacionais e internacionais levando a nosa imaxe, así como a participación no Salón Millésime, onde a comunidade autónoma conseguiu ser comunidade invitada, para posicionar a nivel superior a gastronomía galega.

No tocante ao último pilar, ao último eixo destas nosas políticas, vamos a falar do marketing. Os nosos obxectivos neste ámbito de promoción, a raíz das liñas do Plan de acción, son as seguintes.

Accións como a mellora continua da páxina web que mencionei anteriormente, coa finalidade de optimizar os

recursos que se lle asignan e facilitar a consecución dos importantes retos aos que ten que facer fronte.

Web 2.0 de Turgalicia. Redefinición da web de Turgalicia para conseguir introducir nela as redes sociais e para incrementar a súa capacidade de comunicación. Introduciremos elementos propios da web 2.0: foros, blogs, grupos de intervención en redes sociais, precisamente para difundir do mellor modo posible os valores turísticos do noso país e adaptar a actuación de promoción en internet ás novas tendencias virtuais.

Igualmente lanzaremos a marca Turismo de Galicia especialmente nos mercados emisores internacionais, que suporá un total de 385.000 euros de inversión na construción, arquitectura e difusión da marca turística de Galicia. A campaña de lanzamento terá lugar ao final deste ano precisamente, unha vez que o Xacobeo estea a finalizar, para dar un novo pulo a Galicia como multidesino.

No que respecta á paquetización, o Plan de acción do turismo levounos a redactar unha nova orde de axudas, que será publicada no DOG, para o fomento e a creación de novos paquetes turísticos, a súa comercialización e o uso das novas tecnoloxías. Esta orde de axudas ascende a 500.000 euros.

Señoras e señores deputados, o turismo é un dos nosos principais recursos da nosa economía. A situación do sector en Galicia e o contexto de crise que estamos a vivir aconsellaban necesariamente establecer unhas directrices e obxectivos claros de cara ao futuro para acadar unha política turística que nos permita obter maiores rendementos, tanto económicos como sociais.

Este Plan de acción do turismo de Galicia que hoxe presento nesta sede vén precisamente a responder a esta necesidade, e polo papel protagonista dado ao sector e o seu alcance pode considerarse unha iniciativa sen precedentes nesta comunidade. Constitúe o instrumento básico de planificación do sector e xorde coa intención de propiciar un cambio na estratexia turística anterior, que debía ser readaptada ás novas estruturas e ás novas circunstancias actuais.

Señorías, as medidas hoxe esbozadas foron elaboradas man a man cos principais representantes do sector, cun total

de máis de 110 participantes. Só deste xeito, contando coa colaboración do sector turístico galego e co apoio de todas as forzas políticas de Galicia, podemos liderar este importantísimo proceso de cambio que hoxe lles presentamos. Un proceso que redundará –esperamos, sen dúbida– nun beneficio para os nosos cidadáns, para a difusión da nosa cultura e para o impulso da nosa industria turística.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Grupos parlamentarios.

Polo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Bos días, señor conselleiro de Cultura e Turismo.

No Goberno dos mil e un plans hoxe o conselleiro de Cultura non soamente non nos relata un plan máis –non, que eso era o que podíamos prever–, senón que nos anunciou –bueno, fun apuntando pero igual non tomei boa nota– nove novos plans dentro deste plan, que desenvolverá un novo plan estratéxico e alomenos tres estudos máis sen precedentes. Isto foi o que hoxe... Eu estiven atenta, pode que non o captara todo na súa literalidade, pero é o que vostede nos dixo aquí.

Claro, este plan xa non estaba dentro dos plans que propuxera o presidente Feijóo no debate do Estado da nación. Este plan é a maiores dos plans que habitualmente nos anuncian cada vez que non saben qué traer ao Parlamento. E, efectivamente, ¿que nos atopamos no plan? Eu creo que teño aquí, creo ter leído con detemento e ter estado atenta á súa exposición: inconcrecións, cheo de grandes palabras, mais sen compromisos. Porque, efectivamente, vostede iniciou a súa comparecencia, señor conselleiro, falando de que queren incrementar o peso do turismo no PIB galego, que vostede dice hoxe que é do 11%; na súa comparecencia recollida no boletín do 9 de xuño vostede decía que o peso do turismo era

do 12%. Póñanse de acordo xa cos propios datos que manexan. Díganos de onde parten e qué queren conseguir exactamente. Díganos se incrementar significa incrementar unha décima, incrementar cinco puntos... É dicir, cuantifique algo en turismo para variar da súa xestión do turismo. Efectivamente, póñase de acordo no seu departamento con vostede mesmo en de que datos partimos e a cales queremos chegar. Porque, claro, queremos saber canto queren aumentar o número de visitantes, canto queren aumentar o número de pernoctacións, e despois falaremos dese tema un pouquiño máis polo miúdo. Canto queren aumentar o gasto por visitante, claro, porque ese é un desideratum que todos teríamos; pero canto exactamente e como o van a facer.

No plan, efectivamente, se nos presentan 56 actuacións, das cales existen 24 accións, 24, que consisten en facer un estudio. Eu as contei, pode que me deixara algunha, creo que non contei de máis, pero hai alomenos 24 que consisten en facer un estudio. Claro, tendo en conta que xa existe un estudio de estudos turísticos que entendemos que se queira reorientar, o plan non pode ser un sumatorio de estudos –que non sei se van a ser sen precedentes ou con precedente previo, dáme igual, pero non pode ser un sumatorio de estudos–. Parece realmente este Plan de acción que se converte nunha tese de doutoramento continua, e non semella o máis acaído nesta situación.

Nun momento tan delicado para o turismo, ¿que compromisos adopta exactamente, concretos, o Goberno galego co turismo? Díganos. Non nos diga –como di o plan– que se vai crear unha unidade técnica de seguimento. Non nos diga que se vai a reorientar o futuro do Centro Superior de Hostalería de Galiza. Contéstenos de xeito concreto, señor conselleiro, ¿vai vostede e o seu Goberno a comprometerse con implantar o grao de Dirección de empresas turísticas neste centro? ¿Si ou non? Ese é un compromiso que vostedes teñen que neste momento decidir se o van a facer, si ou non; non que o van a potenciar. Bueno, se potenciar significa se se consolidará un grao de Dirección de empresas turísticas; si ou non.

Non nos fale tamén de que vai haber proxectos de innovación, porque é que no plan se di: se elaborará un proxecto de estudio sobre os procesos de innovación no turismo. Claro, proxecto de estudio, que eso xa é rizar o rizo. Bueno, ¿cales van a ser as innovacións exactamente que vamos a

poñer en marcha no turismo en Galiza? ¿Se elaborará un plan de turismo náutico? ¿Se incorporará a gastronomía galega no deseño de calquera produto turístico de Galicia? ¿E para eso o plan que nos di? Estudio e investigación da gastronomía como actividade turística. Bueno, me parece que, en fin, que non é exactamente o que está esperando o sector do turismo, que xa coñece bastante ben a gastronomía galega. Permítame, creo que neste momento bastante mellor que a Consellería de Cultura e Turismo. Por certo, sempre lle pregunto cando vostede comparece ¿que sabemos do Xacobeo gastronómico?, ¿que temos xa pensado facer?, ¿seguímos sen resolver este enigma, xa que era un título que a vostedes lles gustaba moito?

Estudio para participar en feiras e congresos, estudos sobre a situación de Turgalicia, novo plan de acción para Turgalicia, nova web para Turgalicia. Si, pero, señor conselleiro, ¿que nos di vostede de privatizar a Central de Reservas de Turgalicia, que agora xa está en mans dunha empresa privada como é Rualgest? Coméntenos algo, porque esa é unha acción concreta que vostedes levaron adiante. ¿Con que obxectivo? ¿Por que privatizan a Central de Reservas de Turgalicia? Queremos saber cal é o motivo. ¿En que está inspirada esa privatización? No espírito privatizador, evidentemente, deste Goberno galego. Non nos fale en abstracto de que millorará mediante un estudio a situación de Turgalicia ou que poñerá a web de Turgalicia no centro do mundo tecnolóxico. Díganos neste momento por qué as casas de turismo rural galegas recibiron unha carta na cal lles decía: isto é o que hai, se privatiza a central de recursos de Turgalicia, vostede o acepta ou non o acepta; non había máis opción. Entón agardo esta pregunta, que tamén é bastante concreta.

O mesmo a respecto de que se fará un estudio –se di no Plan de acción– sobre os produtos xenuíños galegos. Isto é o que propoñen para o seguimento do Xacobeo, ¿un estudio sobre os produtos xenuíños galegos? Case parece unha broma, se non a tuveramos como unha broma de mal gusto. Pode ser que vostedes llo encarguen a un estudioso moi importante, pero, claro, dunha universidade privada de Madrid, e que se olviden que aquí hai universidades públicas con grandes investigadores no sector do turismo e no sector da relación do turismo coa cultura. Porque no Plan de acción non vemos nin unha palabra cultura galega, literatura, arte, arqueoloxía, lingua... e poderíamos seguir. O cal,

como xa é unha constante na Consellería de Cultura, tampouco me vou a deter máis.

¿Donde están as accións concretas, señor conselleiro, neste Plan de acción? Porque Plan de acción –non plan de estudos– é un plan de acción, ¿onde están? Claro, se temos en conta que a consellería deixou sen executar no 2009 32 millóns, dos cales 19,7 correspondían a turismo... No ano previo ao Xacobeo a súa consellería deixou case 20 millóns de euros sen executar nos orzamentos de turismo. Despois de terlle escoitado aquí que existía un burato en turismo e que eso lles impedía acabar as accións que estaban programadas, deixan case 20 millóns de euros sen executar. Podía utilizar esos 20 millóns para poñer orzamentos ás accións que demandamos neste plan.

Ocupación hoteleira. Soamente un dato, porque vostede falou das casas de turismo rural. Repase os datos do mes de febreiro –que aínda non están os de marzo, que agardamos sean mellores, porque marzo contivo a Semana Santa–, como a ocupación do turismo rural en Galiza baixou un 18% respecto do 2009. Eso significa que somos a terceira comunidade na que máis baixa o turismo rural neste ano 2010. Mentras na media do Estado español hai un estancamento, en Galiza somos a terceira que máis baixa. ¡Imaxínese, en Ano Santo Xacobeo!

E despois, soamente por facer unhas comparativas, ¿que podemos falar do Xacobeo cando vemos que, efectivamente, os datos de marzo, coincidindo coa Semana Santa, son os datos máis baixos que existen nos últimos anos de ocupación, de pernoctacións, tanto do 2009, do 2008 e xa non digamos, claro, evidentemente, se o comparamos co Ano Xacobeo do 2004? ¿Como é posible que vostedes intenten decirnos que estos datos dan osíxeno, cando na Semana Santa, no mes de Semana Santa do 2008, que coincidía tamén en marzo, tiñamos 566.000 pernoctacións; no 2009, que coincidía en abril, 554.000; e este ano, en Xacobeo, 473.000? Efectivamente, señor conselleiro, é que a este plan lle faltan accións, e como non hai accións baixan os visitantes e as pernoctacións.

Pero o que si que temos é unha acción que quixera que –aproveitando que vostede está aquí, no Parlamento– nos explicara. Porque é certo que o Xacobeo non o utilizamos para facer máis internacional a nosa cultura galega nin para

que se nos coñeza máis fóra, pero si que temos un xeito de promocionarnos empregando o logo do Xacobeo que quero que nos explique. Aquí hai un xornal, aquí hai unha foto, do I Congreso do Partido Popular de España en Venezuela, que di: “Contamos contigo” –está un pouco borrosa-. Di: “Si España quere progresar, ao PP tes que votar”. E aquí pon Xacobeo 2010, Galicia, clarísimamente. Entón nós queremos preguntarlle –soamente por curiosidade, señor conselleiro– ¿pagou o Xacobeo o acto no que participa –tivemos ao señor conselleiro Rueda en Venezuela– ou o Partido Popular é unha das empresas patrocinadoras do Xacobeo? Queremos que nos conteste se esta é a forma que vostede entende que se internacionaliza a nosa cultura. Agardamos unha resposta sobre esta cuestión concreta. É dicir: ¿pagou o Xacobeo este acto?; e se non o pagou, ¿entonces como é que aparece o logo do Xacobeo 2010 nun acto dun partido político?

Señor conselleiro, queremos cuestións concretas a respecto da política de turismo do seu departamento, a respecto da programación do Xacobeo 2010. Deixo para a seguinte intervención as cuestións relativas á Lei do turismo, das cales vostede falou antes, porque parece absolutamente inaceptable nun plan de acción poñer como unha das accións...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

A señora ADÁN VILLAMARÍN:... –si, soamente un segundo–, por revanchismo político, modificar unha lei do turismo. Pero eso o explicarei na seguinte intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Adán.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra a señora Quintas Álvarez.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Gracias, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor conselleiro, o Partido Popular e vostede vén a presentar un plan de turismo, un plan que non é serio. Se o fora,

señor conselleiro, o Goberno someteríao á consideración da Cámara como prevé o Regulamento. Este plan non está siquera acompañado dunha memoria económica. O que trae aquí pode ser un manual interno de traballo, un manual seguramente sen precedentes. Xa sabemos que a súa secretaría xeral todo o que fai é sen precedentes. Realmente, señor conselleiro, ¿que é o que trae aquí o Goberno da Xunta? É un brindis ao sol.

Despois dun ano de goberno, en pleno ano Xacobeo, que a priori sería un plus, a xestión do Goberno do señor Feijóo fracasa na promoción e previsión turística e na consecución da desestacionalización. Por certo, que lle dedican moitas liñas a isto neste estudo que vostede vén aquí a presentar. Pero sobre todo falla nos obxectivos acadados. Supoñemos que este –como digo– será un estudo plan sen precedentes –repito– da señora secretaria xeral de Turismo. Esta señora que o sumario da operación Retablo a posicionaba como unha señora moi influente co presidente da Xunta. É certo que debe de ser influente porque, señor conselleiro, o que vostede vén a presentar aquí é un marrón fundamentalmente para vostede.

A actividade turística representa para a economía galega unha importante fonte de ingresos, ademais de ser un sector xenerador de emprego; pero para o Goberno de Galicia este sector é un proxecto de literatura turística. Por certo, un proxecto aplicable á Comunidade de Madrid ou as illas Seychelles, porque seguramente que todo o Goberno de Galicia non encontrou, non atopou, ningunha persoa relevante que soupera de turismo nas universidades galegas. Como digo, é un plan xenérico de suposto debate, de suposto consenso, de supostos especialistas, supostamente profundo, pero, dende logo, sen a posibilidade de que os representantes dos galegos e das galegas puideran facer aportacións. O turismo, xunto co comercio, señor conselleiro, son factores activos da economía do país; representan entre eles o 26% do emprego e un 27% do produto interior bruto. Pero a situación de Galicia é peor que fai un ano, os indicadores económicos son peores e o paro aumentou, non xeneran vostedes as mellores condicións nin para activar o turismo nin para xerar confianza á cidadanía nin ás empresas do sector.

Superamos os 236.000 parados en Galicia, e o sector servizos –como vostede sabe moi ben, señor conselleiro–, o cual é parte importante do turismo, aporta o 70% das perso-

as desempregadas. Posiblemente non estemos para plans propaganda, senón para outra cousa. Neste escenario Galicia podería vivir unha oportunidade revitalizadora da economía co Xacobeo, do que se fala, por certo, de novo se fala do Xacobeo e do Camiño de Santiago nese plan. Que dende logo hai que ter osadía, señor conselleiro, despois de non ter executado ningunha acción concreta, despois de facer unha programación endeble, de estar salpicado de presuntas irregularidades baixo investigación xudicial, non acadar diferenciais positivos de afluencias e facer unha promoción de Galicia e do propio Xacobeo máis para ocultar que para posicionar a Galicia. Eso si, con adxudicacións a empresas foráneas, a empresas non galegas, non fomentando a industria galega. O que vostedes fixeron coas liñas de baixo custo –que tamén falan neste plan– é fundamentalmente un despropósito, á parte de ser un favor para o ex ministro señor Piqué.

Esta oportunidade, o Xacobeo, debería representar unha aposta decidida polo turismo, pero nos orzamentos, no verdadeiro plan de goberno do señor Feijóo, non experimentan aumento ningún os orzamentos en turismo. En comercio, que sería unha parte importante que incidiría no turismo, baixan nun 11%.

Nise verdadeiro plan que vostedes teñen, a Consellería de Cultura deixou sen executar neste ano 32 millóns de euros; executou tan só o 78% do presuposto. E como dicía a compañeira do Bloque Nacionalista, a Secretaría Xeral de Turismo deixou sen executar preto de 20 millóns de euros. Hai recorte nos investimentos e, dende logo, non vemos unha política decidida a favor do sector.

Falan neste plan de emprego, de emprego donde rebaixan os orzamentos en 30 millóns de euros. Non hai recursos para a dinamización empresarial do país, a pesar de que vostedes se reúnan coas empresas do sector. Hai menos recursos adicados para o investimento produtivo e menos recursos para impulsar a economía. Estos son os factores aos que fai referencia o seu plan, pero a realidade é a que acabamos de reseñar.

A política turística ten que ser unha política activa na defensa da modernidade, da competitividade e da sustentabilidade, pero, dende logo, señor conselleiro, non é o caso.

Falan de promoción adecuada durante este ano. Señor conselleiro, francamente, o fiasco na promoción de Galicia,

na execución de actuacións descoñecidas ate o de agora, que o Goberno se negou a presentar diante deste Parlamento, e a inversión real que o Goberno da Xunta ten desenvolvido no último ano a prol do turismo e tamén do Xacobeo, bate todos os récords de ineficacia e ausencia de xestión, e tamén de amiguismo, señor conselleiro.

Galicia ten unha lei de turismo, unha lei de turismo aprobada neste Parlamento. Xa nos anuncian neste plan que a van a derrogar, nese afán revisionista que os invade. Por certo, foi o único do que se ocuparon durante este ano, non acometeron ningunha política que beneficiara a vida dos galegos, tan só enfrentamento e xustificacións peregrinas, e xestión, señor conselleiro, xestión cero.

Teñen sido incapaces de cumprir os mandatos da legalidade, a posta en marcha do Consello Regulador de Turismo que prevé a lei. A secretaria xeral en Comisión responde a unha parlamentaria do Grupo Socialista que non tiña posto en marcha o consello nin tiña previsto facelo. A min me gustaría, señor conselleiro, saber se o Goberno de Galicia incumple a legalidade e ademais non soamente a incumple, senón que presume de incumplila alegremente.

En definitiva, datos obxectivos, non especulacións, lévannos a afirmar que non existe en Galicia ningunha política en materia de turismo. É máis, cremos que non hai previsión de que exista.

O Goberno galego ten a responsabilidade de sentar as bases do sector turístico, un sector competitivo, innovador, diversificado e desestacionalizado. Fálase realmente –e xa o reseñei– neste plan destes aspectos. A promoción é un elemento esencial, pero xa vimos como vostedes promocionan Galicia: escondéndoa, deixando as adxudicacións en mans de empresas foráneas e relacionadas directamente, vinculadas, con dirixentes e amigos do Partido Popular, ignorando total e absolutamente os axentes culturais e empresariais galegos.

Gobernos do PP, señor conselleiro, levan trinta anos promocionando Galicia e seguimos a ter os mesmos problemas. Desestacionalización, parece que durante estes trinta anos Galicia era un destino de sol e praia. Posta en valor do patrimonio, marca galega, coordinación institucional, formación, novas tecnoloxías, infraestruturas turísticas, etc. A pregunta

é ¿quen tivo responsabilidades turísticas nos últimos trinta anos? É importante recordalo, señor conselleiro. Xa sabemos que vostedes eso da memoria histórica é algo que prefiren borrar ou máis ben enterrar, pero está aí, señorías, e para nós é relevante, porque un país que esquece a súa historia comete o risco de repetila, tamén en turismo.

Para o Grupo Parlamentario Socialista o sector turístico afecta á rentabilidade económica e incide directamente no mercado laboral. Polo tanto, deberían vostedes ser máis serios e eficaces na súa presunta xestión.

O señor Feijóo e o seu Goberno teñen que explicar o que fan e o que fixeron polo turismo en Galicia, e non vir a presentar aquí unha ristra de plans xenéricos, sen acompañamento económico, sen prazos previstos e nada de nada de nada. Dende logo é moito máis doado escusar a súa incompetencia, a incompetencia deste Goberno, noutras administracións, pero realmente este Goberno ten competencias plenas en materia de turismo, en materia de Xacobeo, en materia de emprego, entre outras. E xa nos avisou o seu presidente, o señor Feijóo, aquel insigne xestor que sacaba peito en campaña electoral, que iba arreglar todos os problemas de Galicia en 45 días, sen embargo, xa nos avisou que ata finais de 2012 non ten previsto arranxar ningún problema. E ten vostede sorte, señor conselleiro, porque este plan que ten, 2010-2013, do 2012 ao 2013 igual lle dá tempo de volver a lelo, non de executalo.

Nos últimos seis anos, a diferenza dos gobernos do PP, gobernos socialistas habilitan fondos para a modernización de infraestruturas turísticas; 17 plans postos en marcha en 2009 e 15 novos previstos para 2010, pero estes cunha achega de 14 millóns de euros.

Señor conselleiro, a maior parte das actuacións que vostedes teñen feito en accesibilidade, en recuperación de elementos turísticos e de infraestruturas turísticas, o ten feito con fondos estatais. ¿Que tipo de planificación en inversións reais ten ao respecto da industria turística o Goberno de Galicia? Eso é o que nos ten que contar. E, sobre todo, e, sobre todo, ¿que obxectivos acadou o Goberno do señor Feijóo neste ano de [...]?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

¿Que diferencial supuxo o Ano Xacobeo para o turismo? ¿Ou simplemente é un proxecto que está nese plan que vostedes teñen? ¿Que medidas de apoio económico e promocional, vinculadas a Galicia, se levan posto en marcha para a dinamización do turismo no último ano? E, sobre todo, señor conselleiro, ¿con que orzamento?

Vostedes non contestan, non traen ao Parlamento a resposta a estas sinxelas preguntas. ¿Sabe por que? Porque a realidade, a realidade, é que, mentres vostedes fan plans, as expectativas que manexan as grandes patronais que agrupan os principais operadores dicen que será moi difícil...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Grazas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ:... superar os case catro millóns de visitantes do último Ano Santo.

Os datos turísticos neste último ano, según as asociacións, son os peores; non van a superar o 2004 e son peores relativos ao ano anterior, que non era Ano Xacobeo. Mentres tanto, a señora secretaria pode...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ:... darlle a usted plans sen precedentes e ter vostede o marrón de vir a defendelos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Quintas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Barros Sánchez.

A señora BARROS SÁNCHEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bo día.

Señor conselleiro, en primeiro lugar quero agradecerlle, en nome do sector turístico, esta iniciativa do Debate do estado do turismo, que, como vostede ben dixo, é a base deste Plan de acción que acaba de presentar hoxe neste Parlamento.

Podo asegurarlle que ese é o camiño correcto. Señor conselleiro, ninguén mellor que o propio sector lle pode transmitir cales son as necesidades do turismo de Galicia. Felicítoo por telo escoitado, telo escoitado incluso dende todos os eidos turísticos.

Introducir o diálogo e o consenso é a forma de traballar con rigor e con vontade real de mellorar as cousas. Escoitar as demandas dun sector estratéxico para a nosa economía é fundamental para aplicar as medidas adecuadas nun momento económico moi, moi, complicado, donde é preciso replantear as cousas e poñerse a actuar dende xa.

Pór en marcha un plan de acción con 56 estratexias definidas despois de consensuar con todos os entes implicados, e mesmo organizarse coas distintas consellerías e outras organizacións e administracións implicadas, non é tarefa doada, e menos tendo en conta a premura que implica a necesidade de tomar medidas urxentes para paliar a crise no sector turístico.

Frear as tendencias da caída da ocupación hoteleira e dos precios medios, así como non perder o posicionamento coas campañas de promoción, que esixen anticipación para non favorecer a caída do número de visitantes á nosa comunidade, cousa que xa foi tida en conta dende o inicio do goberno no propio Plan de choque da Xunta. Xa que vostedes están a decir que non se ten feito nada, xa dende o inicio o Goberno tivo en conta esta necesidade urxente de empezar a facer estas campañas de promoción, elaborando un plan de marketing e promoción institucional urxente nas distintas televisións e medios de comunicación para recuperar o posicionamento, dadas as baixas previsións de reservas de cara á tempada turística inmediata.

Conseguimos así unha mellora considerable na ocupación, un aumento de viaxeiros nacionais e internacionais e tamén un aumento nas pernoctas; e moi importante, un aumento e unha mellora no ingreso medio por habitación, que isto mellora a rendabilidade dos nosos establecementos turísticos, acadando tamén neste 2010 unha cifra récord na ocupación dos albergues: perto de case un 20% máis que en 2004.

Incluso datos turísticos como os que reflicten informes de Exceltur reflexan que Galicia ocupa o segundo lugar en

España despois da Rioxa, despois da Comunidade Autónoma da Rioxa. En opinión empresarial dos beneficios do primeiro trimestre, ocupa o segundo lugar en mellora empresarial, polo tanto, creo que son datos a ter en conta. E temos ademais que ter en conta que todo isto foi levado a cabo tendo que planificar un Ano Xacobeo 2010 nun tempo récord. Nun tempo récord para a recuperación dos camiños, para a programación, as negociacións dos patrocinios e os traballos de planificación e coordinación, presentacións e diversas xestións para conseguir que o Xacobeo esté presente en España e en Europa, cousa que estaba claro que non estaba feita polo Goberno anterior.

A urxencia de medidas de obrigatorio cumprimento, como a adaptación da Lei do turismo que falaban antes. A Lei do turismo de 2006 tiña que ser adaptada á nova Directiva de servizos europea, chamada tamén Lei Bolkestein, cuxa transposición debía de estar realizada antes do 31 de decembro do 2009, porque, como xa sabrán vostedes, a Lei do turismo aprobada polo bipartito en 2008 foi aprobada contravindo o disposto na Directiva de servizos europea.

E tamén aquí, señorías, neste Plan de acción que hoxe se presenta, recóllese unha necesidade do sector turístico de Galicia, que é dotalo dun marco normativo. Por eso claro que imos a desenvolver a lei, imos a modificala porque é unha necesidade requirida polo sector para que se transmita seguridade xurídica e que permita, dende esta seguridade, afrontar os grandes retos para o turismo galego. Por iso se levará a cabo a modificación da Lei do turismo e o seu desenvolvemento.

Quero apuntar tamén que unha das cousas que recolle precisamente a Lei de turismo é o Consello Regulador, do que falaban vostedes antes. Que, por certo, se o Goberno bipartito houbera escoitado o sector, sabría do seu descontento polo recorte da representación do sector privado nas distintas modalidades e tamén das asociacións máis representativas do turismo de Galicia; e como non iba ser doutro modo, un recorte tamén nas súas funcións. Claro que pouco lles importaba, cando en catro anos de goberno do bipartito non reuniron nin unha soa vez o Consello Galego do Turismo.

O Plan de acción do turismo galego implica o desenvolvemento dun modelo turístico que afonda na oferta e recur-

sos con criterios de sostibilidade e competitividade das empresas como a clave de optimización e crecemento. Non son medidas a salto de mata, señorías, son medidas que permitirán logo, efectivamente, desenvolver un plan estratéxico. Porque primeiro hai que facer un plan de acción antes de desenvolver ese Plan estratéxico, con visión de futuro, por un turismo ordenado e coordinado, posicionando Galicia no mapa do turismo mundial, potenciando as súas singularidades e cunha visión técnica e turística máis alá dos intereses políticos, facendo fortalezas das nosas debilidades.

Alegrámonos, señor conselleiro, de que se recuperen e se desenvolvan especialidades turísticas diferenciadas de alto nivel engadido en Galicia, como o turismo náutico ou o turismo gastronómico, e, por suposto, o turismo termal, que xa foi promovido polo anterior Goberno do Partido Popular e que prestixiou a imaxe dunha Galicia natural e de saúde. E que foi totalmente abandonado na etapa do Goberno do bipartito, ate o punto de eliminar da propia Lei do turismo de 2008 categorías como as de hotel balneario, que agora se recuperan; e outras medidas que, sen contar co sector, barרון do mapa a oferta termal especializada de Galicia.

Vemos tamén unha boa estratexia do plan que se orienten as axudas á mellora de establecementos con criterios coherentes, rentabilizando os escasos recursos, favorecendo a diferenciación e a mellora da calidade e non fomentando un crecemento insostible que non contribúe senón a deterioros de rentabilidade económica e, en moitos casos, ao peche.

A sinalización é outro punto que se recolle neste Plan de acción, fundamental para ofrecer un mellor servizo a aqueles nos elixen como destino turístico, así como a sensibilización e a formación dos nosos profesionais. Se Galicia ten unha boa imaxe na formación a través do Centro Superior de Hostalería, de onde saíron moitos profesionais dos grandes grupos turísticos nacionais e internacionais, efectivamente temos que seguir fomentando que os nosos profesionais turísticos son os mellores, os que están fóra e, por suposto, os que se quedan en Galicia, formando persoal para o turismo non só desde os postos de alta dirección, senón tamén desde os postos básicos e os postos intermedios.

Que se fomente o turismo de calidade, potenciando os nosos produtos, e unha boa xestión medioambiental por un turismo sostible e accesible é moi importante, e non é menos

que a comercialización sexa adecuada. Felicítamolo tamén, señor conselleiro, polo traballo que a través de Turgalicia xa se está a facer en promoción da oferta turística de Galicia nos mercados nacionais e internacionais, e tamén pola información turística, que, coa renovación da páxina web –por certo, tan criticada dende a oposición–, suporá situarnos nunha posición vital para o futuro do noso turismo, que hoxe en día pasa por non perder o tren dos cambios tecnolóxicos e adaptarse realizando un gasto eficaz e eficiente, como se está a facer noutras administracións, aínda que con presupostos moito máis altos, como é o caso de Turespaña, con case dous millóns de euros, e tamén a plataforma turística online de Andalucía, con perto de seis millóns e medio de euros.

O 70% dos viaxeiros entran en Internet a diario, segundo un informe de *Lookinside.travel*, presentado estes días por *Google*, precisamente. Este é un dato suficientemente considerable a efectos da aposta pola renovación da páxina web de Turgalicia, que é a ventana ao mundo do turismo na nosa comunidade e que constata como a tecnoloxía e a innovación favorecen o proceso de comercialización e a competitividade do sector turístico.

Polo tanto, señor conselleiro, dende o Grupo Popular compartimos os obxectivos deste Plan de acción que vén vostede de presentar nesta Cámara, que non son outros que os mesmos obxectivos do propio sector turístico galego. Para a recuperación, proxección e consolidación dun sector estratéxico e vital para a nosa economía, especialmente como vehículo de creación de emprego, traballaremos conxuntamente para a súa consecución.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Barros.

Réplica do conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Varela Fariña): Moitas grazas, presidente.

Señorías, o Plan de acción que presente agora penso que demostra que apostamos polo fortalecemento do sector turístico en Galicia por encima de calquera outra cousa. A con-

sellería ten claros tres obxectivos que serán de aplicación fundamental no sector polo que resta de lexislatura. Non vamos a deixar ningún ámbito desprotexido deste sector estratéxico que é o turismo e vamos a priorizar aqueles que funcionen como dinamizadores da economía galega. Estamos a respectar e respectaremos todos os compromisos adquiridos dende que nos puxemos ao fronte do departamento e optimizaremos o gasto para evitar o despilfarro e centramos en políticas que sexan realmente rendibles, prioritarias e útiles.

Estamos a deseñar e a levar a cabo unha política turística que pensamos que é radicalmente nova para Galicia, e estámola a facer en consenso co sector, sempre segundo os obxectivos marcados neste Plan de acción. Teñan por seguro que dedicaremos todos os nosos recursos dispoñibles a manter e incrementar o número de visitantes na nosa comunidade, máis alá do reto actual que supón a celebración do Ano Xacobeo.

Señoras e señores, dado o actual contexto de crise e o aumento da competencia doutros destinos turísticos, debemos saber posicionar estratéxicamente a Galicia no ámbito tanto do turismo nacional como do turismo internacional. A tarefa que temos por diante non é doada e require do noso máximo compromiso, rigor e traballo, pero é fundamental para revitalizar a nosa imaxe exterior e situar a nosa comunidade nun lugar salientable dentro dos circuítos turísticos mundiais.

Dito isto, que é a base do que é o Plan de acción, pasarei a contestar algunhas das cuestións suscitadas neste debate. Efectivamente, está cheo de estudos, non se pode facer doutra forma, é difícil facer un plan de acción se previamente non se fan os estudos correspondentes ou as fortalezas, as debilidades, as ameazas, as enquisas. ¿Que hai de malo en facer estudos? Precisamente, para deseñar unha política turística é imprescindible estudar como está o terreo, como está o campo, escoitar as asociacións, os profesionais. Non hai nada de malo en participar en reunións, en sacar conclusións delas, en reunirse cos sectores, cos hosteleiros, cos donos das casas rurais. Eu non vexo que haxa un exceso de estudos, o que hai é que facer simplemente as cousas medianamente ben para poder tomar as decisións correctas.

Polo que se refire á privatización da central de recursos, eso téñolle que decir, señoría, que é unha solicitude que fixe-

ron as propias casas rurais, que necesitaban unha central para establecer o sistema de reservas.

A relación de cultura e turismo, eu penso que iso está claro. A consellería chámase precisamente Consellería de Cultura e Turismo, e a cultura forma parte e vai a formar parte sempre dun dos nosos máis importantes atractivos turísticos. Como ben quedou demostrado ao falar de patrimonio, ao falar de gastronomía, estamos a falar sempre de cultura, e, polo tanto, tamén de turismo e de cultura, como parte fundamental dese atractivo que ten Galicia.

O logo do Xacobeo en Venezuela. Pois a verdade é que non hai ningún problema en utilizar o logo. O Xacobeo non financiou ningunha actividade relacionada co Partido Popular en Venezuela. O logo pódeno usar vostedes cando queiran en todos os seus actos, non hai ningún problema. O logo do Xacobeo o que significa é a promoción do Xacobeo de Galicia fóra, e polo tanto non está condicionado a nada, simplemente está condicionado a que non se use, por suposto, comercialmente, nese caso o teremos en conta; pero non impedimos o uso do logo a ninguén se é con motivo de promocionalo no exterior.

Polo que se refire á operación Retablo, bueno, eu penso que ese tema xa foi tratado aquí, non vale a pena volver. Eu penso que non vamos a entrar a facer valoracións que non sexan respaldadas polos feitos probados nin moito menos especulacións, nin faremos inxerencias de ningunha clase. Eu penso que non só por parte da Xunta se levaron a cabo as medidas que estaban na súa man para garantir que esas persoas non participaran en ningún proceso de contratación e negociación ou resolución de expedientes administrativos, senón que se personou, ademais, a consellería neste procedemento como parte perxudicada, de acordo coas recomendacións –como se dixo anteriormente– derivadas da solicitude formulada pola propia Consellería de Cultura e Turismo e a Asesoría Xurídica Xeral, e se persoará así mesmo como acusación particular en función das directrices desa Asesoría Xurídica Xeral. Polo tanto, non vale a pensa seguir insistindo neste tema nin intentar vincular persoas con cousas que non teñen absolutamente nada que ver con elas.

Tamén xa foi referida aquí a necesidade da modificación da Lei de turismo. Eu penso que esta modificación é necesaria, e é necesaria polas seguintes razóns:

Primeiro polo descontento do sector con diversas das súas medidas adoptadas na lei, por exemplo a eliminación de categorías como hotel balneario; varrendo do mapa a oferta termal especializada, por exemplo; a eliminación das pensións e toda unha serie de decisións nada pensadas para a oferta privada e para o noso destino. E, por outra banda, non se sentiu precisamente que a nova Lei de 2008 fose froito dun consenso e favorecese o sector de modo algún para saír ao mercado, hoxe global.

Así mesmo, o Consello de Turismo recollido nesta lei tiña menos vogais e menos competencias que anteriormente, ao final da lexislatura anterior, e o sector manifestou o seu descontento con este feito, en relación con este recorte de representación e de funcións, logo xa da primeira reunión que mantivemos cos representantes da hostelería, pero tamén reiteradamente a posteriori. Todos comprenderán, señorías, que cunha necesaria modificación para a adaptación á directiva de 2006, insisto, que a Lei de 2008 obviou deliberadamente, e co descontento do sector, que se negaba a aceptar un recorte da representación e das competencias no consello, e ademais unha necesaria modificación da lei por moitas outras razóns, das cales xa puxen algún exemplo, a modificación desta lei seguimos a pensar que se fai imprescindible.

Por outro lado, tamén se pon en cuestionamiento a elección do director do plan. Eu penso que o traballo que fixo o señor Manuel Figuerola foi excelente, e, deixando á parte as conxecturas que vostedes poidan plantexar, hai que destacar o seguinte:

En primeiro lugar o seu intachable curriculum e experiencia profesional dentro do mundo do turismo. Doutor en Ciencias Económicas pola Universidade Complutense de Madrid. Galardoado coa medalla ao Mérito turístico concedida polo Goberno español. Posee numerosos galardóns: o Premio Nacional da Concordia 2008, tamén concedido pola Confederación Empresarial Española de Hostelería. En fin, eu penso que a elección non se pode discutir porque penso que foi acertada.

Tamén fan vostedes referencia a Vueling, volven vostedes con Vueling e co señor Piqué. En relación coa colaboración da compañía do señor Piqué, como vostedes din, Vueling, reitero que lle podía dar unha resposta moi sencilla e lla

vou a dar. O criterio foi o de conveniar estes patrocinios publicitarios exactamente coas compañías coas que viña conveniando tradicionalmente a anterior Dirección Xeral de Turismo a través de Turgalicia. O Xacobeo traballou con Vueling, o Concello de Santiago, a través de Incolsa, traballou con Ryanair, e o Concello da Coruña a través da Concellería de Turismo da Coruña, e o de Vigo a través de Proviso, tamén traballaron co señor Piqué no Goberno anterior. Non vexo problema en seguir traballando con Vueling, porque son precisamente estas compañías as que requiren, as que teñen todas as condicións que nós esiximos, que son os destinos aos que voan, aos que propoñen voar, non só desde o punto turístico senón tamén destinos de interese para os galegos; a superación do 75% de venda a través de Internet; os custos medios de pasaxe de avión; a importancia do mercado galego para a compañía; a existencia de códigos compartidos con outras compañías e a existencia de compromisos previos por parte dalgún concello con dificultades de afrontalos, como foi o caso de Santiago.

Estes criterios rigurosos, señorías, xunto cos antecedentes de negociacións existentes, avalan perfectamente a nosa colaboración con Vueling, e non vemos que haxa ningunha sorpresa en seguir traballando coa mesma compañía coa que traballaba o Goberno anterior, neste caso Vueling.

Tamén saleu aquí a cuestión a nova páxina web de Turgalicia. Destacou a señora deputada do Grupo Popular, efectivamente, a diferenza orzamentaria coa páxina web de Turespaña, de dous millóns de euros, a de Valencia, por exemplo, tamén, e moi especialmente coa web de Andalucía, que supera por varios millóns de euros o prezo da nosa páxina web. Polo tanto, penso que o traballo que se fixo para redactar este Plan de acción, por moito que se diga que era superficial, que dicen que non está cuantificado, por suposto está cuantificado, fun enumerando os orzamentos de cada un dos plans. Sinto que lle parezca que hai demasiados estudos, eu penso que fixeron os estudos que había que facer. Eu penso que para traballar en turismo, para traballar en marketing, para traballar e traer máis turistas a Galicia, é necesario, sin ningún xénero de dúbidas, unha elaboración previa, unha análise da situación. para desa maneira poder chegar a bo porto, que é traer a Galicia o maior número de turistas posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleiro.

Apertura de rolda especial de aclaracións.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Gracias, señora presidenta.

Señor conselleiro, primeiro, eu creo que vostede ten unha pequena confusión, que igual tamén é a confusión que ten o Partido Popular, para diferenciar un acto dun partido dun acto institucional. Efectivamente, este logo que pon Xacobeo 2010 Galicia, que vostede sabe perfectamente que é unha marca rexistrada, que vostedes se empeñaron en cambiar o logo que xa existía, e iso supuxo, no seu tempo, perder uns meses para a busca de patrocinadores, as empresas que o empregan teñen que ser patrocinadores. ¡Home!, vostede acaba de dicir aquí que libremente se faga uso dunha marca rexistrada. Supoño que despois se desdecirá do que dixó, porque, efectivamente, o que nós lle decimos é que vostedes confunden o ámbito institucional co ámbito partidario, e iso se ve neste acto e iso se ve na utilización dun logo, que é un logo da Xunta de Galicia, e que efectivamente fan uso del aqueles que son patrocinadores, como as empresas que o están facendo, e, evidentemente, como non podía ser menos, a Xunta de Galicia como institución.

Outra cuestión á que si quero adicarlle un minuto é o tema da Lei de turismo, porque me parece que é paradigmático da súa forma de gobernar e que é paradigmático deste Plan de acción. Unha das actuacións é facer unha nova lei de turismo, por seis motivos.

Primeiro, di “pola obrigabilidade á transposición da directiva”. Señor conselleiro, vostede supoño que xa sabe perfectamente que neste momento, a través da lei que aprobamos neste Parlamento, a Lei 1/2010, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Directiva de servizos, publicada o 23 de febreiro, que entrou neste Parlamento o 12 de decembro do ano pasado, vostede sabe que no artigo 21 se modifica a Lei de turismo vixente, co cal non fai falta facer outra lei, está esa lei adaptada. E vostedes poñen aquí neste Plan de acción: claro, é que no seu momento non foi adaptada. Pero mire, señor conselleiro, é que xustamente era

imposible, porque era necesario agardar a que o Estado fixera unha lei [...], que eso ocorreu o 23 de novembro de 2009, e a Lei de turismo foi aprobada previamente, logo ese argumento non nos vale.

Segundo. Contradicións entre a exposición de motivos e o articulado. Eu non vin as contradicións. Agardo que cando debatamos a lei me diga cales son, porque o queremos saber.

Falta de consenso co sector. De todas as aportacións do sector se aceptou o 90%, foi consensuada con todo o sector do turismo. De feito, tal foi así que, cando vostedes din que se elimina a categoría de hostais, recordarlle –seguro que vostede o sabe, señor conselleiro, ou se non que o informe a súa secretaria xeral de Turismo– que a categoría de hostais a eliminou o Goberno de Fraga en 1997. Na Lei de 1997 se elimina a categoría de hostais. Claro, por favor, estudar si, pero estudien tamén o que poñen aquí, non fagan os estudos para despois. Polo tanto, agora o que quedaba na Lei do 97, no seu artigo 30, era hoteis e pensións. O sector pediu eliminar a categoría de pensións, e de feito se eliminou. Por favor, borren esto dos hostais porque é para sacarlle os colores a calquera.

Segundo e último, o de hoteis-balneario, que tamén se fixo moita referencia. Efectivamente, non aparecía no seu momento a categoría hotel-balneario porque Sanidade consideraba no seu momento –e é un criterio que hai que seguir– que este é un establecemento de saúde e que podía levar a determinados erros, podía levar a determinadas confusións. O que pedimos, se vostedes a van a incluír, é que vai significar iso, cal é o criterio neste momento da Consellería de Sanidade a este respecto e por que se inclúe. Pero, en todo caso, se estes son os motivos polos cales teñen que facer unha lei, realmente dígame vostede se isto non é revanchismo político, puro e duro revanchismo político.

A lei era tan ampla que vostede o que debería estar facendo era desenvolvela, debería estar desenvolvendo regulamentariamente todo o que nesa lei –que igual, hasta vou facer autocrítica, é demasiado ampla e algúns aspectos os deixaba para unha regulación posterior– vostede debía estar regulamentando; e o que está facendo é: paramos, agora que paramos, desfacemos, e agora que xa desfixemos, ¿que facer?, pois un plan. Pois así estamos, a facer este Plan de acción que vostede nos trae aquí.

E, síntoo, non concretou accións na súa intervención, non as concretou, e non concretou accións e orzamentos. Non me dixo, efectivamente, como se explica vostede, como se explica a Consellería de Cultura e Turismo, que no mes de marzo, con Semana Santa dentro dese mes de marzo, existan 80.000 pernoctacións menos que no mes de Semana Santa de 2009, que todos sabemos que era un dos peores anos do turismo no Estado español.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Efectivamente, xa remato.

Señor conselleiro de Cultura, xestione o que ten. Todavía ten o 50% dos albergues sen licitar; por exemplo, como o de Betanzos, a casa comprada polo anterior Goberno e aínda non comenaron as obras. Xa se acabou o tempo das boas intencións, de boas intencións está o inferno cheo, é necesario accións e orzamentos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Adán.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona María Remedios Quintas Álvarez.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Gracias, señora presidenta.

Mire, señor conselleiro, facer estudos, facer plans, está perfecto e ademais hai que facelo. O que non se pode é vir a presentar aquí como algo sen precedentes algo que non está orzamentado, algo que non ten valor no tempo, etc.

Miren, neste plan falan vostedes de sinalización transfronteriza, ¡hai que ter pouca vergonza! É que o Consello da Xunta saca unha partida para sinalización transfronteriza para a Diputación de Ourense e de Pontevedra. Por certo, a Diputación de Ourense non sabe nada a unha pregunta dos deputados provinciais do Partido Socialista.

Rehabilitación e adaptación de instalacións turísticas. Xa llo dixen, o Goberno de Galicia, cero, cero euros para rehabilitación de instalacións turísticas. Os créditos que hai para

rehabilitación turística veñen do Goberno de España, vostedes non puxeron nada.

Relacións institucionais. ¿Como? ¿Evitando o pacto local?, ¿abandonando os concellos?, ¿firmando esos convenios que vostedes firmaron no Xacobeo, que parece que estamos nun país en estado de excepción, que obligan aos concellos a comprar colchonetas, a alquilalas e logo non llos van a pagar hasta o mes de novembro ou decembro? Que moitos concellos pequenos van a ter que ir a unha ampliación de crédito. Bueno, ¡unha vergonza!

¿Defensa da paisaxe? Bueno, o Observatorio da Paisaxe, que lles quedou feito, vostedes todavía non o teñen posto en marcha.

¿Liñas aéreas? Non vamos a falar, señor conselleiro. Vostede presentou aquí un estudo sen precedentes, da señora secretaria, que en Comisión non quixo ensinar, non nolo deu polo artículo 9; esta señora, á parte de negar publicamente nunha Comisión que non vai a pór en marcha regulamentos que prescribe a lei, pois, bueno, dice estas cousas. ¿Que Vueling está traballando con moitos concellos? Claro que si, pero vostedes, señores do PP, lle deron as liñas máis beneficiosas; despois que o estudio sen precedentes dixera que as liñas de baixo custo non aportaban nada ao turismo. Bueno, entón vamos a chamar ás cousas polo seu nome.

Camiño de Santiago. É que volvemos ao mesmo, é unha osadía falar do Camiño de Santiago neste plan que estiveron estudiando non sei cuantos meses e reuníndose non se sabe con quen nin como nin donde nin como se chama esa xente. ¿Entendido? É que é unha vergonza. Cuando vostedes ao Plan corrector de camiños, orzamentado con 12 millóns de euros, cero patatero. Cuando o señor presidente da Xunta vai a Ourense e ten a pouca vergonza de decir que Leonard Cohen vai a vir a Ourense cuando non ten espacio, cuando non ten orzamento e cuando na páxina web de Leonard Cohen non hai previsto nada de maio a setembro, nada de nada. Cincuenta actos máis que van a ser sorpresa. Es que a ustedes esto del sin precedentes, da sorpresa y lo guay del Paraguay ¡es que le va mucho! (*Aplausos.*)

Melloras dos idiomas. Nos parece moi ben que neste estudio marabilloso, sen precedentes, vostedes se dediquen a falar de educación. Por certo, rebaixaron o orzamento en

educación ao máis baixo da historia. Das escolas de idiomas, case, señor conselleiro, pregúntelle ao señor conselleiro de Cultura o que fixo coas escolas de idiomas. En calquera caso é un descoñecemento, ¿que o van a aplicar para o próximo curso?, porque neste momento non, nin para o próximo. E, á parte, os obxectivos en educación, en ensino obrigatorio, están definidos, tamén as horas e tamén a habilitación do profesorado. Esto deberíase saber dende o Goberno galego.

E no ensino non obrigatorio, bueno, é dicir, eu non teño que facer ningún tipo de consideración ao respecto deste señor que asesora este plan, estudio, reunión e toda esta cousa. Non teño nada que dicir, pero, bueno, dunha vez por todas, vostedes miren para Galicia, miren por Galicia, traballen en Galicia. O seu presidente anda de campaña polo Estado adiante decindo como se arreglan as cousas. Aquí ten todo patas arriba, pero anda por aí vendendo

E logo, promoción. Falou vostede aquí da promoción e publicidade. ¡Claro, claro, claro, claro! É que vostedes ás empresas que lle dan a promoción e publicidade do Xacobeo e do turismo de Galicia, estas del “Galicia es cuando, Galicia es donde”, estas son amigas súas; a estas se lles dá a maior adxudicación. E, á parte, pois traballarán moito; cobrando, claro, como ten que ser.

¿Fomentar o emprego? Bueno, é que claro que hai que fomentar o emprego, pero para eso hai que orzamentar, para eso hai que dedicarse ao país, e é que no último ano as cifras do paro non paran de crecer. E o seu presidente —lle repito— dixo: non é previsible hasta finales de 2012 aquí solucionar nada. Co turismo moitísimo menos.

Esto é o que nos veu presentar aquí. ¿Cuales son os datos reais? Os datos reais do turismo despois dun ano...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ:... —remato, señora presidenta— no que vostedes están estudando, planificando e reuníndose, que está moi ben, en xullo e en agosto a ocupación descende respecto de 2008. No turismo rural, por certo, que en 2004 subvencionou moi ben o PP para recuperar casas de turismo rural para familiares do PP e que agora a señora secretaria xeral quere volver a incrementar, bueno, a ocupa-

ción é do 12,3. En xaneiro a ocupación de hoteis en Galicia chegou ao 20%, menor cá do Xacobeo do 2004. O sector hostelero perdeu en xaneiro un 5% de usuarios, 22.000 pernoctacións. En Semana Santa, non me vai a dar tempo, señor conselleiro, pero vostede sabe a realidade da Semana Santa. Non vale sumar os datos dos festivos cos datos de Ferrol e de Viveiro...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ:... é que vostedes non teñen nada que ver neso. É que a Asociación de Hosteleiros foi a que puxo por riba os datos de Semana Santa co efecto Xacobeo.

Entonces, moi ben as reunións, moi ben o estudio, moi ben os plans; ahora, por favor, fagan algo por Galicia. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Quintas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Barros Sánchez.

A señora BARROS SÁNCHEZ: Gracias, señora presidenta.

Bueno, señor conselleiro, a verdade, despois de todas estas exposicións por parte das dúas voceiras, tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego, non podemos máis que concluír que son as mesmas acusacións de sempre. Polo visto, todo o que facemos non é serio. Sen embargo, nos moitos plantexamentos, mesmo nos que veñen de plantexar cando se fixeron as propostas de resolución para o debate do estado da Autonomía, eles mesmos propuxeron que presentamos un plan deste, un plan do outro, e agora acúsannos de que nós somos o Goberno dos mil e un plans. *(Aplausos.)*

Pois, mire, decía a señora Quintas que non é serio este plan, que non é serio, sin máis, por non ser sometido ao Regulamento da Cámara. Eu son nova, pero penso que vostede xa saberá tamén que iso non é obrigatorio hasta onde eu sei. E, sen embargo, vostede —como a voceira do Partido do Bloque Nacionalista Galego— foi convocada, as dúas foron convocadas, igual que fun convocada eu, cando se fixo o debate do estado do Turismo amais cando se fixeron todas as

alegacións e os plantexamentos para participar no desenvolvemento deste Plan de acción, pero non apareceu, vostedes non estaban, eu non as vin. *(Aplausos.)* Aí tiveron vostedes a oportunidade de plantexar todas cantas cuestións quixeran e aportar todas esas medidas que vostedes din que hai que tomar. Pois si, claro que hai que tomalas, neso estamos; pero xa tiveron a oportunidade e non o fixeron, e non a aproveitaron.

Tamén critican, unha vez máis, xa explicou o señor conselleiro a razón de por que foi plantexado este estudio, por que foi encargado ao profesor Figuerola, que xa el explicou a relevancia da súa personalidade nos estudos turísticos e o seu recoñecemento profesional. Pois mire, eu non sei cal é o problema, porque xa, á parte de ser un profesional de recoñecido prestixio nos estudos turísticos, foi convocado para traballar neste plan porque era unha visión externa. Todos os entes implicados no sector do turismo de Galicia: as universidades, os profesionais do sector, os encargados desde o punto de vista político, todos, absolutamente todas as personalidades e as autoridades no turismo de Galicia foron convocadas, xa aportaron os seus coñecementos, pero el aportou unha visión externa, dende fóra de Galicia, que, por certo, eu, que participei nese debate e nese desenvolvemento do plan, podo decirlle que foi moi interesante e que, a verdade, a conclusión está neste resúmen que hoxe se presentou aquí deste Plan de acción. Esas 56 accións, que van a ser o que necesitaba o turismo de Galicia, reflicten as necesidades do sector e reflicten as medidas que hai que levar a cabo para non dar golpes no aire e tomar medidas a salto de mata como se fixo no anterior Goberno do bipartito.

Amais diso, decía vostede tamén, señora Quintas, que non tiñamos planificacións de inversións reais. Pois mire, si que están, precisamente o presuposto da Xunta de Galicia foi feito con inversións reais, con dotacións reais, e xa se veu avisando do que había amais do que non había. Hai dotacións presupostarias, este Plan de acción ten máis de 8 millóns de euros de engádegas para levar a cabo o Plan de acción do turismo de Galicia. ¿Que quería? ¿Que fixeramos como fixeron vostedes coa Lei da dependencia? Esa si que foi unha falla de dotación real, e agora ten que pagar Galicia o que non está pagando o Estado.

E, señora Adán, eu tamén quería insistirlle no que vostede plantexaba neses tres estudos sen precedentes, sen con-

crecións... Son concrecións, son 56 medidas a levar a cabo moi concretas. E claro que hai que ter obxectivos, ¡por suposto! Esas 24 accións vanse a levar a cabo para o desenvolvemento deste plan.

Xa faláron do tema do Xacobeo, xa non vou a falar máis da visita do señor Rueda Valenzuela, pero, mire, para este Goberno, para esta consellería, é importante para todo o Goberno e para todos nós o logo do Xacobeo, figura incluso en toda a papelería da Xunta de Galicia, non fai falla que patrocine nada. Quizá vostede esté confundindo isto cos mojitos da Habana famosos, pero non é o mesmo caso. *(Aplausos.)*

Non poderíamos facer agora referencia, lamentablemente, a cada unha das 56 actuacións deste Plan de acción no que se enmarcan estas políticas básicas para o desenvolvemento do noso turismo. Lamentablemente non o podemos facer, pero mire, facemos o mesmo que xa fan outros organismos coñecedores do turismo a nivel mundial como a OMT, que presentou tamén un plan de medidas para levar a cabo que tamén foi a petición do sector turístico mundial. Un plan de medidas activas, de estímulo, para mitigar o impacto da crise e estimular a recuperación e o posicionamento do turismo. Algunhas delas xa foron expostas incluso neste Parlamento, como a redución do IVA turístico ou a rebaixa das taxas aeroportuarias e portuarias e incluso o ceo único europeo, que vostedes votaron en contra, non as apoiaron, e, sen embargo, agora mesmo, onte, o Goberno central vén de firmar un pacto local para implantar o ceo único europeo. Lamentablemente, porque por culpa do volcán de Islandia tivo que ser así.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Barros.

A señora BARROS SÁNCHEZ: Non esperarán –remato, señora presidenta– vostedes a que haxa ningunha catástrofe máis, pero tampouco esperamos nós que vostedes vaian apoiar este Plan de acción. Polo que, lamentablemente, que non apoiem este Plan de acción significa que non van apoiar as necesidades do sector turístico, porque aquí están recollidas, nestas 56 medidas que se van a levar a cabo.

Moitas felicitacións, señor conselleiro, por todo este traballo en tan pouco tempo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra, para pechar este debate, o conselleiro de Cultura e Turismo, don Roberto Varela Fariña.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Varela Fariña): Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados e deputadas, moitas grazas polas súas aportacións, me alegra, me satisface, que se haya provocado un debate, porque deso se trata. Sigo pensando que o debate do estado do Turismo, que é o que serviu para facer de base este Plan de acción, sigo a insistir, non ten precedentes. Nunca se fixo e nunca se participou de maneira tan extensiva coa participación colectiva da Administración turística galega e tamén cos sectores.

Tamén recordo que, como dixo a señora deputada do Partido Popular, asistiron todos excepto as voceiras de turismo do Grupo Parlamentario dos Socialistas e do Bloque Nacionalista Galego, a pesar de ter sido convocadas. Polo tanto, penso que dalgunha maneira non queren implicarse nun proceso que ademais penso que é fundamental para toda Galicia, que é traballar no sector turístico, que, como dixen antes, forma unha parte moi importante do PIB de Galicia.

E non é certo que non haxa medidas neste plan, porque precisamente o que hai é a enumeración de 56 medidas que se van a facer e que están perfectamente orzamentadas. De feito, a consellería adicará a programas referentes ao turismo en total, no ano 2010, incluíndo o Xacobeo, máis de 70 millóns de euros, o que é máis do 40% do orzamento de toda a consellería.

A execución completa deste plan, ademais, custaría un importe de 8 millóns de euros adicionais aos orzamentos turísticos durante a actual lexislatura, posto que en moitos casos simplemente recomenda cambios de estratexia.

O noso apoio sen fisuras ao sector turístico galego queda perfectamente plasmado na creación destas novas liñas de subvención, que veñen a cubrir necesidades ata o de agora esquecidas, como é o caso das melloras do turismo no medio rural, 2,6 millóns de euros; o termalismo, 3 millóns de euros;

a creación e mellora de establecementos turísticos, 3,8 millóns; axudas á comercialización, mellora de cámpings e creación e mellora de turismo activo; creación de aldeas rurais e mellora de restaurantes.

Outro dos obxectivos fundamentais que este Goberno se marcou dende a súa chegada á Xunta de Galicia é rematar precisamente co problema da excepcionalidade, e só no ano 2009 adicamos a este propósito, como dixen na miña intervención, un millón de euros na campaña de desestacionalización rematada o pasado decembro.

Pois ben, podo anunciar tamén hoxe que é a primeira vez que se lanza desde a Administración turística galega un plan de desestacionalización en colaboración co sector privado e os padroados provinciais, para todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega, tendente a lograr unha maior ocupación dos nosos establecementos turísticos nas épocas de menor demanda.

Señorías, os nosos esforzos non están a caer en saco roto, así o demostran os incontestables datos do mes de marzo para Galicia recollidos na enquisa de ocupación hoteleira do Instituto Nacional de Estadística –repito, Instituto Nacional de Estadística–, que dá os seguintes datos. E ademais me gustaría aclarar a situación de Semana Santa.

Eu, se non recordo mal, o Xoves Santo foi o 1 de abril, non sei a que lle chamarán vostedes Semana Santa, pero, en fin, como mínimo recoñeza que está repartido entre os dous meses.

O Instituto Nacional de Estadística di nas enquisas relativas ao mes de marzo o seguinte –e eses son datos do Instituto Nacional de Estadística–: Aumentamos o número de viaxeiros aloxados en establecementos hosteleiros en Galicia nun 14% respecto a marzo de 2009 e un 9,6% –é dicir, case o 10%– respecto ao Ano Xacobeo 2004. Vostede dirá que estas medidas eran moitos estudos e moito bla, bla, bla, pero os resultados, desde logo, están aquí.

Aumentamos tamén o total de viaxeiros nacionais nestes establecementos en máis de 15 puntos, e de viaxeiros internacionais en 6.

Incrementamos a cifra de pernoctas nun 10,6% fronte a marzo de 2009, e nun 11,6% fronte ao 2004, situándonos tres

puntos por encima da media nacional. E eso o di o Instituto Nacional de Estadística.

Triplicamos a variación de ingreso por habitación en relación co Estado, que é dun 9,3%, fronte ao 3% do nivel nacional. E invertimos a tendencia descendente no tocante aos prezos hosteleiros.

Señorías, seguimos consolidando esta recuperación do sector turístico galego que xa acadamos nos dous primeiros meses do ano. Así, fronte ás cifras rexistradas no primeiro trimestre do 2009, non só conseguimos aumentar o número de viaxeiros e pernoctacións nun 4% e nun 2,1% respectivamente, senón tamén acadar unha cifra récord na ocupación dos nosos albergues, superando nun 19% as pernoctas do primeiro trimestre do Ano Santo 2004 e duplicando as do ano 2009.

Esos son datos reais e están aí, pertencen ao Instituto Nacional de Estadística, acaban de saír e teño unha enorme satisfacción de poder anunciarlos. Polo tanto, estamos polo bo camiño, temos crecido o 14% en relación co ano 2009 e, repito, o 10% co último Xacobeo, polo tanto, aquí si estamos a falar de resultados.

Gracias ao inxente traballo realizado nestes meses estamos a superar os obxectivos que tiñamos marcados para este ano. Porque nós traballamos con obxectivos, e por eso se fan os estudos; non traballamos con previsións, traballamos con obxectivos.

As ambiciosas medidas e as contempladas no Plan de acción que hoxe lles presentei contribuirán, sen dúbida, a consolidar os beneficios para o noso sector turístico nos vindeiros anos, e así esperamos que sexa.

Polo tanto, agradézolle a súa atención e moi boas tardes.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleiro.

(A señora Adán Villamarín pide a palabra.)

Si, señora Adán, ¿para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Déanlle voz ao escano.

¿Si, señora Adán?

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Unha cuestión de orde.

Simplemente porque tanto a voceira do Partido Popular como o propio señor conselleiro na súa última intervención dixeran que se nos convocou a unha xuntanza. Eu, pola miña parte, como esta deputada...

A señora PRESIDENTA: Vamos a ver, señora...

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Quero dicilo porque non teño turno de réplica. Parece...

A señora PRESIDENTA: Vamos a ver, vostede estivo no debate e estivo nos dous turnos. Simplemente...

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Eu fun convocada verbalmente –desculpe a miña insistencia–, hasta hoxe non sei, por unha cuestión persoal, fun convocada verbalmente pola secretaria da secretaria.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Pero cómpre que o conselleiro o saiba. Hasta hoxe non tuven resposta.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Adán.

Pasamos ao punto 3 da orde do día, das mocións.

Teño que decir que, estando de acordo os distintos grupos parlamentarios e os autores da moción, comezaremos por debater a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Acuña do Campo e tres deputados máis, sobre os compromisos adquiridos no contrato de xestión asinado polos hospitais e áreas de saúde galegas para o ano 2010 no referente ás listas de espera, á informatización da historia clínica e á prescrición de xenéricos, así como ao rendemento cirúrxico

A señora PRESIDENTA: A esta moción presentáronse as seguintes emendas.

A número 32518, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza, e a número 32517, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz.

(O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Ana Luisa Bouza Santiago, ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Moción doc. núm. 31392, do Grupo Parlamentar Socialista, sobre os compromisos adquiridos no contrato de xestión asinado polos hospitais e áreas de saúde galegas para o ano 2010, no referente ás listas de espera, á informatización da historia clínica e á prescrición de xenéricos, así como ao rendemento cirúrxico, que será tratada na sesión plenaria do día 27 de abril de 2010. (08/PNP-0049).

Emenda de Adición

Débense incorporar aos do texto resolutivo da Moción os seguintes puntos:

“7.- Que se elimine a retroactividade no cumprimento de obxectivos, iniciándose a súa medición dende a sinatura dos acordos.

8.- Que se asignen os obxectivos ligados a incentivos a profesionais que teñen a responsabilidade directa de modificar eses indicadores.

9.- Que se aporte a cada acordo, unha táboa cos valores de partida de cada indicador, nomeadamente naqueles con obxectivos ligados a incentivos.

10.- Que se engadan indicadores de actividade total que incorpore actividade ordinaria e extraordinaria.”)

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre os compromisos adquiridos no contrato de xestión asinado polos hospitais e áreas de saúde galegas para o ano 2010, no referente ás listas de espera, á informatización da historia clínica e á prescrición de xenéricos, así como ao rendemento cirúrxico. (08/MOC-0049 (31392)).

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Substituirase o texto da Moción polo que segue:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a desenvolver e implantar as liñas estratéxicas contempladas no “Acordo de Xestión 2010”, presentado polos Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde aos responsables dos centros sanitarios, e estes aos profesionais, para avanzar na mellora continua dos servizos sanitarios, de acordo coas prioridades establecidas pola Consellería de Sanidade, e realizar o seu seguimento, tal e como está contemplado nos propios acordos.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a moción, ten a palabra dona María do Carmen Acuña do Campo, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Gracias, presidenta.

Bo días, señorías.

Interpelábamnos no pleno pasado á conselleira de Sanidade sobre os acordos de xestión, e máis concretamente sobre a repercusión que estes acordos ían ter no día a día da sanidade pública galega. Bueno, iso de interpelar é un dicir, xa que a señora Farjas eludiu o debate e limitouse a describir uns acordos xa coñecidos, pero sen entrar en valoracións, sen querer sopesar a repercusión que van ter na práctica sanitaria diaria e sen, por suposto, contestar a ningunha das nosas preguntas.

O único que fixo, por certo, teño que dicir, no turno de peche, foi intentar xustificar algunhas das supresións que nós mencionábamnos. Por exemplo, a supresión das unidades móbiles do cancro de mama, que xustificaba falando da creación de sete unidades permanentes nos hospitais comarcais.

Pois ben, nos houbera gustado que, de querernos informar, a señora Farjas nos houbera informado, que nos describira exactamente cal e canto vai ser o persoal propio, propio e específico, con que van contar esas unidades, onde ían orzamentados e onde ían contemplados eses aumentos, eses incrementos de persoal, nos hospitais comarcais. Porque, señorías, mentres o Goberno popular non o faga así, o seu discurso vai seguir parecendo o que realmente é: desculpas de mal pagador.

Pois ben, hoxe pretendemos con esta moción dirixirnos ao grupo maioritario, ao Grupo Parlamentar do PP, para que acepten o que nós propomos para mellorar eses acordos.

Na interpelación xa nos facíamos eco do que está resultando ser o máis grande problema disto: o malestar que os profesionais –que, por certo, non podemos esquecer que son os que os van ter que levar á práctica– teñen ante estes acordos. Aínda que neles se recolle textualmente a implicación dos profesionais, é imprescindible para acadar os obxectivos, e o esforzo dos equipos directivos e dos profesionais na toma de decisións será un factor crítico de éxito. Pois a verdade é que máis ben ímolo deixar neso, nun factor de crítica, que non crítico, xa que participación dos profesionais na toma de decisións, directamente non houbo.

Traemos de novo algúns correos que se intercambian en torno aos acordos eses profesionais que son os que teñen que acadar eses obxectivos, nos que din cousas como estas: absoluta improvisación da xerencia, obxectivos pechados, aínda non nolo presentaron e xa estamos no mes de abril, etc. Por iso pedimos nesta moción á Consellería de Sanidade que se consensúen eses acordos cos profesionais. Nós estamos convencidos de que, se non se contou co persoal, foi unha cuestión de concepto, porque á actual consellería non lle interesa o máis mínimo o que pensan os profesionais, e ademais non parece tampouco sentir moito respecto hacia eles. Isto explicaría que dende que o Goberno popular chegou ao Goberno esté empeñado en suprimir e en incumprir sistematicamente todos os acordos alcanzados cos traballadores e as traballadoras nas mesas sectoriais durante a lexislatura pasada. Iso, ademais de dedicarse a idear toda sorte de recortes para o persoal, tanto no referente ao salario como no referente aos dereitos laborais; o último, os traslados.

Unha consellería de Sanidade, señorías, que camiñe de espaldas ao mellor que ten, que son os recursos humanos, mal vai funcionar e mal está funcionando, como demostran as listas de espera que se acaban de publicar e que seguen a medrar, aínda que o señor Feijóo e a señora Farjas continúen a negalo e a tratar de tapalo con burdas manobras de camuflaxe e de maquillaxe. Camuflaxe como o conto das prioridades.

Agora saen falando de gravidade como o gran descubrimento para tapar a desfeita, para que non miremos o que

realmente está a pasar. Señorías, sempre –e algúns o saben moi ben–, sempre se priorizou a gravidade.

E ademais do camuflaxe desa manobra de distracción, é tal o lío que teñen vostedes montado coas listas de espera que tamén necesitan usar o maquillaxe. A lista non estrutural que leva incrementándose en máis dun 40% co Goberno do PP, aínda que nalgúns hospitais é moito peor. Así, na lista non estrutural de Vigo están máis do 56% dos que esperan para operarse, que é moito decir. Santiago ocupa o segundo lugar deste triste ranking e Ourense o terceiro.

Gustárame coñecer agora a verdadeira opinión do anterior voceiro de Sanidade, un ourensán ao que tanto lle preocupaban as listas non estruturais; claro, eso si, na anterior lexislatura. Pero o máis espectacular é o de Burela, que de ter 90 pacientes na lista non estrutural pasou a ter 579, algo intolerable. Por certo, resulta tamén moi estraño que ese deputado do Grupo Parlamentar do PP que sempre di ter tanto interese pola Mariña lucense esté agora tan caladiño –como, por certo, está tamén o de Ourense– ante tamaño problema.

Señorías, por todo isto, nesta moción pedimos á consellería que estes acordos contemplan medidas específicas para o control e o seguimento destas listas, para impedir que sigan medrando. Non pode ser que máis do 56% dos pacientes que necesitan operarse se saquen da lista A e se pasen á lista B para que non conten.

E qué decir da atención primaria, tan chea de programas e tan escasa de tempo. ¿Como pensan vostedes que se poden levar a cabo programas como o da muller ou o da atención ao paciente crónico en primaria sen dispor de tempo?

Na interpelación se molestaron vostedes cando eu afirmaba que os pediatras viven o inverno como unha dificultade engadida polo tempo que teñen que invertir en vestir e en desnudar os nenos e as nenas. Pois ben, e aínda que se molesten de novo, voulle decir que para o médico ou médica de primaria resulta un inconveniente ter que cambiar de consulta a outra sala, mellor habilitada para xine, a recoller unha citoloxía ou a realizar algunha exploración dentro do programa da muller, porque miren, ao dispor tan só de dous ou tres minutos por paciente, estes se consumen no camiño.

O señor Fernández protesta cando falo de que se retirou o programa da muller de primaria. ¿Como lle chama vostede a suprimir o tempo de que se dispoñía para facelo? Non se retira o programa, pero se imposibilita, que é o mesmo. Igual ocorre coa atención aos crónicos, que en moitos dos casos esixe unha visita ao domicilio, e iso si que xa é unha quimera, tanto para os profesionais como para enfermería.

Pero o que menos entendemos nós deses acordos, o que máis nos chirría, é que tendo como obxectivo [...], segundo din vostedes, a integración entre niveis, é precisamente a consellería e as propias xerencias as que fomentan as diferenzas; incentivan a cumprir cos obxectivos de distinta maneira en primaria e en hospitalaria. Ademais, en obxectivos fundamentais como son a cumplimentación da historia clínica electrónica ou a prestación de xenéricos. ¿Queremos volver tal vez ao paciente atendido no hospital e derivado ao médico de cabeceira a que lle fagan unhas recetas? ¿Ten que ser o facultativo de primaria o administrativo do facultativo de hospitalaria, pasando os datos á historia clínica electrónica e cambiando o fármaco prescrito no hospital por un xenérico? Pero ¿de que vamos?

Outra dúbida é cal vai ser o papel de primaria nesas patoloxías de atención rápida: lumbaixas e dores torácicas. ¿Outra vez o de mero solicitador de interconsulta para poder cumprir con eses prazos previstos, para ter eses casos resoltos antes de quince días? Xa que, se se piden probas complementarias dende primaria para tratar de filiar, de aproximar o diagnóstico, un se expón a non ter os resultados no tempo contemplado para ter o caso resolto.

E por último, ¿cando vai entender a consellería que non podemos ter pechados a maioría do tempo a maquinaria de alta resolución e os quirófanos de última xeración só por cabezonería mentres os pacientes esperan? Non se pode falar de que se busca aumentar o rendemento de algo cando tan só se están a utilizar oito das vinte e catro horas que ten o día; mentres os quirófanos permanezan pechados o dobre do tempo que están en uso. É dicir, mentres se usen oito horas e se pechen dezaseis, non ten ningún sentido falar de mellorar o rendemento. E nesa liña vai tamén a nosa moción.

Máis nada. Moitas grazas. Esperamos poder contar co apoio dos demais grupos. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra dona Ana Luísa Bouza Santiago.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señora presidenta.

Señorías, bos días.

Explicamos no debate da interpelación que dá lugar a esta moción que no BNG non acreditamos no sistema de café para todos, que concordamos na necesidade de poñer en marcha incentivos económicos tamén, e profesionais, ligados ao cumprimento de obxectivos como unha fórmula para mellorar a eficiencia dos servizos públicos tamén na sanidade.

Tamén entendemos que o que agora se chaman acordos de xestión, que anteriormente se chamaron na lexislatura pasada plans de obxectivos estratéxicos e que en Gobernos anteriores do Partido Popular denominábanse protocolos internos de actividade de financiamento, poden ser o marco no que se establezan estes criterios, no que se definan os indicadores, os obxectivos para cada indicador, os incentivos económicos e incluso as penalizacións económicas ligadas ao cumprimento destes obxectivos. Partimos, por tanto, dun pequeno acordo formal.

Falamos tamén, e aquí xa empezamos un certo desacordo, de que para que estes acordos de xestión sexa útiles e cumplan o seu obxectivo de planificar, de orientar a mellora da atención sanitaria, deben cumprir unha serie de requisitos.

Decíamos nós que deben ter indicadores claros, medibles, e referidos ás cuestións claves da mellora sanitaria, cuestións que na súa mellora arrastren a mellora doutros problemas sanitarios. Teñen que ter, ademais, obxectivos ambiciosos, si, pero acadábeis; obxectivos, ademais, asignados a profesionais que teñan capacidade de modificar esos indicadores, de actuar sobre eles. Non vale de nada asignar obxectivos a profesionais que non os poden modificar, sobre todo cando vai unido o cumprimento destes obxectivos a incentivos ou penalizacións retributivas.

E decíamos tamén que estes acordos deben abranguer a actividade completa dos centros sanitarios, a actividade completa no tempo, a ordinaria, a realizada en xornada ordinaria, e tamén a realizada en xornada extraordinaria. Entendíamos na interpelación, e entendemos, que os acordos presentados non cumpren estes requisitos. Ademais das dificultades do marco sanitario xeral no que se deben desenvolver, no que xa me esplallei na interpelación e que non vou volver a tocar, entendemos que teñen unha serie de cuestións concretas que fan que non cumpran estes requisitos necesarios para que sexan acordos útiles para a mellora da sanidade pública galega.

Entendemos, por exemplo, que non se pode pedir en abril, poñendo en marcha novos indicadores, un cumprimento sobre todo o ano, facendo que teña efectos retroactivos un cumprimento dun novo indicador sobre o salario do personal facultativo.

Entendemos que se deben revisar algúns obxectivos ligados a incentivos de profesionais que non poden modificar eses indicadores, e vou poñer un exemplo. Non consideramos correcto que un complemento retributivo, que un incentivo de personal facultativo, dependa, por exemplo, da implantación de dúas vías rápidas de consultas de patoloxías graves, porque eso dependerá da capacidade de quen fai a xestión dese centro poñela en marcha ou non, nunca vai depender do personal facultativo, pero si a retribución do personal facultativo vai depender de que se poñan en marcha ou non, parécenos inxusto.

Parécenos tamén inxusto que vaia directamente ao salario do personal facultativo a posta en marcha dun proceso asistencial integrado, que tamén é unha cuestión que vai depender exclusivamente das xerencias e que vai afectar directamente ao salario do personal facultativo.

Cremos que algúns obxectivos, ademais, que se poñen de maneira xeneralizada en todos os centros, non resulta xusto que teñan que cumprir eses obxectivos de maneira igual centros que parten dun cumprimento totalmente desigual, como por exemplo na taxa do uso do Ianus ou no rexistro de diabéticos. Por iso propoñemos na nosa emenda que se aporte en cada acordo unha táboa de valores de partida para cada indicador.

Finalmente cremos –como decía– que os obxectivos deben abranguer a actividade completa dos centros e non só

a actividade en xornada ordinaria. Señores do Partido Popular, non é fácil entender, se só consideramos os intereses da sanidade pública, a resistencia que teñen vostedes, que ten o Partido Popular, a falar da actividade sanitaria total, esa teima en falar só da actividade sanitaria en xornada ordinaria. É difícil de entender, porque desde esta perspectiva dos intereses da sanidade pública debería ser obxectivo prioritario o uso das infraestruturas ao máximo rendimento, e, a ser posible, as vinte e catro horas do día. Debía de ser obxectivo, e máis coas listas de espera que temos, as que coñecemos e as que nos esconden. Con todas esas miles de personas agardando por unha intervención ou por unha proba, ¿como poden seguir a falar de rendimento en xornada ordinaria? O obxectivo debería ser abrir e funcionar as vinte e catro horas, que os quirófanos non paren, que se fagan probas todo o día.

Debería ser obxectivo de transparencia –vostedes que tanto falan da verdade e da transparencia– informar de como se desenvolve o uso destas infraestruturas completamente, en xornada ordinaria e en xornada extraordinaria. Pois a día de hoxe seguimos sen ter datos do traballo que están a realizar en xornada extraordinaria; desde que vostedes chegaron ao Goberno, seguimos sen ter datos.

Debería ser obxectivo de calidade que o personal sanitario que desenvolve o seu traballo na sanidade pública se aproveite ao máximo, e máis canto máis sexa a súa competencia, e máis cando se teñen responsabilidades de xestión ou planificación, pero eses non están a ser os obxectivos da consellería. E se tuveran na cabeza nada máis que a mellora da xestión pública sanitaria, sería difícil de entender, pero non é eso o que teñen vostedes na cabeza. O que teñen vostedes na cabeza é priorizar o lucro, é priorizar a sanidade privada, é priorizar e colocar o público ao servizo do privado, é colocar o público como subsidiario do privado. E desde ese punto de vista si que se entenden as súas teimas e as súas renuncias. Desde ese punto de vista si que se entende a política sanitaria do PP.

Enténdese porque promover actividade en xornada completa supón apostar por novas contratacións, supón promover a dedicación exclusiva. Vostedes acaban de convocar unha plaza para unha xefatura de servizo en Pontevedra. No concurso de méritos o peso da dedicación exclusiva é dun 10%, fronte ao 40% que pesaba antes. O feito de ter dedicación exclusiva pasou de ser practicamente imprescindible

para acceder a unha xefatura de servizo a ser absolutamente irrelevante. Esa é a súa aposta pola sanidade pública.

¿Cren vostedes que non hai problemas para que un xefe de servizo non teña dedicación exclusiva? ¿Non ven vostedes de verdade un problema aí? ¿Por que? ¿Por que non ven vostedes o problema? Porque para vostedes a sanidade pública é subsidiaria do beneficio das empresas sanitarias privadas.

Concordamos cos puntos da moción do Grupo Socialista. Agardamos que se teñan en conta as nosas engádegas, que cremos que tamén poñen negro sobre branco algunhas das cuestións que os profesionais están poñendo en cuestión nos acordos de xestión presentados pola consellería. Xa dixemos e repetimos que, tal e como están plantexados os acordos de xestión, teñen vostedes, señores do Partido Popular, unha ocasión estupenda para revisalos con esta moción. Parecen, tal e como están plantexados, unha disculpa, unha coartada da consellería para aforrar.

Para facer unha proposta de obxectivos inacadábais, para facer que estos obxectivos inacadábais sexan pagados cos salarios dos facultativos; unha disculpa de mal pagador, unha coartada para aforrar.

Levan xa vostedes bastantes millóns aforrados en sanidade no que vai de lexislatura. Xa nos gustaría saber todos eses millóns que aforran en que os van a empregar. Porque, dende logo, estamos convencidos de que non os van a empregar na mellora da sanidade pública.

Moitas gracias (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Bouza.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Rosendo Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Gracias, señora presidenta.

Señorías.

Habemus, palabra latina, que o latín é un linguaxe moi arraigado no relixioso, e como a vez pasada a señora Acuña

quixo vir aquí con símiles relixiosos –según palabras textuais–, pois eu empézolle con *habemus*. *Habemus* moción, si, para substanciar a interpelación sobre os compromisos no contrato de xestión asinado para o 2010 polos hospitais e áreas de saúde. Iso di a moción, e nunca máis lonxe, señorías, da realidade.

O que vamos a substanciar aquí é a interpelación sobre os compromisos do acordo de xestión, resolver de común acordo, non un contrato, que é comercio, que é un axuste. Polo tanto, mal, malisimamente, nos podemos entender se a un acordo lle chamamos contrato. Eu recoñezo que aquel POE –parecido de nome ao PSOE– levara 98 indicadores e se lle chamase contrato. Non, este é un acordo, porque aquí teñen que estar e resolver os profesionais e os que teñen a responsabilidade de gobernar.

Señora Acuña, repito, non é contrato, é acordo. E diriúxese vostede ás señorías evocando un símil relixioso –repítolle, expresión textual– “para recitarnos dez supresións”, que, á parte de ser unha maneira moi singular de interpelar sobre un acordo de xestión –repito–, que non contrato, supuxeron dez flagrantes mentiras e o modo máis perverso de describir o asunto principal, o acordo, quizais porque polos antecedentes propios do tema, que obran aquí, vostede pinchaba en óso. Non tiñan nada que dicir; e foise a señora Acuña polos cerros das supresións e das mentiras. Foi o que lle recetei, e lle recitei o de mentir das estrelas, que era moi lixeiro mentir; porque vostede viu aquí porque nadie iba preguntarllo a elas.

Referiuse ao Plan de mellora da atención primaria. O que se soubo, señora Acuña, dese plan, desa supresión –mentira, que vostede dixo–, é que non trouxo centros de saúde máis resolutivos. Por non traer, non trouxo ningún. Vostede, que procede da provincia de Ourense, sabe que en 43 meses non se puxo en marcha ningún centro de saúde, non houbo integración entre niveis asistenciais; eso si, os custes económicos incrementáronse nos catro anos –nos 43 meses, para ser máis precisos– un 60% e a taxa de crecemento acumulativo anual superou o 12%. E vostede bota de menos o Plan de mellora –por certo, de desmellora, que dicían os sindicatos– de atención primaria. Todos eses incrementos, ao non estar acompañados da correspondente xestión, repercutiron no nivel de incremento do capítulo I nun 52%, sen que en contrapartida para o sistema se obtivesen mellores resultados,

maior flexibilidade, maior implicación e unha atención primaria máis resolutiva.

Acusounos da supresión das áreas sanitarias; foi outra das dez mentiras. ¿Que áreas sanitarias –e vostede que ten dereito de réplica e vai vir aquí– se suprimiron, señora? Que non se pode vir aquí a dicir o que pete e tratar de enganar a todos. Vostede véñame a dicir aquí que área sanitaria se suprimiu, porque o afirmou taxantemente.

Supresión de coidados paliativos, foi outra das mentiras que vostede contempla e contemplou como supresións. Señora Acuña, a non ser que vostede entenda que potenciar os coidados paliativos é suprimilos, dende logo, non cabe outro tipo de explicación. Supresión dos convenios cos concellos dentro do Pacto local; díxoo textualmente a señora Acuña fai quince días. Pinchou en óso. Onte, concretamente, sae á luz que 27 centros de saúde son acollidos polo Pacto local. O Pacto local sabe vostede que se firmou no 2006; tiveron vostedes o 2006, o 2007, o 2008 e o primer trimestre do 2009, ¿cantos firmaron vostedes? Antes dicían aquí: cero patatero. Cero Zapatero é o que firmaron. E vostede vén aquí con que non se recollen os acordos do Pacto local.

Privatización dos hospitais. A non ser que estean privatizados os hospitais que o Goberno bipartito non fixo e non construíu, eu non entendo doutras privatizacións. ¿Que hospitais se privatizaron, señora Acuña? Non pode vir vostede aquí e quedar ancha e oronda dicindo que se privatizan hospitais.

Tamén, e dentro das supresións por vostedes mencionadas, se refería ao peche do Hospital de Piñor, en Ourense. Por certo, señorías de Ourense, hoxe acaba de poñerse na calle do Paseo unha mesa, auspiciada pola señora Acuña, que foi alí a dicir que o Hospital de Piñor, en Ourense, se iba a pechar. Resulta que ustede, sendo responsable directa non só de mentir, senón de enganar a cidadanía de Ourense e confundila para mobilizala, ustede non pode vir aquí e dicir que se pechou o Hospital de Piñor. Ustede sabe que, necesitando como necesita o hospital unha remodelación para o saneamento, o alcantarillado, é obrigada unha reparación, e aproveitarase o período estival para reparalo. Un cese temporal da actividade, señora Acuña, ese non é un peche. ¿Onde oíu ustede o do peche? Tendremos que ir alí cando no mes de outubro teñamos un hospital case novo, e a chamaremos a vostede, que era a que decía que se iba a pechar.

Polo tanto, señorías, eu creo que hai que dispor dunha redomada cara política para que nunha interpelación sobre un acordo de xestión –non contrato– se diga nesta palestra, neste estrado, neste hemicycle, así, sin máis, que este Goberno pecha o vello e privatiza o novo como dixó a señora Acuña.

Cando se enfatiza sobre a sanidade, señora, non todo vale, están polo medio moitas sensibilidades e necesidades. Hai que ser precavidos e moi respectuosos coa verdade cuando de sanidade se fala.

Anda co desmantelamento das unidades móbiles outra vez máis aquí. Pero diga que hai que aproveitar os recursos, que temos sete hospitais comarcais e hai que dotalos. E que isto é un avance do diagnóstico precoz hacia as mulleres. Vostede solo vén aquí a dicir que as unidades móbiles, que, por certo, acaban a súa actividade, a súa vida laboral, agora e que fixeron un ímprobo labor neste país, claro que o fixeron, fixérono no sentido da accesibilidade, de acercarse ás mulleres, porque inda non había esa cultura que agora xa está totalmente definida, e conseguimos un avance máis, que é dotar os hospitais comarcais de novos equipos.

Este Goberno, señora Acuña, recolle necesidades. Vostede vén aquí a confundir. Este Goberno está cumprindo xa. Mire, dicen que está desde o mes de abril, pero é que o acordo de xestión foi presentado fai dous meses. Estamos falando del ahora, hubo unha interpelación e unha moción, pero é que esto foi presentado aos traballadores hai dous meses, cando vostedes dixeron que primeiro había que vir á sede parlamentaria e despois presentar... Ese é o respecto que teñen vostedes polos traballadores: que primeiro se presente aquí e despois aos traballadores. Os traballadores son os verdadeiros profesionais, artífices da nosa sanidade, e deben ser eles os primeiros que deben saber o que teñen que levar a cabo.

Nós continuaremos con este documento de traballo que, no instado da moción, ten un glosario de indicadores que son claros, medibles, conseguibles, e non deben ser 98 –que non o son– como eran os do POE da lexislatura anterior. Polo tanto, penso que vén aquí, señora Acuña, e a señora Bouza tamén, sen coñecelo, porque moitas das preguntas, do que solicitan e do que se insta nesta moción, están recollidos perfectamente dentro deste acordo de xestión.

Polo tanto, señorías, nós vamos a pór en práctica sucinamente o que recolle este acordo de xestión: xestión clínica, xestión por procesos e xestión integrada. Seguiremos adiante co acordo de xestión para este ano cun triple obxectivo: a calidade, a corresponsabilidade co colectivo sanitario de 35.000 profesionais que traballa no Servicio Galego de Saúde e poñer o paciente como o centro do sistema, ao cidadán –que é o propietario do Servicio Galego de Saúde–, e a el temos que darlle e rendirlle contas.

Conclusións. Compromiso con reducir as listas de espera moi graves nun 30% e as listas de espera graves nun 20%, acadando menos de trinta días nas patoloxías máis graves. Obxectivo máis que conseguido porque neste primer trimestre foi vinte e un 21 días.

Xestión de calidade –non xestión de estadística, señora Acuña–, compromiso de poñer a tecnoloxía á disposición dos pacientes con receta e con historia clínica electrónica, o que suporá mellorar a xestión, máis tempo para os profesionais –para os médicos, para enfermería, para dedicar aos pacientes–, xa que, ao diminuír as tarefas administrativas, se mellora a priorización.

O Servicio Galego de Saúde aposta...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Gracias, señora presidenta.

O Servicio Galego de Saúde aposta por consolidar a sustentabilidade do sistema, garantir a eficiencia do modelo e racionalizar o gasto sanitario. Todo aquí recollido. Polo tanto, repítolles que non desprezien todo canto ignoran, que, polo que vexo, é moito. (*Murmurios.*)

E nós, este grupo, presenta unha emenda de substitución... (*O señor Cerviño González pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Cerviño, se a vostede non o deixan vir aquí a falar, eu non lle teño culpa...

A señora PRESIDENTA: Non dialogue, por favor, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: A emenda, señora presidenta. O Parlamento insta a Xunta a desenvolver e implan-

tar as liñas estratéxicas contempladas no Acordo de xestión 2010, presentado polos servicios centrais do Servicio Galego de Saúde aos responsables dos centros sanitarios, e estes aos profesionais, para avanzar na mellora continua...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:... dos servicios sanitarios.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo grupo parlamentario autor da moción, ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Gracias, presidenta.

Por suposto, moitas gracias aos grupos parlamentarios polas súas aportacións.

Me van permitir que siga o modelo da señora Farjas e faga caso omiso do discurso do señor deputado do grupo parlamentar. Tan só recordarlle, matizarlle, decirlle, que para rápidos en Ourense, vostedes, que levan un ano e non foron capaces de subir o aparataxe da sala de vascular do sótano ao espazo que lle deixamos preparadiño dende o Goberno bipartito. (*Aplausos.*) E ademais, mire, volve facer unha recomendación: teña coidadiño coas mentiras que vostede verte aquí sobre a cidade de Ourense, porque ao mellor hai alguén que lle está seguindo a pista e pode chegar a reconsiderar a súa candidatura para a alcaldía da cidade. (*Aplausos.*)

Pero, mire, voume centrar nas emendas... –gracias, presidenta–. Imos aceptar de moi bo grado a emenda de adición que propón o Grupo Parlamentar do BNG, pois entendemos que vén reforzar a nosa idea de tratar de mellorar dende aquí os acordos de xestión propostos pola consellería. Buscan vostedes solucións para algúns problemas como, por exemplo, o das datas. Estes acordos se están poñendo en marcha aínda agora –si, señor Fernández–, pero, sen embargo, se van evaluar dende xaneiro. Quero recalcar esta contradición. Xa entraron en vixencia. Este protocolo de actividade que aínda hoxe algúns facultativos, algúns profesionais, non coñecen, se considera que está en vigor dende o 1 de xaneiro do 2010 e que vai estalo ata o 31 de decembro deste mesmo ano.

Ademais piden vostedes, señora Bouza, que os obxectivos se dirixan especificamente ao profesional que os pode levar a cabo. Completamente de acordo. Como xa comentamos, non se pode aplicar á enfermería o grado de prescrición dos xenéricos nese acordo versus –que non sei se tamén é latín– contrato, xa que ten repercusións económicas, lle guste ou non lle guste ao señor Fernández.

E agradecemos tamén, ¡como non!, a aportación do Grupo Parlamentar Popular, aínda que sentimos que coa súa emenda deixen vostedes moi claro que non pretenden engadir nin mellorar nada do proposto dende a consellería. Néganse unha vez máis non só a escoitar as propostas que fan os profesionais, senón tamén as dos demais grupos, e sospeitamos isto porque a súa emenda vén planteada como de modificación, polo que concluímos que non queren entrar sequera nin a valorar as nosas propostas. Aínda que confiamos, señor Fernández, que ao final podamos chegar a algunha transacción que busque mellorar eses acordos.

Estes días asistíamos á recuperación do voceiro popular. O felicito, señor deputado, parece que xa rematou a corentena. E para evidenciar e celebrar o seu regreso, pois nada mellor que facer unhas declaracións. Unhas declaracións que vanme permitir que as cualifique de calamitosas. Resulta alomenos, alomenos, calamitoso que o portavoz dun partido que fixo unha campaña electoral baseada na descualificación dos adversarios políticos tildándoos de inútiles e afirmando que todo isto o solucionaban eles nos primeiros 45 días de goberno teña que saír tras un ano de xestión pedindo desculpas polos erros cometidos e polo absoluto fracaso do seu Goberno. Non me negarán que isto resulta, cando menos, calamitoso.

Teñen vostedes o país paralizado, os servizos públicos desmantelados e a xente protestando e recollendo firmas tamén –¡como non!– nas rúas. E non porque o diga eu, señor Fernández. E isto, mire, non se arregla pedindo desculpas. Teñen que, ademais da desculpa, cambiar a súa xestión. E nós, polo ben de Galicia, lles imos axudar.

Comecen a escoitarnos, a tomar nota e a aceptar as nosas aportacións. Miren, poden empezar con esta moción. Mire que oportunidade teñen. ¡Que mellor que intentar mellorar eses acordos de xestión que na práctica son os que van mar-

car as prioridades dos profesionais da sanidade pública galega, con toda a repercusión que isto pode ter! Se non cambian, se non aceptan a nosa axuda, estarán demostrando que as súas desculpas non conlevan cambios, polo que de novo se quedarán en desculpas de mal pagador.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Acuña.

Suspéndese a sesión ata esta tarde ás 16.30 horas, catro e media.

Moitas gracias.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señoras deputadas, señores deputados, señor conselleiro, reiniciamos a sesión.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Fernando Xabier Blanco Álvarez e D. Henrique Viéitez Alonso, sobre a situación da industria do automóbil

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): A esta moción presentouse a emenda documento número 32.536 do Grupo dos Socialistas de Galicia.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da industria do automóbil (doc. núm. 31367)

Emenda de modificación:

Modificación do punto tres no apartado dos OBXECTIVOS, que quedará redactado co seguinte contido:

“Nas convocatorias se valore especialmente manter e recuperar os procesos parciais de fabricación de componentes nas empresas galegas.”

Modificación do punto tres no apartado das MEDIDAS DE CARACTER LABORAL, que quedará redactado co seguinte contido:

“Procesos de xubilacións anticipadas, con cargo as empresas, do persoal que cumpre os requisitos que aínda están no sector e substitución por traballadores eventuais que foron perdendo o traballo ao longo da crise e que están cualificados e coñecen o sector.”

Modificación do punto un no apartado das MEDIDAS DE CARACTER ECONÓMICO E FISCAL, que quedará redactado co seguinte contido:

“Incentivar fiscalmente a reinversión na economía produtiva dos beneficios obtidos.”

Modificación do punto dous no apartado das MEDIDAS DE CARACTER ECONÓMICO E FISCAL, que quedará redactado co seguinte contido:

“Habilitación de liñas para o financiamento do investimento das PEMES por medio do IGAPE, a un interese preferente respecto o do BEI.”

Modificación do punto catro no apartado das MEDIDAS SOBRE AS INFRAESTRUTURAS E A LOXÍSTICA, que quedará redactado co seguinte contido:

“Estudiar a viabilidade da conexión ferroviaria entre a terminal portuaria de Bouzas, a Zona Franca de Vigo, o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo e a PLISAN coa rede ferroviaria, ao obxecto de dotalas desta modalidade de transporte e influír no abaratamento de custes, na rapidez e no medio ambiente.”

Emenda de Adición:

Adición dun novo punto bis no apartado das MEDIDAS DE CARÁCTER ECONÓMICO E FISCAL, que quedará redactado co seguinte contido:

“Desenvolver novos procedementos para incrementar as posibilidades de acceso a liquidez das empresas.

a) Establecer unha liña específica de avais, a través do IGAPE, para facilitar financiamento operativo as empresas

da automoción, en convenio con entidades financeiras, cun importe global mínimo de 120 millóns € (e coberturas de avais en 60 millóns €), que cubra todo o ano 2010.”

Adición dun novo punto ter no apartado das MEDIDAS DE CARÁCTER ECONÓMICO E FISCAL, que quedará redactado co seguinte contido:

“Promover a internacionalización das empresas galegas de cara a un aumento das súas cifras de negocio; e así mesmo a atracción de investidores estranxeiros, de cara a unha maior capitalización da nosa economía.

a) Asinar a través do IGAPE un convenio de colaboración co ICEX, para aproveitar a súa rede de conexións cos principais centros económicos da automoción, buscando novos mercados para as empresas de compoñentes e auxiliares.

b) Crear un marco institucional adecuado para valorar a incidencia dos procesos de deslocalización do sector auxiliar da automoción, cun diálogo continuo entre os axentes económicos e sociais, tomando as medidas necesarias dirixidas a manter a actividade ou a mitigar os seus efectos, baixo a forma de plans de recolocación, plans de industrialización ou plans sociais.”

Adición dun novo punto bis no apartado das MEDIDAS DE NO EIDO DA INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN, que quedará redactado co seguinte contido:

“Promover políticas de apoio cara a un correcto e equilibrado desenvolvemento do sector da automoción:

a) Aprobar un Plan de Apoio os Sectores Estratéxicos en Dificultades - Automoción que contemplará cando menos: un plan de apoio aos proxectos de I+D (2 millóns €), un plan de apoio os proxectos de innovación empresarial (1.5 millóns €) e un plan de eficiencia enerxética (1 millón €).”

Adición dun novo punto ter no apartado das MEDIDAS DE NO EIDO DA INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN, que quedará redactado co seguinte contido:

“Reforzar o programas destinados a acadar un desenvolvemento máis eficiente do I+D+i no sector da automoción en Galicia:

a) Unha partida de 2.5 millóns de euros para a Universidade Corporativa da Automoción.

b) Un plan de apoio específico para o desenvolvemento da segunda fase do Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG).”

Ten a palabra para formular a moción o señor Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Hai aproximadamente quince días solicitabamos nunha interpelación a comparecencia do propio conselleiro para explicar o que era o Plan de automoción, do que pouco máis se sabía que ese importe global, pero non tanto as liñas estratéxicas que había que seguir e, polo tanto, o marco no que se ía desenvolver.

Supoño que coincidiremos se digo que o sector da automoción é un sector estratéxico no conxunto do país: máis de cen empresas, máis de 25.000 empregos, o 15 % do produto interior bruto e case a metade das nosas exportacións. Son datos que claramente significan a importancia que ten no desenvolvemento socioeconómico de Galiza.

Mais os plans que se poñan en marcha teñen que ter uns obxectivos claros, unhas axudas condicionadas e uns indicadores da súa efectividade.

As propostas que hoxe facemos nesta moción teñen como obxectivo a recuperación da carga de traballo, a xeración de emprego e sentar as bases para que o conxunto do sector da automoción, e nomeadamente o sector fabricante de compoñentes, teña capacidade para dar resposta a dinámicas cambiantes en función de que os centros de decisión estean ou non no país.

Polo tanto, o que propoñemos nesta moción é, en primeiro lugar, definir claramente os obxectivos. E hai algo que debe ser imprescindible, señor conselleiro, e é unha negociación a tres bandas: parte social, iniciativa privada e a propia Administración galega. E ata o de agora non se ten dado. O plan que se pon en marcha e as medidas que se poñen en

marcha non teñen contado co aval desa parte social, e é evidente que é unha parte substancial dentro do sector da automoción. Polo tanto, ese debe ser un obxectivo por parte da consellería, por parte do Goberno galego: establecer claramente cales son os criterios, os obxectivos e como se vai desenvolver un plan desta importancia.

Outro aspecto ou outro obxectivo debe ser a obriga de manter e recuperar os procesos parciais de fabricación de compoñentes nas empresas galegas, para que efectivamente teña un efecto motor sobre a economía. Tamén un compromiso firme e decidido na creación do emprego. E, indubidablemente, unha aposta polas políticas de I+D+I. Pero esta aposta polas políticas de I+D+I non debe estar ou non debe ser só fondos para que outros investiguen, senón fondos para que se investiguen no país e que, polo tanto, esa capacidade de desenvolvemento de tecnoloxías e de coñecemento se faga dentro do país, cos recursos que hai nel e cos recursos que a propia Xunta pon ao dispor.

En todo este plan hai unha serie de medidas que desde o noso punto de vista son imprescindibles; algunhas de carácter laboral, como o fomento, por exemplo, por medio de programas de formación continua especializada para todos os traballadores do sector, que aporten diversidade, polivalencia aos propios traballadores e que, polo tanto, mesmo en situacións de baixa produción dentro do sector da automoción sexan facilmente reconvertibles ou recolocables noutros sectores onde tamén debe haber apostas, como é a aeronáutica ou outros vinculados ao sector naval. É dicir, que teñan capacidade e coñecementos suficientes para que neses momentos poidamos aproveitar esa man de obra cualificada.

Debe haber tamén un control das horas extras en todo o sector, con especial énfase naquelas empresas que estean sometidas nun proceso de ERE. Polo tanto, aí a administración debe estar vixiante para que efectivamente as horas extras non sexan un xogo que permita que vaian traballadores ao paro mentres as necesidades de produción se manteñen.

Debe acometerse tamén un proceso de xubilacións anticipadas do persoal que cumpra os requisitos que aínda están no sector e a substitución ademais por traballadores eventuais que foran perdendo este traballo. Se se necesita traballar en puntas en fins de semana debe contarse tamén con eses desempregados no sector de longa duración.

Estas son evidentemente medidas que dentro do ámbito laboral é imprescindible tomar e que as axudas que se poñen en marcha estean condicionadas tamén lóxicamente a este escenario.

Hai outras medidas que afectan á economía ou á fiscalidade. E é evidente que habería que poñer en marcha tamén o fomento de medidas de desgravación fiscal para aquelas empresas que de acordo co grao de reinversión na economía produtiva deses beneficios obtidos nos permita impulsar a xeración de emprego e de riqueza.

Pero hai que habilitar tamén liñas de financiamento específicas para as Peme, a través do Igape, a un tipo de xuro que en ningún caso pode superar o que nestes momentos está dando o Banco Central Europeo, ou que nalgún caso poderá ser subvencionado ese tipo de xuro, como nalgún plan, por certo, se ten anunciado, aínda que, por certo tamén, non se ten realizado.

Pero hai medidas tamén que hai que poñer en marcha sobre as infraestruturas e a loxística, porque son esenciais, e o modelo loxístico é imprescindible no sector da automoción. Por iso necesitamos dar tamén un apoio a cuestións como a elaboración de propostas para a conexión ferroviaria entre a terminal portuaria de Bouzas, a Zona Franca de Vigo, o parque tecnolóxico e a PLISAN coa rede ferroviaria, co obxecto de dotalas dunha modalidade de transporte que lles permite un abaratamento dos custos, rapidez e un maior respecto tamén, por certo, ao medio ambiente; ou a aceleración das obras da dotación de servizos xerais da urbanización de PLISAN ou o remate do chan industrial nos polígonos da Veigadaña en Mos. Estas son medidas que tamén ese plan para o sector da automoción debería ter posto en marcha.

E tamén medidas no eido da investigación, do desenvolvemento e da innovación conforme no Plan estratéxico do sector da automoción realizado polo anterior Goberno se reflectían claramente. Unha posta en marcha do Cetag II, cun centro de excelencia para vehículos intelixentes, proxectos de electrónica avanzada e de novos materiais, porque tamén debemos tomar medidas que vaian máis aló da actuación puntual, senón de medio e longo prazo.

Indubidablemente, estas son cuestións de infraestrutura que nos permiten avanzar, pero no sector da I+D+I teño que

recordarlle ademais que hai capacidade para investir. Nos orzamentos do ano pasado non se esgotaron eses recursos que poidan permitir, non só ás grandes empresas, non só ao motor tractor que pode ser Citroën, senón a todo o sector dos compoñentes, apostas que lles permitan mellorar a súa capacidade tecnolóxica e, polo tanto, sermos capaces de elaborar alternativas para traballar tamén dentro do resto do mundo. A internacionalización debe ser outro dos elementos que figuren neste Plan de automoción.

As axudas ás grandes empresas, ás que teñen as súas decisións fóra de Galiza, deben estar condicionadas a que a innovación bote raíces aquí. Non sería razoable investir millóns de euros dos recursos de todos os galegos e das galegas, tamén dos que traballan no sector da automoción, para que finalmente sexan os centros de investigación noutros países os que fagan esas políticas, é dicir, os que teñan capacidade para darlles valor aos produtos que se poñen en marcha. Ten que ser no país e, polo tanto, as axudas de I+D+I teñen que ir dirixidas –como así estaba previsto por certo tamén no Plan estratéxico– a traer esas unidades de I+D+I de Citroën mesmo a Vigo, para que aí poidan desenvolver proxectos, tanto para o sector dos compoñentes como para a propia Citroën. Trátase de que ese investimento, en definitiva, produza efectos no país.

E en calquera caso, que a mobilización destes recursos públicos leve aparelado o compromiso de manter o emprego na Galiza, ben de xeito directo na propia empresa, ben de xeito indirecto nas empresas subministradoras. E aí a Xunta de Galiza ten que estar atenta para que, efectivamente, esas axudas estean condicionadas á xeración de emprego, ao impulso das nosas empresas e, polo tanto, a garantir que esa capacidade de desenvolvemento se fai no noso territorio.

Fomentar tamén esa intelixencia cooperativa para combinar as capacidades que lles permitan presentarse en novos mercados e, indubidablemente, apostando por outros sectores –como dicía–, tanto no sector investimento de políticas de I+D+I, no aeronáutico, no autoespacial, nos bens de equipo, que, en definitiva, é o que dá unha cobertura suficiente a todo o sector.

Cando se presentaba aquí este Plan de automoción, hai quince días no Pleno, pouco máis do importe global e dalgunhas axudas directas para Citroën se expresou por parte

do responsable neste caso do Goberno galego, moi pouco. E, desde logo, ningún dos condicionantes, ningún dos obxectivos, ningunha das medidas que hai que poñer en marcha para que lle dean cobertura a algo que todos coincidimos que é estratéxico, pero que necesita máis que definición, necesita contido e necesita sobre todo tamén, indubidablemente, garantir a participación da parte social; os máis afectados en crise, os menos responsables desa crise, aos que hai que garantir a medio e a longo prazo e tamén con medidas inmediatas o seu posto de traballo e o seu futuro. E iso faise negociando, establecendo acordos con todos e poñendo en marcha un plan que, indubidablemente, recolla –e no seu desenvolvemento– as medidas que hoxe poñemos aquí.

Pretendemos que sexa unha aportación para este plan, para que o plan non quede sencillamente nun *power point* que se presenta, que se beneficia igual algunha empresa, pero que ten pouca incidencia no desenvolvemento socioeconómico do país, e menos aínda na xeración de emprego e nas condicións laborais nas que desempeñan os traballadores do sector o seu traballo.

Tomen en consideración isto e fagamos o mellor plan posible para a automoción porque, efectivamente, é un plan estratéxico para o país.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Blanco.

Polo grupos parlamentarios...

Polo dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Señor presidente, señorías.

Señor conselleiro, o Partido Socialista ante a moción presentada polo BNG, froito da interpelación do anterior Pleno, na que vostede repetiu o que xa dixera ante os medios de comunicación a nota de prensa que a Consellería de Economía e Industria lanzara cando presentou o Plan de axuda á automoción en Vigo ao lado do presidente da Xunta, presenta unha serie de emendas, emendas en todo caso que complementan a moción presentada polo BNG.

Eu creo que temos que recordar, sen ningunha dúbida, a importancia do sector, a importancia económica, social e territorial do sector da automoción, indubidablemente, no conxunto de Galicia, especificamente nunha zona, especialmente na zona urbana de Vigo –unha zona que vostede ben coñece–, onde se sitúan a maior parte dos 22.000 empregos directos dos case 40.000 empregos indirectos que xera este sector. Estamos falando do 20 % do emprego industrial de Galicia, emprego industrial que é un dos máis castigados polo desemprego neste ano de goberno do Partido Popular: 25.000 empregos directos que se perderon en Galicia dende marzo do ano 2009 ata marzo do ano 2010. Efectivamente, falamos do 15 %, case o 15 % do PIB, 40 % das exportacións.

E, certamente, a Xunta de Galicia ten competencias claras e definidas, tanto dende a perspectiva das políticas de demanda como dende a perspectiva das políticas de oferta. É verdade que o ano 2009 foi un ano perdido, na nosa opinión. Efectivamente, falou o Goberno galego dun plan de 60 millóns de euros de apoio á automoción, este ano duplicou e falou xa de 120 millóns de euros. Pero a verdade é que resulta moi difícil precisar, resulta moi difícil entender e saber onde se dirixiron, con que prioridades, con que planificación, con que control de obxectivos e con que resultados se dirixiron eses 60 millóns de euros.

Se ademais temos en conta o grao de execución presupostaria do Goberno galego no seu conxunto e no capítulo VII da súa consellería en particular, que –como vostede seguro que ben sabe– supera escasamente o 50 %, bueno, indubidablemente, situámonos ante un panorama que nós non podemos cualificar doutra maneira máis que desolador. E non debemos de ser só nós, supoño que á conselleira de Facenda lle debe de resultar algo similar o escenario, porque neste recorte multiplicador, que pasa de 111 millóns de euros que non entran a 200 millóns que se recortan de maneira misteriosa, a súa consellería é a que ten a maior porcentaxe de recorte no gasto non financeiro, concretamente un 7 %, 25 millóns de euros. Imaxino que, efectivamente, a conselleira de Facenda pois recolle a efectividade na execución presupostaria da Consellería de Economía e Industria.

Certamente, vostedes, neste tempo, en determinados ámbitos continuaron con políticas que xa se estaban desenvolvendo, políticas que evidentemente se deseñaron e se

plantexaron para unha situación económica concreta e que probablemente son menos eficaces para unha situación económica distinta, aínda que non houbo ningunha explicación de nin por que se mantiñan, nin de cales eran os resultados que se esperan desas políticas. Estou falando fundamentalmente das políticas de oferta, das políticas de investigación e desenvolvemento.

E no caso das políticas de demanda pois, efectivamente, houbo un Plan Remóvete. As políticas de demanda son unhas políticas necesarias puntualmente; indubidablemente, permiten unha reactivación do sector e permiten manter o mercado e manter, polo tanto, o nivel de vendas. Pero tamén vostede seguro que comparte comigo que son políticas conxunturais e excepcionais, é dicir, non pode, indubidablemente, un Goberno tirar de maneira sistemática deste tipo de políticas. É necesario facer que o tecido produtivo –neste caso automobilístico– en Galicia sexa cada vez máis competitivo internacionalmente, cunhas tensións claras, das que, desde logo, aparecen recollidas na moción, aparecen tamén recollidas nalgunha das emendas. Ese Plan Remóvete, efectivamente, axudou ao plan do conxunto do Goberno de España, ao Plan E, a que a demanda, a compra e a venda de automóbiles pois –digamos– non se vira tan afectada pola crise como en principio se podería pensar.

Fronte a isto, en termos –insisto– de políticas de oferta, vostedes tiñan un instrumento, que era o Plan estratéxico da automoción de Galicia. A verdade é que aínda segue colgado na páxina web do clúster do Ceaga, é dicir, aínda segue no horizonte funcional do que é o propio sector. É verdade que vostedes se esquenceron del, ou, polo menos, é sorprendente, en fin, nesta consellería tan mediática que vostede ten, bastaba con rebautizalo e poñerlle diante un “re”, só tiña que facer iso, non era tanto. Pero, evidentemente, nin sequera iso. Había unha clara decisión de paralizar todo o que tiña que ver, todo o que tiña algunha vinculación co Goberno anterior e, indubidablemente, pois iso é tamén neste caso o que vostedes optaron por facer. E ¿que significou isto? Pois significou, efectivamente, unha absoluta paralización, unha falta de liderazgo total nas relacións entre o Goberno da Xunta de Galicia e o sector da automoción en Galicia.

Temos un exemplo, que é certo que non concirne á súa consellería, polo menos non nun sentido absoluto, pero si que ten que ver co Goberno, e é a propia Mesa da automo-

ción. Bueno, aí literalmente –ata hai escasamente dúas semanas–, literalmente desaparecido, sen o máis mínimo liderazgo político, sen ser capaces de sentar nunha mesa aos axentes económicos e sociais, dos que, por certo, falan de maneira continua cada vez que teñen ocasión e aparece de maneira recorrente nos seus *power point*.

Bueno, pois agora no 2010 temos máis do mesmo. Home, iso si, tendo en conta que é un ano máis exuberante en termos presupostarios, pasamos de 60 a 120 millóns de euros. É verdade que o *power point* o aguanta todo; puido vostede poñer 180 ou 240, en fin, o que considerase de 60 en 60 millóns de euros. Pero o certo é que cando veu aquí o outro día non precisou cales eran os obxectivos, non precisou cales eran as liñas mestras de actuación e, desde logo, non precisou e non falou para nada do que tiñan que ser os controis a posteriori; é dicir, o que tiñan que valorar, valorar cales foron os resultados dese plan. Porque eu espero que vostede veña aquí contarnos –e se non amablemente traerémolo– os resultados dos 60 millóns de euros do ano 2009, porque ata o de agora, –insisto– salvo a subvención á compra do Plan Remóvete, non temos ningunha información sobre esta cuestión.

E esta é a situación na que estamos. Polo tanto, a oposición o que fai, nun exercicio de responsabilidade, é ante a literal desaparición, en termos de plantexamentos políticos minimamente serios do Goberno, plantexar mocións, plantexar emendas para que se discuta sobre cuestións concretas.

En relación coas políticas de demanda, indubidablemente, nós esperamos que continúe co Plan Remóvete. Non sei se vai ser Remóvete II, non sei se vai aproveitar a subida do IVE do mes de xullo para facer oposición ao Goberno de España, tememos que si; pero, en todo caso, póñao en marcha. Póñao en marcha porque o sector estao pedindo e a situación conxuntural do mercado da automoción non é aínda tan boa como para retiralos.

Por certo, na súa intervención do pasado Pleno, en fin, deunos unha lección sobre a súa preocupación polo Plan Renove, o Plan Prever, etc. Bueno, sabe que existen dende o ano 94, ¿verdade? Naquel momento en España gobernaba o Partido Socialista. Mire, en políticas de demanda vostedes teñen pouco que ensinarnos, a aposta pola renovación do parque automobilístico español non é –aínda que o outro día

xogou cunha ambigüidade calculada— patrimonio do Partido Popular, non o é.

En relación coas emendas presentadas polo Grupo Socialista, pois a verdade é que incorporamos, por unha parte, unha liña de actuación en relación con aumentar a posibilidade de liquidez ou a facilidade para o acceso á liquidez das empresas. E aí efectivamente cuantificamos, tendo en conta o peso da automoción no conxunto do tecido de Galicia, do tecido industrial galego, en relación co que presentamos no debate do estado da Autonomía.

Outra batería de emendas que presentamos teñen que ver coa propia deslocalización e coa internacionalización, que en realidade veñen complementar o xa presentado polo Bloque Nacionalista Galego. Un tema no que eu entendo que vostede teña unha especial sensibilidade por esta cuestión, pero, desde logo, esperamos que o Goberno galego actúe con forza intentando, na medida do posible, anclar non só a fabricación de automóviles, senón a fabricación de compoñentes en Galicia.

Por outra parte, no que respecta ás políticas de oferta, investigación, desenvolvemento e innovación, nós presentáramos xa na disposición dos presupostos un plan de apoio aos sectores estratéxicos con tres liñas de actuación: proxectos de I+D, proxectos de innovación e eficiencia enerxética. Votaron que non. É verdade que dúas semanas despois a conselleira de Facenda o calcou nunha entrevista, pero votaron que non.

E, por último, presentamos tamén a necesidade dun apoio á Universidade Corporativa da Automoción e, desde logo, á materialización do Cetag II. Indubidablemente, polo menos no ano 2009, nin estaban nin se lles esperaba; ou, polo menos, se estaban, estaban discretamente agochados, o cal tendo en conta a súa política...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: —Vou rematando, señor presidente.—

... tendo en conta a súa política mediática resulta estraño e sospeitoso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra o señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Señor presidente, señorías, señor conselleiro de Economía e Industria, buenas tardes.

¿Que nos presenta o Bloque Nacionalista Galego hoxe? Preséntanos unha pléiade de boas intencións pero esquece o importante, o central, as cifras de ferro. Presenta obxectivos para unha política de rescate industrial no sector do automóbil, é dicir, sería a política de rescate. Di verdadeiramente observacións ambiciosas e imposibles, é dicir, que ao mesmo tempo se reconfigure todo o mapa industrial de Galicia e despois como se tiveramos o control de facer toda a política fiscal, toda a política monetaria, toda a política laboral, toda a política de infraestruturas, absolutamente se formamos o Ghost Plan, un organismo central de planificación absoluta e empregadora. Pero non di o que custa iso. É dicir, a gran falla, a gran eiva do Bloque Nacionalista Galego é dicir: o meu plan custa tantos millóns de euros, custa para o presuposto, pero custa para os cidadáns; os galegos imos ter que pagar tantos impostos para financiar o noso plan. É dicir, isto é o que existe, isto é o que botamos de menos; é dicir, precisamente o gran problema, a natureza real da economía. Isto mesmo foi, precisamente este tipo de inconsciencia obxectiva, foi a orixe da crise económica en España. Este tipo, estes cinco anos de mirar simplemente, de boas intencións, de facer, prometer, dicir, descoñecendo de que o que se produce ten que venderse. Para que se vendan as cousas que se produzan ten que haber exportación con capacidade efectiva, ten que haber xente; todo o pobo galego, todo o pobo español ten que ter capacidade de renda para mercar as cousas.

Entón nós vemos que esta é, en definitiva, unha moción escapista. Escapista, ¿por que? Porque realmente foxe de todos os problemas e as dificultades reais. Non fala de como temos que reaccionar á subida dos impostos do IVA; de que debemos facer cando o Goberno, froito deste déficit acelerado, desta situación, que estamos acercándonos á insolvencia semellante á helena, é dicir, cuns niveis de preocupación internacional; cando vemos hoxe que neste país, no conxun-

to de España, neste mercado laboral, integrado e aberto, estamos no 20 % de taxa de paro; cando, independentemente das cores políticas dos gobernos autonómicos, vemos que non importa, o Goberno central, a política monetaria financeira, industrial, exterior, de confianza e de credibilidade está afundindo as economías de todas as autonomías sen diferenza da cor política; vemos que este país para relanzar a demanda de consumo –porque os automóviles podemos producilos pero non os imos deixar na Zona Franca de Vigo– podemos derivar todos os... Porque é o que non quere analizar o Bloque, é dicir, ¿que impostos hai que poñer aos galegos para financiar máis todo iso que din, para reconfigurar todo o mapa? Nós non imos estar facendo pancartas, non imos estar facendo boas intencións, nin podemos facer política precisamente co aparello produtivo.

E ademais resulta que neste contexto nós, o Partido Popular, temos unha política macro, necesaria para que se dean as condicións de viabilidade das políticas sectoriais que está levando a cabo o señor Guerra, o señor Feijóo e o Partido Popular. Pero esta política macro implica que hai que desprazar recursos aos cidadáns para que se poidan vender os coches, que non se poden utilizar os mecanismos *boomerang* como está facendo a facenda pública, que hoxe se dan unhas axudas e despois hai que facer unhas reservas de liquidez para pagar, que non son capaces nin sequera de crear os mecanismos dun tipo de exención fiscal para o que foron as axudas do ano anterior, nin dos plans da Xunta nin dos plans do Goberno central, por unha banda.

En segundo lugar, é imposible que toda a política de inversión con esta incertidume xeneralizada poida levarse adiante e se cree todo un tecido xeneralizado. É imposible que se o Goberno de España está facendo, está quedándose co gasto público, que di que vai crecer o 17 % do gasto público –o 17 %, absoluta incredibilidade– e que non está recadando nada, que é imposible; é o país agora o que ten que subscribir 224.000 millóns de euros. ¿Sabe que todo o presuposto da Xunta de Galicia é 11.000 millóns de euros? ¿Sabe que o señor Campa anda por todo o mundo e soamente conquiere a subscripción da terceira parte?, ¿de que podemos entrar realmente nun crack financeiro público en España? Ese é o contexto coa xeneralización do paro.

Entón, ¿que pode facer e que se está facendo aquí na Xunta de Galicia como políticas posibilistas, remediais e

responsables? Dentro desa política xeral do Partido Popular a nivel de España e a nivel de Galicia que di: hai que facer unha política de austeridade, porque se non non podemos conquistar que os fondos cheguen aos cidadáns, que merquen a demanda de consumo. A política da austeridade, hai que ser serio e rigoroso como no ano 96 e sucesivos, porque sen esa credibilidade non hai recuperación solvente en España.

Temos que facer dunha vez unha política laboral seria que reflexe seguridade, porque incluso, terceiro, temos que ter unha política de internacionalización porque non podemos seguir soportando o 6 % de déficit da balanza de pagos para o conxunto deste país respecto ao PIB. É dicir, que seguimos mercando, consumindo e fundamentalmente os déficits do sector público equivalente ao 6 % do PIB. Ese é o noso conxunto, e as políticas instrumentais onde gobernamos e concretamente aquí en Galicia.

Aquí en Galicia hai que facer un tipo de asignación dos recursos que temos, que son escasos –e cada vez máis escasos–, porque o Goberno central incluso está retirando fondos presupostarios continuamente. Porque fixo programación absolutamente de ilusión, dun electoralismo cego que se volve contra el mesmo, pero vólvese tamén contra todos os cidadáns, que resulta que dixo que o presuposto previsto –o derradeiro que fixeron no Goberno bipartito– estaba cun escenario de crecemento económico dun e pico por cento de crecemento, e a realidade foi unha caída do 3 %. Están sistematicamente facendo as comprobacións de referencia non cun patrón certo, senón cunha ilusión. Outro escapismo.

Entón, ¿que se fai na Consellería de Industria, que nós, o grupo parlamentario, apoiamos, que nos parece serio? En primeiro lugar, fíxose o primeiro Plan Remove, que foi un apoio á demanda, un apoio a todo o sector de comarcalización e a todos a nivel dentro desa concepción de clúster, de agregación e de non illamento de fases produtivas e de fases de comercialización. ¿Que resultado tivo? Paréceme que bastante razoable dadas as circunstancias. Agora ninguén pode ser triunfalista absolutamente en ningún eido da política económica, da realidade económica. Pero Galicia está na terceira posición nas pequenas melloras na dinámica industrial de conxunto do sector industrial en España. Iso é atribuíble, si que é atribuíble, estritamente. Eu sei que non lles queren recoñecer ao conselleiro Guerra e ao señor Feijóo porque, obviamente, sabemos que o mercado electoral onde

está fundamentalmente a industria, onde está fundamentalmente o clúster industrial é precisamente a zona de Vigo. Simplemente por esa razón electoral non se queren ver ese tipo de realidades.

¿E que se fai agora? Faise un proxecto de Plan Remove de 120 millóns de euros, que esa é unha cifra de enorme esforzo presupostario con respecto aos 37 millóns que ten o plan de todo o conxunto do Estado, que soamente son 37 millóns. Imaxínense vostedes a Administración central, que está cun déficit financeiro de 100.000 millóns de euros, que soamente pon 37 millóns de euros para Galicia, para todo o sector do automóbil, e que a Xunta de Galicia, que soamente ten 11.000 millóns, pon 120.

¿E como que non di o señor portavoz do Bloque que o Plan Remove carece de estrutura e de consistencia técnica? Hai unha auténtica vertebración moi seria para o sector de produción, para o sector complementario, para a comercialización, para o sector de indagación eléctrica, para enerxías de electricidade verde. Pero ¿como se pode pensar, como se pode facer ese tipo de desconsideración do traballo técnico, incluso dun Executivo?

Nós por iso, por irrelevancia, por escapismo, por negación do que hai, nós non imos votar a favor, porque non estamos de acordo. Que se diga aos cidadáns que nestes momentos onde case cinco millóns de persoas están en paro, nós non podemos faltar á seriedade. Porque soamente é a seriedade hoxe a base da solidariedade, porque con incompetencia exclusivamente [...] a ese tipo de circunstancias, a ese tipo de llanto, sudor e lágrimas que dan os aprendices de bruxos.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Arias.

Polo grupo autor da moción ten a palabra o señor Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Señor presidente, señorías, señores convidados.

A verdade é que o mesmo presentar aquí unha moción sobre o sector da automoción, sobre o da pedra, sobre o sec-

tor lácteo, se intervén o señor Pedro Arias, o discurso é o mesmo: a culpa é de Madrid, da subida do IVE. Por certo, nós tampouco estamos de acordo con esa subida do IVE, pero non será causa de toda a crise económica. E, en definitiva, o que vén a dicir aquí é que este é un plan ambicioso pero imposible, porque non ten consignación presupostaria. Eu voulla dar. ¿Quere vostede consignación presupostaria? Aos 120 millóns de euros que di o señor Guerra que vai poñer en marcha, eu súmolles os 107 millóns de euros que o señor Guerra non gastou no ano 2009; 107 millóns de euros na Consellería de Economía e Industria. Xa ten vostede 227 millóns de euros. Creo que para as cuestións que nós poñemos enriba da mesa non hai ningún problema para executalas e levalas adiante. Polo tanto, o ambicioso transformouse ademais en posible.

Agora ben, iso si, fai falta vontade. Fai falta vontade porque a vostedes hai cousas que non lles gustan. Claro, cando lles dicimos control das horas extra, sobre todo nos ERE que se están a dar, oia, para iso non necesita vostede recursos extras, o que necesita é que actúen os servizos de inspección, que actúe a Xunta de Galiza, que actúe o Goberno galego. Non se necesitan máis recursos, necesítase decisión de actuar. O que pasa é que xa sabemos ao longo deste ano que a vostedes o de actuar non é precisamente o que mellor se lles dea.

Para facer formación continua pódense captar recursos europeos, e estaríamos traballando tamén na mellor formación dentro do sector, o cal permitiría esa polivalencia en diferentes sectores e que, polo tanto, nos picos baixos de produción no sector da automoción puideran ser empregados ou contratados noutro tipo de actividades vinculadas ao sector aeronáutico, espacial ou algúns dos que temos sinalado. Tampouco fan falta para iso recursos. E iso que ten vostede 107 millóns de euros máis, que foi os que non gastou.

O proceso de xubilacións de acordo coas normativas que están no sector, onde as empresas ademais deben acometer esencialmente ese proxecto. Isto tamén se pode poñer en marcha e, desde logo, tamén pode estar e debe estar a Xunta de Galiza.

A habilitación das liñas de financiamento do Instituto Galego de Promoción Económica. ¡Como que non! O que pasa é que sen facer trampas. Non como fan no Plan Impul-

sa, que din vostedes que van subvencionar os tipo de xuro do Banco Europeo de Investimentos e cando van alí preguntar aos emprendedores dinlles que diso non hai nada, que iso só figura no texto que se pon no Igape e na propia pantalla do Igape.

Mire, hai outras obras que son de infraestruturas e necesitaban, indubidablemente, tamén de financiamento, pero témolo, e ademais hai que encaixalas dentro do que é a estruturación territorial do país:

O remate dos polígonos de Veigadaña e de Mos, ¿cal é o problema? Xa están iniciadas. Poñan vostedes a traballar para que, efectivamente, poidamos poñer ese chan industrial a disposición do sector.

A conexión ferroviaria. Non é unha necesidade obxectiva pola importancia que ten o método, o modelo loxístico hoxe dentro do sector da automoción, con empresas de compoñentes cada vez máis illadas no conxunto do territorio, e onde unhas vantaxes obxectivas son precisamente unha liña de conexión, sexa autopistas do mar, sexa ferroviaria, que lles permita colocar o seu produto en calquera lugar do mundo.

Entón, isto debe ser unha prioridade. Porque o que non se pode facer é definir os plans como estratéxicos, pero despois non ter unha estratexia para desenvolvelos. O que non se pode vir aquí é explicar un plan nunha intervención de dez minutos nos dous últimos minutos. Os oito minutos primeiros foron para dicir o malo que era o Goberno do Estado. Pero é que o Goberno galego ten que poñerse a traballar tamén, ten que poñerse a traballar. E logo, conxuntamente, reclamaremos do Estado todo aquilo que sexa necesario para completar efectivamente un plan deste tipo. Pero o que non se pode facer aquí é vir dicir que este é un plan ambicioso, pero que non nos atrevemos a consignar fondos para el —xa lle digo que os hai tamén—, e se ademais é estratéxico é estratéxico para o país.

Mire, aquí o problema de todo isto é que se poden articular axudas por 120 millóns. Pero o que hai que analizar é para que van servir. Por exemplo, ¿van servir para que as políticas de I+D+I se fagan en Francia? Ese non é o noso obxectivo, nós dicímolo con claridade. Nós estamos dispostos a investir no sector da automoción, claro que si, e nas

políticas de I+D+I no sector da automoción, aquí no Cetag, con profesionais acreditados —que os hai— para desenvolver dentro do sector da automoción, do sector dos compoñentes políticas propias que sexan capaces de xerar un produto de valor engadido que teñamos capacidade para exportar. É así, vaise facer así. É positivo.

Se non é así e o único que vai servir é para calmar certos ánimos, indubidablemente, iso non se vai traducir en algo que para nós —e por iso enumeraba de primeiro— é esencial en calquera plan. E é o mantemento dos postos de traballo, é a xeración de emprego, porque ese debe ser o noso obxectivo. Para garantir que, efectivamente, dentro do sector da automoción haxa traballo, os que estean traballando non sufran precarizacións das súas condicións laborais que os levan nalgún momento a contrapoñer con modelos...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Blanco.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: ... doutros países, e esa debe ser a prioridade do Goberno: garantirlles o traballo ao sector. E para iso, ou enmárcase esa política e ese plan nas estratexias, nos obxectivos e nas medidas que nós poñemos enriba da mesa, ou este plan nunca arrancará, porque sinxelamente será un fracaso. Un fracaso no obxectivo principal: xerar riqueza no país, xerar emprego no país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Blanco.

A derradeira moción incluída na orde do día deste Pleno é a seguinte:

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Gallego Calvar, sobre a posta en marcha dun plan de residuos urbanos de Galicia

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Presentáronse emendas polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, documento 32.511, e polo Grupo Popular, documento 32.538.

(*O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través do seu portavoz e a iniciativa da súa depu-*

tada Isabel Sánchez Montenegro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas á Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha dun plan de residuos urbanos de Galicia (doc. núm. 31393).

“EMENDA DE ADICIÓN:

Débase engadir no punto 1.- un último apartado co seguinte texto:

Fomento de accións transformadoras das estruturas produtivas para a redución da xeración de residuos.

EMENDA DE ADICIÓN:

Débase engadir no punto 2.-, ao final do apartado que comeza por “Garantir a complementariedade...” o seguinte texto:

“, avanzando cara o progresivo abandono da incineración.”

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

Débase substituír no punto 2.- o apartado que comeza por “Garantir o cumprimento...”, polo seguinte:

Garantir o cumprimento dos principios de descentralización e proximidade elaborando un plan de infraestruturas coa implantación de complexos medioambientais de compostaxe de ámbito comarcal, baseados nunha recollida selectiva de calidade.

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

Débase substituír no punto 2.- o último apartado, polo seguinte:

Renunciar a construír novas plantas incineradoras na Galiza.”)

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario dos Socialis-

tas de Galicia, sobre a posta en marcha dun plan de residuos urbanos de Galicia.(08/MOC-0050 (31393)

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Impulsar unha política de xestión de residuos urbanos que resolva os problemas que está actualmente a padecer Galicia neste eido primando os criterios ambientais sobre os criterios económicos e a través dos seguintes compromisos:

A concienciación e a divulgación ambiental, a través de campañas educativas en torno ás boas prácticas na redución de residuos en orixe e a recollida selectiva, o aforro enerxético, o transporte limpo e a minimización do uso de bolsas plásticas.

Fomento da compostaxe doméstica no medio rural de Galicia a fin de completar o ciclo de reciclaxe da materia orgánica, reducindo ao mesmo tempo o impacto ambiental e o custo económico ocasionado polo transporte e a xestión destes residuos.

Firme aposta polo I+D+i, promovendo e participando en proxectos de innovación tecnolóxica ambiental cos que sumarse ao progreso tecnolóxico e á sociedade do coñecemento e da información, xerando ao mesmo tempo riqueza, emprego de calidade e benestar.

Progresiva incorporación ao ámbito das enerxías renovables (solar, eólica, xeotérmica...), participando en proxectos estratéxicos para Galicia..

Fomento do transporte sostible para os RU, apostando polo ferrocarril, un medio máis eficiente, fiable e respectuoso co medio ambiente.

2.- Aprobar o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia no ano 2010, cos seguintes obxectivos:

Estabilizar e reducir a produción de residuos en peso, en volume, en diversidade e perigosidade, desvinculando a produción de residuos do crecemento económico

Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe.

Potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais

Facer que exista un verdadeiro mercado da relaxe baixo os criterios de autosuficiencia e proximidade.

Reducir o vertido final, especialmente da fracción biodegradable e materiais recuperables.

Maximizar a implicación e os coñecementos da poboación e dos xestores nas actuacións de xestión de residuos.

Garantir a complementariedade e mixticidade dos modelos, especialmente entre os modelos existentes de Sogama e Nostián.

Potenciar o tratamento do resto para alcanzar os obxectivos de recuperación e redución da biodegradabilidade dos residuos vertidos.

Garantir o cumprimento dos principios de descentralización e proximidade, elaborando un plan de infraestruturas que, partindo dun principio de equidade territorial, permita por unha banda que todos os concellos de Galicia teñan plantas de transferencia a menos de 35/40 Km e por outra unha maior proximidade xeográfica entre a orixe dos residuos e as instalacións adicadas á súa clasificación, tratamento e xestión, redundando na sostibilidade, eficiencia e racionalidade do sistema e reducindo os custos económicos e ambientais derivados do transporte dos residuos.

Garantir que, no destino final, a valorización enerxética sexa preferentemente para a fracción resto así como para os rexeites dos restos das plantas de tratamento.”)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra para formular a moción a señora Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Boas tardes, señoras e señores deputados.

Moitas grazas, señor presidente.

Esta moción que presenta o Grupo Parlamentario Socialista é consecuencia do debate que tivemos na sesión plenaria do pasado Pleno en relación coa política de residuos que ten que levar a cabo o Goberno de Galicia, máis ben diría en relación coa non política de residuos que está a levar a cabo o Goberno de Galicia. Debatiamos naquel Pleno sobre a necesidade de poñer en marcha un Plan de residuos sólidos urbanos na nosa comunidade autónoma, un Plan de residuos que o actual Goberno de Galicia podía estar desenvolvendo xa neste momento a un ritmo bastante elevado se tivera a xenerosidade política de aprobar un plan que lles quedou feito, que atoparon feito cando chegaron ao goberno. Pero como o actual Goberno de Galicia está nese afán de revisar, reprogramar ideoloxicamente e de paralizar todo o que teña que ver co Goberno anterior, pois perdemos un ano enteiro, e aínda a día de hoxe a política de residuos de Galicia está sen un Plan de residuos urbanos, con graves problemas no complexo ambiental de Sogama, en Cerceda, graves problemas de saturación do vertedoiro, e, ademais, cunha serie de iniciativas que están anunciándose a través dos medios de comunicación, algunhas das cales foron lamentablemente confirmadas polo actual conselleiro de Medio Ambiente no debate da interpelación no Pleno pasado, que de novo demostran que o Goberno do Partido Popular segue a ter o mesmo modelo en materia de política de residuos que tiña o Goberno do Partido Popular de dezaseis anos de Manuel Fraga en Galicia: o modelo da incineración e o modelo do vertedoiro. Un modelo que choca frontalmente coas pretensións da política a nivel da Unión Europea en materia de residuos e que vai xustamente no sentido contrario.

Os socialistas o que pretendemos coa presentación desta moción é poñer de manifesto cal é o noso modelo e, ao mesmo tempo, poñer ao Partido Popular, ao Grupo Parlamentario Popular, diante das súas contradicións no Pleno deste Parlamento de Galicia. O que nós propoñemos é que o actual Goberno da Xunta reoriente a súa política de residuos, reoriente a xestión de Sogama, que hoxe é unha sociedade que xestiona uns residuos en Cerceda, un complexo ambiental, pero que non é realmente unha sociedade galega de medio ambiente tal como nós entendemos que debería ser a xestión da política de residuos en Galicia.

Pretendemos tamén que os criterios ambientais sexan prioritarios, estean por enriba dos criterios económicos en materia de xestión dos residuos.

Sobre de todo, pretendemos que sexa certa a política das tres erres: da redución, da reciclaxe e da reutilización.

E pretendemos que o Goberno actual do Partido Popular non rexeite continuamente os modelos alternativos que foron xurdindo ao longo dos anos, os modelos alternativos a Sogama, que concellos e comarcas do noso país puxeron en marcha para demostrar que non era necesario acudir unicamente ao vertedoiro e á incineración para facer unha auténtica política de xestión dos residuos en Galicia.

Por iso, a nosa iniciativa consta de dous puntos. O primeiro dos cales intenta establecer compromisos para que a primacía dos criterios medioambientais estea por enriba dos criterios económicos. Compromisos que teñen que ver coa concienciación e coa divulgación ambiental, para a redución de residuos en orixe, para a recollida selectiva, para o aforro enerxético, para o transporte limpo e para a minimización, entre outras, das bolsas plásticas. Compromisos que teñen que ver co fomento da compostaxe doméstica no medio rural de Galicia, para completar o ciclo da reciclaxe da materia orgánica. Compromisos que teñen que ver con apostar pola I+D+I, para a innovación tecnolóxica ambiental. Compromisos que teñen que ver coa progresiva incorporación ao ámbito das enerxías renovables: a solar, a eólica, a xeotérmica. Compromisos que teñen que ver con fomentar o transporte sostible para os residuos urbanos, apostando por un medio eficiente, fiable e respectuoso co medio ambiente como é o ferrocarril. E con estes compromisos aprobar, por fin, ese Plan de residuos sólidos urbanos, que tiña que estar en marcha xa neste ano 2010.

Os obxectivos dese Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia deben ser os de estabilizar e reducir a produción de residuos; os de fomentar a recollida selectiva en orixe; facer que exista un verdadeiro mercado da reciclaxe; reducir o vertido final; garantir a complementariedade e a mesticidade dos modelos; non desbotar ningún dos modelos porque fose posto en marcha por uns gobernos municipais de distinta cor política que o Goberno do PP na Xunta de Galicia; garantir tamén os principios de descentralización e proximidade que establece a normativa comunitaria, elaborando un plan de infraestruturas que permita que todas as plantas de transferencia queden a menos de 35 ou 40 quilómetros dos complexos de tratamento de residuos actuais e futuros, e construír dous novos complexos ambientais nas provincias

de Lugo e Ourense e novos servizos nos complexos existentes no Morrazo, Ribadumia, Cerceda, Nostián e A Barbanza para tratamento de inorgánicos, selección de envases lixeiros e tratamento mediante compostaxe.

Tamén queremos os socialistas que o Partido Popular se manifieste acerca de algo que xa debería estar funcionando e que é o convenio que no ano 2008 acordaron a Xunta de Galicia daquela e a Sociedade Galega de Medio Ambiente coa planta de Nostián, para que se valorizaran os rexeitos de Nostián en Cerceda e á súa vez para poder facer compostaxe en Nostián con residuos procedentes de Cerceda. Un convenio que, ademais de estar asinado, ten os seus complexos de tratamento construídos, tanto en Cerceda como en Nostián, e que está no orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2010, pero sen embargo segue sen poñerse en marcha.

Tamén nos gustaría un compromiso por parte do Partido Popular para garantir que, cando este Plan de residuos estea en marcha e se poñan os obxectivos sobre o mesmo, a actual planta que existe en Cerceda se dedique a valorizar enerxeticamente os rexeitos de todas as demais, quedando unicamente o vertedoiro de Areosa de apoio. Posto que como saben as súas señorías os vertedoiros son o último dos últimos, das opcións escollidas na normativa comunitaria.

E falando do vertedoiro de Areosa, outro dos compromisos que nos gustaría ao Grupo Parlamentario Socialista que o PP asumira neste Parlamento no día de hoxe é o de non construír ese recrecido da fase 1 do vertedoiro da Areosa, posto que –como xa anunciamos no debate desta interpelación– esa fase 1 do vertedoiro da Areosa, que hoxe está clausurada e selada, ten ao noso xuízo graves problemas de estabilidade e vai dar problemas para o futuro.

E, por último, dicirlle ao Partido Popular que renuncien a construír esa planta incineradora que queren facer no sur de Galicia. Porque non facelo, non renunciar a construír esa planta é consolidar o modelo do Partido Popular en materia de política de residuos; un modelo que nos leva a máis incineración e a máis vertedoiros, as dúas últimas opcións que a normativa comunitaria establece para a política de xestión de residuos, as dúas opcións que máis prexudican ao medio ambiente. E como din vostedes mesmos na páxina web da Sociedade Galega de Medio Ambiente, a través do programa Climántica –que, por certo, debe de ser dos poucos que

sobreviviron á chegada ao Goberno do Partido Popular, posto que fora iniciado polo Goberno anterior— “se queimamos quentamos”. E esta frase que eu tamén tomo como miña, señores do Partido Popular, faise máis certa coa intención do Partido Popular de construír esta segunda incineradora no sur de Galicia. E, polo tanto, vostedes con estas decisións políticas que están adoptando, se hoxe non as cambian, están contribuíndo a incrementar os riscos que o quentamento global, que o cambio climático están a traer a Galicia.

Por certo, lembreilles tamén que vostedes ademais están incumprindo a normativa sobre redución de residuos biodegradables en vertedoiros, que dicía que en xullo do ano 2009 a cantidade total en peso que se podía destinar de residuos urbanos biodegradables a vertedoiro non superaría o 50 % da cantidade total de residuos urbanos biodegradables xerados no ano 1995. E en Galicia esa cantidade, señores do Partido Popular, está sendo incumprida. Polo tanto, vostedes non só están poñendo en risco...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR:... o futuro medioambiental, o futuro dos riscos climáticos en Galicia, senón que ademais están consolidando un modelo, o modelo dos vertidos e da incineración, que está claramente á contra do que se está a facer no conxunto da Unión Europea.

Espero que recapaciten e que hoxe apoiem esta iniciativa que trae o Grupo Parlamentario Socialista para cambiar, para reorientar a súa política sobre a xestión de Sogama e para construír entre todos un Plan de residuos que sexa bo para Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Gallego.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Sánchez Montenegro.

A señora SÁNCHEZ MONTENEGRO: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

A produción do lixo e o tratamento ou non tratamento que del se faga constitúen un dos principais impactos que unha sociedade pode exercer sobre o seu medio ambiente. Por iso para o Bloque Nacionalista Galego é tan importante elixir un modelo que realmente sexa sustentábel na xestión do lixo. Porque se ben é certo que os residuos constitúen un grave problema na nosa sociedade, non é menos certo que cando se xestionan axeitadamente eses residuos pódense converter en recursos que van contribuír a aforrar materias primas, a conservar os nosos recursos naturais e o desenvolvemento sostíbel.

Por iso, para o Bloque Nacionalista Galego o momento actual no que se está a elaborar un novo Plan de xestión dos residuos sólidos urbanos debería servir para impulsar unha nova política de xestión do lixo, que, situando a Galiza na vangarda das políticas sustentábeis nesta materia, opte por un modelo que xestione os nosos residuos sólidos urbanos dun xeito preventivo e sustentábel. Un modelo que faga posíbel que, tal e como dicía ao principio da miña intervención, os residuos se transformen en recursos.

Ao noso entender, iso só será posíbel optando por unha política de xestión de residuos diametralmente oposta e levada a cabo polos anteriores gobernos do Partido Popular. Unha política que –lembrems– supuxo a posta en marcha dun modelo de xestión do lixo ou de Sogama ampla e unánimemente rexeitado.

Os nacionalistas defendemos pois a necesidade de implantar un modelo que sirva para levar a cabo unha xestión preventiva e sustentábel dos residuos –como dicía antes–. Defendemos un novo Plan de xestión dos residuos que, a diferenza de Sogama, sexa froito das aportacións e do consenso de todas as forzas sociais, políticas, ecolóxicas do noso país, no que tamén os concellos participen na súa elaboración. Un novo Plan de xestión que, respectando a xerarquía de opcións da xestión marcada pola Directiva 2008/98, de residuos, aposte inequivocamente pola prevención e pola redución en orixe dos residuos, fomentando –tal e como se recolle na nosa primeira emenda á moción do Partido Socialista– accións transformadoras das estruturas produtivas para a redución da xeración de residuos.

Defendemos igualmente un modelo que estableza ambiciosos obxectivos de reutilización, recuperación e reciclaxe dos residuos, empezando, dende logo, pola compostaxe da fracción fermentábel do lixo. Un modelo no que, ademais, se inclúan programas específicos de educación ambiental, orientados á mellora da recollida selectiva e á implantación da separación selectiva da materia orgánica. Un modelo que, por suposto, ten que ser descentralizado, non como o actual modelo Sogama, pois é necesario aplicar o principio de proximidade mediante a creación de plantas comarcais de compostaxe e reciclaxe. Un modelo, en definitiva, que aprendendo dos erros do pasado, reorienta ese insostíbel modelo de xestión que é Sogama, avanzando decididamente cara ao abandono completo da incineración, tal como propoñemos na nosa segunda emenda.

Máis parece que esa non é a intención do actual Goberno da Xunta. Un Goberno que lonxe de pór en marcha políticas vangardistas, políticas encamiñadas a incrementar a protección do medio ambiente, o que está a facer neste ano que leva no goberno é a practicar políticas que supoñen un forte retroceso no camiño da sustentabilidade. Touriñán, a porta aberta aos novos aproveitamentos hidroeléctricos, a recente modificación da Lei do solo, caso Barreiros, entre outros, son bos exemplos desa volta ás vellas prácticas ás que nos está acostumando xa este Goberno.

E segundo se desprende da intervención do conselleiro de Medio Ambiente no último Pleno, tamén na xestión dos residuos o actual Goberno da Xunta vai reincidir nos erros do pasado. Vaise obcecar en seguir unha liña continuísta co modelo de xestión de residuos de Sogama. O conselleiro presentou aquí de feito un novo Plan de xestión de residuos sólidos urbanos para o período 2010-2020 que practicamente esquece a valorización material da materia orgánica, a compostaxe, e que, sen embargo, mantén a porta aberta a máis incineración.

En relación con esta cuestión da incineración, hai que lembrar que a situación da planta de Cerceda de Sogama, co seu baixo rendemento enerxético, en ningún caso pode ser considerada como valorización enerxética, tal e como parece pretender o novo plan. Por iso, está claro que ampliar Sogama ou construír outra planta de semellantes características noutro lugar suporía apostar por un tratamento de eliminación que subverta a xerarquía de opcións de residuos marcada polas directivas europeas.

Mais como dicía anteriormente, vostedes van persistir no erro de considerar a incineración como o principal sistema para o tratamento do lixo; van seguir apostando por ese sistema sen ter en conta as múltiples evidencias que amosan as nefastas consecuencias da incineración, sen ter en conta que prexudica as políticas de redución, reutilización e reciclaxe, que desanima á cidadanía a colaborar na recollida selectiva, que supón elevados riscos para a saúde e para o noso medio ambiente, debido ás súas emisións de gases, á xeración de residuos tóxicos e perigosos e á destrución de milleiros de toneladas de residuos facilmente reciclábeis, alén de contribuír –como dicía a voceira do Grupo Socialista– notabelmente ao cambio climático, e sen ter en conta tampouco que a incineración ten uns elevadísimos custos económicos, tanto na construción como no mantemento e funcionamento das instalacións.

Nós, o Bloque Nacionalista Galego, manifestámonos –tal e como vimos facendo dende sempre– en contra da incineración. E esa nosa frontal oposición a máis incineración lévanos a presentar unha segunda emenda de substitución á moción do Grupo Socialista neste sentido.

Outra cuestión que para nós é moi importante é a necesidade de impulsar a compostaxe da materia orgánica, algo que o novo plan esquece case completamente. Porque consideramos que na xestión dos residuos só existe un modelo plenamente sustentábel: aquel que avanza cara ao abandono definitivo da incineración e que prima a redución e a compostaxe da materia orgánica. A compostaxe fronte á incineración implica o aproveitamento de importantes cantidades de materias primas e non a súa destrución. Ademais, as necesidades de depósito en vertedoiro dos rechazos da compostaxe e da recollida selectiva son sensibelmente inferiores ás necesidades de vertedoiro da incineración.

De aí o noso desacordo con eses cativos obxectivos que para a compostaxe se establecen no novo plan, algo que o conselleiro tentou xustificar na súa intervención no último Pleno alegando que a experiencia obtida en calquera dos sistemas que están a funcionar en España e no resto do mundo demostraba que era imposíbel chegar ás porcentaxes que se establecían no Plan de residuos 2007-2017. Argumento que é totalmente falso, xa que a materia orgánica é facilmente recuperábel con sistemas de compostaxe, tal e como demostran experiencias como a planta da Barbanza, aquí na Gali-

za, que acada taxas de valorización do 65 %, cun produto final de moi bo calidade, ou experiencias de compostaxe combinadas con recollida domiciliaria, como as que se teñen posto en marcha en múltiples concellos de Cataluña ou mesmo en Córdoba, que acadan preto do 80 % de recuperación e reciclaxe dos residuos.

Como xa dixen antes, para o Bloque Nacionalista Galego é preciso fomentar a compostaxe, un sistema maioritario no resto de Europa, pero que, curiosamente, foi rexeitado polo anterior modelo do Partido Popular, algo que parece que pretende repetir no próximo modelo. Por iso o Bloque Nacionalista Galego defendemos, propoñemos –tal e como figura na nosa emenda de substitución– a implantación de complexos medioambientais de compostaxe baseados nunha recollida selectiva de calidade e que sirvan ademais para garantir o cumprimento dos principios de descentralización e proximidade.

En definitiva, e concluindo xa, en contraposición ao modelo continuísta co de Sogama polo que aposta o actual Goberno da Xunta do Partido Popular, os nacionalistas defendemos outro modelo de xestión e tratamento do lixo, máis racional, que respecte o medio ambiente e a saúde das persoas, que sexa máis achegado á cidadanía, máis económico e, por suposto, compatible cos obxectivos de recuperación e reciclado que marca a directiva europea.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Sánchez Montenegro.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Varela Suanzes-Carpegna.

O señor VARELA SUANZES-CARPEGNA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

O texto da moción que debatemos consta de 18 puntos, subdivididos en dúas partes ben diferenciadas: a primeira fai referencia aos principios políticos da xestión dos residuos –podíamos chamarlles “principios reitores”– e a segunda parte fai referencia ao Plan de xestión de residuos propiamente dito, referido a Galicia.

Debo indicar –logo referireime a ambas as dúas partes– que o plan, o texto da moción, tal como está redactado, está ben, queda ben, é bonito, podería formar parte dun programa electoral. Tamén podería valer para unha charla ou un mitin político, e incluso podía valer tamén, e queda ben, para facelo dende a oposición, sobre todo se a oposición aínda non gobernou. Cando a oposición fai este texto despois de ter pasado polo Goberno, señorías, xa non é a mesma cousa, porque, efectivamente, a moción, o texto da moción é como o programa, o proxecto de plan que deixaron tamén escrito, que tamén quedaba moi ben no papel, pero que non estaba no papel oficial, o papel do *Diario Oficial de Galicia*. Polo tanto, señorías, señores da oposición, dános a sensación a nós, dende o noso grupo parlamentario, de que non teñen a lexitimación ou non están lexitimados para dicir como hai que resolver as cousas, cando non foron capaces de facelo cando estaban gobernando. Sería distinto se tiveran aprobado ese plan e se estivera agora executando e chegara o novo Goberno e cambiara ese plan. Que podería facelo lexitimamente, esa é a grandeza da democracia. Pero é que nin sequera foron capaces –como dixemos aquí na interpelación– de telo aprobado.

Polo tanto, coa situación que hai hoxe en Galicia, que eu comprendo que é moi complicada, e a que tiñan vostedes, que era moi complicada, evidentemente tomar decisións implicaba ter desacordos co propio socio de Goberno, como está ocorrendo neste mesmo momento. Están intentando a ver se son capaces de pactar as emendas que teñen presentadas, porque son máis coherentes e radicais as do Bloque, como noutras ocasións; mentres que a moción socialista trata de templar gaitas. Polo tanto, iso fai dificultades para facer unha aprobación aquí e para facer un plan loxicamente.

Eu vou ser ecuánime –sempre trato de ser ecuánime e comprensivo– e acepto que cando vostedes chegaron ao Goberno a situación dos residuos era moi complicada, era difícil de solucionar iso. Iso acéptoo perfectamente. Porque o plan que había, que era o mesmo que segue neste momento vixente –o único que houbo en Galicia ata o de agora, feito polo Partido Popular–, estaba xa fóra da súa vixencia; polo tanto, era urxentísimo cambialo e facer outro. Acéptoo, pero vostedes teñen que aceptar que o que deixaron é obviamente peor, porque estiveron catro anos dándolle voltas, mareando a perdiz, facendo papeis e non o aprobaron, pero agravárono.

Porque despois da súa saída pasaron catro anos máis cun 20 % máis de lixo acumulado en Sogama, coas plantas alternativas –as que vostedes crearon e fan referencia– pedindo SOS á Xunta de Galicia e, paradoxalmente, incluso a Sogama para que axudara. E así con ese embrollo e coa situación na que deixaron á propia empresa de Sogama –da que xa temos falado aquí– pois, efectivamente, non son cribles para que nós poidamos agora aceptar que sexan capaces con esta moción de propoñernos un programa realista e viable.

Esta é a situación, o problema é difícil. Eu estou de acordo que a situación é complexa porque non partimos de cero, partimos dunha situación que é a que é e que, polo tanto, hai que non facer nacer unha situación nova de compostaxes, etc., senón que hai que solucionar o problema efectivamente que ten creado. E incluso acepto tamén que para o Partido Popular, loxicamente, tamén é difícil, e tampouco o puido facer no tempo que cría que podía facelo. Ademais se temos en conta un escenario diferente, que é actualmente catro anos máis, crise económica e unha crise financeira que complica aínda máis todas estas cuestións.

Polo tanto, señorías, a política e o que se fai neste Parlamento deben de ser algo máis que desgastar ao Goberno, que tamén, e é lexítimo. Pero tamén hai que recoñecer os problemas para solucionarlos, hai que afrontalos coa verdade por diante e hai que aportar solucións viables, non teóricas, que quedan ben no papel.

E agora referireime á moción propiamente dita e ás dúas partes que reproducen, dalgún xeito, o non nato programa e o proxecto que vostedes tiñan.

A primeira, que fai referencia aos principios –como digo–, consta de cinco puntos, que recollen os principios fundamentais da Unión Europea para esta materia. Estamos de acordo dende o Grupo Popular en todos, nos cinco, e tamén na engádegua que fai a emenda do BNG sobre este punto, para a redución en orixe. Polo tanto, se queremos un acordo sobre esa primeira parte, que non é pouca cousa, porque en función deses principios hai que artellar o plan. E aí estamos a falar de cuestións claves como a educación, a concienciación, a redución en orixe, a recollida selectiva en orixe, a reciclaxe, a valoración, o cómpost no rural –que é algo fundamental, sen dúbida, para Galicia–. Polo tanto, aí estamos de acordo.

O difícil non é describilos, o difícil é levalos á práctica, é dicir, a segunda parte: establecer os mecanismos, os medios, as infraestruturas e os orzamentos necesarios para artellar un plan eficaz e sostible, porque non se pode facer en contra da Unión Europea. Iso é evidente, non se pode facer, non sería aceptado. Polo tanto, o difícil é aprobalos, señorías, no Consello da Xunta de Galicia e levalo ao *Diario Oficial*, cousa que non foron capaces de facer.

Polo tanto, agora hai que poñer fin á sobrecapacidade do sistema, chamémoslle central, de Sogama, descentralizalo cos criterios de complementariedade e proximidade, nos que creo que está máis próximo o Grupo Socialista ás posicións que nós temos que o grupo do BNG, que creo que é máis concreto, nese caso con non á incineración. E, evidentemente, que se faga unha compostaxe comarcal, teño as miñas dúbidas se iso é factible, pero está meridianamente clara a súa posición, mentres que dende o Grupo Socialista se fai unha mistaxe total. E así, evidentemente, non foron capaces de aprobar este programa. E, ademais, as plantas alternativas seguen enviando SOS á Xunta de Galicia e seguen enviando SOS á propia Sogama para que lles poida botar unha man e axudar nesta difícil conxuntura, nesta situación complicada que temos.

Polo tanto, na primeira parte estamos de acordo, podemos acadar unanimidade. E na segunda, dos trece puntos que hai, en nove tamén estamos de acordo. Polo tanto, se de aquí quere saír un acordo, aí podemos artellalo. Se non é así é evidente que non, que non haberá acordo e cada un de nós votaremos en contra e vostedes non sei como votarán. Pero, en calquera caso, este debate desta moción tería valido para desgastar dalgún xeito ao propio Goberno, pero, dende logo, non para facer ningunha cuestión positiva porque non chegaríamos a ningún acordo.

Señorías, quedalle agora á Xunta de Galicia seguir traballando para poder resolver a situación existente e aprobar neste ano –como comprometeu aquí o conselleiro no debate da interpelación– este novo plan, de acordo coas liñas que adiantou aquí nesta tribuna, para que fagamos un plan de futuro de cara ao ano 2020; un plan eficaz, é dicir, que resolva os problemas reais que temos, e sostible, e non o deixo para o derradeiro lugar, porque sen as directivas da Unión Europea, evidentemente, incluída a incineración, non se poderá facer e resolver o problema, que entendo que é o que

lles pasou a vostedes cando realmente estaban no Goberno. Por iso agora non temos un plan, senón que temos un proxecto e unha moción. Iso é todo o que hai.

Nós, señorías, sei que non será doado, que non será fácil, pero dende o Partido Popular, dende o grupo parlamentario que apoia ao Goberno, dende o Goberno de Galicia, xuntos, con realismo, traballaremos para que este plan sexa posible canto antes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Varela.

Polo grupo parlamentario autor da moción ten a palabra dona Carmen Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor portavoz do Partido Popular, eu non son unha persoa que se caracterice por interpretar o que lles pasa aos demais. Vostede parece que ten un especial interese en interpretar por que non se aprobou este plan cando estabamos nós no Goberno. Eu creo que llo aclarei en máis dunha ocasión e non teño ningún problema en volverllo aclarar.

Nós temos un seguramente mal costume, que se chama xenerosidade política, e cando facemos un proxecto ao remate dunha lexislatura que vai ir ou que vai ter unha duración ata o ano 2017 e que vai ter un compromiso orzamentario que vai máis alá do ano, e habendo un cambio de Goberno, temos a xenerosidade política suficiente como para deixar que sexa o Goberno que entra o que faga esta aprobación. Probablemente vostedes non se merecen esa xenerosidade política, pero, en calquera caso, é a nosa xenerosidade e o noso posicionamento. Vostede pode pensar o que queira, eu tamén podería poñerme aquí a especular acerca do que vostede pensa e do que vostede di, que ao meu xuízo son dúas cousas distintas, pero, en calquera caso, iso paréceme que non vai solventar nada.

Señor Varela, papelón co que nos atopamos nós cando chegamos ao Goberno e tivemos que xestionar Sogama e o complexo ambiental de Cerceda; papelón con problemas laborais e económicos, con informes do Consello de Contas

que falaban de graves irregularidades; papelón cun vertedoiro de Areosa, que non tiña nin tan sequera a autorización para vertidos; papelón co rexeitamento absoluto por parte dos anteriores dirixentes de Sogama, elixidos polo Partido Popular doutros métodos alternativos e, polo tanto, polo boicot permanente que lles facían ás plantas da Barbanza, de Nostián, O Morrazo, etc. E para resolver todo iso e para construír en Cerceda e en Nostián plantas novas, para poder complementar e facer realidade a mesticidade dos modelos, ou para conquistar a autorización ambiental integrada do vertedoiro de Areosa, ou para elaborar este plan ou para facer todos os proxectos de formación e educación ambiental, compostaxe no rural, dos que vostede falou aquí como proxectos que aínda non naceron e que vostede sabe coma min que son proxectos que puxo en marcha o Goberno anterior, pois fixo falta unha lexislatura, claro que si, claro que fixo falta unha lexislatura. O peor é que para o que non fai falta unha lexislatura é para parar o que estaba feito, para diminuír o orzamento dedicado á educación ambiental ou a fomentar a recollida selectiva en orixe, ou a reducir o lixo, ou a fomentar a compostaxe. Para iso non fai falta unha lexislatura, para iso fai falta escasamente un ano, que é o que levan feito vostedes: desfacer o que había feito, rexeitar un plan só porque o fixera un Goberno que non pensaba exactamente como vostedes, e poñer a andar de novo o seu modelo.

Porque vostede di que as emendas que fixo son emendas pequenas e que na maior parte das cuestións está de acordo co que plantexa o Grupo Socialista. Pero iso non é certo, é unha verdade a medias, señor Varela, como vostede ben sabe. Porque vostede copiou literalmente un importante número de puntos da moción que nós presentamos, pero deixou atrás cuestións tan relevantes –para nós, polo menos– como as de cambiar e reorientar o modelo de Sogama, que a vostede lle pode parecer irrelevante e a nós nos parece que é o *quid* da cuestión; ou deixou atrás vostede que se constrúan os complexos ambientais das provincias de Lugo ou de Ourense e que se implanten novos servizos de tratamento nos complexos que xa existen; ou deixou vostede atrás que se cumpra o convenio que se establecera entre Nostián e Cerceda, é dicir, entre o modelo Sogama do Partido Popular e o modelo que o Concello da Coruña puxo no seu día en funcionamento en Nostián; deixou vostede atrás que renuncian vostedes a construír unha planta incineradora no sur de Galicia, e deixou vostede atrás que renuncian vostedes a facer o recrecido da fase 1 do vertedoiro da Areosa, que lles

estamos a dicir dende o Pleno pasado que ten riscos graves para as poboacións cercanas, para a saúde da xente, riscos graves de estabilidade.

Vostede, polo tanto, o que deixou atrás, señor Varela, foi o modelo, o modelo que presentaban os socialistas na súa moción. E vostede o que copiou foi os enunciados das directivas comunitarias, que os van copiar –xa o digo tamén– no plan que están vostedes a facer, pero que logo non os van levar á práctica...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando por favor, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR:... porque vostedes, señores do Partido Popular, volven ao pasado. Como xa lles dixen antes, vostedes volven á incineración e ao vertedoiro, ao negocio privado, a preocuparse pouco polo medio ambiente e a preocuparse moito pola conta de resultados do socio privado de Sogama, que ten nin máis nin menos que o 49 % do capital. Iso é o que propón o Partido Popular.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: En canto á emenda –se me permite, señora presidenta–...

A señora PRESIDENTA: Si.

A señora GALLEGO CALVAR:... do Grupo Parlamentario do BNG, aceptamos practicamente todas as emendas que nos plantexan, excepto a emenda de substitución do punto 2, que fala da complementariedade e mesticidade, porque namentres que nós propoñemos un modelo que xa estaba...

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego, por favor...

A señora GALLEGO CALVAR: ... establecido no Plan de residuos, o Grupo Parlamentario do BNG establece un modelo de plantas comarcais. É a única discrepancia. Polo demais, estamos de acordo coa señora emendante. E o que non imos facer vai ser aceptar unha emenda do PP que está destinada a degradar e a devaluar a moción que presentou o Grupo Socialista.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Entendo que entón xa non necesitan tempo para negociar.

Moitas gracias.

Ben, pasamos entón á votación das mocións.

Pechamos as portas.

Comezamos pola votación da primeira das mocións, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Fernando Xabier Blanco Álvarez e don Henrique Viéitez Alonso, sobre a situación da industria do automóbil.

¿Chegaron a algún acordo, señor Blanco?

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Si, chegamos a un acordo co Partido Socialista para integrar unha serie de emendas que plantexaba e, polo tanto, xa despois pasaremos todo o texto.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Blanco.

Votamos entón a primeira destas mocións.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Fernando Xabier Blanco Álvarez e D. Henrique Viéitez Alonso, sobre a situación da industria do automóbil.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Votamos agora a segunda das mocións, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Acuña do Campo e tres deputados máis, sobre os compromisos adquiridos no contrato de xestión asinado polos hospitais e áreas de saúde galegas para o ano 2010, no referente ás listas de espera, a informatización da historia clínica e a prescrición de xenéricos, así como ao rendemento cirúrxico.

¿Chegaron a algún acordo?

A señora ACUÑA DO CAMPO: Si. Grazas, presidenta.

Efectivamente chegamos a un acordo co Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego e imos incluír no texto que propuña o noso grupo as suxerencias que facía ese grupo parlamentar. Desgraciadamente non foi posible chegar a un acordo co Grupo Parlamentar Popular.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña.

Votamos entón a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Acuña do Campo e tres deputados máis, sobre os compromisos adquiridos no contrato de xestión asinado polos hospitais e áreas de saúde galegas para o ano 2010, no referente ás listas de espera, a informatización da historia clínica e a prescripción de xené-ricos, así como ao rendemento cirúrxico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Gallego Calvar, sobre a posta en marcha dun plan de residuos urbanos de Galicia.

Señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Creo que expliquei na intervención.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Votamos entón a terceira das mocións.

Votación da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Gallego Calvar, sobre a posta en marcha dun plan de residuos urbanos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 37; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Unha vez rematadas as votacións pasamos ao punto 4 da orde do día, de proposicións non de lei ante o Pleno.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Ana Luisa Bouza Santiago e D.^a María Teresa Táboas Veleiro, sobre as actuacións para levar a cabo o proxecto de hospital único para Pontevedra, en Montecelo, previsto no Plan director de infraestruturas sanitarias 2008-2013

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra dona Ana Luisa Bouza Santiago, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señora presidenta, e boas tardes, señorías.

“Feijóo defende o proxecto de monte Carrasco e asegura que non coñece pontevedreses que non queiran un novo hospital. Antes da sesión constitutiva do consello de acción exterior Feijóo restou importancia á manifestación convocada pola plataforma contra a privatización e polo hospital único en Pontevedra, e augurou que cando os que participen vexan que o novo centro será 100 % público, como o de Montecelo e o Provincial, comprobarán que foron mal informados e manipulados. En todo caso, o presidente recalcou que o importante é que a actual Xunta pretende construír un novo hospital 100 % público e que os pontevedreses disfruten da infraestrutura os próximos cincuenta anos. O anterior Goberno quería reformar o vello”, contrapuxo.

Pois, efectivamente, o señor Feijóo tiña razón nunha cousa: o anterior Goberno quería reformar o vello. O anterior Goberno tiña posto en marcha un plan de ampliación do Hospital de Montecelo.

Estas declaracións do día 15 de abril do presidente Feijóo saíron reflexadas o día 16, o mesmo día que estaba convocada a manifestación da plataforma contra a privatización da sanidade, o mesmo día 16 de abril en todos os medios de comunicación. Pero xa os días anteriores a conselleira Farjas e o xerente do CHOP González, que si debían coñecer algún pontevedrés ou pontevedresa que se opuxera ao seu proxecto, fixeran varias declaracións aos medios de comunicación. Por exemplo: “Por moitas mobilizacións que se fagan contra o proxecto de monte Carrasco non hai marcha atrás”. ¿E por que non hai marcha atrás? Pois dicía a conselleira: “Porque o proxecto de monte Carrasco é o proxecto que garantiza a Pontevedra a asistencia sanitaria nos próximos corenta ou cincuenta anos”.

Pois ben, pasou o día 16. Eu supoño que a día de hoxe o señor presidente da Xunta xa coñece a algúns e a algunhas pontevedreses que están en contra do seu proxecto; quizais 10.000 pontevedresas e pontevedreses, que se manifestaron en contra do seu proxecto de novo hospital en monte Carrasco.

Ao día seguinte destas declaracións tan prepotentes, milleiros de persoas lanzábanse á rúa na defensa dun hospital único. Si, do hospital único para Pontevedra. Si, pero do proxecto de ampliación de Montecelo. Milleiros de persoas que non se amilnaron ante a chuva torrencial que estivo a piques de interromper a manifestación. Dicía o portavoz da plataforma que falaba ao final da marcha: “Xa nos mollamos por Nunca Máis, logo fixémoslo polo galego e agora toca mollarse contra a privatización da sanidade”. E, efectivamente, toca mollarse contra a privatización da sanidade.

Supoño que se para o señor Feijóo era argumento a favor do proxecto de monte Carrasco que non coñecía ningún pontevedrés que estivera en contra dese proxecto de novo hospital privado para Pontevedra, o feito de que haxa miles de persoas que se manifesten en contra do proxecto debería ser argumento suficiente, debería abondar para que o señor presidente da Xunta reconsiderara a súa posición, escoitara á xente do seu país, á xente que ten a responsabilidade de gobernar e buscara un proxecto que fora aceptado pola

poboación á que ten que atender. Porque opóñense ao proxecto de monte Carrasco trece alcaldes da área sanitaria de Pontevedra que representan aos seus respectivos concellos; opóñense tamén as federacións veciñais; opóñense as asociacións de defensa da sanidade pública; opóñense os sindicatos; opóñense cidadáns e cidadás do común de Pontevedra, que saíron á rúa unha vez máis a defender os seus dereitos de acceso igualitario a unha sanidade pública e de calidade; opóñense institucións; opóñense a veciñanza e os traballadores do sector. Hai moitos milleiros de persoas que non concordan co proxecto do señor Feijóo para monte Carrasco.

Con esta proposición non de lei pedímoslle ao Goberno galego que escoite e que rectifique, emprazamos ao presidente da Xunta a que escoite o que a xente de Pontevedra lle está a dicir, a xente de Pontevedra que el ten tamén a responsabilidade de escoitar e gobernar. Que escoite o que lle di a xente que se mobilizou, que queren un hospital público, porque o sistema PFI está a ser desbotado por ineficiente alí onde se implantou nos últimos anos; porque o modelo PFI supón só garantir beneficio ás empresas á custa dos nosos impostos, das galegas e dos galegos; porque o modelo PFI empeora o servizo, empeora as condicións de traballo, diminúe o número de persoal médico, de persoal sanitario nos hospitais e abre as portas ao copago sanitario; porque son mentira as propagandas, a propaganda sobre a eficiencia do sistema PFI; porque xa sabemos que ningún dos sete hospitais PFI de Madrid se entregaron en prazo.

A xente de Pontevedra estalle dicindo ao presidente da Xunta que queren a ampliación de Montecelo, porque xa se investiron no proxecto de ampliación 57 millóns de euros de cartos públicos; porque o proxecto de Montecelo é o resultado das reclamacións atendidas da poboación de Pontevedra nos últimos anos, non nos últimos dous ou catro anos, nos últimos anos, pasando por distintos gobernos municipais e autonómicos; porque Montecelo ten xa as infraestruturas construídas non sanitarias precisas en accesos, en saneamento, en auga. Milleiros de persoas en nome propio e representando a partidos, a sindicatos, a asociacións e a concellos estiveronlle a dicir, dixéronlle claramente o que queren: queren un hospital único para Pontevedra ampliando o Hospital de Montecelo. Dino claramente, a pelota está no tellado de Feijóo. E emprazamos ao presidente da Xunta de Galicia a que escoite á cidadanía.

A conselleira di que non hai marcha atrás, porque o proxecto de monte Carrasco garantiza a asistencia sanitaria nos próximos corenta ou cincuenta anos para Pontevedra. ¿Quere dicir que o proxecto de ampliación de Montecelo non os garantiza?, ¿é o que quere dicir? Porque a un ano de entrar vostedes no Goberno, ¿cal é a situación? A situación é que en Montecelo hai un hospital construído e funcionando; en monte Carrasco, terreos baleiros. En Montecelo hai un proxecto de ampliación consensuado, promovido pola cidadanía e consensuado por todas as administracións implicadas; en monte Carrasco, un concurso de proxectos e un *power point*, papelitos. En Montecelo, 56 millóns de euros investidos; en monte Carrasco, un ano perdido, un ano perdido sen facer nada. En Montecelo, infraestruturas construídas ou planificadas, investimentos doutras administracións, compromisos doutras administracións; en Monte Carrasco non hai saneamento, non hai acceso, non hai auga, monte pelado.

Esa é a realidade do que temos hoxe. ¿Por que apostan entón por monte Carrasco? ¿Por que se enfrontan desta maneira a unha evidencia que ve a cidadanía, que ve todo o mundo? ¿Con que argumentos defenden o seu proxecto máis aló de slogans sen contido?

Nunha das ocasións que debatimos sobre o Hospital de Pontevedra neste Parlamento, a conselleira argumentaba a dificultade de manter a actividade cirúrxica no proceso de ampliación das obras, de ampliación da zona de quirófanos. Pero logo estamos a ver que non teñen a mesma preocupación cando hai que pechar –din vostedes que temporalmente– o Hospital de Ourense para facer obras. Aí non hai problemas, aí o señor Fernández di: Cese temporal de actividade. Ben, hai alternativas, pódese ampliar o Hospital de Montecelo e seguir dando atención sanitaria de calidade, e vostedes o están defendendo noutras infraestruturas.

Unha vez máis é difícil, desde unha perspectiva de defensa da sanidade pública, igual que na anterior iniciativa que debatimos, entender a posición do Partido Popular. Están vostedes a abordar un proxecto que non coñecemos no seu detalle nun lugar que non conta con infraestruturas, que non conta co acordo dos concellos involucrados, nin dos profesionais involucrados, nin da poboación involucrada, non teñen vostedes un proxecto alternativo para Montecelo, non sabemos aínda que vai pasar con esa infraestruturas.

Señores do PP, a cidadanía de Pontevedra falou o día 16 e emplazou claramente o seu Goberno a que actúen, a que rectifiquen. E con esta proposición non de lei queremos darlles a oportunidade de facelo. Agardamos que o feito de non teren presentado emendas signifique que o van a apoiar: Rectificar é de sabios, señor Fernández, rectificar é de sabios, señores do Partido Popular. Rectifiquen, escoiten a cidadanía de Pontevedra, estamos a tempo, estamos a tempo de volver ao anterior proxecto de ampliación de Montecelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Bouza.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Modesto Pose Mesura.

O señor POSE MESURA: Grazas, presidenta.

Señorías, eu comprendo que é unha iniciativa, que é un debate, que a algúns lles parecerá antigo. Vamos a insistir. Agora tráeno o BNG, a seguinte volverémola a traer do PSdeG. Porque vamos a insistir intentando que den marcha atrás, que paren, que reflexionen. ¿Por que? Porque é unha decisión que non solo os compromete a vostedes agora e a súa lexitimidad que teñen como Goberno para facer os seus proxectos, é que é unha decisión que nos condiciona o futuro para todos, e que non ten marcha atrás, é irreversible. Eu xa sei que de usted non depende, señor Rosendo, que non depende de usted sábeo calquera. Pero depende do señor Feijóo. E me gustaría que estivera aquí porque é inaudito. A oposición e a cidadanía de Pontevedra –que a señora Luísa Bouza, coa humildad que lle caracteriza, dixo aquí dez mil manifestantes; eu, sen emular a Abel Caballero, digo tranquilamente cincuenta mil. (*Risos.*) Si, si, chovendo, ademais, chovendo forte. Entonces, non sei, moita xente... Por certo, o quería ver a usted a ver que opinaba se llo fixeran alí na Coruña, se lle cambiaban ese modelo, quería eu ver a usted se os cidadanos, se os coruñeses estiveran na calle, a ver que facía usted. ¿Tragaba? Bueno. Entonces, é inaudito que os cidadanos, os profesionais, a oposición lle estamos dicindo: Oiga, que van gastar vostedes oito veces máis –se quere, porque hai que estar moi atento, despois facemos as contas–. Porque nós estamos pedindo non un hospital novo,

estamos pedindo que amplíen Montecelo para facer o proxecto reclamado por todos os Pontevedreses de facer un hospital único. Non necesitamos outro hospital novo para que teñamos alí despois tres, que din que van a dedicar Montecelo a sociosanitario. ¿A sociosanitario de que? Pois terán que tiralo e empezalo de novo, porque reconvertir un hospital de agudos en sociosanitario, pois xa me dirá.

Entonces, as administracións teñen que actuar, os gobernos, cando un se presenta ás eleccións e lle toca responsabilidade de gobernar, teñen que actuar como gobernos dos cidadanos, teñen que deixar o partidismo e actuar como cidadanos. E se hai unha administración que toma unhas decisións, compromete as seguintes. Por certo, foi o que lle pasou ao Goberno anterior, que sempre na posición que estamos politicamente nós sempre defendemos un hospital novo en Pontevedra, antes de acometer os gastos que se acometeron; e antes, seguramente, de facer o Hospital do Salnés, e antes de facer as redistribucións que se fixeron de asignación a outros hospitales, áreas sanitarias, como foi a de Santiago e toda a comarca do Deza. É que eu creo que non estamos dimensionando ben o que significa esto. Polo tanto, fan ustedes, definen ustedes, un proxecto de ampliación, un plan director, con catro fases, e executan as tres fases, o conselleiro aquel que tiveron en toda a etapa de Fraga. Bueno, pois fixeron a ampliación, gastou 57 millóns de euros; e o Goberno anterior, despois de que estaba eso feito, convertiu a cuarta fase da ampliación en ampliación suficiente para facer o hospital único alí e poder prescindir do hospital provincial como hospital de agudos.

Porque ustedes nunca pensaron nun hospital único cando facían as ampliacións, estaban pensando ampliar Montecelo pero que seguira funcionando o Hospital Provincial. E eso é un despilfarro de recursos, xa o falamos moitas veces e xa o explicamos. Se usted necesita ucistas nun sitio e ucistas noutro, pois ao final ten especialistas librando de guardias dun hospital e especialistas librando de guardias noutro hospital, etc., etc., e a xente dun lado para outro.

Bueno, pois por toda esta novidade da financiación privada, que agora vamos a analizar —eso se mo permite a presidenta, creo que estou con tempo sobrado—, eu hasta lle podería aceptar que puxeran nun hospital comarcal un novo modelo, vámolos ensaiar. Novo non é, porque hai literatura suficiente para saber que non dou resultado alá onde se

puxo, pero, bueno, posto que o fixo a súa amiga Esperanza Aguirre, pois vámolos facer nós aquí tamén, pero facelo nun hospital comarcal pequeno. Pero nada máis e nada amenos que van facer experimentos na área sanitaria de Vigo. E en Pontevedra, non necesitándoo facelo, pois vano facer en Pontevedra. E resulta que gastando oito veces máis, salindo oito veces máis caro, e non esaxero, nos andan dicindo: Cien por cien público, hospital cien por cien público. E, conselleira, vai ser un hospital sostible, ecolóxico e humanizado, ¡e seguro que hasta atende enfermos, vaia! (*Murmurios.*)

Cien por cien público. E ¿que significa iso de cien por cien público?, ¿que os pacientes non pagan? Hombre, iso non o podían cambiar ustedes. De momento é unha normativa que non poden poñer. Pero os pacientes non pagan, o conxunto dos galegos si que o pagamos, o conxunto dos galegos si que pagamos ese sobrecoste. (*Aplausos.*) E élle moi sencillo. Eu seguramente non teña capacidade suficiente para explicarlle ao presidente pois como vai ser o sistema e explicarlle por que eu non o vexo público. E ocúrrese un exemplo: se eu quero facer unha casa —llo contaba ao señor Rosendo o outro día nun debate en Ourense, o señor Rosendo non o entendía moi ben—, pero paréceme razoable, se eu quero facer unha casa, pois vou a un banco, pido un crédito, fago a casa, págolle a un constructor, fáime a casa e despois estoulle pagando a hipoteca ao banco. Aquí non, aquí é o construtor o que me dá o préstamo, o que me fai a casa, e logo me cobra. Claro, en vez de pagarlle ao banco, págolle ao construtor que mo fixo, un construtor potente. ¡Espere, señor Rosendo! Pero non se queda aí, senón que ese construtor vai a ser: Quieto, que da electricidade encárgome eu, de regularcha, encárgome eu de regularche a auga, encárgome eu de subministrarche o que tes que comer todos os días e xa cho vendo eu tamén, e a cama donde dormes de noite tamén, nas relacións coa muller supoño que non se meterá. (*Risos.*) Pero condiciona todo, e ustedes o saben.

Pedímoslle que escoiten, como dicía a portavoz do BNG, que escoiten aos profesionais. Isto está creando moi mal ambiente e eso vai en detrimento do sistema, eso vai en detrimento da calidade asistencial. Non estamos xenerando nós ese mal ambiente. Pedímoslle que reflexionen, xa perdemos practicamente dous anos. Se volven atrás, perdemos dous anos. Pero estamos dispostos hasta a non facer deso fincapé nin crítica. Reflexionen, que rectificar é

de sabios. E desde logo eu creo que, non a oposición, senón toda a sociedade galega lles estará agradecidos se cambian de opinión.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Pose.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Miguel Santalices Vieira.

O señor SANTALICES VIEIRA: Gracias, presidenta.

Moi boas tardes a todos, señorías.

Bueno, pois temos que empezar, para abreviar, dicindo que vamos a rechazar esta proposta. ¡Home!, nós temos que rechazar esta proposta porque non podemos dar un paso atrás nun tema tan importante como é unha infraestrutura sanitaria. Nós non podemos renunciar a unha actuación prioritaria para os cidadanos de Pontevedra. Polo tanto, temos que votar en contra.

E ademais, xa se expuxeron en varias ocasións o engano ao que foron sometidos os cidadanos de Pontevedra durante a pasada lexislatura e tamén expresaron o seu malestar.

Tamén se ten falado do malestar dos profesionais, porque non se lle deu solución a un asunto que estaban demandando. Vostedes, no tema de infraestruturas sanitarias, hai que reconocerlles que deixaron unha profunda huella, negativa, unha profunda huella negativa.

Repasemos. Nada feito con relación ao novo Hospital de Vigo, salvo as múltiples presentacións, moqueta e demais. Nada feito no Hospital de Pontevedra salvo o anuncio de 1.200 millóns que nunca tiveron reflexo ou soporte presupostario. Paralizaron os plans directores de Ourense e Ferrol, e de Coruña. Ningún centro de saúde construído na pasada lexislatura. Foi a lexislatura de anuncios, márketing, propaganda, e sobre todo encargo de proxectos, eso si que circulou dabondo, pero sempre para os mesmos, por certo. Iso circulou hai que reconocer que ben.

Chegaron as eleccións e houbo un cambio. E vostedes quedaron, vamos a decir, descolocados, desubicados, aturdi-

dos quizá, incómodos. Si, si, ademais notábaselle incluso hasta nos seus actos públicos.

Hoxe, un ano despois do evento, todo sigue igual, moi parecido. E unha das áreas onde máis se notaba a súa desubicación, e se está notando, é precisamente na sanidade. E, claro, como vostedes están desubicados e non saben moi ben que facer, pois reflexionan. ¿Que facer nestes casos? Recurrir ao manual clásico que lles caracteriza, ao seu catón: a privatización da sanidade. Este é o seu discurso. E facendo –e hai que dicilo– un uso perverso da política como forma de chegar á xente, pois lanzan vostedes un discurso intimidatorio sobre a poboación. Un discurso, por certo, falso, feito por non ter outros argumentos, discurso peligroso e, desde logo, repudiable. Porque xoga cos sentimentos da xente.

Exemplos: ¿como se pode decir que a instalación dun mamógrafo supoña o desmantelamento dun hospital? Pero, ¿que barbaridade é esta? ¿Por un mamógrafo novo supón desmantelar un hospital? Eso se dixo por deputados ou diputadas da oposición. ¿Como se pode decir –o que dixo o meu compañeiro Rosendo hoxe á mañá– que o acondicionamento de habitacións, a reparación de estruturas tan importantes como son as da condución da auga, a electricidade, etc., supoña o peche do Hospital de Piñor? Se se está reparando, será para non pechar, é de sentido común. ¿Como se pode decir, e se dixo, que a xestión integrada suporá pechar os hospitales comarcales? ¡Pero, por favor!, ¿que barbaridade é esta, que vostedes o dixeron? ¿Como se pode decir que a construción de dúas importantes infraestruturas supón privatizar –miren o que digo– a asistencia sanitaria e incluso deteriorala? ¡Pero, por favor!, é que vostedes non está razonando loxicamente. (*Aplausos.*)

Miren, non teñen vostedes outro discurso. Reflexione. É bo –e eu é un consello que lle dou– que fagan unha oposición sobre feitos obxectivos. Esta debe ser a súa labor de oposición, este é un consello que lle dou, porque sinceramente a nós, facendo unha labor de oposición sobre feitos obxectivos, nos foi ben. (*Aplausos.*)

¿Que non? Recordo casos, voulle volver a recordar casos. Cando denunciámos a adxudicación perversa dos proxectos do novo Hospital de Vigo, todo era falso; hasta que apareceron os papeles que o acreditaban, claro. Denuncia-

mos a lista de espera en primaria e era todo mentira, hasta que apareceron pacientes que esperaban incluso hasta sete días para ir ao médico de cabeceira. Denunciamos a desmotivación dos profesionais e, señorías, nunca tanta manifestación e protestas hubo no eido sanitario na historia da autonomía; nunca tanta protesta hubo. *(Risos.)* Denunciamos o peche dos centros de saúde. Vostedes o negaron, e pecháronse os centros de saúde. Denunciamos a problemática da asistencia pediátrica, que nenos se podían quedar sen asistencia pediátrica porque vostedes estaban suprimindo consultorios, e pecharon eses consultorios. Denunciamos a falsidade sobre as listas de espera, e apareceron os datos que desgraciadamente nos deron a razón. Cirugía pediátrica, que vostedes recordaranse que hasta os propios profesionais tiveron que comparecer eiquí no Parlamento para decirlle que estaban mentindo vostedes coas listas de espera. E houbo que facer actuacións como aquela famosa da mamografía –que non era certo, non era certo–, aquilo que se denunciou aquí de esperas de tres anos para unha mamografía. E se denuncia no Parlamento e ao día seguinte a esa enferma se lle chama para facer a proba. Isto era a realidade do que estaba pasando. Denunciamos que iban implantar un sistema de citación para a atención primaria e que tería un coste añadido para o usuario, e era mentira, pero está implantado e agora nós temos que botalo abaixo. Porque vostedes moito de privatización da sanidade, pero os primeiros que implantaron o copago foron vostedes. *(Aplausos.)* Porque para acudir ao médico había que pagar á central de chamadas. Denunciamos que a sanidade galega levaba mal camiño, era todo mentira, hasta que chegou o barómetro sanitario e nos colocou no último lugar. E agora que estamos saíndo, gracias ás melloras que se están implantando, sobre todo nas listas de espera e nas infraestruturas, nos veñen vostedes cun retroceso. ¡Pero, por favor!

E unha cousa que sorprende: o silencio que se gardou na anterior lexislatura por parte de persoas que dicen defender a sanidade pública. Isto choca, agora aflora aquí todo o mundo. E sorprende incluso que cargos da anterior lexislatura, con nóminas espectaculares –que algún día haberá que traelas aquí ao Parlamento–, son agora os que poñen..., eses que eu denuncio, son os que nos puxeron na cola do barómetro sanitario e son os que agora están instigando as mobilizacións. ¡Cantos silencios compraron vostedes no pasado! E as nosas actuacións agora deben de ser, polo tanto, priorizar as necesidades dos cidadanos. Eu, xa lle digo, a reali-

zación do novo hospital de Pontevedra é unha das prioridades, e aquí todas as administracións deberían de pórse á causa. Un novo hospital que –como xa ben dixo a conselleira– terá 700 camas, 20 quirófanos... E, por certo, señor Pose, será un hospital ecolóxico, porque hai que traballar sobre cousas ecolóxicas. E, polo tanto, cen por cen público.

E, remato, señora presidenta.

Vostedes –reconózcólles esto– son expertos en mobilizacións, eu reconozco que para esto teñen unha capacidade neste de mobilizar, manifestacións... Son vostedes maestros. Isto lle vai ben, isto lle vai ben. Nós, pola contra, somos expertos en pórnos do lado da xente para tratar de solucionar os seus problemas. E cada vez que chega o momento da verdade, que saben cando é, cando hai que ir á urna a depositar unha papeleta, aí, señorías, a nós vains bastante mellor. Alá vostedes.

Nada máis, moitas gracias, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Santalices.

Polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Bouza Santiago.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señora presidenta.

Iniciar agradecendo ao Partido Socialista o apoio que manifestan á nosa iniciativa. E, bueno, eu agardaba unha intervención do señor Fernández, facendo algún comentario de texto, ao que nos ten habituados, sobre as intervencións anteriores, e me sorprendo encontrándome noutro ano, noutra lexislatura e noutro tema completamente distinto, cunha intervención do portavoz da oposición, do señor Santalices, na lexislatura pasada... *(Aplausos.)* Pero estamos, señor Santalices, nesta lexislatura. Hai máis dun ano que vostede non é portavoz da oposición, máis dun ano. Vostede non ten que facer xa oposición, ten que gobernar, señor Santalices. Ten que, en todo caso, colaborar. Facer oposición da oposición a estas alturas... Podía valerlle o primeiro mes, o segundo, pero levan vostedes máis dun ano gobernando, máis dun ano no que vostedes priorizan ¿que? Porque, ¿que fixeron nas infraestruturas sanitarias no ano que levan gobernando? ¿Que fixeron ? ¿Que cousas teñen para traer aquí, para

poñernos aquí enriba da mesa, e contrastar coas iniciativas de propostas que facemos dende a oposición? ¿Donde está o seu rigor, señor Santalices?

Vén aquí vostede a tomarnos o pelo, equívocase de iniciativa, equívocase de ano e equívocase de lexislatura. Póñase vostede ao día. Igual tiña que vir a intervir máis veces, facer algunha proposta de iniciativa ao Goberno. Ao mellor tiña que ser vostede portavoz de sanidade para estar máis ao día; non sei se o señor Fernández ten outro labor preparándose e, por tanto, está vostede xa en disposición de substituílo. *(Risos.)*

Señor Santalices, fale vostede de Pontevedra. Aquí viñemos a falar de Pontevedra, non viñemos a falar da lexislatura pasada, das listas de espera da lexislatura pasada. Viñemos falar das infraestruturas de Pontevedra. Porque se quere que falemos das unidades que van a desmantelar de cancro de mama, falamos. Se quere que falemos diso, fagan vostedes unha iniciativa e falen claramente do que vostedes queren desmantelar. Déannos tempo para debatir dese tema e falamos, e lle vamos a sacar a vostede os colores, que é vostede de verdade un descarado. Vir aquí dicir que nós dicimos que están desmantelando os hospitais comarcais. Non, non están desmantelando os hospitais, están desmantelando un servizo que atende as mulleres, donde viven as mulleres. Eso é o que están desmantelando. E deso terán que responder vostedes ante as mulleres que non van ter detectado un cancro de mama con suficiente antelación. Deso van ter que responder vostedes.

¿Por que, señor Santalices, renuncian a un proxecto en marcha? Que era inicialmente un proxecto seu, un proxecto que era e é de consenso, viábel economicamente, asumíbel economicamente, coas expropiacións e a metade dos investimentos feitos. ¿Por que? Non dixo vostede aquí por que non lle vale o proxecto de ampliación de Montecelo. Falan sempre de slogans, pero non din por que non lles vale o proxecto que había. Eu non creo que sexa un problema de sectarismo, non é un problema de querer desmantelar os programas que fixeron outros, porque inicialmente era o seu proxecto. ¿Por que o fan? Pois eu creo que o único que xustifica este cambio é que a ampliación de Montecelo non se pode facer polo sistema PFI. Eso é o único, o que está de verdade detrás dese cambio de proxecto, unha mostra de cales son as súas prioridades na sanidade, unha mostra de

que a atención da sanidade pública é para vostede subsidiaria do beneficio da sanidade privada.

Decía o señor Feijóo hai xa un ano, un pouco menos dun ano, hai xa bastantes meses: “O gasto en sanidade privada en Galicia está por debaixo da media europea, eu incentivaría un dobre aseguramento, porque así para a patoloxía banal a xente iría ao seguro privado e para a grave xa irían ao Sergas. Pero, polo menos, o Sergas se quitaría de enriba a patoloxía banal e utilizaría os quirófanos e as salas de atención para quenes non podan ir á privada”. Ese é o seu modelo sanitario e eso é o que hai detrás, o que vostedes minten, o que vostedes engañan a cidadanía. Eso é o que hai detrás do abandono do proxecto de Montecelo. E eso si que é engañar a cidadanía. As dez mil, ou vinte mil ou cincuenta mil –as que foran–, miles de personas, que asistiron á manifestación non se mobilizaron porque lles guste mobilizarse. Mobilizáronse porque ven en perigo, e ademais con moi pouca posibilidade de marcha atrás, a garantía de ser atendidos na sanidade pública en igualdade de condicións que o resto dos galegos. Ven eso en perigo. E a vostedes –que tamén o vendálles igual, a vostedes dálles igual. Vostedes, coa súa prepotencia, independentemente do que diga a xente, independentemente do que a cidadanía lles diga, independentemente do que moita xente votando [...].

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Bouza.

A señora BOUZA SANTIAGO:... vostedes van a seguir adiante coa súa política de privatización.

O BNG –si, señora presidenta, remato– dixo que o traeríamos a este Parlamento e a este Pleno as veces que fixera falta. Este é tema vello porque estamos na mesma situación que estabamos hai un ano, estamos a tempo de rectificar. E nós volvemos a pedirlle ao Partido Popular que rectifique, que defenda os dereitos da cidadanía galega no acceso a unha atención sanitaria de calidade.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Bouza.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rosendo Luís Fernández Fernández e catro

deputados máis, sobre as actuacións para asegurar a equidade do dereito a unha morte digna

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse as emendas número 32516, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Luísa Bouza Santiago, e a número 32532, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Modesto Pose Mesura.

(O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Ana Luisa Bouza Santiago, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 29495, do Grupo Parlamentar Popular, sobre as actuacións para asegurar a equidade do dereito a unha morte digna, que será tratada na sesión plenaria do día 27 de abril de 2010. (08/PNP-0478).

Emenda de Modificación

Débese substituír o texto resolutivo da proposición non de lei polo seguinte:

“O Parlamento galego insta ao Goberno galego a elaborar e presentar en sede parlamentar, no presente período de sesións, un anteproxecto de lei que contemple a garantía de exercicio do dereito á dignidade das persoas no proceso da morte.”)

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Modesto Pose Mesura, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as actuacións para asegurar a equidade do dereito a unha morte digna (08/PNP-0478, doc. núm. 29495)

Emenda de Adición

Débese engadir un novo apartado á resolución da Proposición non de lei co seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a exercer as súas propias competencias presentando unha regula-

ción do exercicio dos dereitos recoñecidos en canto a protexer a dignidade das persoas, asegurar a autonomía dos pacientes e o respecto a súa vontade. Regular, así mesmo, as garantías que as Institucións Sanitarias deben proporcionar para unha morte digna.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra don Rosendo Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Gracias, señora presidenta.

Señorías.

Señora Bouza, a ventaxa de ter 38 parlamentarios, 38 deputados, é que podemos ter dous portavoces, incluso tres; se tiveramos 12, bueno, [...] esa é a ventaxa que hai.

Señorías, o tema eu creo que é serio e merece ser tratado desa maneira. Polo tanto, empezo tamén en latín: *verba movent, exempla trahunt*; as palabras moven, os exemplos arrastran. Porque ao gobernar aprendín –e todo o mundo debera haber aprendido– que hai que pasar da ética dos principios á ética das responsabilidades.

Así é, señorías, as bases para o desenvolvemento dun plan nacional de coidados paliativos, aprobado polo Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, data do 18 de decembro do 2000. Nin que dicir ten que foi gracias ao Partido Popular do Goberno do Estado cando por primeira vez en España se elaboraron estas bases. Se usted, señora Barcón, non está de acordo, vaia ás hemerotecas e compróbeo, eu acabo de dicirullo.

Así mesmo, foi un Goberno do Partido Popular quen regulou xuridicamente os coidados paliativos coa Lei 41/2002, do 14 de novembro, reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigacións en materia de información e en documentación clínica. O seu artigo 11 establece que cada servizo de saúde debe regular o procedemento axeitado para que, chegado o caso, se garanta o cumprimento das instrucións previas de cada persoa, que deberían constar sempre por escrito.

Tamén foron autonomías gobernadas polo Partido Popular –recorden, Navarra e Valencia– as primeiras en

regular o principio de limitación do esforzo terapéutico a través do testamento vital. Sen embargo, non foi ata o ano 2007, cinco anos despois da lei –agora xa con gobernos socialistas– que se aprobou o Real decreto 124/2007, que regula o Rexistro Nacional de Instrucións Previas e o correspondente ficheiro automatizado de datos de carácter persoal. Foi en xullo dese mesmo ano 2007 cando se aprobou a Estratexia nacional de coidados paliativos do Servizo Nacional de Saúde, seguindo, en todo caso, os plans do Partido Popular.

E o obxectivo concreto foi corrixir as desigualdades territoriais e mellorar a atención das persoas en situación terminal. Soamente a instancias do Partido Popular, o Goberno Socialista ten presentado –eso si, tres anos despois– un informe da situación sobre o grao de cumprimento desta estratexia. Os resultados deste informe amosan enormes desigualdades que existen entre as diversas autonomías.

Chegados a este relato cronolóxico, ata aquí, a diagnose non se fai esperar: a ausencia completa de liderazgo do Ministerio de Sanidade e Política Social neste asunto.

E como daqueles polvos non se fan esperar os lodos, aparecen situacións como a do pasado 17 de marzo cando o pleno do Parlamento andaluz aprobou a Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas no proceso da morte, que contou co apoio do Partido Popular a excepción dalgúns artigos. Esta lei non fai senón recoller os principios xa aprobados noutras lexislacións anteriores porque recolle principios defendidos polo Partido Popular de humanizar a morte axudando ao enfermo a vivir o mellor posible o último período da súa vida.

¿Cal é a situación actual? En setembro do 2008 “el Ministerio de Sanidad plantexaba regular el suicidio asistido”. Isto é, a posibilidade de que un enfermo reciba axuda para poñer fin á súa vida sen que necesariamente se encontre en situación terminal. Isto levaría, ou máis ben implicaría, a reforma do Código penal.

Por elo Sanidade prevía dúas vías de traballo. Por un lado, actuar en todas as fases que non impliquen un cambio legal, ou sexa, un desenrolo normativo a base de decretos e estratexias da Lei de autonomía do paciente do 2002 que acabei de recitar antes, para o que ía constituírse un grupo de

expertos. Xa sabedes, cando non se vai facer unha cousa, consultar ou constituír un grupo de expertos.

Por outro lado, a segunda liña era –e así se anunciou polo ex ministro Soria– a apertura dunha comisión conxunta de Sanidad e Justicia que estudiaría paralelamente de forma específica a regulación do suicidio asistido. “*La reflexión ya está abierta, pero va a necesitar tiempo*” –dixo o ex ministro Soria–. É máis: “*En un año y medio el estudio previo habrá concluído, será el momento de que el Gobierno decida*”. O ex ministro Soria marchou xa fai tempo, e nada de nada se conseguiu nin temos avanzado.

Señorías, soamente se aprobou o Real decreto 124/2007, do 2 de febreiro, polo que se regula o Rexistro Nacional de Instrucións Previas e o correspondente ficheiro automatizado de datos de carácter persoal. Sen embargo, hoxe, agora, o Goberno de España non cre necesario abrir un debate. Pasaron dous anos e xa non é necesario abrir un debate.

Dice a ministra Trinidad Jiménez, en declaracións do 25 de febreiro do 2010: “*Tan complejo y conflictivo como el de la eutanasia, un tema sobre el que tampoco hay una regulación unánime en otros países*”. Difícil, non é necesario abrir xa agora un debate.

A Estratexia nacional de coidados paliativos no Sistema Nacional de Salud arrancou en xullo de 2007 co obxectivo de corrixir as desigualdades territoriais e mellorar a atención das persoas en situación terminal. Sen embargo, case tres anos despois os resultados son totalmente desiguais.

O ministerio –agora xa con Trinidad Jiménez ao fronte– acaba de concluír a primeira avaliación da estratexia despois da súa posta en marcha, e os resultados arrojan algo de luz sobre o estado da cuestión. O texto revela que sete autonomías non dispoñen aínda –no pasado ano do 2009– dun plan específico de coidados paliativos, aínda que si teñen en marcha medidas para a atención dos enfermos nun plano non só meramente sanitario.

Somos plenamente conscientes que a ética e a deontoloxía médica establecen como deberes fundamentais respectar a vida e a dignidade de todos os enfermos. Estes deberes cobran unha particular relevancia na atención aos enfermos terminais, aos que se debe ofrecer o tratamento paliativo que

mellor contribúa a aliviar o sufrimento, eso si, mantendo sempre a dignidade.

O Partido Popular ten unha posición, xa a anticipamos. Cremos que o reto actual non é plantexar ningún tipo de eutanasias nin acurtar intencionadamente a vida do paciente co seu consentimento expreso, senón o desenrolo e a universalización dos cuidados paliativos. Apostamos por humanizar a morte.

Un goberno do Partido Popular foi quen regulou os cuidados paliativos coa Lei de autonomía do paciente do 2002, en consonancia co que seguimos avogando. Parece que os socialistas renunciaron aos cuidados paliativos. Unhas veces falan dunha cousa, outras veces falan doutra, (*Murmurios.*) según o que acabo de dicir e polo relatorio expreso e histórico que eu acabo de dicir, e que non inventei nada. Non sei a posición, oirémolo.

Señorías, nós, en todo caso, apostamos e estamos pola cultura dos cuidados paliativos e apostamos tamén pola utilización da fórmula do testamento vital. E a nosa posición é clara, concisa e respectable. As súas aínda non o sabemos.

Dende o Partido Popular de Galicia consideramos que os dereitos dos cidadáns no Servicio Nacional de Saúde deben ser universais, e que corresponde ao Goberno central a través do seu Ministerio de Sanidade e Política Social velar pola equidade nos dereitos dos cidadáns, velar pola equidade dos dereitos dos cidadáns.

Por todo o anteriormente dito o Grupo Popular do Parlamento de Galicia insta o Goberno de España para que, a través do Consello Interterritorial do Servicio Nacional de Saúde, asegure a equidade do dereito a unha morte digna mediante a elaboración, en cooperación con todas as comunidades autónomas, dunha normativa básica que regule o exercicio dos dereitos da persoa na última fase da súa vida; a identificación e definición común de obxectivos en materia de cuidados paliativos; a definición dos instrumentos de medida –estadísticas, indicadores, directrices–.

A promoción da avaliación comparativa e o intercambio das mellores prácticas co fin de incorporar as potencialidades e melloras.

Señorías, a posición do Partido Popular creo que é clara e entendible. As dos demais espero que estén en consonancia e que non anden en vaivéns dun ano unha cousa, ao ano outra, e dependendo do ministro de turno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Fernández Fernández.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Bouza Santiago.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señor presidente.

Señor Fernández, asistimos un pouco sorprendidos no Grupo do BNG á presentación desta iniciativa do Partido Popular instando o Goberno español a garantir a equidade do dereito a unha morte digna, se supón, á cidadanía galega. Dígoo porque estamos no Parlamento galego.

Máis aló das discrepancias que no detalle sobre o “como” e o “que” podamos ter –que despois da inconcreción das medidas propostas imaxinábamos pero despois do seu discurso constatamos–, sorpréndenos que un partido político que ten a responsabilidade de gobernar Galiza tome a iniciativa, e ademais a presente como unha iniciativa de impulso ao Goberno, de renunciar a desenvolver a súa capacidade normativa no Parlamento galego neste campo.

Nós temos as competencias para desenvolver normativa as garantías do dereito a unha morte digna no sistema sanitario galego, temos esas competencias, teñen vostedes, que están gobernando, estas competencias. E ten o Parlamento galego esas competencias de elaborar normativa. Pois ben, vostedes instan o Goberno galego a que renuncie a este desenvolvemento, que renuncie ao exercicio dunha competencia.

Resulta especialmente sorprendente cando, hai uns días nada máis, o 18 de marzo, o Parlamento andaluz asume esta iniciativa normativa e aproba por unanimidade a Lei 2/2010, de dereitos e garantías da dignidade da persoa no proceso da morte, que regula o que estamos a falar: os dereitos dos pacientes e as obrigas dos centros e do persoal sanitario que atende a estas persoas que están na última etapa da súa vida.

O que para nós, esta iniciativa do Parlamento andaluz, en todo caso é unha iniciativa a emular —é dicir, efectivamente, temos a capacidade, tomemos a iniciativa de desenvolver esta normativa— para vostedes, según a exposición de motivos, é o resultado da ausencia de liderazgo do ministerio. Non, señor Fernández, non, é o resultado do desenvolvemento das competencias que ten o Parlamento andaluz. E nós, como Parlamento galego tamén as temos. Desenvolvámolas.

Falan vostedes tamén de que a nova norma andaluz non fai senón recoller os principios xa aprobados noutras lexislacións anteriores. ¡A ver en que quedamos! Ou é un cúmulo de cousas que xa existían e non desenvolve nada, ou está ocupando un espazo que non está desenvolvendo o ministerio. ¿En que quedamos? Non, señor Fernández, señores do Partido Popular. O Parlamento andaluz desenvolveu unha normativa en función das competencias que teñen para garantir un dereito que non debía estar garantido cando hai que regulalo, cando hai que regulalo.

Tamén falan vostedes de que esta iniciativa do Parlamento andaluz contou co apoio do Partido Popular. Pero non toda ela, salvo tres artigos sobre os que pediron votación separada. Pediron votación separada e opuxéronse ao texto de tres artigos. Do artigo 18 desta lei andaluz, que fala dos deberes respecto á toma de decisións clínicas. E di: “Todos os profesionais sanitarios implicados na atención dos pacientes teñen a obriga de respectar os valores, crenzas e preferencias dos pacientes na toma de decisións clínicas, debendo absterse de impoñer criterios de actuación basados nas súas propias crenzas e conviccións persoais, morais, relixiosas ou filosóficas”. ¿Non concordan vostedes, señores do Partido Popular, con esta regulación da obxección de conciencia? Porque non só afecta ao dereito a unha morte digna, afecta a outros servizos que está a prestar a sanidade galega, como, por exemplo, o dereito á interrupción voluntaria do embarazo.

¿Néganse vostedes a regular mediante unha lei autonómica este exercicio? ¿Cal é a súa posición, porque eso non aparece explicitado na súa proposición non de lei? ¿Cal é a posición, a respecto da regulación do dereito á obxección de conciencia do personal sanitario, do Partido Popular? Interésanos moito ao BNG coñecer esa posición, e lamentamos que non se plasmara no concreto da súa proposición non de lei.

Tamén votaron á parte o artigo 21, “Deber e respecto á limitación do esforzo terapéutico”: “O médico ou médica responsable de cada paciente no exercicio dunha boa práctica clínica limitará o esforzo terapéutico evitando a obstinación terapéutica”. ¿Con que non están vostedes de acordo neste texto, señor Fernández? ¿Cren vostedes de verdade que o encarnizamento terapéutico non debe estar regulado, non debe estar limitado por unha lei? ¿Consideran vostedes que o Parlamento galego non debe intervir neste límite do esforzo terapéutico?

Tamén nos interesaría coñecer cal é a posición do Partido Popular neste aspecto e tampouco aparece concretado na súa proposición non de lei.

O terceiro artigo que vostedes non votan é o 27, “Sobre os comités de ética asistencial”. ¿Non concordan vostedes con que a súa composición sexa de profesionais? Neste aspecto, aínda que vostede non pon nada na súa proposición non de lei, coñecemos cal é a súa opinión. “Sanidade nomea un crego e un teólogo para a Comisión Galega de Bioética”. Isto é o que vostedes consideran que é a composición científica dun comité de bioética que ten que decidir sobre o encarnizamento terapéutico e que ten que decidir sobre os cuidados paliativos. Pois ben, nós non concordamos con esa visión. E queremos que a traigan vostedes aquí detallada, concretada, que se definan, señor Fernández.

Sobre o tema competencial, tampouco falan de nada a respecto disto nin no texto da proposición, nin na exposición de motivos, nin tampouco na súa defensa. A conselleira, señor Fernández, non tivo ningún reparo en saltarse normativa, competencias, a legalidade vixente, para tentar obligar a colexiarse aos médicos que exercen en exclusiva no Servizo Galego de Saúde, a pesar de que non ten competencias para obligalos, a pesar de que está pendiente de desenvolver unha lexislación estatal sobre este tema. E aí si que é o Estado quen ten que desenvolver a normativa, a pesar de que hai un informe xurídico do Sergas que di que non é obligatoria a colexiación para exercer con dedicación exclusiva no Sergas. Si, señor Rosendo, na defensa dos intereses dos colexios, aí non hai ningún problema, aí se exercen as competencias por encima do límite legal.

Pois ben, pedímoslle ao Partido Popular que teñan o valor de dicir claramente que opinan sobre estes temas.

Entendemos que non é espacio para facelo unha proposición non de lei, así que os animamos a elaborar un anteproxecto de lei, un anteproxecto de lei galega, que regule os dereitos dos pacientes e os deberes dos centros e profesionais na atención aos últimos momentos da vida das persoas e para garantir unha morte digna, que poñan este anteproxecto en período de alegacións á disposición da cidadanía galega para que se incorporen por parte de asociacións, colexios, sindicatos e cidadanía en xeral as aportacións que se vexan necesarias e que traian ese proxecto coas aportacións incorporadas a este Parlamento. E aí si, señor Fernández, debatiremos cómo se debe garantir o dereito a unha morte digna.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Bouza.

Polo Grupo dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Pose Mesura.

O señor POSE MESURA: Si, grazas, señor presidente.

A verdade é que este *casting* de Ourense hoxe temos un pouco sorprendidos a todos. (*Risos.*)

Señor Puy, temos que revisar un pouco as iniciativas que veñen, porque esta iniciativa entenderana os de Ourense. Eu creo que os votantes do Partido Popular non a entenden. Non a entenden, porque desgraciadamente para nós, o Partido Popular pois non avanzou demasiado neste dos cuidados paliativos e da morte digna. E trae unha iniciativa aquí deste tema. ¿Para que, señor Rosendo? ¿Para que trae esta iniciativa? ¿Cal é o obxecto? Non o entendo. A non ser meténdome un pouco no seu cerebro que diga: ¡Eh, coidado!, que no Parlamento andaluz elaboraron unha lei, non vaia a ser que en Galicia se lles ocorra tamén á oposición traer outra lei aquí, e entón eu xa poño a venda antes da ferida. E digo: Coidado que non é un problema de aquí, é un problema de Madrid, e que Madrid se meta nese debate da eutanasia si, e da eutanasia non. Está usted pouco modernizado.

Porque, precisamente... ¡Home, vir aquí a escoitar que vostedes son os campeóns dos cuidados paliativos... Usted non sabe o que son os cuidados paliativos, non o sabe. Non é un confesor dándolle alí: *Tranquilo hijo mío, que no pasa*

nada... (Aplausos.) Non é eso. Cando falamos de cuidados paliativos, estamos falando doutras cousas. Estamos falando de sedación. A vida non é un valle de lágrimas, nin é a antesala do purgatorio para sufrir. Estamos falando de cousas serias que hasta agora, desgraciadamente, o Partido Popular opúxose. Non solo se opuxo senón que quixo meter na cárcel a quen o facía; se non, pregúntelle ao doutor Montes (*Aplausos.*) Non nos estamos inventando nada, sentencias xudiciais, hospital de Leganés. *No, pena de muerte, no. Pero una inspectora que yo conozco, que es viceconsejera en la comunidad de Madrid y que trabajó conmigo..., por cierto, que me pasaba a mí por la izquierda, y me decía: ¡Ah, estos del PSOE qué de derechas sois, qué moderado eres, Modesto. Pues esa fue allí a inspeccionar lo que hacía el doctor Montes... (Murmurios.)*

Entón, que veñan agora de campeóns vostedes de cuidados paliativos, hai moito que aguantar.

E mire, e nós, os socialistas, por responsabilidade, non queremos entrar... Hai moitos... Eu creo que hai situacións que resolver, como a situación de Sampedro na película de *Mar adentro*, e hai moitos cidadanos que pensan que esas situacións as hai que resolver dun xeito particular. Eu, personalmente, penso que hai que resolvela. Pero sen embargo facemos un exercicio de responsabilidade e non nos metemos neso, porque estamos esperando que ustedes vaian evolucionando, como evolucionaron noutras cousas. E non queremos crearlles, que xa hai bastantes divisións na sociedade, e non queremos crear unha máis. E, polo tanto, por responsabilidade, non queremos legislar sobre o Código penal. Pero aquí non estamos falando deso, estamos falando das transferencias que temos nos nosos hospitales e nas nosas habitacións. Porque ¿quen ten que regular que a unha persona que está agonizando se lle dea unha habitación para estar solo coa súa familia? Estamos falando deso. E ¿quen ten que regular que se un médico administra, que se lle poida dar do servizo de farmacia as dosis necesarias dun sedante para poñerlle a un paciente terminal?

Eso témolo que regular nós aquí, e deso estamos falando. Non estamos falando de Código penal nin de debates éticos, que tamén, que nós non rehuímos facelo. Pero estamos esperando por ustedes, estamos esperando que cheguen ao consenso necesario. E se non hai consenso, como na sociedade, que nos parece un tema complicado, moi complicado, legis-

lar sobre estas cousas, non o queremos facer solos. Necesitamos unha concordia de todo o país para legislar unha serie de principios fundamentais sobre estos temas.

E mentras tanto, o que necesitamos é acordar nos hospitais e en primaria... E, por certo, vostedes non fan nada, pero as unidades de cuidados paliativos –e vámoslles facer un seguimiento– que había montadas na Comunidade Autónoma de Galicia estame chegando información de que se están desmontando; por necesidades, este médico que ten que ir para o servizo de medicina interna..., como fan vostedes as cousas, que parece que non fan, pero fan. Porque no fondo ustedes cren que o dono da vida é Dios, nuestro señor, que eu o respecto moitísimo, pero hai moita xente que non cre que o dono da vida, para nacer, para vivir, para sufrir e para morrer, pois non ten nada que ver con Dios. Respectando eso, que non hai que legislar para eles con esa orientación.

Entonces nós propoñémoslle unha emenda donde non rehusamos que o Goberno central lexisle o que teña que legislar, pero tamén lle poñemos a ustedes traballo, que é o que teñen que facer. Xa que usted trouxo esta proposición non de lei aquí, pois que o Goberno presente un proxecto de lei para que regule, en base ás súas competencias –ademais usted, que é do sector nacionalista do Partido Popular–, en base as súas competencias, regule este tema. E se non o fan, xa lle adianto que o Partido Socialista, desde logo, presentará un proxecto de lei se vostedes non traen nun prazo razoable ese proxecto de lei.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Pose.

Ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Gracias, presidente.

Señorías.

Vamos a ver, señora Bouza, a Estratexia nacional, xa llo dixen, de cuidados paliativos do Servizo Nacional de Saúde arrancou en xullo de 2007, vai facer tres anos. E ¿sabe para que foi feito? Foi feito para alcanzar o obxectivo de correxir

as desigualdades territoriais e mellorar a atención das persoas en situación terminal. Iso quere dicir que algo, bastante, ten que ver o Goberno de España na situación, porque, se non, non se facía a estratexia nacional. E nós queremos non solo que o intencione senón que o faga.

Porque, mire vostede, os dereitos dos cidadáns do Servizo Nacional de Saúde deben ser universais e para así manter a equidade nos dereitos dos cidadáns.

Señor Pose, di vostede ancho, orondo, como a señora Acuña, que non sei eu de cuidados paliativos. Eu non veño aquí a dicir que sei de cuidados paliativos, pero si lle vou a dicir unha cousa: sei moi pouco cando me considero, pero sei moito cando me comparo con vostede. Polo tanto, deixe esas cuestións.

Mire, desde hai tempo, tanto a nivel nacional como a nivel internacional, existe o debate público –ademais importante, porque inciden aspectos éticos, xurídicos, sanitarios– relacionado co final da vida. E, aínda máis, que a morte poida ser para unha persoa un beneficio resulta unha paradoxa moi difícil de pensar. E quen as poidan facilitar... –e díggollo porque entrou vostede nun debate que non vén a conto, pero que non puido resistirse a facelo, que é o de Leganés–, máis paradoxo é pensar que quenes poidan facilitar a morte sexan os seus protectores, é difícil e máis paradoxo, é difícil de pensar.

O desexo único é tratar de mellorar a calidade da vida na morte, dos enfermos terminais aos que asistimos. Parece que é difícil de entender. Pois repítollo: é paradoxo que quen facilita poidan ser uns protectores.

Están vostedes neste caso... Non deben ir vostedes de autoprogresistas, non se trata diso. Eu non quero aquí nomearlle cando no Congreso dos Deputados, na lexislatura anterior, se tramitou un proxecto de lei presentado polo Grupo de Esquerza Republicana de Cataluña, quero tamén pensar que de Izquierda Unida, ICV, os verdes, para despenalizar a eutanasia e garantir aos cidadáns que poidan acollerse a unha morte digna. Tamén propugnaban unha morte digna e sen dor. A proposta pretendía establecer que quedara exento de pena quen mediante actos necesarios ou de cooperación activa permitira propiciara ou facilitara. Sabe vostede que desde o Partido Popular e o Partido Socialista se rexeitou esta ini-

ciativa. E o 17 de marzo do 2010, o Pleno do Parlamento andaluz aprobou a Lei de dereitos e garantías. Por certo, señora Bouza, os principais puntos da norma eran os seguintes: regular o exercicio dos dereitos da persona na última fase da vida; facer prevalecer, dentro da legalidade vixente, os dereitos dos pacientes e non recibir determinados tratamentos. O paciente, que tendría dereito a expresar o seu desexo de limitar as medidas de soporte vital, tendría tamén dereito a recibir tratamento para a dor incluíndo a sedación paliativa, etc. E o Partido Popular votou a favor, xa que está en consonancia co que está establecido no Estatuto de Andalucía, a excepción de tres artigos relacionados cos deberes dos profesionais sanitarios, xa que a norma non incluía a obxección de conciencia. Iso era. E tampouco estaba de acordo coa regulación dos comités éticos.

Pero mire, ¿por que nós dicimos e apelamos a que o ministerio lidere o asunto? Vamos, non o digo eu: “Ni se quiere ni se puede regular sobre estos asuntos”, aclara Ríos. “El parlamentario de Izquierda Unida, José Manuel Mariscal, pidió al Gobierno central que sea valiente y legisle en la materia”. Ou sexa, non o pide o Partido Popular soamente. Non, non, este que o pide aquí non era o Partido Popular, é que si, seño. Polo tanto, non somos os únicos que apelamos que sea o ministerio o que lidere o proceso.

Polo tanto, eu vexo que a postura socialista, aunque usted pense que non se debería traer aquí esta iniciativa, anda a salto de mata. Estamos esperando por vostedes. Fixeron tema central no congreso de xullo do 2008, por certo, e propiciaron que en tempo adiante se iban a acoller... Por exemplo, eu teño aquí recollido: “En los próximos años, a medida que los anteriores componentes del derecho a la dignidad y la autonomía del proceso final de la vida se hayan consolidado...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:... –gracias, señora presidenta–, la sociedad española debería abrir el debate hacia la posible regulación legal. Por lo tanto, están ustedes en un terreno de nadie que a nadie beneficia.

Miren, señorías, como o tempo apremia, a nosa postura é coincidente coa da Organización Médica Colegial, coincidente totalmente, que defende a universalización da práctica

clínica de axudar no trance da morte, dentro dunha coordinación ética profesional, tal como solicitamos nesta proposición non de lei. E non entramos nas emendas...

A señora PRESIDENTA: Non, remate, señor Fernández, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:... porque xa lle dixen á señora Bouza que aquí non se traen polo Goberno anteprojectos de lei, que é o que pide na emenda; xa sei que vostede me dixo que podería ser proxecto.

E, señor Pose, presenta vostede unha regulación do exercicio dos dereitos e garantías da dignidade da persoa difícil de entender. Eu con isto non podoo ir a ningún lado. É difícil de comprender... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)... (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Fernández, moitas gracias.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre o mantemento dos comedores escolares existentes na actualidade, a creación no vindeiro curso do número de prazas de comedor escolar necesarias para cubrir as demandas actuais e a realización nos centros educativos das melloras necesarias ao respecto

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a número 32520, do Grupo Popular de Galicia; e a número 32533, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Guillermo Meijón Couselo.

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda de substitución á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre o mantemento dos comedores escolares existentes na actualidade, a creación no vindeiro curso do número de prazas de comedor escolar necesarias para cubrir as demandas actuais e a realización nos centros educativos das melloras necesarias ao respecto. (08/PNP-0490 (29911)).

Emenda de substitución

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a manter os comedores escolares existentes na actualidade, facendo un uso eficiente dos recursos dispoñibles e recorrendo ás formas de xestión máis acaídas, e tamén a seguir co incremento de número de prazas de comedor escolar para axustar a oferta á demanda. Asemade a Consellería realizará as melloras necesarias nos centros educativos para que este servizo se preste nunhas condicións educativas e sanitarias óptimas.”)

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Guillermo Meijón Couselo, a través do Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre o mantemento dos comedores escolares existentes na actualidade, a creación no vindeiro curso do número de prazas de comedor escolar necesarias para cubrir as demandas actuais e a realización nos centros educativos das melloras necesarias ao respecto (08/PNP-0490, doc. núm. 29911)

Emenda de adición

Engadir in fine o seguinte texto á parte resolutiva da Proposición non de lei:

“... mantendo e garantindo a xestión pública daqueles comedores que actualmente ostenten dita condición.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra dona María do Carme Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señorías.

Tamén saudar –boas tardes– ás representantes das organizacións sindicais que nos acompañan.

Hoxe vou defender unha proposición non de lei sobre un aspecto básico dun servizo público como son os comedores escolares. Pero teño que confesar que no que levamos desta lexislatura cáusame certa frustración subir a esta tribuna a

defender cuestións –proposicións non de lei, medidas, iniciativas de impulso ao Goberno...–, porque fundamentalmente aquelas que defendín ata este momento son iniciativas que eu definiría de contención ante a demolición do ensino público. Son medidas que intentan paliar todo ese proceso de destrución do ensino público que estamos vivindo.

Polo tanto, esta é unha iniciativa que se basea fundamentalmente en manter o sistema público que existe, en concreto, o sistema público de comedores. Porque é certo que é bo facer memoria, que é bo coñecer a historia e que durante os dezaseis anos do Goberno do Partido Popular os comedores escolares foron os grandes esquecidos da política educativa deste país. Que os concellos apoiaron as ANPA, en diferentes cidades galegas, como é o caso de Vigo –que talvez coñeza pois máis polo miúdo– para poder establecer diferentes sistemas de rede na xestión destes comedores escolares.

Durante a anterior lexislatura fíxose un esforzo –posiblemente pois tería que ter sido máis– moi importante para dotar de maiores prazas de comedores escolares e para estender este servizo, incrementándose dende o 2005 os orzamentos de forma moi considerable e cun incremento moi importante de prazas, dado que é un dos servizos talvez complementarios en educación máis demandado na actualidade.

A historia da nova Consellería de Educación a respecto dos comedores, sinteticamente, podemos recordar as primeiras declaracións do secretario xeral de Educación cando cuestionaba a necesidade de entender os comedores escolares como algo educativo e que correspondera á Consellería de Educación. É certo que, como levaba dous meses no Goberno, podíamos entender que era simplemente pois iso, a forma, ¿non?, de aterrar ás veces nas responsabilidades que tiveron algúns cargos do Partido Popular. Tamén é certo que o propio súper delegado da Coruña entrou ao debate comentando se era necesario o copago, que ocorría cos comedores..., bueno, quedou patente que todavía non coñecía en que consistían exactamente os comedores escolares e rectificáronse as súas declaracións. Máis tarde vimos como se subían as taxas dos comedores escolares, como se modificaba o sistema de pago e como posteriormente se tiña que volver modificar dado o sinsentido que isto supoñía.

Ao longo da tramitación da Lei de orzamentos escoitamos en reiteradas ocasións a importancia que tiñan para o Partido Popular os comedores escolares. O mesmo conselleiro de Educación expuxo en reiteradas ocasións, e aquí nesta Cámara e tamén na Comisión –cando expuxo as liñas do seu departamento–, a importancia dos comedores escolares. De feito, na redución que se prevé no transporte escolar nós preguntámoslle en reiteradas ocasións a que ese 7 % de redución orzamentaria se ía dedicar; é dicir, que mellora de servizos educativos ía vir da man dese 7 %, que aínda estamos agardando a que se nos conteste; incluso por escrito o Goberno contestou que xa se verá a que se adica ese 7 %.

O que si que sabemos a día de hoxe é que este é un Goberno que funciona –podemos dicir– a golpe de estímulo-resposta, alomenos claramente a Consellería de Educación. Podemos ver como un Goberno totalmente condutista que cando sae un titular ou unha foto que mostra a situación que está a vivir neste momento a educación galega non lle gusta, ou, bueno, pois vemos o típico movemento do señor Feijóo pois intentando, ¿non?, que o conselleiro de Educación pois sacalo, bueno, dos problemas nos que el mesmo se mete e, polo tanto, hai unha resposta inmediata.

O último exemplo –vímolo–: sae en prensa unha foto de nenos e nenas comendo un bocadillo e inmediatamente se efectúan os pagos aos centros de ensino e, polo tanto, pois xa teñen cartos os propios centros para facer os pagos que lles correspondían. E nunha mostra clarísima de ética xornalística que manexa a Consellería de Educación: inmediatamente se colgan diferentes notas de prensa no propio portal educativo –que xa fai un tempo que deixou de ser un portal educativo e agora se converte nun portal de propaganda–, cólganse dúas notas de prensa que non teñen realmente desperdicio, que non as vou ler na súa integridade, porque valería a pena facer un comentario de texto sobre as mesmas, pero é certo que lles prometín a varias persoas que lería alomenos parte delas nesta tribuna. Que aínda que saibamos que as paredes deste Parlamento a veces impiden que as palabras saian para fóra, que se saiba que a Consellería de Educación, no que fora un portal educativo realmente para o traballo dos docentes e de toda a comunidade educativa, agora o que se adica é non soamente a criticar ao bipartito, evidentemente, non –porque iso é o que máis lle gusta un ano despois, ao

bipartito: pagou os comedores ata dous días máis tarde que a actual consellería–. Iso é todo o que ten que dicir sobre os impagos dos comedores.

E máis alá; e di: “a Consellería de Educación” –outra nota, esta era unha, agora outra nota– “continuará creando novas prazas de comedor nos centros públicos”. Subtítulo: “De feito a Xunta de Galiza mantén o seu compromiso de incrementar o servizo de comedor ata chegar ao 100 % dos centros”. Isto pono aquí exactamente, leo, e di –salto o de que, bueno, están facendo evidentemente pois unha óptima xestión, que mellor sería imposible, na creación de 5.200 novos postos–, e ademais di: “A base desta xestión e esforzo da consellería, por riba das críticas partidarias, que teñen como único propósito intoxicar á sociedade...”. Que saibamos, as críticas son da oposición, lexítimas críticas da oposición, que non se debería escribir isto nun portal educativo. Se queren, díganlle ao conselleiro de Educación que o escriba na páxina web do PP, que xa sabemos agora que a poden poñer polo do Xacobeo, que xa nolo dixo esta mañá o conselleiro de Cultura e Turismo.

Pois así a situación, o certo é que vostedes están dando a imaxe de que agora tamén poden saír os institutos a denunciar a situación na que se atopan cos fondos europeos, e será a única forma de que lles pague; o mesmo os lectores das escolas de idiomas, e podíamos seguir.

O mesmo fixeron cos comedores do medio rural: anuncian primeiro que van pechar 18 comedores, que se reducen 71 postos de traballo. É certo que iso causa –digamos– certo movemento social, porque as persoas afectadas senten unha perda dun dereito moi importante, unha perda dun dereito que vostedes, cando falan de revitalizar a demografía ou revitalizar o medio rural, deberían saber o que significa pechar comedores no medio rural.

Posteriormente, nos titulares de prensa, máis ou menos, o que nos veñen a dicir é que a consellería dá marcha atrás, a consellería recúa, a consellería reconsidera. E o que fai a consellería é dicir: bueno, agora cambiamos a ratio e soamente imos pechar 8 comedores. 8 comedores, dos cales, bueno, pois en Cervantes atopamos 24 comensais; na Ribeira de Piquín, 17; 23 en Baltar; 21 en Calvos de Randín; en Xunqueira de Espadanedo, 20; en Montederramo, 22; ou no Bolo, 20.

É dicir, pechamos comedores escolares en zonas rurais que supostamente imos investir despois na súa revitalización. É realmente un ataque á liña de flotación do sistema público, porque estamos pechando os servizos públicos e, neste caso, no medio rural; cando sabemos que en espazos urbanos neste momento aínda temos pendente dar ese paso: asumir os comedores escolares que están sendo xestionados polas ANPA.

Polo tanto, nós traemos esta proposta e agardamos chegar a un texto de consenso, dado que todos os grupos parlamentarios presentan emendas. Pero o que queremos que quede claro é que para nós hai dous obxectivos básicos: primeiro, manter os servizos públicos, son un ben común que xera riqueza; segundo, camiñar a dotar de prazas de comedor escolar á cidadanía galega, dentro do sistema público escolar galego.

Eses son os dous obxectivos básicos desta proposición non de lei. Non queremos o desmantelamento dos servizos públicos e, neste caso, dos comedores escolares. E eu, ademais, propono, se efectivamente non se acepta esta proposición non de lei, que decidamos no Parlamento, por coherencia, non constituír a Comisión especial para o estudo da revitalización demográfica de Galiza. Porque está moi ben que o señor Feijóo proponha un plan máis de revitalización demográfica e case na mesma semana proponían pechar os comedores escolares do medio rural.

Polo tanto, coherencia: non fagamos esta Comisión, non estudemos a revitalización demográfica de Galiza, porque hai estudos suficientes; vaian á EGAP, que teñen un clarísimo, onde lles di que un dos problemas fundamentais demográfico é a falta de servizos, que no rural galego –atoparán neste estudo– fronte a 100 homes hai 92 mulleres, ¿por que?, porque os servizos son unha falta fundamental do medio rural –xa sei que lle fai moita graza...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN:... xa vexo que ao portavoz do Partido Popular–.

Con esta proposición non de lei o que esperamos é que se reconsidera a política de peche dos comedores escolares no medio rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Adán.

Polo Grupo Socialista ten a palabra o señor Meijón Couso.

O señor MEIJÓN COUSELO: Grazas, presidente.

Señorías.

A verdade é que, por desgraza, son moitos os motivos polos que vén a conto traer esta iniciativa ao Pleno. Tamén dende o Grupo Parlamentario Socialista tiñamos presentada unha iniciativa semellante e, ampliando o espectro, mesmo teríamos que falar con propiedade de varias iniciativas que teñen os comedores escolares como tristes protagonistas das mesmas. Porque, por desgraza, as actuacións da actual Consellería de Educación, xa dende a súa toma de posesión, en materia de comedores escolares nos centros educativos do sistema público teñen aportado diversos e importantes motivos de preocupación. Recordemos simplemente, a título de inventario, algunhas delas: incremento do 15 % no prezo do menú do alumnado que ten que aboar este servizo; cambio de modelo de funcionamento dos pagos, que provocou un gran caos de funcionamento, que só se atemperou un pouco cando a Consellería de Educación rectificou as súas propias decisións.

Tampouco podemos esquecer unha clara ameaza do delegado provincial da Coruña de revisar o sistema actual na liña de obrigar ao copago ao alumnado que actualmente ten o dereito á gratuidade. Por certo, declaracións que o actual Goberno tratou de minimizar pero que en ningún caso deu ningún rotundo desmentido. O señor Calvo dicía respecto a ese dereito ao servizo gratuito que haberá que darlle unha volta a isto e ao mellor hai que introducir o copago.

Recentemente temos o caso dos bocadillos, un caso curioso, xa que representa un interesante compendio das formas de actuar da Consellería de Educación coa que contamos. A orixe deste asunto é ben coñecido, dada a cobertura mediática á que deu lugar. Os retrasos no ano 2009, no ano 2010, na transferencia aos centros das partidas adicadas ao funcionamento dos comedores escolares provocou malestar

xeneralizado, nomeadamente nos equipos directivos implicados, xa que son os que dan a cara polo correcto funcionamento deste servizo. –Aproveito a ocasión para saudar ao señor conselleiro de Educación–.

Un malestar que vostedes trataron de minimizar con escaso éxito –todo hai que dicilo– pero cunha estratexia plural. En primeiro lugar, achacando o episodio dos bocadillos á condición de socialista dun dos directores que estaban a sufrir as consecuencias da súa pésima xestión. Entendo que este señor salvouse de que non o chamaran republicano, ¡eh!, esa facción de radicais (*Aplausos.*) que, segundo vostedes, asolan este país. Tivo bastante sorte.

En segundo lugar, como recurso, este portavoz xa sufriu a título persoal o que lles vou contar. Utilizaron vostedes a páxina institucional da Xunta para facer unha indigna política partidaria; observen se non: páxina web da Xunta do día 17 de abril: “A Consellería de Educación quere sinalar, ademais, que os trámites administrativos, que remataron o pasado xoves, xa se iniciaran o pasado 22 de febreiro, polo que o emprego de censurables formas de presión nas que se utilizaron aos propios nenos en nada influíu” –non o cren nin vostedes– “para que se producira un desenlace” –di– “cuxo prazo de días era coñecido polos organizadores do mencionado acto propagandístico” –declaro: signo intencionado de política–. Miren a frase: “cuxo prazo de días era coñecido polos organizadores do mencionado acto propagandístico”.

Pero comparemos isto co que dicían os medios de comunicación, dous días antes: “A liquidez non chegará aos colexios en cuestión de horas. Na Consellería de Educación aseguran que se trata dun retraso debido ao peche do exercicio anterior e á apertura do actual. Sinalan que se traballa a toda máquina para liberar os fondos e que se poidan enviar ás delegacións”. Pero non precisan cando se fará o pago.

Outro periódico: “En todo caso, a Consellería de Educación admite que aínda non pode dar unha data”. Moi curioso, ¿verdade? Un día despois do suceso a consellería admite non poder indicar a data de pago. Despois na súa páxina web sinalan que todo o mundo, todos os directores, coñecían xa de antemán esa data de pago. Tremendamente curioso, por non empregar outra palabra.

Resumo, porque me parece moi ben o que dicía a prensa: uns toman bocadillos e outros fan encaixe de bolillos, que era o que pedían facer.

Non me estraña que o presidente da Xunta pedira perdón ante o acaecido. O que nos ten que estrañar é que non conxugara a petición de perdón co cese do señor conselleiro de Educación. Porque... (*Aplausos.*) ..., ademais, ademais, non contou toda a verdade.

Si, efectivamente, xusto o ano anterior –poden mirar noutros anos e verán que non era así–, pero no ano anterior houbo un retraso por parte do Goberno. O que non lle dixo o conselleiro seguro que, señor Román, a vostede tampouco que foi xusto cando se cambiou o modelo, e a Xunta no primeiro trimestre do 2009 asumiu pagos, concretamente, dos coidadores, que antes se facían dende os centros. Pero tiveron vostedes un ano enteiro para enterarse deste cambio e optimizar os períodos. Si, señor Vázquez, sabe vostede que é verdade.

Iso si, logo, ante o bochorno, escapada para diante. Adiántase a segunda partida parece ser de cobro, o cal nos parece moi ben; lástima que a situación foi tan forzada que nin tan sequera tiveron a ben contarnos se este ía ser un método de adiantar as partidas, se ese sería o modelo que se usaría a partir de agora –cousa que aplaudiríamos– ou se é un simple xesto de perdón e penitencia.

Primeiro foron os gastos de funcionamento, logo foron os gastos de comedor e onte, onte, denúnciase o retraso no pago dos fondos europeos aos centros implicados nestes programas.

Oia, semellan ser vostedes uns auténticos puferos. Non dan a tempo nin a hora. ¿Ten algo isto que ver co que dixo o señor presidente de acelerar pagos aos provedores e demais empresas? Non lle apunte, señor conselleiro, que o portavoz, se non llo dixeron antes, agora teno difícil.

Repito que que o presidente pedira perdón non é de estrañar; que non cesara a ninguén, si.

Pero o conto do servizo de comedor escolar non remata, desgraciadamente, coas actuacións expostas. A noticia seguinte coa que se espertaba a comunidade educativa tamén

tiña gran eco na prensa. “Educación privatizará comedores escolares como medida de aforro”. Tradución: pechar 8 comedores de xestión directa dos concellos de Cervantes, Ribeira de Piquín, Ourol, Baltar, O Bolo, Calvos de Randín, San Mamede de Montederramo e Xunqueira de Espadanedo, no conxunto dunha supresión –que quixeron ocultar– de 73 prazas, das cales 64 son de cociñeiros e cociñeiras e axudantes de cociña. Algo que concitou a oposición das ANPA, dos docentes, do propio persoal das cociñas, dos sindicatos, quen rapidamente denunciaron a merma na calidade dun servizo ao reempazar a xestión directa.

A única resposta da Xunta foi recorrer ao regateo, anunciar que ao mellor non eran 8, que se podía reducir, a ver se chegamos a un acordo, etc., etc. Unha cifra, a pesar disto, que os sindicatos temen que se converta proximamente en 18 o número de comedores afectados pola perda da xestión directa.

Fala a Consellería de Educación de aforrar onde a educación así o aconsella. ¿Pensou tamén en aforrar cando tivo unha reacción inmediata para nas escolas de 0 a 3 de cambiar as casiñas polas galiñas? ¿Pensou tamén en aforrar cando foi deste gasto? ¿Pensou tamén en aforrar á hora de anunciar o millón de euros que vostedes van gastar en promocionar o Decreto do galego que nos queren impoñer á maioría dos galegos e galegas?

Vostedes sempre falan do buraco de catro millóns e medio que se atoparon nos comedores escolares. Encántalle, señor conselleiro, falar disto. Podería cuestionar esta situación, pero creo que vai abondar o que lle quero dicir.

¿Pode reprocharlle de verdade vostede, señor conselleiro, ao Goberno anterior ter incrementado o investimento en comedores escolares? ¿Pode reprocharlle, señor conselleiro, ao Goberno anterior o incremento en máis de 15.000 comensais nos servizos de comedor escolar? ¿Pode chorar, señor conselleiro, por ese suposto buraco de catro millóns e medio de euros –unha débeda din vostedes, cinco, siga vostede–, que afectaba ao último trimestre do curso pasado –din vostedes– e que puña en serio perigo o pago do presente ano escolar? ¿Pode chorar o actual conselleiro por catro millóns e medio, cinco, cando deixou sen gastar (*Aplausos.*) máis de 33 millóns de euros na execución dos orzamentos do ano 2009? ¿De verdade que pode chorar desa maneira?

Insistindo no caso que nos ocupa, non nos pode estrañar que a comunidade educativa tema que vostedes queiran eliminar a xestión directa por parte da consellería de todos os centros que ostentan esta condición. E non pode estrañar porque a propia consellería, cando pretende defender a súa postura neste caso que agora nos ocupa, di nin máis nin menos que deste xeito a Xunta de Galicia mantén o seu compromiso de incrementar o servizo de comedor ata chegar ao 100 % dos centros. Curiosa maneira de entender este compromiso, porque, ademais, din “deste xeito”.

Polo tanto, o razoable é entender que a consellería indicanos que a privatización xeneralizada do servizo de comedor é a súa resposta neste campo. Nunca vai contar co Grupo Parlamentario Socialista para levar a cabo esa desfeita nun sistema educativo público deste país.

Señora Adán, con respecto á súa iniciativa, por suposto conta co apoio do grupo parlamentario, pero, se me permite, porque creo que entendemos que imos no mesmo sentido, si quixemos na nosa emenda –porque non é desconfianza, é xa absoluto temor– explicitar que igual que se pide que non se pechen eses centros, se asegure, se garanta por parte da Xunta de Galicia a condición de xestión directa e pública dos mesmos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Meijón.

Polo Grupo Popular ten a palabra a señora Piñeiro Martínez.

A señora PIÑEIRO MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Quero saudar tamén eu dende aquí e darlles a benvida aos representantes sindicais.

Boas tardes, señor conselleiro, boas tardes, señorías, boas tardes a todos.

Non, señor Meijón, ao señor director dos bocadillos non lle chamou ninguén republicano nin llo vai chamar, nin pedimos tampouco nin o seu desterro nin o seu fusilamento, como fan algunhas deputadas progresistas do Grupo Socialista. (*Aplausos.*) Non o imos facer, non.

Mire, nin quería falar moito tampouco do tema da foto, pero teño que recordarlles que non todo vale en política nin en educación tampouco, señorías. E hai algo que nunca se debería utilizar, e é a manipulación dun colectivo tan vulnerable e sensible como a infancia, que debería estar protexido e alonxado da primeira liña de confrontación e non nunha foto no periódico, señores. (*Aplausos.*) Non se pode utilizar os nenos para acadar ningún fin, por moi loable que este fora, non se pode nin se debe.

Miren, non sei se intentar explicar a postura do Grupo Parlamentario Popular xa ou non, porque explíquelles o que lles explique e como llelo explique, non o van entender, e non porque eu llelo vaia explicar mal nin porque vostedes non sexan intelixentes, ¡non, por Dios!, non é por iso. É simplemente porque vostedes non queren entender nada. Pero sigan así, que nós imos seguir co noso firme compromiso e obxectivo de dignificar e mellorar día a día todos os aspectos do ensino.

Vou intentalo, vou intentar explicárllelo e dicirlles claramente unha vez máis que o desmantelamento do ensino público non entra nos plans do Partido Popular de Galicia, aínda que ás veces creo que iso é o que lles gustaría aos membros da oposición. Recomendolles amable e cordialmente que abandonen o absurdo desa idea, xa que por moito repetila non se vai converter en realidade. Pero, bueno, que a vostedes gústalles moito iso de “calumnia, que algo queda”, e así teñen a opción do titular fácil, que é o que buscan moitas veces cando se soben a este estrado.

Imos falar de comedores escolares e imos comezar –como non pode ser doutro xeito– polo principio, polo que vostede recordou, señor Meijón, polo que se atopou o novo equipo da Consellería de Educación. Un déficit de 5,2 millóns de euros en comedores escolares. Que si, señor Meijón, si puña en grave risco o pago do presente ano escolar, si o puña. Vostedes si que priorizaban e vostedes si que eran sensibles cos problemas da comunidade educativa, con cinco millóns de débedas que deixaron os garantes do ensino público. Non se lles acordaron nin os provedores locais, nin os directores con problemas de financiamento, nin a nutrición infantil sa e equilibrada, nada. ¡E que casualidade que a algúns directores non se lles ocorreu darlles bocadillos aos nenos para protestar! ¡Que casualidade e que sorte tiveron vostedes con cinco millóns de euros a mollo, que casualidade e que sorte!

Pero vamos a ver, home, xa que queren falar de pagos, ¡eh!, vostedes sábeno, coma min, que foron efectuados nas mesmas datas nas que vostedes o fixeron o ano pasado. E agora pretenden mirar xa non con lupa, senón con microscopio, a xestión dun ano do Partido Popular.

Pois miren, neste momento o servizo de comedor escolar da Xunta de Galicia sitúa á nosa comunidade como unha das primeiras en número de usuarios atendidos. Neste curso actual – si, señor, si, señor Abel Losada– incrementouse en 2.500 o número de comensais. Paralelamente o orzamento destinado a sufragar os gastos derivados da xestión de comedores incrementouse en 4,5 millóns de euros, en todos os modelos de xestión; no xestionado polas ANPA incrementouse a dotación ata 1.100.000 euros, nun 10 %.

Unha vez máis, voullo dicir. A Consellería de Educación non pechou nin pretende pechar ningún comedor escolar. Dende o grupo parlamentario defendemos a postura inequívoca da Consellería de Educación de manter os comedores escolares e de incrementar o número de prazas de comensais, co fin de axustar a oferta á demanda, pero, ollo, facendo un uso eficiente dos recursos dispoñibles e recorrendo ás fórmulas de xestión máis acaídas en cada caso.

O Grupo Parlamentario Popular cre tamén que manter os comedores escolares existentes non pode implicar que se impida ao Goberno xestionar segundo as súas competencias, nin condicionar a súa lexitimidade para escoller as fórmulas que dentro da legalidade considere mellores para a optimización e racionalización dos recursos dispoñibles, utilizando para elo as diferentes fórmulas legais todas elas de xestión de comedores: a xestión directa da consellería, a indirecta, a das ANPA, etc.

Respecto á cuestión do cambio de modalidade dos 8 comedores escolares dos que vostedes falaban, nos que o servizo está prestándose baixo a modalidade de xestión directa polo propio centro por medio de persoal dependente desta consellería, cada un destes comedores escolares ten menos de 25 comensais –e digo comensais e non alumnos, porque nos comensais vostedes saben que se inclúe o persoal que utiliza tamén o servizo de comedor: traballadores, persoal e penso que calquera outro sinónimo que poida buscar vostede no dicionario–.

Tendo en conta o escenario económico actual, a dotación orzamentaria destinada ao servizo de comedores escolares e o aforro que a medida supón, propúxose que estes comedores pasasen a ser xestionados baixo a modalidade de xestión indirecta, mediante a contratación externa dun servizo de *catering*.

A propósito desa afirmación que fan vostedes de que o servizo vai ser substituído por outro de *catering*, de menor calidade, cómpre manifestar que non está demostrado que a prestación de servizo baixo a modalidade de xestión directa teña maior calidade.

Xa vai sendo hora, señor Meijón, de que teña unha posición única neste tema, e nestes eran a mesma dinámica que noutros, din unha cousa aquí e fan outra cousa nos concellos. Porque vostedes saben perfectamente que hai comedores escolares nos concellos que son xestionados polos *caterings* e neses concellos hainos de todas as cores, señor Meijón; hai concellos do Partido Socialista tamén, señor Meijón, nos que optan polos seus comedores pola opción lexítima de *catering*.

Quero aquí lerlles unhas declaracións tamén –xa que vostede di que as ANPA están en contra deste modelo de xestión–, unhas declaracións feitas o venres polo presidente da Confapa, Virxilio Gantes, que non é sospeitoso de pertencer ao Partido Popular precisamente, e di: “Dáns igual” –textualmente– “que haxa cociña ou que o servizo sexa de *catering*, sempre e cando o menú sexa de calidade e non se supriman prazas”; exactamente o mesmo que di o Partido Popular. (*Aplausos*.)

Se para vostedes a mellor calidade está tamén no servizo directo, díganme por que na época do bipartito non se abriaron comedores nesta modalidade e se encargou ás ANPA que se fixeran cargo da xestión. Non sei, será porque “ollos que non ven, corazón que non doe”, porque as ANPA –sábano fixo pero vóllelo dicir eu– contrataban servizos de *catering*, no urbano e no rural, nos dous sitios, nos dous sitios.

No referido á proposta de modificación da relación de postos de traballo, teño que lembrarlles que o Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro –ano 2007, do bipartito–, e a Orde do 21 de febreiro dese mesmo ano 2007, que regulan a ratio do número de profesionais segundo o número de comensais,

segundo ese decreto é segundo o que se van regular, é o que vai utilizar; ese decreto, esa orde e esa ratio é a que vai utilizar nin máis nin menos a Consellería de Educación, e é da época do bipartito; señores, mal que lles pese, a que nós imos aplicar é da época do bipartito.

Propoñemos unha emenda que polo visto non teño moitas esperanzas de que sexa do agrado dos dous grupos da oposición, no sentido de que se manteñan os comedores, si, señor, que se manteñan os comedores. Que se incremente o servizo, sempre axustando a oferta á demanda. Que se garantan –como non pode ser doutra maneira– as condicións educativas e sanitarias, pero, señores, facendo un uso eficiente dos recursos e utilizando as fórmulas axeitadas en cada caso, como debe ser por parte dun Goberno responsable.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Piñeiro.

Ten a palabra a autora da proposición non de lei, a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señora presidente.

Quero saudar ao señor conselleiro por incorporarse a este debate tan importante como é os comedores públicos.

Señora portavoz do Partido Popular, deixen de dignificar tanto o ensino público, descansen, descansen un pouco, realmente descansen, porque levan un ano cunha dignificación do ensino público que sinceramente mete medo. O ensino público é de todas e de todos, pero o que levan feito vostedes, por recordarlles simplemente algunhas cousas: tres campañas de propaganda; unha para publicitar enquisas; a segunda, para publicitar a supresión da gratuidade dos libros de texto; e terceira, para publicitar a supresión da lingua galega, esta que temos agora xa en camiño.

E despois dinnos que fomos demasiado despilfarradores no Goberno anterior, que se crearon demasiadas prazas de comedor e entón se atoparon que lles faltaban –¿canto eran?– 5,2 millóns de euros, pero se deixaron 1.600 millóns sen executar no exercicio de 2009; ¡home!, tanto non sería

que poderían pagar os comedores escolares. Claro, é que depende onde se poña a prioridade, efectivamente, depende de onde se poña a prioridade.

Servizo de *catering*, xestionado polas ANPA. Claro que podemos falar do servizo de *catering*, non sei se vostede o coñece, pero moitas e moitos o coñecemos en tanto que contribuímos a que se creara e en tanto que somos usuarios e que hai moitísimas escolas deste país que en dezaseis anos de Goberno do Partido Popular se fixeron sen cociñas, (*Aplausos.*) señora, se fixeron sen cociñas, si, señor conselleiro. E nestas que agora teñen cociñas e teñen persoal preténdese poñer servizo de *catering*, é dicir, damos pasos atrás.

As ANPA atopáronse escolas sen cociña, escolas sen comedores, porque é certo que neste país temos nenos e nenas das escolas públicas que están en espazos que non cumpren os requisitos, que teñen ata tres turnos de comida, ata tres, xa non dous, ata tres turnos de comida. E, efectivamente, o sistema de *catering* e os terceiros moitas veces comen frío. Pero sabemos que é un servizo necesario, sabemos que pais e nais van dicir que si a calquera servizo de comedor, evidentemente, porque é un dos servizos máis demandados.

Vostedes están penalizando dobremente os nenos e as nenas do rural, porque teñen maiores dificultades para acceder en igualdade de oportunidades á educación, é así. E agora, ademais, propoñen fomentar a privatización dos comedores escolares en función da eficacia, en función do que chaman vostedes aforro. É que cando poderemos falar, efectivamente, en serio de que os servizos públicos eliminalos non é un aforro, que a longo prazo imos atoparnos un Estado desmantelado, imos atoparnos desmantelado o servizo público, o ensino galego e os seus servizos públicos. Esa é a realidade.

Comezamos este desmantelamento polos comedores que para vostedes non cumpren unha ratio determinada; soamente a presión social conseguiu que non foran 18, pero vostedes téñenos nos seus plans. Que non foran 18 –agora son 8–, ¿por que? Pola presión social. O seu plan era comezar cantos máis..., si, señor conselleiro. Efectivamente, tanto as forzas sindicais como as asociacións de pais e nais conseguiron deter o primeiro peche de 18 comedores.

Pero dá igual, o problema aquí é un problema de concepto, é un problema de modelo. O que estamos debatendo non é un, dous, tres comedores, é un problema de modelo, se de verdade queremos polo ensino público e polos traballadores e traballadoras públicos, hoxe o que queremos é privatizar os servizos públicos. Privatizamos a sanidade, privatizamos o benestar social, iremos privatizando os servizos educativos. Iso é así. Ogallá, ogallá fora simplemente unha percepción que ten o Bloque Nacionalista Galego, pero é os seus actos, é o que están facendo e o están facendo en todas as áreas. E a privatización en educación efectivamente leva a unha maior perda de calidade neste servizo, que é un servizo importante. E vostedes comezan polo rural.

E antes o dicía: deixen xa de plans, deixen de toda esa construción constante de fume a respecto das palabras e digan: bueno, non imos apoiar o medio rural galego, simplemente hai que ser claros e polo tanto acabamos co ensino nel e cos comedores escolares. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Parece que lles pon nerviosos isto, pero é que é moitísimo máis claro dicilo, dicilo claramente e non utilizar florituras como un plan para a revitalización demográfica. Pechar os comedores escolares, privatizar os comedores escolares, non crer na igualdade de oportunidades que significa o sistema público de ensino...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ... ten un custo e vai ter un custo a longo prazo. Pode ser que vostede aforre un euro ou dous, que quere gastalos na publicitación do decreto para a eliminación do galego, pero a longo prazo pagaremos todos os galegos e as galegas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Adán.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Losada Álvarez, sobre a aprobación pola Xunta de Galicia dun plan Renove de mobiliario para incentivar o consumo no sector do moble

A señora PRESIDENTA: A esta proposición presentouse a emenda documento número 32523, do Grupo do Bloque

Nacionalista Galego, e ten a palabra para formular a iniciativa o señor Losada Álvarez.

(O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Fernando Xabier Blanco Álvarez e ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 29936, do Grupo Parlamentar Socialista, sobre a aprobación pola Xunta de Galiza dun plan Renove de mobiliario para incentivar o consumo no sector do moble, que será debatida na sesión plenaria do día 26 de abril de 2010. (08/PNP-0493).

Emenda de Adición

Débase engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:

“...Para a concesión de subvencións terase en conta o nivel de renda e as condicións socio-económicas dos solicitantes.”)

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bueno, eu vou falar aquí efectivamente de oferta e demanda, pero vou falar de bens de consumo duradeiro. Falamos de automóbiles e imos falar de mobles. Unha diferenza entre a esquerda e a dereita é que nós, cando falamos de nenos ou de enfermos, non falamos de oferta e demanda, *(Aplausos.)* falamos de usuarios e de titulares de dereitos. Creo que é conveniente dicilo, porque, en fin, ás veces se difuminan as diferenzas e eu creo que convén deixalas claras.

A cadea da madeira –o sector forestal primario e a segunda elaboración– é un sector estratéxico en Galicia, e dende logo en Europa é un dos sectores –digamos– cunha historia económica máis prolongada e máis longa no que é o proceso de industrialización europeo. Este é un sector que no momento álxido, no ano 2007 e 2008, antes de comezar a crise, mobilizaba 2.200 millóns de euros no seu conxunto –falo tanto do sector da explotación da madeira como do moble–, supuña practicamente o 3,7 % do PIB e supuña case

o 25 % dos investimentos en I+D da comunidade autónoma. Eu creo que é moi importante sinalar isto, porque é unha cantidade indubidablemente importante. É un dos sectores, en termos de I+D, onde temos unha posición de liderazgo.

Ademais, dentro do conxunto de España o sector forestal do moble galego tiña tamén un peso moi relevante. Nas primeiras fases de elaboración chegaba, nas curtas e nas serras, ata o 50 % da produción española, aínda que progresivamente –e esta é unha das herencias que recibimos despois duns cantos anos de Goberno da dereita–, a medida que avanzaban os procesos de elaboración e os procesos de aumento do valor engadido, a participación do sector no conxunto da economía de España ía diminuíndo progresivamente.

Pero, aínda así, o sector especialmente de taboleiros e chapas, que é unha das fases primarias, pois indubidablemente ten unha posición de liderazgo en produción e en tecnoloxía no conxunto de España, un dos poucos sectores, un dos poucos subsectores, agroindustrial ou forestal neste caso, no que ten claramente Galicia unha posición de liderazgo.

Na segunda transformación –que é de verdade a interesante en termos de valor engadido e polo tanto en termos de posición competitiva do tecido industrial do país– pois indubidablemente xogamos cun tecido relevante. Tiñamos aproximadamente 900 ou temos 900 empresas de carpintería e 1.200 empresas de mobiliario. É importante cuantitativamente, pero ten unha dimensión que, na opinión dos socialistas, é todavía máis relevante, que é a dimensión territorial. É un subsector que está practicamente estendido polo conxunto da comunidade autónoma, certamente máis concentrado nalgúns partes pero que ten establecementos especialmente comercializadores en practicamente toda a comunidade autónoma. Eu creo que é moi importante en termos de reequilibrio territorial estar especialmente atentos a estes sectores que cobren o conxunto do país, probablemente máis que os plans mediáticos de impulsar Lugo, impulsar Ourense e impulsar algunhas outras cuestións. É moi importante estar pegados á realidade económica do territorio.

Estes sectores tiñan historicamente un déficit ou dous déficits fundamentais. Un deles era un déficit importante na formación, na cualificación da man de obra e polo tanto as

dificultades para incrementar a produtividade do sistema e a competitividade; e o outro, a escasa cooperación empresarial que existía entre os distintos produtores.

No anterior Goberno, certamente, tanto dende a Consellería de Traballo como dende a Consellería de Industria e Tecnoloxía se tentou claramente corrixir estas eivas do sector da madeira e do moble. Neste contexto, nun contexto de indubidable aposta e de indubidable corrección dos problemas económicos existentes, pois a situación, a crise económica, sobre todo a crise inmobiliaria, indubidablemente afectou especialmente a este sector, por tres vías que eu creo que todos entendemos perfectamente: a primeira, polo propio parón da actividade construtora e polo tanto o parón da compra de novas vivendas; por outro lado, a propia restrición no crédito ás empresas; e, por último, a propia restrición no crédito ás familias, tendo en conta que é un ben de consumo duradeiro.

Neste contexto de crise pois o sector vén reclamando insistentemente á administración algún tipo de plan de axuda, de apoio, que permita, bueno, pois reactivar o sector. A facturación caeu no ano 2009 un 28 %. Isto demostra a importancia da crise, ou o impacto da crise no sector da madeira e do moble, e o lamentable especialmente non é esa caída na facturación senón é a plasmación desa caída, desa perda da actividade no emprego. Estamos falando de practicamente 3.300 empregos, que é practicamente o 12 % do emprego; é dicir, este sector nun ano perdeu o 12 % dos seus traballadores.

Polo tanto, neste contexto de crise os socialistas plantexamos algo que presentamos xa por distintas vías parlamentarias neste Parlamento e que ata o de agora foi rexeitado sistematicamente polo Partido Popular, polo grupo maioritario, e polo Goberno. No recente debate do estado da Autonomía nós presentamos unha proposta de resolución na que pediamos a aprobación dun Plan Renove de mobiliario. Hai que ter en conta, ademais, que probablemente os automóviles e os mobles de madeira son os únicos bens de consumo duradeiro que se producen en Galicia nunha contía importante, é dicir, os dous únicos elementos que teñen un peso importante na estrutura económica galega, e esa é a razón de que da mesma maneira que o presentabamos para o automóbil e manifestabamos a importancia no caso do automóbil, entendiamos que na industria do moble tiña tamén relevancia. O

Partido Popular votou en contra no debate do estado da Autonomía. E no último Pleno presentamos unha moción de reactivación económica de Galicia onde tamén contemplabamos este plan, que tamén foi rexeitado polo Partido Popular.

A verdade é que non nos estraña demasiado, porque a sensibilidade ou as liñas de actuación do Partido Popular e do actual Goberno neste ano con este sector foi practicamente inexistente. E eu creo que o paradigma fundamental é a xestión na Cidade do Moble da Estrada, onde efectivamente se intentou –coma sempre– culpabilizar ao anterior Goberno –depende nos distintos casos dos conselleiros a que lles toca en cada momento, pero intentouse culpabilizar ao anterior Goberno–, e, desde logo, a MATI Corporation, a consellería estrela, anunciou as expropiacións no ano 2011, e desde logo este ano, para o ano 2010, presupostou 350.000 euros. Iso si, o conselleiro recibiu un deputado da zona antes que ao alcalde da Estrada, nun exercicio de respecto e lealdade institucional que xa caracteriza aos conselleiros do Goberno do señor Núñez Feijóo.

Esta proposición non de lei quero deixar claro que se trata dun programa de choque de carácter excepcional e de carácter conxuntural, na medida en que é necesario ou consideramos que é necesario reactivar o sistema. Falamos dunha política anticíclica; a verdade é que entendemos ademais que debe de haber fondos se temos en conta que o propio presidente da Xunta falou non fai moito tempo dun plan de choque contra a crise económica de 46.000 millóns de euros. Todos o recordamos –en fin, a barbaridade en termos económicos, políticos e mediáticos–, o insulto á intelixencia dos galegos e das galegas de presentar o conxunto do presuposto dos próximos catro anos, que eses son os 46.000 millóns de euros, como un plan de choque contra a crise económica. É dicir, esa é a seriedade con que o Goberno do señor Núñez Feijóo e o propio señor Núñez Feijóo –digamos– aborda os problemas económicos e lamentablemente tamén sociais que afectan a Galicia.

Ademais, temos experiencias no conxunto de España; concretamente as comunidades de Euskadi, de Asturias e de Cantabria, as que teñen unha maior importancia no sector forestal, pois teñen desenvolvido plans de apoio á comercialización e á venda de mobles; con distintos límites de apoio, con distintas contías, pero, desde logo, si que permiten,

bueno, pois seguir unha liña que xa está trazada e que, desde logo, pois entendemos que dinamiza a un sector económico que ten –digamos– un longo recorrido na propia comunidade autónoma, dende a propia corta e serra da madeira ata a fabricación dos mobles, un sector que necesita, sen ningunha dúbida, apoios neses famosos plans que presenta o señor Guerra continuamente polo país de apoio en I+D ao valor engadido, vía deseño, para evitar precisamente que se vaian as fábricas a Portugal, en fin, este tipo de cousas das que el tanto controla.

Bueno, pois creo que o sector do moble é un dos sectores estratéxicos que sen ningunha dúbida necesita ese apoio para incrementar o seu valor engadido vía deseño e, desde logo, ten outra dimensión fundamental: o apoio ao sector comercial da distribución, un sector que tamén presenta problemas importantes neste contexto de crise.

E, por último –que eu creo que é un dos máis importantes, sen dúbida–, o apoio ao reequilibrio territorial, é dicir, a importancia que ten o tecido da distribución da venda de mobles no que é o conxunto das vilas pequenas e medianas da comunidade autónoma.

Entendemos, polo tanto, que a non presentación dunha emenda por parte do Partido Popular significará sen dúbida que apoiarán esta iniciativa, sobre todo cando o conselleiro xa dixo na Estrada que o estaban estudando. E o portavoz cualificado do partido e do Goberno do Partido Popular, o señor Louzán, dixo que estaba feito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego o señor Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Señor presidente.

Señorías.

É indubidable a importancia do sector forestal, o sector da madeira, e, polo tanto, dun sector que efectivamente ten unha importante incidencia en Galiza pero que non se ten

desenvolvido nesa segunda transformación dun xeito importante, o cal, evidentemente, dificulta a capacidade para implementar novos empregos, para implementar novos sectores que dalgunha maneira dean resposta a un sector que efectivamente, pola súa capacidade, indubidablemente ten un peso específico.

E teno na medida en que as cortas en Galiza no ano 2008 –8 millóns de metros cúbicos– viñan a representar o 50 % das cortas a nivel do Estado; isto dá unha dimensión clara da importancia que ten o sector forestal. Pero non é menos certo que, despois desa primeira transformación, só o 20 % desa madeira serrada, só o 22 % dos taboleiros e só un 2 % da pasta, sofren unha segunda transformación, a de maior valor engadido, a de maior xeración de emprego e a de maior xeración de riqueza.

Polo tanto, eu diferenciaría o que pode ser unha actuación no plano estrutural –falaremos delas en todo caso– e tamén do que pode ser unha proposta –como a que hoxe nos trae aquí– máis conxuntural, máis nun momento onde o sector do moble perde un 50 % das vendas e, polo tanto, está claramente nunha situación dificultosa.

O sector atopa na competencia, tanto china como de Polonia, un elemento que lle fai evidentemente perder competitividade. Pero tamén as competencias de Italia ou de Portugal, cun moble de calidade e deseño recoñecido, están lastrando a capacidade de despegar do moble galego. Polo tanto, habería que traballar para que efectivamente tiveramos máis futuro no campo das políticas de I+D+i, precisamente co CIS-Madeira e co impulso que desde o CIS-Madeira se pode facer tanto na búsqueda de novos produtos como na aplicación de novas tecnoloxías, que o fagan máis competitivo; e tamén, evidentemente, no reagrupamento das empresas.

Hai unha evidencia constatable, e é que 9 de cada 10 empresas do sector do moble son artesanais, e, polo tanto, teñen dificultades en moitos casos para implementar políticas de promoción, políticas de I+D+i dentro do seu escenario natural como é a empresa. Necesítase aglutinalas; ese debe ser tamén –e é sen dúbida ningunha– un traballo dos que está levando adiante o Clúster da Madeira para efectivamente darlle máis corpo ao noso tecido empresarial.

E hai unha terceira cuestión que é o deseño, a necesidade de precisamente de poñer en marcha iniciativas que permitan darlle máis valor á elaboración do noso moble. O deseño, traballando conxuntamente tanto co CIS-Madeira como coas universidades, como en Ferrol co Centro de Deseño, é o que nos pode aportar, xunto coa creación dunha marca de calidade, que precisamente o moble galego sexa máis coñecido, e sexa máis coñecido pola súa innovación, pola súa calidade e, polo tanto, tamén polo seu prezo.

Estas deben ser, desde o noso punto de vista, as liñas estruturais que hai que acometer dentro do sector da madeira, e o propio sector da madeira así tamén o ten recoñecido.

Pero estamos, efectivamente, diante dunha situación onde o 50 % das vendas caen e se necesitan medidas inmediatas, non de medio e longo prazo –como poderían ser as outras e algunhas das cales xa están implementadas–, pero si para dar unha resposta. Eu apporto tamén algunha idea que se podía plasmar nese Plan re-Móveté, como sería o que fixo o anterior Goberno con todo o que eran as ventás de aluminio, os illamentos de aluminio, cunha función de aforro enerxético, onde tamén se podían incluír agora mesmo pois as realizadas tamén con madeira, para que o sector teña aí un campo de recorrido moito máis claro.

Pero, en todo caso, máis alá da rehabilitación, da construción en madeira dalgunhas casas, que están tamén en proxectos de I+D+i que puxo o anterior Goberno en marcha, un plan destas características o que permitiría sería activar esencialmente –tamén hai que dicilo– a distribución do moble, posto que moito do moble que se vende en Galiza non é moble tampouco realizado ou construído no país senón noutras zonas do Estado ou fóra. E, polo tanto, do mesmo xeito que no sector do automóbil, non todos os mecanismos van permitir activar o sector da produción senón neste caso especificamente o da distribución. Pero, en todo caso, isto resolvería a situación desa perda importante de vendas e, polo tanto, estaríamos con capacidade para reducir o impacto que isto pode ter sobre o emprego. Estamos na perda ademais de 3.600 postos de traballo, que pode seguir a máis se efectivamente non metemos unha barreira que dalgunha maneira permita ao sector recuperar, se non os niveis de vendas anteriores, si un nivel de rendas aceptable que permita manter o emprego.

E, polo tanto, e nese sentido, vemos positivo a posta en marcha dun Plan Renove no sector do mobiliario, agora ben, acoutándoo con algunhas cuestións como a emenda que desde o Bloque Nacionalista Galego poñemos enriba da mesa, e é que necesariamente este Plan Renove do mobiliario estea condicionado polos niveis de renda, ou os niveis socioeconómicos, ou as características socioeconómicas dos solicitantes. Non se trata de repartir co mesmo criterio para todos, do mesmo xeito que non se trata en política fiscal de facer a mesma política para todos, porque son diferentes as situacións. E neste Plan Renove do sector do mobiliario nós cremos tamén que debería de estar condicionado polos niveis de renda e as características socioeconómicas.

Todo isto, evidentemente, freará as dificultades que neste momento está a ter o sector, pero a aposta estrutural, a aposta de fondo, ten que ser porque o sector da madeira no seu conxunto, na primeira transformación, na segunda transformación, poña mecanismos que permitan unha mellor articulación do moble galego. Desde a distribución, desde o deseño, desde a calidade, desde a innovación tamén nas tecnoloxías que se poñen en marcha, será o que nos permita ao final configurar unha marca de calidade do moble galego que a faga competir a nivel internacional, que é efectivamente tamén outro dos obxectivos que debemos perseguir. Pero para chegar a ese medio e longo prazo necesitamos resolver tamén a situación do curto, e na situación do curto o máis operativo, esencialmente para o sector da distribución pero tamén para o de produción, sería poñer en marcha un plan que efectivamente incentive ese consumo e que polo tanto poida reducir as perdas ou a baixa venda que neste momento teñen no sector.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Blanco Álvarez.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Señor presidente.

Señorías.

Volvemos al planteamiento técnico-político que se planteó con respecto a la moción respecto al sector del automó-

vil. Es decir, en esta ocasión es una PNL que posiblemente se convertirá en una moción del Partido Socialista con el tema de: tenemos que ayudar, ayuden ustedes que están gobernando. Y nosotros preguntamos: ¿con qué fondos? ¿De cuánto, cuánto, cifran ustedes la ayuda? Y se lo planteamos con una clave política y también con una clave legal. Ustedes saben que, cuando existe un presupuesto, si aumentan las cantidades para una partida se tiene que descender en otras. Pero ustedes no dicen nada, se quedan en bien intencionados. Esto es lo que hay.

Bueno, yo espero que después, en la última intervención, no vuelva a decir lo mismo que el señor representante del Bloque y diga: con los remanentes que no gastaron ustedes. Porque eso es falso, eso es fantasmal, es una respuesta fantasmal. Y no se la digo ahora para debatir una cosa anterior sino para decir lo siguiente: aquí el presupuesto que se hizo, preventivo, con el cual ustedes están calculando, estaba sobredimensionado y, por lo tanto, el contable no era el real.

Es evidente que el sector del mueble en su faceta final, después de todos los encadenamientos del sector forestal al mueble final, eso es bien de consumo duradero; por lo tanto, la viabilidad de las compras en el sector depende de los ingresos de la población, de los gallegos, del resto de España y de la exportación.

¿Y qué está pasando ahora? Permítanme leerles las noticias que acaban de salir ahora, que están dando cuenta de una situación gravísima —le voy a decir de tres periódicos por aquello del pluralismo—: el dinero huye de la Bolsa española, que acaba de caer un 4,19 %; Standard & Poor's rebaja el *renting* de Portugal y abre la puerta a más bajadas; la Bolsa de Atenas se desploma un 6 %, su mayor caída del año; el riesgo España, el riesgo España —que es el problema del endeudamiento en que vengo insistiendo reiteradamente—, tras la subasta del Tesoro, y que el Gobierno recortará las subvenciones públicas en 5.000 millones, es decir, las subvenciones públicas, que, en definitiva, van directamente a sectores productivos también del mueble, van a autonomías con toda una serie de indicadores.

Otro medio: “Los inversores no perdonan, el IBEX cae un 4 % y el riesgo de impago toca máximos”. “Standard & Poor's rebaja el *renting* de Grecia a nivel de los bonos basura”. Y vamos a pagar ahí, vamos a subvencionar ahí.

De la Vega busca culpables y critica las agencias de cualificación, la culpa la tienen los mensajeros. El señor presidente del Gobierno, don José Luis Rodríguez Zapatero, está optimista y dice: el paro ha llegado ya al nivel más alto.

Nuevo chaparrón: el IBEX cae un 4 % y la deuda se dispara. Standard & Poor's sitúa la deuda de Grecia a categoría de bono basura y el Banco Central Europeo pone a España como ejemplo de deterioro fiscal. He leído bien. 8.900 millones de euros, casi como todo el presupuesto de la Xunta de Galicia. Dice: “El déficit del Estado sube un 2 %, pese al ligero aumento de la recaudación”. Y el señor Rodríguez Zapatero, a partir de abril, empezará a bajar la tasa de desempleo. Y, por último, la Seguridad Social reduce su superávit, reduce el superávit un 17 % hasta marzo.

¿Qué significa esto? No son los datos estructurales, son los datos del momento, son los datos que ven los productores, son los datos que ven los que van a comprar muebles. Mis rentas van a descender, van a seguir bajando. ¿Y nosotros qué vamos a hacer? Porque ustedes no dicen, están aquí y dicen: ¿qué fondos tenemos? Lo que nos está recorriendo el Estado.

Y cuando yo hablo en este Parlamento de Galicia para todos los gallegos no pienso en Galicia como una realidad geográfica. Galicia son los ciudadanos, que están influidos por la política económica del Estado central, que es un Estado constitucional que tiene muchísimas competencias sobre los gallegos, entre ellas las cruciales de fijar su sistema impositivo y después devolver los fondos según sus mecanismos. Esas son las centrales, por eso se habla aquí, no por ninguna otra cosa, porque es pertinente.

Entonces, conociendo esto, si queremos ayudar al sector de la madera, tenemos que hacer cosas extraordinarias con dificultades financieras realmente críticas, y a pesar de todo se está haciendo algo, por testimonialismo, por compromiso y, en cualquier caso, por una ejemplaridad política imprescindible en cualquier circunstancia democrática.

Aquí ha habido ya, bueno, puede ser que se considere que la Ciudad del Mueble es un comienzo importante. También existe una política de clústers. El apoyo al sector del mueble no se puede hacer por mecanicismo, no es igual al sector del automóvil, porque no tiene la concentración y

la distribución que tiene el sector del automóvil, sino que el sector del mueble está mucho más capilarizado, es diferente la naturaleza de la competitividad, etc., etc. Pero se han abierto ahí ya esas vías, ya se han abierto esas vías, pero un Parlamento de Galicia que tenga visión y sentido de la eficacia, de lo que son las medidas del Gobierno, tiene que plantearse con honestidad saber que la economía es rigor, es acción humana y es acción política. Y es acción política que tiene que desbordar lo que son estrictamente determinado tipo de competencias menores, porque las competencias de las autonomías no son centrales en el fomento y el desarrollo económico, no son determinantes. Pero sí, como todos sabemos o deberíamos saber, el Gobierno, los gobiernos centrales, en sus políticas económicas agregadas, pueden hacer primero el enorme daño, el mayor daño posible cuando se equivocan, aunque cuando aciertan no tienen garantía. Que esa es la simetría central de toda política económica.

Nosotros sabemos ahora que esta situación va a crear unos trastornos, está creando unos trastornos, y por lo que vemos de la política económica del Partido Socialista sigue sin mirar para otra parte, ya estamos al final, ya lo estaban diciendo hace mucho tiempo, estábamos llegando ya, habíamos tocado suelo. El señor Michel Camdessus, que vino el otro día a dar una conferencia a Barcelona, dijo que en España era muy probable una dinámica económica en L—esto es muy importante, es decir, caída que todavía no sabemos dónde llegamos— y un estancamiento crónico muy serio, muy serio.

¿Qué significa? Que todos los parámetros de todas las empresas van a tener horizontes de demanda de caída. Si resulta con la noticia que hemos tenido esta mañana de tasas de paro del 20 %, significa que los seguros de paro que paga el Estado, los seguros que pagan los impuestos, que va a detraer todavía más la suba de los impuestos declarados y además los endeudamientos que tenemos, que en los endeudamientos se pagan los tipos de interés y devoluciones, y son horizontes de deuda a largo plazo muy graves. Yo no me pongo catastrofista, estoy diciendo realismo.

Y entonces el Gobierno español —como les decía esta mañana o a primera hora de la tarde— tiene que sacar 222.000 millones de deuda para pagar los servicios públicos, para incluso que sea viable el presupuesto de la Xunta y el

del Igape, y el de cualquier cosa. Por eso la oposición no cuantifica nada, es irresponsable, objetivamente irresponsable. No está diciendo nada que se pueda verificar, está prometiendo y movilizándolo de forma ciega, haciendo un tipo de ideologización y renunciando a lo que es la base económica de toda democracia, la base, el pilar, que es un buen saneamiento económico.

Nosotros haremos lo que podamos, se va a materializar esto, pero no va a ser la panacea, lo sabemos. Haremos los recursos máximos como se están haciendo, políticas buenas, no hace falta que recibamos lecciones técnicas de cómo se estructura una planificación, un pequeño clúster, como se habla, etc., eso es elemental. Pero aquí el problema fundamental, el que tiene los resortes esenciales del dinero, la política fiscal, las claves de la confianza, las claves de lo laboral, mira para otra parte, está con sueños imposibles, y aquí se reproducen esos sueños fantasmales.

Eso es el drama, porque no sería solo que fuera la oposición, porque no tiene los resortes de gobierno de Galicia actualmente, pero es gravísimo porque tiene los resortes para seguir endeudando hasta que sea tan claro, sea tan clara la negrura y la falsedad de la viabilidad del modelo económico que estamos teniendo desgraciadamente en este país, que luego va a ser imposible que, cuando se tenga que hacer a la fuerza, vamos realmente a pasar unos momentos terribles.

Entonces estamos en un momento de verdadero círculo vicioso a la baja: cada vez más parados, más dineros, menos cotizantes reales a la Seguridad Social, y yo creo que tenemos que decirlo alto y claro, y nosotros, el Partido Popular, que hemos sido una fuerza que en el año 96 sacamos este país adelante cuando Solchaga, González y toda la oposición decía que no tenían más que su modelo, que era el único posible, demostramos que había otras alternativas, y estaremos aquí para demostrarlo de nuevo, porque se trata de este país, de España y de Galicia.

Nada más, muchas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Arias.

Ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Arias, mire, está ben escoitar a Camdessus, por certo do Partido Conservador francés –esqueceuse dicilo–, pero tamén estaría ben que lera o Regulamento do Parlamento, porque isto é unha PNL, non se converte en ningunha moción e vótase mañá pola mañá. Está moi ben que combine as lecturas, vénlle ben. *(Aplausos.)*

Mire, vostede contounos aquí unha cuestión que por suposto ten moito que ver co moble, co tecido produtivo e comercial do moble en Galicia, unha cuestión apocalíptica, apocalíptica, conscientemente apocalíptica, pero o que me preocupa diso ¿sabe que é? É que, no fondo, o Partido Popular, vostede, se alegran das dificultades económicas deste país, porque pensan, pensan... *(Aplausos.)* si, si, si, pensan que estas dificultades económicas van levar a esa esfínxe que se chama Mariano Rajoy, que teñen en Madrid, á Moncloa, pero equívocanse, equívocanse, porque as esfínxes nunca gobernaron un país; nunca gobernaron un país, señores do Partido Popular. Non sei se se dan conta diso.

Mire, fala vostede de que non hai fondos. Señor Arias, hai fondos. Hai 46.000 millóns de euros dun plan de choque contra a crise económica, díxoo o presidente da Xunta, non o estou dicindo eu. Vaia se hai fondos; nin Kuwait ten tantos fondos. Ou ben o presidente da Xunta mente ou conta fantasmadas, que non vou dicir eu que sexa un fantasma, en fin, como queiran chamarlle. Pero, en todo caso, dixo que había..., si, si, dixo que había 46.000 millóns de euros en catro anos para loitar contra a crise económica en Galicia; chámenlle como queiran, pódennlle chamar como queiran.

E mire, mire se hai fondos, señor Arias. Voulle falar de execución presupostaria do ano 2009 da Consellería de Economía e Industria. Bueno, primeiro, empezo falando do conxunto da Xunta. Non me canso de repetir: 1.600 millóns de euros que non gastaron, dos cales 670 millóns de euros, transferencias de capital, capítulo VII, que é exactamente o que fai falla para subvencionar a compra de mobles por parte dos cidadáns de Galicia.

Consellería de Economía e Industria, 100 millóns de euros de transferencias de capital sen gastar, señor Arias.

¿Como di que non hai fondos? ¿Como di que isto vai supoñer un endebedamento que practicamente significa a quebra fiscal xa non só de Galicia, senón practicamente do Estado e da zona euro? ¿De que fala aquí? ¿Que nos vén contar cando vén aquí? Porque nós non somos parvos, non somos parvos. Estamos na oposición, pero non somos parvos. E de economía algo sabemos, sei que non ao mellor co prestixio académico doutros, pero algo sabemos de economía, algo sabemos e algún birrete nos poñemos. Entón, cando vén aquí, o que fai –dicindo eses discursos absolutamente non sei como chamarlles, a verdade é que ás veces me falta algún adxectivo–, o único que está facendo é ridiculizando a institución da que forma parte, señor Arias; vaime permitir que llo diga exactamente como penso: ridiculizando a institución da que forma parte.

A medida que eu propoño ten algún outro obxectivo. Mire, permite nalgúns concellos, onde está concentrada a actividade tanto de produción como de distribución de mobles, por exemplo A Estrada ou Sarria, loitar contra o desemprego. Porque seguro que sabe que o Goberno do señor Núñez Feijóo nos plans locais de emprego borrou radicalmente os concellos nos que goberna ou o Partido Socialista de Galicia ou o BNG, e incentivou de maneira escandalosa, escandalosa –mal que lles pese–, escandalosa, aos gobernos do Partido Popular. As peores formas que herdaron do Goberno do señor Fraga Iribarne, as peores formas.

Entón, vostede vén aquí, cóntanos unha historia de débeda pública e de categorización da débeda pública por parte das axencias internacionais, pero non fala das vergonzas do Goberno do señor Núñez Feijóo, que as ten. E as ten cando o conselleiro..., por certo, botei moito de menos que non fose o señor López Campos o que defendera a posición do Partido Popular nesta PNL, cando o conselleiro de Economía e Industria, que –insisto– recibiu antes ao señor López Campos que ao alcalde da Estrada, di na Feira do Moble que o están estudando. Entón, ¿hai fondos ou non hai fondos? ¿Que queren? Poñerse a medalla. Iso é o que lles interesa: poñerse a medalla.

Polo tanto, veña aquí e diga que van votar en contra porque teñen pensado que o señor Javier Guerra vai ir á Estrada a dar unha rolda de prensa, seguro que acompañado do futuro candidato á Alcaldía da Estrada, para dicir que se pon en marcha este plan. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Veña aquí e díga. Entón, xustifíque por que

votan en contra, (*Aplausos.*) pero non nos conte historias, non nos conte historias.

E, desde logo, señor Arias, o que non deberían, non debería de facer é tapar a incapacidade absoluta deste Goberno para tomar unha soa nova medida anticíclica en termos de reactivación económica neste país. Non hai nada máis que powerpoint e viaxes do conselleiro e do presidente pola comunidade autónoma anunciando medidas que nunca chegan. Iso é o que hai.

Isto é unha medida pequena, pero queríamos que chegara a quen fabrica mobles e a quen vende mobles en toda Galicia. Vostedes están a outra cousa, están mirando para Madrid...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas...

O señor ABEL LOSADA:... a ver se o colocan, e algún incluso está mirando para A Estrada a ver se se coloca.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Losada.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Antes de suspender a sesión, comunicar a alteración na orde do día –que xa coñecen e están de acordo os grupos parlamentarios–, no sentido de tratarse inmediatamente despois das preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia as que figuran no punto 7.3, 7.5 e 7.9 da orde do día.

Dito isto, suspéndese a sesión ata mañá ás 10.30 horas.

Máis nada e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás oito e quince minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Álvarez Chao, Emma	(PP)
4.- Arias Veira, Pedro	(PP)
5.- Aymerich Cano, Carlos	(BNG)
6.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
7.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
8.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
9.- Barcón Sánchez, Mar	(PSdeG-PSOE)
10.- Barros Sánchez, Natalia	(PP)
11.- Blanco Alvarez, Fernando Xabier	(BNG)
12.- Bouza Santiago, Ana Luisa	(BNG)
13.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
14.- Cajide Hervés, María del Carmen	(PSdeG-PSOE)
15.- Caride Estévez, María José	(PSdeG-PSOE)
16.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
17.- Cerviño González, Francisco	(PSdeG-PSOE)
18.- Cobián Fernández de la Puente, Pablo	(PP)
19.- Díaz Lugilde, Yolanda	(PP)
20.- Díaz Pardo, Angeles	(PP)
21.- Escribano Rodríguez, Javier	(PP)
22.- Fernández Fernández, Rosendo	(PP)
23.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(PSdeG-PSOE)
24.- Fervenza Costas, José	(PP)
25.- Fraga Santos, Silvia	(PSdeG-PSOE)
26.- Francisco Rivera, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
27.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
28.- Gallego Lomba, Manuel	(PSdeG-PSOE)
29.- García López, José Antonio	(PP)
30.- García Pacín, Isabel	(PP)
31.- Goldar Güimil, Jesús	(PP)
32.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
33.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
34.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
35.- López Campos, José Carlos	(PP)
36.- López Rodríguez, Dámaso	(PP)
37.- López Vidal, Pablo Xavier	(PSdeG-PSOE)
38.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
39.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
40.- Meijón Couselo, Guillermo	(PSdeG-PSOE)
41.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE)
42.- Negreira Souto, Carlos	(PP)
43.- Novoa López, Enrique	(PP)
44.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
45.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
46.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
48.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
49.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
50.- Prado del Río, Paula	(PP)
51.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
52.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
53.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
54.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
55.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
56.- Rodríguez González, Román	(PP)
57.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
58.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
59.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
60.- Ruíz Rivas, Manuel	(PP)
61.- Sánchez Montenegro, Isabel	(BNG)
62.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
63.- Seoane Romero, María	(PP)
64.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
65.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
66.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Táboas Veleiro, Teresa	(BNG)
69.- Tomé Roca, José	(PSdeG-PSOE)
70.- Valcárcel Gómez, Marta	(PP)
71.- Varela Sánchez, Ricardo	(PSdeG-PSOE)
72.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel	(PP)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
74.- Verdes Gil, Sonia	(PSdeG-PSOE)
75.- Viéitez Alonso, Henrique	(BNG)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25